52 abril maio xunio 1976

GRIAL



HOMENAXE A OTERO PEDRAYO

Colaboran

Salvador García Bodaño • Domingo García-Sabell • Siro • Salvador Lorenzana • Carlos Baliñas • Carlos Casares • Andrés Torres Queiruga • Prego de Oliver • Alvaro Cunqueiro • Xulio Francisco Ogando • Xosé Devesa Luis Mariño • X. A. Fernández Roca

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 52 — ABRIL, MAIO, XUNIO 1976

SUMARIO

Páxinas

Pranto dende a fiestra da tua morte, por SALVADOR GARCÍA-BODAÑO 129

ENSAIOS

Don Ramón, tal e cómo foi, por DOMINGO GARCÍA-SABELL 131

A andadura espiritual dun escritor, por SALVADOR LORENZANA 145

Os estilos de don Ramón, por CARLOS BALIÑAS ... 159

Otero Pedrayo e o Cenáculo ourensán, por CARLOS CASARES 185

Otero Pedrayo: Unha chamada ao compromiso integral con Galicia, por ANDRÉS TORRES QUEIRUGA 192

ESCOLMA

Lembranzas do meu vivir 199

Poemas inéditos 207

Vintecatro cartas 217

PENEIRA DOS DÍAS

Zacharías Werner, por ALVARO CUNQUEIRO 236

Don Ramón, vencello de unidade, por XULIO FRANCISCO OGANDO VAZQUEZ 239

Canto ao mestre morto, por XOSÉ DEVESA 244

Joyce e don Ramón, por LUIS MARIÑO 245

Algunhas anotacións pra un estudo crítico de "Arredor de sí", por X. A. FERNÁNDEZ ROCA 249

LIBROS, por *Florentino L. Cuevillas, R. C. C., A. Villar Ponte, R. N., Vicente Risco, A. L., Concha Castroviejo* e *S. Lorenzana* 258

O REGO DA CULTURA 270

REDACCION E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: **Xosé Landeira Yrago.** — Codirectores: **Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego.**—Consello de Redacción: **R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega - X. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos - Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.**

PRANTO DENDE A FIESTRA DA TÚA MORTE

A Ramón Otero Pedrayo, pra sempre un outeiro de pedra.

Estrondan os antigos dólmenes
polo chán da Patria enteira
e as campás da raza chaman a difuntos
ao longo de tódalas serras...

O requiem do vento érguese solemne
nas torres valeiras
e a noite apousa a súa negrura
nos eidos da door inmensa.

—Algo noso morréu tamén
nese cadavre que enterran.

Qué vougo de alboradas imposibles,
qué incorpórea presencia
fará renxer as táboas do pazo
nas mañáns vindeiras:
nese baixar dende o sono
sobre o sono das madeiras!

Qué escura soedade encherá as alcobas,
qué vaga ausencia
percorrerá o silencio das cousas
agora senlleiras
na poeira anónima dos recordos
que nelas se quedan!

Qué aire estantío aniñará nos pasadelos,
qué esvaída existencia
pronunciará os nomes dos amigos
na solaina xa deserta:
quén poderá vir agora coa palabra
talmente coma unha fervenza!

Qué nova espranza
virá bater outras mareas
na soedade dos cons e dos peiraos,
no loito das areéiras
e nese tempo pasado
que contigo a tarde leva?

Cándo alguén esgazará
esta codia de pacencia
que cubre os campos e os casales,
as homildes sementeiras,
as vellas labradas
e todo ese mundo que deixas?

Os camiños da vida,
os señores da terra,
Nós,
—recordas?,
antre a vendima e a castañeira:
qué ben gardo aínda
o sangue da túa letra!

Algo de todos morréu contigo,
algo contigo se nos enterra!

—A Patria velliña chora
ao longo das sementeiras...

SALVADOR GARCÍA - BODAÑO
Compostela, a 10 de abril do 1976

DON RAMÓN, TAL E CÓMO FOI

Penso que hai que apresurarse a centrar a figura e a obra de don Ramón Otero Pedrayo. Don Ramón é un símbolo e está ben que o sexa. Pro é moi probable, é seguro, que axiña intente facerse dele un mito. E os mitos sempre corren o risco de sufrir serias deformacións. Unhas por exceso de devoción. Por degoiro de facer da súa figura a figura irreprochable, o summun da perfección, o arquetipo endexamáis igualado.

A segunda ringleira de deformacións acontece si tratamos de achegar a criatura humana esvaecida a doutrinas, leises, derivacións sociolóxicas e desiderata programáticos alleos á sustancia do grande home.

Nun e noutro caso trataríase de argallar argumentos axeitados que sirvan á aceptación, ou ao refugo, do home e da obra. Entón o que se nos ofrece non é a realidade *real* nas súas complexidades, as súas contradiccións e as súas aporías. O que se nos amostra é un sucedáneo desa realidade. Acontece así que o eséxeta, o crítico e o historiador dan por válida unha obxetividade falsa, fabricada, artificial e sin forza demostrativa. Unha realidade para beatos. O crítico, o explicador, o cronista dos feitos, montan a cabalo do que o home foi e do que o home discurríu e van, devagariño, zugándolle a verdadeira sustancia, para inyectar, en troques, a inerte materia dos seus propios pensamentos. O mito, entón, é a consecuencia da unilateralidade explicitadora. E o oficio do home de intelixencia convírtese en oficio de parásito.

Coido, pois, que compre fuxir de tales aberracións. A mín non me gustaría ren, absolutamente ren, que, a partir de agora, don Ramón Otero Pedrayo fose, nin para ben, nin para mal, un mito parasitado. Porque, entre outras cousas, eso non me diría nada que resultase siñificativo no entendemento dele e do seu labor. E porque me parecería unha falta de respeito á súa memoria. O mito gobernado somentes sirve para clarificar, en profundidade, o ser e a psicoloxía do falsificador. E eso non ten importancia ningunha.

AS LIÑAS DE FORZA DO HOME OTERO PEDRAYO

Si eu agora dixese para definir a don Ramón que ele foi un galeguista, relixioso e liberal, de seguro que esta triple caracterización, con sere exacta, non descubriría, en absoluto, o ser profundo do mestre ourensán. Pois eso mesmo tamén o foron, dunha maneira ou doutra, Cuevillas e don Vicente Risco, poño por caso. Eles compartían con don Ramón o radical galeguismo, a fe acendrada e a adhesión —en Risco suxeta a determinados avatares biográficos— ao concepto liberal da vida e da política. Veño de decir que todos tres serviron á triada relixión, autonomismo e liberalismo, *dunha maneira ou doutra*. Neste *dunha maneira ou doutra* é ónde se esconde a particularidade persoal de cada ún, o seu peso específico, a súa orixinalidade.

Nin Cuevillas foi por exemplo relixioso ao xeito de Otero Pedrayo, nin éste foi autonomista á maneira de Risco. ¿Cuál era, polo tanto, o motor que movía tales pulos no noso home? ¿Qué había por baixo da creencia e da vida, das esixencias galegas e do estilo literario de don Ramón? Veleiquí, agora, o problema. Demos un paso avante e encetemos a nosa meditación. Pois eses vectores son como as liñas de forza dun campo magnético, pro a enerxía que as determina, que as conforma, é o auténticamente orixinario, o principio, o arranque *principal*.

Probablemente esa enerxía primixenia ten, pola súa banda, tres polos de atracción. Tres polos que son o manantío do que xurdirá, farturento e caudal, o río da persoalidade oteriana.

Ún é a entrega incondicionada á vida. A vida non en abstracto, senón moi en concreto, esto é, á vida que nos arrodea, que nos cingue, que nos acariña ou que, en certas sazóns, bate en nós con forza cruel.

Outro é a xenerosidade existencial.

Outro, a peculiar vivencia do tempo.

A ENTREGA Á VIDA

Para don Ramón a vida de fora, a vida que nos envolve é a vida de Galicia. Agora ben, é perciso entender esa vida non como a sabida ringleira de feitos "típicos" ou de manifestacións máis ou menos "folklóricas" da vella colectividade. A vida que nos arrodea é para o noso home a paisaxe, o perfil das arbres e o contorno das serras. O balbordo da mar e o silenzo histórico dos pazos. E é, denantes que nada, a língua. A língua como expresión vital do pobo e como vello pergameo do devenir temporal. Lado con lado desa vida está, endemáis, a intimidade, o manar da existencia no escuro das entrañas e no rebulir das ideas. Por eso para don Ramón tan mundo é a man labrega traballada polas riscas do esforzo cotián, co-

mo a súa propia man de escritor e estudoso. Mundo e totalidade aparencial confúndense. Mundo e intimidade persoal mistúranse.

Pro don Ramón atopóu a Galicia descentrada de sí mesma, desnortada, desfeita. E quixo pescudar nas causas. ¿Por qué Galicia estaba fora de portas? ¿Por qué? O mestre ourensán vai dar con motivos históricos. E entón eses motivos, eses valores, tórnanse en valores explicativos. E entón a vivencia do mundo e o concepto do mundo forman no seu espíritu indiscernible unidade. Eis, ao meu ver, o galeguismo de don Ramón.

O que acontece é que en don Ramón é moi difícil, cáseque imposible, distinguir a imaxinación da realidade. En rigor, ambas a dúas, no seu pensamento, son facianas distintas do mesmo fenómeno, a sabere, a vida manifestada, a vida apresentada e ofrecida aos ollos do corpo e aos ollos do espírito. Para don Ramón as arbres falan, e salúdano, e fanlle cortesías, ou viran as costas, airados, cando ele leva tempo demáis sin renderlles visita. As fiestras sosteñen conversas co vento, e o vento, á súa vez, penetra, curioso e rebuldeiro como un pícaro, nas estancias valdeiras e inquire inquedo nos estantes da biblioteca. A chuvia láiase mainamente. O can oubea nostálxico. E a Natureza toda é un coro de voces e de xestos a acenar e a comunicar coa alma aberta do escritor.

A vida de fora é a vida de dentro, e a vida de dentro é a vida de fora. As arelas da colectividade nacen na colectividade mesma; e, ao tempo, nacen, endemáis, no corazón de Otero Pedrayo. Con esto, o que nele é obriga moral —axudar á toma de conciencia do pobo como pobo— afúndese co que nele é, tamén, experiencia do mundo interior. A ética deriva do drama histórico de Galicia, e o drama histórico de Galicia é drama porque como tal o vive o sistema de valores do escritor. A unha ética de orixen externo engádese unha ética de orden interno. E o conflicto dos outros é conflicto persoal. Polo mesmo que o conflicto persoal é, ineluctablemente, conflicto comunitario. Ambas instancias *fúndense, co-fúndense, confúndense.*

Obxetividade e suxetividade andan de mans dadas. O lirismo de don Ramón dimana desa aperta. Sóio o lírico, o radicalmente lírico, é quén a facer obra auténtica e perdurable dunha *con-fusión.*

Por outra banda, o barroquismo expresivo do mestre ourensán é o resultado, a forma concreta da mixtura do mundo e do eu nas capas fondas do home de letras.

Pódese, pois, decir que o galeguismo de don Ramén é o resultado da súa entrega incondicionada ao mundo total, ao de fora e ao de dentro. Non estamos aquí dediante de actitudes asumidas desde un plano exclusivamente intelectual, senón ao revés, as formulacións doutrinales son a consecuencia,

ou mellor, responden á necesidade de someter a palabras de concepto as experiencias de comunicación existencial entre o home Otero Pedrayo e a realidade vista ou presentida do corpo de Galicia. En cuia realidade, compre suliñalo de novo, entra tamén a propia persoa do ser testemuñante. O galeguismo de don Ramón é primeiro vida vivida na ledicia e na dor. E é, despóis, programa desa vida, organización conceptual desa vividura. Don Ramón, como tantos outros galegos que nos precederon, existe asegún auténticos módulos galegos. Despóis, *decátase* de que está a realizar un xeito de existencia específico, peculiar, inalienable. Primeiro fala espontáneamente na língoa da terra. Despóis cae na conta de que esa língoa é un patrimonio colectivo, un tídoo histórico e unha arma do porvir. De que endemáis de a falar é mester cultivala, arrequecela, darlle senso universal, ennobrecela.

Entón a prosa oterián vai engadir á súa nota de barroquismo, a nota de culturalismo. É o que os desnortados diron en considerar como a "arbitrariedade" da prosa de don Ramón, como a laboura de complicación innecesaria do idioma. O que era aportación tomóuse —non sempre con bó propósito— como escurecemento. Probablemente non todo o que Otero Pedrayo donóu á língoa haberá de se conservar, e esto acontecéu sempre e seguirá acontecendo cos verdadeiros creadores, pro sí unha grande, unha máxima parte. A proba está en que hoxe falamos e escribimos verbas e xiros que nos parecen espontáneos cando, en rigor, son herdo asimilado da pluma oteriana. Penso que un estudo estilístico levado a cabo con intuición e sensibilidade podería revelarnos o que nos textos de don Ramón é língua sustancial e o que é idioma incorporado. E cecáis seguindo ese carreiro fose doado acadar conclusións parecidas ás que eu agora vou desenrolando, pola congostra antropolóxica, encol da grande figura ourensana.

Outra resulta claramente siñificativa dese inicial galeguismo orgánico, dese galeguismo das raiceiras, é a fidelidade do noso home ás súas íntimas conviccióǹs. Don Ramón foi unha criatura humana decote consecuente consigo mesma. En ningunha sazón, por moura que ela se apresentase, abdicóu don Ramón do seu credo galeguista. Dez anos afastado da cátedra do Instituto de Ourense, dez anos vivindo alonxado de todo tráfego no pazo de Trasalba, dez anos de prohibicións, suspicacias e calumnias, non foron capaces de abanear nin unha miga a súa actitude de digna recusación do que no país estaba acontecendo. E cando por exemplo o Ministerio remesóu un emisario importante —un intelectual galego— para que don Ramón pedise o reingreso no corpo de catedráticos, don Ramón respostóu esto tan sinxelo e tan elegantemente desdeñoso: —"Eles quitáronme a miña cátedra. Eu non pido ren. Si queren devolverma, alá eles". E o ilustre emisario voltóu

co rabo entre pernas. Non houbo, por ende, laios, xestións, publicidade. Houbo, en troques, dignidade, firmeza, silenzo e desprecio.

E desa firmeza é tamén documento a actuación oteriana nas Cortes Constituíntes defendendo o que entón era antipopular, e mesmo arriscado, a sabere, a Eirexa. O cual don Ramón endexamáis aproveitóu, máis adiante, para tirarlle os réditos condignos.

Don Ramón non treicionaba a súa conducta cultural e política, en derradeiro termo, a súa conducta patriótica, porque non se pode treicionar á propia esencia do que ún é como vida radical. Porque non se poden anihilar as sustancias que integran o corpo e a alma da persoa sin correr o risco de anihilarse a sí mesmo. O galeguismo de Otero Pedrayo, tan culto e tan sabio, tan alquitarado no lume de Europa era, no fondo, un galeguismo visceral. Veleiquí unha ben curiosa paradoxa oteriana. O seu era un galeguismo de síntesis e non de sinerxia. En derradeiro termo: don Ramón *sabía* que era galego —e *en saberse galego* consiste o ser galeguista.

Vemos, por tanto, cómo dende a entrega ao mundo este home vai avantando e concretando as súas posicións existenciales. De tal forma que, penso eu, podería formularse esta secuencia: apertura ao mundo galego como totalidade - mixtura do obxetivo co suxetivo - lirismo - barroquismo expresivo - erguemento cultural do idioma - fidelidade á propia esencia.

E na fidelidade damos coa constante da permanencia. Don Ramón hai que entendelo na súa dimensión humana previa á dimensión do artista. Esta dimensión é a dun home chantado no limo da Natureza. Por eso hai sempre nas exteriorizacións vitales de Otero Pedrayo algo telúrico e vexetal. E por eso resulta ben siñificativo que o patrón non fixera, na súa mocedade, o viaxe da emigración. É un dos poucos —entre tantos egrexios alonxados— que se non arredóu de Galicia. Na diáspora galega ele constitúe somentes o camiñador polos eidos culturales de Europa. E desa sorte, emigróu sin moverse, emigróu para dentro, en profundidade e coas raiceiras —como as arbres.

O GASALLO PERSOAL

O segundo parámetro do home Ramón Otero Pedrayo é a xenerosidade. ¿Cómo debe entenderse esta virtude oteriana?

Penso que nun orde antropolóxico a base está na entrega incondicionada ao mundo. Pois esta entrega supón, pola súa banda, a confianza no mundo. Don Ramón era home de donacións confiadas. De aperturas confiantes. Home sin reservas. Home que sempre agardóu da existencia o acordo definitivo. Para ele, para a criatura humana e para o escritor, non

tiña dúbida que a realidade e a súa persoa haberían de casar a cotío dun xeito armonioso e placenteiro. Tiña don Ramón a natureza que eu xa califiquéi, noutras ocasións, de *pistéutica,* confiada, entregada.

De ahí algunhas importantes consecuencias. Consecuencias que irían modelando, ao longo dos anos, a imaxen pública do grande home.

Por unha banda, supoñer así, sin máis, a congruencia perfecta entre o ser humano e a total obxetividade de arredor, esixe, trae consigo, endemáis da confianza, endemáis de actitude *pistéutica,* o *optimismo.* Don Ramón era decididamente optimista, ou, para decilo dunha forma máis cinguida, era cáseque totalmente optimista. (Pois algo fallaba nele. Algo que determinaba a anguria sosterraña na que decote andaba envolveito, sobor de todo nos derradeiros anos da súa vida).

Á súa vez, por sere confiado e optimista, era un *gozador universal.* Gozaba, e moi a fondo, cos dons materiales da vida, e coa contemplación da paisaxe, e coa amistade, e coa conversa ou, ao menos, cos anacos de conversa nos que ele introducía, inapelable e torrencialmente, o seu exclusivo falar. Porque era falangueiro, creaba. Cada monólogo oterián remataba decote por sere unha auténtica obra literaria, unha fermosa digresión lírica, ou unha deslumbrante viaxata cultural.

Por sere confiado e optimista pronunciaba conferencias de enorme extensión cronolóxica. E dá a medida desa súa confiada ledicia o que nunha vegada en que eu lle adevirtín dos incomenentes das peroratas excesivas, me contestóu: que unha conferencia era un parladoiro cos amigos e que a un amigo débeselle escoitar todo o tempo que faga falla.

Por sere confiado e optimista, porque andaba decote a agardar máis regalías da vida, facía prólogos a eito, gababa desmesuradamente a todo o mundo e aceptaba obrigas de pouca densidade específica. Pois non podía desbotar da súa imaxinación, e do seu optimismo, a idea de que cecáis algunha daquelas empresas menores fora o anuncio insospeitado de algún futuro de maior empeño e de maior transcendencia.

Por sere confiado e optimista gasallaba con amistade incondicionada ao primeiro que chamaba á súa porta. Esquecía os agravios, borraba defectos, e abría sempre os brazos para a aperta sin reservas. Non era suspicaz, nin soberbo. E tiña unha inocencia de picariño aplicado e cordial. Algunha vez —bastantes— foi enganado. Nembargantes, soupo pasar por riba das trapelas sin collerse nelas as frebas do corazón.

A suma de todas estas facianas parciales da súa natureza *pistéutica* diron o resultado da xenerosidade. Xenerosidade material e xenerosidade espiritoal. Home de moitos e difíciles saberes, home de vivísima intelixencia, privóu nele —como en todos os que son inclinados a entregarse e a dar— máis a sen-

sibilidade que a razón. De Otero Pedrayo podería decirse que o seu estilo conceptual foi o de deixar o reino do propio espírito ao mando do tremecer. Don Ramón pensaba con callafríos, co "Schaudern" caro a Goethe. Co que é, asegún o teutón, o específico da criatura humana. Esa é, ao meu ver, a derradeira nódoa da xenerosidade oteriana.

O TEMPO EN DON RAMÓN

Don Ramón estaba preso, veño de decilo, nunha escondida anguria. Nunha anguria constante e perseguidora. ¿Cuál? A que deitaba da súa persoal maneira de vivir o tempo.

Para don Ramón, e de toda a vida, o tempo tiña dúas cualidades radicalmente inquedantes.

Unha, a súa irreversibilidade. Esta vivencia dramática é común en cáseque tódolos escritores do Occidente e, nuns máis expresa e noutros máis oculta, late dun xeito tráxico ao longo dos séculos nos que o noso patrimonio espiritoal foi acadando formulación artística ou filosófica. A anguria do tempo é unha constante do noso eido cultural.

O tempo imparable fai ao home perecedeiro. Nas modernas filosofías chégase máis alá: o home mesmo non é outra cousa máis que tempo. Tempo feito carne, tempo *en-carnado*. Fora do tempo o home non é home, o home non é ren. Pro don Ramón non iba tan lonxe, pois ele vivía aconchegado, confortablemente aconchegado, no fogar relixioso. Este fogar ampara, a quen a ele se acolle, de tódalas rabuñaduras do devenir cronolóxico. A fe de don Ramón era auténtica, e na súa alma operaba con determinación e seguridade. Pro, con eso e con todo ele non podía negar que o manar do tempo desemboca na morte. E entón a seguridade de don Ramón non era a evidencia. Sin dúbida que a creencia relixiosa de don Ramón aseguráballe a permanencia por riba do fluír indiferente do tempo. Dito doutro xeito: a creencia relixiosa aseguráballe a pervivencia despois da morte. ¿Deica qué punto?

A morte. Veleiquí o problema. Frente a ela xa non abonda coa seguridade creencial. É perciso a evidencia real. E esa evidencia, ese *ver* a inmortalidade, era o que dalgún modo sentía don Ramón afundirse aos seus pés. Outravolta asoma eiquí a faciana sensitiva do patrón ourensán. Pois non eran os motivos racionales os que o anguriaban. Eran os motivos sensibles. Non eran as aporías intelectuales coas que o home pode bater na consideración da morte as que toldaban a imaxen oteriana da pervivencia. Eran, estrictamente, as aparencias físicas, o silenzo dos mortos, a súa desacougante rixidez, o implacable esfarelarse do organismo, a mouramia da cova, a estreiteza do cadaleito, a cegueira para os días lumiosos, o afastamento dos amigos, a disolución da memoria, o derrumbamento definitivo para sempre xamáis. A traxedia de don Ra-

món non seguía os canles de pensamento nos que as xeneracións europeas coetáneas da súa tiñan levantado unha loita dialéctica dura e estéril. Unha loita que levóu a moitos agnósticos, por exemplo Gide, a plantexar o problema de Deus en termos enérxicamente creenciales. Así hoxe sabemos, gracias aos Cadernos minuciosos e sutiles de María van Ryssselberghe —a "Petite Dame"— cómo Gide oscilaba, en segredo, entre a negación e a entrega á esfera do numinoso: "É moi difícil —decía— explicar a Natureza con Deus, pro é aínda máis difícil o explicala sin Deus."

Este, repito, non era o vieiro de don Ramón, pois nele se non trataba de *explicacións*. Tratábase de *vivencias*. O atroz espectáculo dos mortos sóio podía sere neutralizado co espectáculo da vida trans-mundana. E é curioso, e sumamente revelador da alma oteriana a postura que ele adoptóu, xa na órbita postreira da vida, para encalmar, cando menos, os anceios de supervivencia física.

Cara á incógnita da morte, a mentalidade desacralizada do noso tempo ten seguido dúas direccións. Unha, a de percurar o alongamento máximo da vida. Outra, a de intentar asumir a idea da morte e incorporala, como feito ineluctable, á vida cotián. O modelo da primeira actitude que todo a agarda da Ciencia e da Técnica, ven dado, ao que eu penso, por Metchnikoff. A segunda, polo escritor belga Maeterlinck. Ambos os dous, nos comenzos deste século, inauguran e tornan custión actual, o que denantes estaba, virtual, na conciencia de tódolos europeos. E cada un dos protagonistas vai sere seguido dunha cohorte de novelistas, filósofos, biólogos, médicos, antropólogos e sociólogos que, nos nosos días, forman diversas escolas, discuten antagónicos pareceres e, con eso, teñen levado o problema da acabación humana deica fronteiras insospeitadas. Con todo, os carreiros laicos siguen sendo os iniciales: retardar todo o que sexa posible o pasamento do individuo e, xa que de todos xeitos ese pasamento haberá de vir, que sexamos capaces de agardalo con mente consciente, con aceptación da fatalidade e coa resiñación propia dos aconteceres cuia derradeira siñificación se nos escapa.

Pois ben, don Ramón tiña dentro de sí, levaba dentro de sí, algo que era como o potencial, ou o real camiñar polos dous vieiros laicos. Por unha banda, pensaba —pensaba a poder de callafríos sensibles, nono esquezamos— que a vida, a súa vida persoal, era susceptible de estirarse, si non infindamente, sí ao menos deica límites insospeitados, deica límites que cecáis, pola súa lonxanía, equivalerían a unha transitoria negación da morte. E para imaxinar esa existencia extrema non lle fallaban argumentos: os progresos da Meiciña, denantes de outra cousa. A súa rexa constitución corporal. O herdo da lonxevidade da nai —que cáseque chegóu aos cen anos.

Por outra banda, agardaba confiado na inmortalidade á que ele daba forma de acordo coas súas creencias. Neste punto, unhas creencias taraceadas de difuso misticismo, dunha enérxica miga de panteísmo, e do apoio na fe popular: "a inmortalidade —dirá— é unha idea innata en Galicia". Como o pobo cree, ele cree. De novo a entrega e a confianza. De novo a donación de sí mesmo nun punto neurálxico do seu destino persoal.

No fondo, defensas. Porque ningún destes chantos era capás de alindar con claridade a leira escura da morte real. E de ahí o constante randearse de Otero Pedrayo entre unha seguranza fuxidía e unha dúbida anguriante. E de ahí as constantes andrómenas encol do seu esvaecemento inmediato cousa que viña repetindo desde hai moitos anos. De ahí o autocalificarse de fantasma, de supervivente, de ruína aínda viva. Expedientes literarios —a veces de gran beleza— cos que ele tentaba escorrentar o medo, a anguria e a depresión.

Dende unha perspectiva teolóxica moderna poderíamos decir que don Ramón movíase no ámeto de fe *atemática* e de tensión de contrarios. No ámeto trans-racional. No ámeto da dúbida como compoñente esecial da fe.

De todos xeitos, a relixión, un determinado e elegante ascetismo, e a memoria da dona difunta, foron factores que conformaron, supremamente, o percorrer día a día da súa derradeira doenza. Coido que nela houbo dúas etapas. A primeira, cando a gravedade era menor, na que don Ramón adoptóu unha actitude irónica e, por suposto, confiada. Respondía ben aos tratamentos e, con eso, o optimismo esencial do doente medraba. Distanciábase da enfermedade, tomáballe marxen, e fitaba para ela como para algo extraño que era mester botar fora a forza de literatura, como se bota o diaño a poder de esconxuros.

No segundo período, cando o morbo xa tiña mordido no seu corpo de xeito irreversible, cando escomenzaron as miserias físicas, se non arredóu. Entregóuse. En primeiro termo, e máis que nunca, a nós, os curadores. Logo, á fatalidade. Á hegelián fatalidade "necesaria". Confesóu. E, nunha grande paz, con soberana tranquilidade, asumíu os intres finales. Sabía que ía morrer. Apertóume entre os seus brazos. Bicóu a miña meixela. ¿Era aquela aperta, era aquele bico un apreixar a vida que ele abandoaba, ou era un premer ao amigo benquerido? Nono sabería decir. Sóio sei que o intre tivo unha fonda dignidade, unha outísima nobreza. Penso que o sentir de Otero Pedrayo era entón total. *Sentía con clarividencia.* Sentía que na fatalidade do pasamento acochaba unha proba. ¿Qué proba? Don Ramón no seu silenzo definitivo levóuna cando sí.

A segunda coalidade inquedante do tempo, endemáis da

irreversibilidade, é a presión que ele exerce sobor de todos nós.

Xa sabemos que o tempo pode descompoñerse en tres anacos simultáneamente encadeados: pasado, presente e futuro. No presente, asegún ensinóu a analítica heideggeriana, confluien o pasado e o futuro. Pro este presente sintetizador posee unha propiedade que o fai moi peculiar desde o punto de vista antropolóxico. O presente, porque leva no bandullo o pretérito e aluca o vindeiro, pesa fortemente sobor das nosas costas. O presente é un penedo que carrega nos hombreiros, e nos aguilloa, sin remisión, deica horizontes aínda non ben perfilados. O presente é o que os novelistas románticos chamaban "a pesadume da vida". O presente incita e, ao tempo, frea. Non nos deixa acougar e, nembargantes, é causa de cansancio que pide necesariamente descanso. Que pide, e cáseque endexamáis concede, a pasividade, a moratoria na loita, o vivir como si a torrenteira do devenir cronolóxico puidera remansar uns intres a facerse tranquía lagoa. É o imposible, o engadirlle ao tempo unha dimensión suplementaria que o deteña ou, ao menos, o enlenteza. Cando arelamos ese repouso, ese alivio da servidume ao que non para, decimos que "damos tempo ao tempo". Inútil empresa. Pro, entretanto, namentras imos e voltamos na liorta co que nós mesmos somos, algo saímos gañando: o esquecemento das nosas irreversibilidades.

Velahí o temos, pois, ao tempo derramador. Joyce que poseía un moi agudo senso do drama temporal, empregóu no "Finnegans Wake", unha palabra que dá exactamente, na súa concisión, o grafismo expresivo do que acabo de decir. Veleiquí a temos: "Time: the pressant". "Tempo: o-presente-presioante". Ou o que é igual, o intre do agora, que preme, que nos liga e nos anguria.

Don Ramón confióu pois na inmortalidade, defendéuse da traxedia do pasamento total e rematóu dándose xenerosamente ás sabencias dos curadores e ás espranzas da creencia.

O TEMPO PARIDOR

¿E cómo viviu o asoballo do presente? ¿Cómo encaróu a fervenza cronolóxica denantes que ela anunciase, inmisericorde, o porto definitivo? ¿Hai algo que nos indique no estilo existencial e na fasquía da súa obra esa desacougante experiencia?

Desde logo que sí.

Ese algo ten unha dimensión difusa e, por tanto, si non se pescuda nela con decisión non será doado atoparlle os perfiles. Ao meu ver, o eixe sobor do que xira tal vivencia do presente ven marcado por unha constante na existencia de Otero Pedrayo. Imos calificala, provisionalmente, co termo *permanentismo*. Don Ramón foi o campeón da permanencia. Quería que todo seguise como sempre. Que os amigos non esvaeceran.

Que no fogar os arranxos tiveran a gracia sabida da repetición. Que as sazóns da Natureza xurdiran coa puntualidade debida. Que os libros antergos conservasen a vixencia doutras edades. Que a curtesía se non derramase. Que os vellos pareceran mozos e os mozos non deixasen de o ser. Que o sol tivese decote unha lús antiga e os arbres unha sombra de séculos. O conservadurismo vital de don Ramón oculta no seu seo a conciencia universal do escorregar dos agoras sucesivos. Non se trataba de egoísmo, pois que a xenerosidade, xa o sabemos, foi nele característica esencial. Sería, por tanto, miope abondo o que enfocase o seu *permanentismo* como postura reaccionaria. Non. De todo o contrario ten ele dado probas abondo no seu percorrido biográfico. Tratábase, insisto, dunha tentativa, en grande parte primaria e instintiva, de deter o fluír dos minutos que ferven no presente-presioante. Non de deter a evolución hacia avante da sociedade e do ser de Galicia. Aquí estamos dediante dun conflicto existencial íntimo, dun drama da persoa, non dediante dun conflicto colectivo, ou dun drama comunitario, para os que sempre tivo a mente disposta e os ollos ben abertos.

Pro este anceio de permanencia vémolo aínda máis nídiamente si lembramos as súas conversas, as conferencias e, cómo non, a súa literatura.

Entón choutará frente a nós un fenómeno constante, unha e outra vegada repetido. Refírome ao expediente mediante o cual don Ramón ten coidado, denantes de outra cousa, en antepoñer a data circunstanciada ao que narra. Logo, a narración pode enfiar eidos líricos, ateigados de brétemas e volutas, espirales, camiños e contracamiños, pro eso non importa. Algo sabemos en concreto de aquelo que inspiradamente se nos está contando: a situación temporal do acaecemento. Cáseque sempre ese acaecemento é realidade pasada, a veces con séculos ás costas. *O acaecido é chamado pola prosa oteriana.* Pro, en Otero Pedrayo, as cousas que se chaman, acuden —e neso está o cerne do seu arte de narrador e escritor—. E mentras acuden, están aquí —e viven. Non veñen e voltan. Veñen e quedan —ou pretenden quedar. Por veces, don Ramón repite e repite a chamada ao pretérito. É a *reiteración* pedrayana, estrutura antropolóxica tan definidora da súa persoalidade. Pro a chamada e a reiteración compoñen, pola súa banda, *a evocación.* A evocación, na metódica de Otero Pedrayo, pode definirse como *a procura imposible de que as cousas e os sucedos, estando no tempo, duren máis que ele.*

Engadiremos outro factor da técnica expresiva de don Ramón, a sabere, o raro prestixio que acadan os seus persoaxes, os acaecidos, e mesmo a paisaxe telúrica, cando polo artista

son evocados. ¿De ónde ven esa especie de áura, de halo misterioso e ennobrecedor que cingue e alumea o que o texto oteriano nos ofrece? Sinxelamente, ese regusto extraño ven de que todo o suxerido é como un mundo fantasmal que *foi* e volve a *ser*. Nas narracións oterianas todo ten o valor da supervivencia, a calidade dos aparecidos, o corpo de néboa e vento dos resucitados. Don Ramón gustaba de traballar nesa realidade aparencial porque, dalgún xeito, nela ulía o bafo mollado e consolador do trasmundo, o segredo da fuxida do presente. A renacencia leva apegada nas súas entrañas unha partícula mínima do alén. Do alén que está fora do tempo.

Pro a obxetividade trascendente, como a faciana de Deus, non pode ser alucada directamente. Hai que ollar para ela de esguello. Ou dito doutra maneira: hai que adentrarse pola mesta fraga do trasmundo a favor de finas e complexas maniobras de achegamento, entre reviravoltas, arrodeos e longas agardas. Digámolo aínda con palabras máis cinguidas: o que agora temos dediante de nós debe ser atoutiñado con moito tino, devagar, sin presa, acariñando maínamente o ámeto no que ese agora rememorado se move. De ahí *a alusión*. Tódolos textos de Otero Pedrayo están ateigados de "cecáis", de "puidera ser", de condicionales, previsións, salvedades e respetos que equivalen a outras tantas delicadezas, a outros tantos agarimos exercidos sobor da realidade resucitada. Como si esa realidade correse o risco de se esfarelar a cada intre.

E derradeiramente —sempre dende o punto de vista da maneira literaria— esa aproximación resucitadora, ese permanentismo a poder de esperas e respetos, determina os meandros da prosa oteriana. Unha prosa en espiral que decote semella acadar a diana perseguida, e que decote apraza a empresa. Vexo eu aquí o expediente, ou mellor, a resulta inevitable do estilo de achegamento ao cimo da realidade. Ten don Ramón o coidado, a obsesión de apreixar os sucedos en simultaneidade. E como cada acontecer é abigarrado, abigarrada terá de ser a prosa que tente cazalo. No fondo, trátase de substituír *a sucesión* pola *simultaneidade*. Ou o que é o mesmo, de anular o tempo. O pasado *evócase, é aludido,* e é atacado desde varios frentes simultáneos. Ao final, alí teremos *a permanencia,* o que non esvaece, a néboa atrapada, o luscofusco petrificado. Ao laberinto do mundo que non se detén corresponde o laberinto dos textos pedrayanos.

Veleiquí, pois, os parámetros do home Ramón Otero Pedrayo.

Don Ramón foi unha criatura humana dada ao mundo. Ao mundo total. Don Ramón foi unha criatura humana enchoupada na xenerosidade vital. Don Ramón foi unha criatura humana anguriada polo tempo e polo enigma da trasvida.

Coido que con estas tres notas é como pode ser intelixida a súa forte, rexa, fecunda persoalidade. Pro coido tamén que con elas non abonda. Ou abonda sóio como posibles trabes do edificio oteriano.

Cada home consiste, en primeiro lugar, nunha rede mesta e revolta de especifidades moitas vegadas non reducibles a verbas de conceito. Cada home é, por principio, inefable e informulable. O que dele imos zugando, ao socaire dos nosos saberes, é somentes aproximación, breve ollada, indicación inicial. Pouco a pouco, moi devagariño, atopamos novas fragas no bosque do noso próximo. Mais por moitos achádegos que fagamos, endexamáis adequeriremos a visión definitiva, o camiño final. Sempre, fatalmente, xurdirán inéditos problemas, recén nadas facianas da persoa que pedirán de nós condigno esforzo de entendimento. A laboura de comprender non remata na vida. Esa é a servidume de toda obriga esclarecedora. Que debe ser, denantes de todo, humilde. En Otero Pedrayo, como en todo home valioso, acochaba unha esencial, unha dramática contradicción, unha pedra de muíño a moer constante na escuridade do seu ser. Sexamos humildes e vaiamos ao encontro deste home coa ollada limpa e a mente disposta.

Pois o contrario é tarefa falsa e, ao longo, estéril. Cando non dañina. "O que simplifica —decía Mauriac— calumnia". Non calumniemos a Ramón Otero Pedrayo con fórmulas simplistas que a ele —nin a ninguén— acaen.

E Benxamín Constant afirmaba con enerxía: "A verdade somentes está no matiz". No matiz, que é a riqueza da criatura humana, está a cifra da comprensión oteriana. Esborralo é destruír a fartura, é neutralizar o exemplo e maila obra.

Xa sei —e insisto nelo— que a figura do mestre ourensán vai experimentar, a partir do seu pasamento, unha desfiguración. A que haberá de convertilo de símbolo en mito. Pro eu quixera que, sendo símbolo, en símbolo quedase. Que non se volvese mito e, moito menos, lénda. O símbolo foi noutros tempos a palabra ou o sinal polo que os iniciados en certos misterios podían reconocerse entre sí. Ramón Otero Pedrayo pode, nesa acepción, constituír símbolo. E cando don Ramón o sexa, cando a súa figura sexa a palabra e o sinal non parasitados, entón, e sóio entón, diremos nós, todos nós, absolutamente todos nós: *Ramón Otero Pedrayo,* e terémonos reconocido, terémonos atopado.

DOMINGO GARCÍA-SABELL
Santiago

Don Ramón, visto por *Siro*

A ANDADURA ESPIRITUAL DUN ESCRITOR

LIMIAR

No seu Ourense natal finóu a vida dun galego senlleiro. Chamábase Ramón Otero Pedrayo. Cando nos chegóu a doorosa nova da súa morte abraióunos unha súpeta soedade sin beiras. Fóisenos con el algo que nos era sustancial: unha amistade fonda, alimentada ao longo de máis de corenta anos. E con el foise tamén unha vida entregada de cheo ao seu país, unha liña de continuidade ética, un servir arreo á cultura e ás esencias galegas. Na súa obra tiñamos descoberto os homes da nosa xeneración unha literatura ateigada de ecos achegados e deslumeantes: a que acompañóu as nosas leituras adolescentes. E coa desaparición do mestre apagóuse, asemade, a voz singular que escoitamos en moitedume de sitios, a fe de vida segura nas páxinas de revistas e xornáis.

Con Otero Pedrayo desaparecéu o derradeiro supervivinte dun puñado de homes esgrevios que fixeron tarea do seu patriotismo, de nos revelar a ialma da nosa común aventura humá: a de ser galegos sobre da face da terra. Da man do autor de *Devalar* temos percorrido os camiños da Galicia inmutable, tempo asido dos dedos. A súa lección xa nonos abandonará nunca. Porque foi a dun home que esculcóu con ollada limpa o poro máis aberto e afín á nosa sensibilidade de moitedume de cousas e de persoaxes idos, mortos, desvalidos no seu acobillo de silencio; dun silencio a onde xa Otero Pedrayo é compaña prósima, clásico achegado, mestre exemplar.

Pensamos en cómo o escritor amigo ten dexergado o cambear de xentes e cousas a traveso dos seus miradoiros; en cómo ten visto trocárese os estilos, os ademáns todos do vivir galego, na cultura e no tempo, ao longo de tantos anos. No decorrer dos seus días postrimeiros íamos ollando, sin aglaio, o calco da edade, un esmorecer físico. Pero os seus ollos estaban vivos, caletrantes, e o seu xesto era casemente o mesmo. Seguía a lembrar moito e craramente: Datas, sucedos, anécdotas, ditos, as caras das xentes... Había que se esforzar aínda pra poder seguilo na fluídez avivecida das súas lembranzas.

Pouco denantes de se pechar, xa pra sempre, no seu piso da rúa da Paz, andaba a camiñar de vagariño. A derradeira vez que nos vimos —unha nidia imaxe que persiste na nosa memoria— estaba folleando un texto latino. Remataba de

afastar os ollos da leitura pra erguelos quén sabe a qué lonxanos horizontes. Ben se botaba de ver que, ao nos falar de primeiras, as súas frases acompasábanse ao seu sentimento, e que se mantiña abstraído no seu soño, un algo alleo á realidade que o arrodeaba.

O MARCO TRASALBÉS

De todos xeitos, a figura oteriana evocámola decote no marco trasalbés, onde tiña cobrado o seu cabal sentido. I é que pra conocer a Otero Pedrayo na súa enteira dimensión compría ilo a sorprender na aldea de San Pedro de Trasalba. Alí alimentóu a raizame dunha fidalguía que traguía as súas orixes das veciñas terras luguesas. Porque de Lugo era aquel capitán esparterista, desterrado en Barbantes, que foi o abó de don Ramón. E da serra Martiñá procedían os Sotelo —propietarios en Trasalba e en Santa Cruz de Arrabaldo— cos que o militar no desterro se uníu por vencellos de casamento. Dese casamento nacéu don Enrique Otero Sotelo, esposo de dona Eladia Pedrayo, ambos pais do escritor.

Un día calisquera foron enaxenadas as posesións da Martiñá, e co seu importe adequiríuse o Pazo de Gayón, escenario de dramáticas historias, que Otero Pedrayo gostaba de relatar. Pero o fermoso pazo mantívose sempre semiesquecido, en isolado abandono, en terreo moi achegado á casa solarenga de don Ramón. Nesta casa de Cima de Vila, solar dezaoitesco dos Sotelo, viviu o escritor intensas horas da súa nenez e adolescencia, e moitos días da maturidade e da vellez. Está emprazada nun estratéxico lugar da freguesía trasalbesa, que domina por unha banda o val do Miño e pola outra o do Barbantiño. O pazo ten unha ampla solaina de pedra sobre do xardín. Dende esa solaina Otero adeprendéu a se familiarizar íntimamente cos estesos horizontes que se abren á ollada do contemplador. O San Trocado, o Novelle, a Martiñá e o Faro de Avión trocáronse en númenes do escritor na terra. Aquí foi onde el percibíu por vez primeira a presencia de Galicia. E aquí emprincipióu a amala até lle adicar o máis da súa existencia. Todas as paisaxes trasalbesas conoceron a pegada amorosa ou a sentidora emoción do fidalgo de Cima de Vila: os soutos veciños da casa, os pinales da encosta de Santa Cruz, as vides que cobren as pendentes que baixan cara as ribeiras, o dilatado panorama dos Chaos de Amoeiro.

Neste ambente prosperóu, na faciana de Otero Pedrayo, a serenidade do tempo, e os seus ollos, ao albiscar lonxanías, ensombrizáronse con aquel tinte grisallo que dan as distancias. Como os do azor, tiña os ollos ben dispostos pra esculcar no lonxe. O seu corpo, alto e barudo, non podía encorvárese porque tiña o costume de mirar a ergueita cima do piñeiro ou a rexedume do carballo. Abondáballe a Otero, despóis, na súa

casa solarenga, un sinxelo gabinete cos muros tapizados de estanterías cheas de libros, un escritorio e unha silla na que se sentar.

Durante o inverno traballaba o escritor nunha mesa-camilla, a carón da fiestra e ao calor do braseiro. Polo outono —a súa estación preferida— saía da casa pra facer demorados paseos polos arredores. Porque Otero era un home crepuscular e outonal. No seu tinteiro parecía como si se tiveran dado cita aqueles matices grisallos, cintolín e dourado, que nas tardiñas de outubre se abanean soavemente sobre da paisaxe. Nesa linfa cromática mollaba o escritor a súa pluma pra tecer unha prosa barroquizante, sinfónica e apaixoada.

LEITOR E VIAXEIRO

Antes de se reatopar coa historia e a paisaxe de Galicia, Otero Pedrayo percorrera camiños doutras terras e variegados mundos da cultura. De estudante en Compostela pasóu a ser estudante en Madrid. Aquí foi asíduo visitante das aulas do Ateneo. Home de vida doada, compartillóu ésta cunha decidida vocación de leitor en varios idiomas. Até que levaba cumpridos os trinta anos non fixo máis que amorear conocimentos sin que se decidira a publicar unha soia liña. Gostaba sobre todo da literatura francesa, e nas súas aficións distinguía a Stendhal, a Balzac, a Proust e a Chateaubriand. Na poesía aos simbolistas, en especial a Verlaine e Baudelaire; e fora deles, a Rilke. Sentía devoción polos poemas latinos da Edade Media, e unha moi especial polo Amadís. Antre os filósofos, Platón e Bergson resumiron nun tempo dado as súas dilecións. Inda que nunca fora un experto nas artes plásticas, contóu varias veces que o tiña impresionado fondamente o "Tríptico do año" de Van Eyck, que ademirara en San Baron de Gante.

Porén, o que Otero Pedrayo era, primeiro de todo, era un romántico. Zugóu o romantismo na natureza que en Trasalba o arrolóu dende neno. Pero tamén nas súas leituras: *As memorias de ultratumba* de Chateaubriand, e os poetas alemáns e máis os ingleses. Asemade, nas vellas pedras de Santiago que ninguén coma el amóu. Por eso fixo unha gabanza do frac azul de Werther, e atopóu o romantismo no propio Léconte de l'Isle. Comentóu moitos daqueles textos e verquéunos ao galego en fermosas traducións. Como tradutor trouxo, además, á nosa fala páxinas de Goethe e por primeira vez nunha língua ibérica, anacos do *Ulises* de James Joyce.

Dende a primeira mocedade sentíu a vocación do viaxe. Pelengrinóu polos camiños e as cidades de Castela. Andivo as rutas do Mar do Norde a bordo dun barco de cárrega. Percorréu moitos países de Europa, e máis adiante algunhas das principáis cidades de América do Sur.

Leitor impenitente, romántico, viaxeiro, cosmopolita nos

seus inicios, Otero Pedrayo labrou nestes alicerces a persoalidade que se traduciría despois nunha obra fecunda posta ao servicio do país natal.

O CENÁCULO OURENSÁN

De principio, Otero Pedrayo non tiña sentido preocupación algunha polos problemas de Galicia e da súa cultura. En Ourense mantivera vellos vencellos de amistade cun grupiño de homes da súa xeneración. Con Vicente Risco, Floro Cuevillas e Primitivo R. Sanjurjo andivo a compartillar angueiras inteleituáis. Todos eles, en días de mocedade, sentíanse inconformistas, insatisfeitos, cheos de rebeldía. Tencionaban fuxir do medio que os arrodeaba e compracíanse en se manifestar individualistas, en amosar o seu noxo a canto supuxera adocenamento, vulgaridade e cousa do común. As leituras que frecuentaban puxéraos en contaito vivo con Europa, porque todos eles eran devoradores de letra impresa. Preferían, xa que logo, as obras francesas coetáneas, que lían na língua orixinal. Pero lían tamén, inda que en traducións, a Ruskin, a Carlyle, a Rosseti, ao norteamericano Edgar Alan Poe, ao nórdico Enrique Ibsen...

Risco —caracterizado persoeiro do grupo— ten dito que vivían como quen dí cun pé no fin de século, ou seña, no humanismo derradeiro, e o outro na nova Edade Media. Ao seu decir, eran exotistas, partidarios do lonxano, do recuado, do desconocido; ensoñaban un mundo de terras estrañas onde non se conocían as máquinas e os homes non levaban chistera. O mundo pra eles non viña ser máis que algo que había que aturar cunha postura de dandysmo. Non opoñían á sociedade que os arrodeaba, sociedade algunha futura. A súa rebeldía consistía en arredárense espritualmente da sociedade, en desapegárense das súas tendencias e dos seus problemas.

Mais chegóu un intre no que emprincipiaron a sentir de a pouco a realidade do país no que vivían e no que estaban inxeridos. En Galicia encetárase aló polo ano 1916 un movimento de reivindicación galega, encarnado nas chamadas "Irmandades da Fala". Villar Ponte, Castelao, Viqueira, Porteiro Garea, antre outros, foron os persoeiros deste novo movimento que empregaba a língua como instrumento reivindicatorio en tódolos ordes da vida.

Case simultáneamente a el, xurdíu nun orde estrictamente cultural a actividade do grupo formado darredor da revista "Nós", do que foron cabezoleiros, con Vicente Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas, o propio Castelao, Cabanillas e Lousada Diéguez. O esforzo realizado polo grupo, a traveso da revista e das publicacións que se ían sucedendo, foi sin dúbida o máis fondo e desinteresado análise que se ten feito en Galicia pra se comprender a sí mesma.

A liña que todos eles seguiron foi unha liña de reencontro. E cando o reencontro se producíu, producíuse tamén a obra creadora e vitalizadora na que colaboraron. A xeneración foi amplamente espresiva nas súas inquedanzas esenciáis. E os seus compoñentes simultanearon o amor polas cousas da Terra cos degaros de horizontes europeos e universáis.

A ideoloxía culturalista revelada polos persoeiros do que posteriormente habíase chamar grupo "Nós" andivo a se alimentar no propio cerne da espritualidade galega. Nas esencias autóctonas, zugándoas no manantío natural da tradición, recolleron o pulo pra recrear unha cultura meio esmorecida. Na xeneración compre considerar, sobre todo, a célula primeira do cenáculo ourensán, compartillada por Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas. Todos tres fixeron, en diversos escritos, unha como a xeito de autoconfesión na que se pode percurar a historia que, como homes e como grupo, protagonizaron. En *Nós, os inadaptados* de Risco, en *Dos nosos tempos* de Cuevillas, e en *Arredor de sí* de Otero Pedrayo, atópase a decraración que os autores fixeron da súa entrega ao país natal, despóis de moitas voltas e reviravoltas por horizontes alleos.

UNHA AUTOBIOGRAFÍA ESPRITUAL

A novela de Otero Pedrayo *Arredor de sí* ven ser como unha autobiografía espritual que ilumina a formación intelectual e a consagración galega do escritor ourensán e a dos homes da súa xeneración. Adrián Solovio protagoniza o relato. O individualismo, o egocentrismo, o pelengrinar arreo por estraños universos mantéñenno en permanente desacougo. O protagonista da novela é un intelectual desorientado que goza dos incentivos da moda, e sofre de non poder debullar tódolos libros novos. Considérao necesario pra ser un home ao día, poisque é home que se satisfái coa cultura do día. O seu anceio consiste en habitar decontado unha luxosa torre de ideas. Porén, dubida sobre cál ten de ser o estilo desa torre: ¿Filosófico, literario, ensaístico, crítico...?

Adrián Solovio mergúllase nas lagoas de moitos intentos. Adícalle longas horas ao estudo e máis á matinación. Pero, ao cabo, os seus esforzos mergúllanse nas augas mortas da vulgaridade. Do mesmo xeito que o grupo que persoifica, anda a dar voltas arredor de sí sin se atopar enxamáis de todo. Ensaia moitas culturas, ensaia variadas discipriñas, e só chega a albiscar a súa salvación cando regresa aos eidos natales. Naquel outono no que Adrián volta ao fogar nativo emprincipia a se sentir, cando menos, dono dun camiño.

Desque o primeiro personaxe de *Arredor de sí* —afianzándose na terra de seu— se puxo a falar na vella língua dos seus devanceiros, sinte todo o seu ser anovado. Decátase de non ter xa que loitar contra do idioma demasiado feito e traballado

que lle impuña unha retórica moitas veces enxoitadora do libre nacer do pensamento. Na mesma indecisión da fala recobrada olla unha garantía de mocedade. A súa vida, dende agora, identifícase coa vida de Galicia. Xa non é novela nin esperiencia psicolóxica. Xa é historia. Pois Galicia comeza outravolta a ser historia, desque adeprendéu os camiños pra atopar a conciencia de seu e deixóu de andar como unha cega arredor de sí mesma.

O héroe central do libro oterián ven resultar, de remate, un árdigo defensor do particular e do diferenciado, que leva ao universal. A tese cobra rexo valemento ao se contrapoñer á cosmopolita, xeneradora de mimetismo, que profesa o seu irmán Xacobe. Éste personifica o pragmatismo transitorio que todo llo concede á moda. Aquél o idealismo inmorredoiro que chega ao xeito orixinal pra se adonar del de cheo despóis de se producir varios rachamentos interiores.

Velahí cómo Otero Pedrayo aboca ao total reintegro ás esencias da súa terra. As circustancias magoantes polas que atravesaba Galicia, e ao mirar a ésta alonxada do seu esprito peculiar, fíxolle aprestárese a intervir, a empregar a súa pluma e a súa voz ao servicio da cultura autóctona. Preguntábase daquela qué é o que somos, qué é Galicia, qué é ser galego. Sentía a Galicia como problema, na mesma medida na que a sentían os seus compañeiros de promoción. Problema o seu pasado e o seu porvir, o que ten sido e o que pode agardar, o senso da súa historia e a súa realidade presente e latexante de cada hora. Debruzados ún e outros sobre da terra natal, co corazón remexido e a ialma en vilo, andaban a proclamar a autenticidade singular e sustantiva do país no que naceran e ao que pertenecían.

Toda a erudición coa que o escritor ourensán vestíu a Galicia ao longo dos anos, determinóuna esa impresión primeira: a que revelóu aos seus ollos —aos seus ollos e á súa sensibilidade— o ser do país dende unha espida sustancia. O mapa de Fontán foi simbólicamente —nos nomes dos montes, dos ríos, dos pobos e camiños— a promesa de lealtade á súa terra, do seu despóis, no que implicita a súa segura posesión. Promesa de namorada coa que se desposóu por ser ún con ela, como nos casamentos divinos e os humáns; porque sensualidade e espritualidade fundíanse na súa alma formando unha xebre unidade. Nesas bodas as impresións primeiras cobraron unha gracia de eternidade por mor da palabra, cuio dominio artístico tiña acadado pra lla ofrendar —riqueza de língua, virtuosismo da fala— á súa namorada a terra galega: a palabra vibradoira e apaixoada, de tanta vitalidade que semellaba crear as cousas ao nomealas. Palabra á que o seu amor soupo encher dunha forza lírica capaz de erguer o sentimento da natureza a creación poética.

Con apreciación axustada escribíu Carballo Calero: "Un dos grandes avances que supón a obra de Otero Pedrayo dentro da literatura, é a xenialidade que nela atingue a descrición da paisaxe". Nefeito, Otero Pedrayo, inxerindo na súa preparación técnica de xeógrafo un fondo alento poético, non fixo só evocanza das formas da paisaxe, sinón que caletróu cernemente na súa esencia. Se non limitóu a nos amosar belamente a facies esterna do país, sinón que soupo reflexar os seus íntimos latexos e o ritmo de vida que nela opera.

No escritor ourensán había, de certo, un continuado esforzo pra afondar na natureza, pra lle arrincar á paisaxe —meténdose nela— visións deica entón inéditas. E, asemade, un afán de amostrar esas visións á luz da palabra máis axeitada, a que millor as espresase. De tal afán resultaba unha prosa da que recendían tódalas esencias da paisaxe, con imaxes que arden e brillan como si contiveran zumes dunha engaiolante sensualidade. Ese afondar na paisaxe, que era tamén afondar en sí mesmo, foi o que levóu a Otero Pedrayo a percorrer a terra galega palmo a palmo, ás veces a pé.

De todo canto o autor de *Pelerinaxes* escribíu, quezáis figure así antre o máis representativo, a súa versión do corpo do país. Unha versión personal ao comezo, pero que hoxe pode considerárese como clásica. A terra e o mar galegos, co seu perfil, a súa anchura, a súa fondura, a súa luz, o seu recendo e o seu tacto están presentes en páxinas oterianas inmorredoiras. O mundo revelador xeográfico-paisaxístico que descobrimos en moitos textos de Otero Pedrayo, foi deseñado por el ao se reintegrar á cultura nutricia; ao voltar ás esencias da terra natal nun regreso prometido a sí mesmo, como quen volve a recoller un froito que se atopa en sazón. Pode decírese que ten sido o amor ao seu país o que o fixo identificárese con el, nun constante contacto, como pra millor poseelo a medida que os anos ían afinando a súa sensibilidade, exaltando o seu lirismo, arrequecendo o seu sentido plástico.

Non só se entregóu o escritor —absoluta e gozosamente— á creación literaria, sinón que esa entrega foi ao tempo unha comunión permanente coa terra. Por eso todo o segredo do seu arte semella estar en tal permanencia ou volta constante ao seu país; un país que é seu, non só porque nacéu nel, mais tamén porque chegóu a poseelo en forza de o conocer e de amalo.

Porén, cando Otero Pedrayo nos ofrece unha visión paisaxística de Galicia, non opera con espacios miudos, con cousas minúsculas e morosas como as que singularizan, por exemplo, a visión azoriniana da paisaxe. Pola contra, o seu xeito de operar prodúcese nun ambente de amplas masas: descrición de macizos graníticos e cadeas montañosas, ordeamento de

horizontes, artellamento de bisbarras naturáis, encauzamento das correntes dos ríos... Antes que el houbo en Galicia caracterizados xeógrafos que estudaron a facies do país e que, valéndose dos medios de que dispuñan, tracexaron o esquema da nosa xeografía. Pero faltaba, noustante, quen sumara e estruturara todo eso, e téndoo dediante de sí soplara derriba, máxicamente, pra lle insuflar o que aínda lle fallaba: o esprito e a vida. Ollóuno ben Martínez Barbeito cando dixo que Otero Pedrayo foi ese taumaturgo, ese creador, ese mago. O conocimento do solar dos galegos —engadíu— presenta dúas épocas: antes e despóis de Otero Pedrayo. Galicia sin alma e Galicia con alma. Enumeración e medición frente a estrutura, a sistema, a organismo, a ser vivo. Abondóu con que viñera o xeógrafo ourensán pra acadar a grande e engaioladora síntese; e pra descobrir o siñificado atobado e a áura inmaterial que deica el ninguén tiña albiscado.

A ciencia e a poesía paisaxísticas ilustraron así moitas das millores páxinas oterianas. En múltiples ocasións pousóu o mestre a súa ollada na Carta Xeográfica de Fontán. Percuraba nela as delicadas nervaduras dun val, o perfil armonioso dun segmento litoral, os tempos maxestosos do desenvolvimento dunha serra. Sempre sentíu un afervoado amor ás paisaxes sobre das que flúe a historia de Galicia. As diferentes horas do día e o xogo das catro estacións sorprendérono nos panoramas máis opostos da terra galega. Porque don Ramón pensaba que á ciencia xeográfica compríalle unha íntima e liberadora trasformación, non tanto nos seus métodos como nos seus anceios. Consideraba —no tempo en que realizaba os seus estudos xeográficos— que os amplos e xenerosos dos mestres como Kitter, Humboldt, Suess e Ritchofen, deberían ser continuados e superados. Porque el o que tencionaba era reflexar o rosto da Terra. E, ao seu ver, o que arestora se chama xeografía —pulverizada en estadísticas, disminuída en cadros económicos, aluvión impreciso de resultados arrincados á Xeoloxía, á Historia, ás Ciencias da natureza e do esprito por obra de precipitadas accións erosivas—, estaba moi lonxe de cómo el interpretaba a facies galega. Soñaba por eso nunha vivinte e coordinada integración dos factores naturáis e humáns no fondo dinámico das paisaxes, que proporcionase á Xeografía a dignidade filosófica e o atraitivo apaixoante que, ao seu entender, merecía.

O saber oterián e o sentido lírico que o animaba, non casaban, xa que logo, coas correntes xeográficas de arestora. A súa visión era outra, alimentada por un alento sentidor e poético. Porque pra el o imenso rumor da historia pasa —e non só metafóricamente— no fuxir do regueiro da serra cara o descanso do gran río. Porque o canto da chuvia esculpindo en séculos o penedo, e o manto de carriza que o reviste non son do todo

Bachileres de 1904, compañeiros de Otero Pedrayo, co que se xuntaron o 30 de maio do 1950

Colaboradores da "Historia de Galiza", presididos por Don Ramón, reunidos en Pontevedra o 2 de novembre do 1948

Don Ramón Otero Pedrayo. Dibuxo de *Prego de Oliver*

desemellantes ao esforzo do artista. Ese artista, por exemplo, que nuns cantos anos dominóu —ordenándoa en elocuente espresión— a pedra da fachada do Obradoiro.

Así, as súas descricións de *Pelerinaxes* ou a súa interpretación en *Paisajes y problemas geográficos de Galicia* ensináronnos a dexergar o noso país dun xeito completamente novo. E logo, además da *Xeografía* que escribíu pra a *Historia de Galiza* por el dirixida, está tamén a súa *Guía de Galicia,* escrita con enteira fidelidade á paisaxe e ao home, á cultura, á língua e á tradición. Unha Guía na que todo o país está presente, dende o estilo do autor deica os detalles máis leviáns. Ven ser o libro que resume a obra dun gran escritor e dun gran tema: Otero Pedrayo e Galicia.

A OBRA NARRATIVA

No mesmo plano no que Risco se revelóu como home de pensamento da súa xeneración, Cuevillas como prehistoriador e Castelao como dibuxante xenial, Otero Pedrayo deseñóuse como destacada figura literaria. Non foi só o gran sentidor e intérprete da paisaxe. Xa temos dito cómo dende a fermosa solaina da súa casa petrucial de Trasalba adeprendera a dexergar os horizontes nativos, despóis de ter percorrido cobizosamente os vieiros da cultura universal. Pero, además, como escritor frecuentóu todas as vertentes da literatura. Fixo novela, conto, teatro, ensaio, e mesmo poesía. A súa dimensión nestes ordes, e como orador de singular feitío, tense estudado dabondo e dende tódolos ángulos posibles. Noustante, dentro da súa obra creadora hai un aspeito, quezáis menos observado, que cobra importante papel como aportación ao estudo do verdadeiro ser de Galicia. Tal é o caso, por exemplo, de *Devalar,* novela histórico-cultural cuio protagonista é Galicia. Trátase dunha Galicia reflexada en formas naturáis e culturáis de vida, que nos revelan parte do curso da súa existencia. E, sobretodo, o da triloxía *Os camiños da vida,* por onde decorre, en grande medida, a historia do noso país durante o pasado século.

Nesta novela crúzanse, xa que logo, moitas vidas. Pero fora delas alenta e vive un personaxe subxacente: o pobo galego, coas súas angueiras e sofrimentos, sorprendido nun dos momentos máis críticos da súa historia, no que se realiza a máis fonda revolución no seu seo. A trama argumental desenvólvese nun ambente ben estudado polo narrador. Mais, pesie ao papel esterno atribuído aos protagonistas, revélase polo baixo unha intensa acción interior. Como alguén dixo, na súas páxinas amostra o seu autor unha psicoloxía de moita maior fondura que a dos psicólogos de profesión e que a dos novelistas psicolóxicos. Hai nestas páxinas unha conceición do mundo e da vida de feitío romántico. Sin se deixar reducir a

sistema ten unha forte coherencia vital, insinuadora nos seus leitores de ideas que erguen o esprito e ennobréceno.

Como nas outras novelas súas, está aquí presente o amor que Otero Pedrayo sentíu pola terra nutricia. Por eso a acción novelística oteriana desenvólvese case sempre en meios galegos, e a galería de persoaxes da súa obra é xenuínamente do país. Das ducias de tipos que poboan os seus relatos e que constitúen a súa prole literaria, a imensa maioría vivíu e moséuse no noso medio. Mesmo as figuras episódicas, fuxitivas, mal esbozadas, tórnanse inconfundibles polos seus lixeiros trazos, porque foron arrincadas da vida galega dun tempo dado. Toda a serie curiosa de personaxes arrolados por don Ramón son etnolóxica e psicolóxicamente verdadeiros, ben estigmatizados nas súas taras, nos seus defeitos.

A publicación de *Escrito na néboa* foi quezáis a revelación dun escritor de raras calidades, de forte persoalidade. Os curiosos do seu nome, había pouco alumado, deron con outros dous relatos publicados con anterioridade: *Pantelas home libre* e *O purgatorio de don Ramiro,* saídos do prelo nos anos 1925 e 1926. Puido decírese que nas breves páxinas de *Escrito na néboa* o curioso leitor atopábase co escritor desconocido. Alí aparecéu por vez primeira Adrián Solovio, ou en certo xeito o mesmo Otero Pedrayo, nunha paisaxe moi de seu que contrastaba co vivir urbán, reflexado tamén nas súas páxinas.

Despóis irían chegando —además de *Os camiños da vida, Devalar* e *Arredor de sí*— novelas tan significativas como *O mesón dos ermos, A romeiría de Xelmírez, Fra Vernero* e *O señorito da Reboraina.* En todas elas está presente Galicia, como protagonista unhas veces, e sempre no ambente ou como telón de fondo. Nas súas páxinas, o mesmo que nas dos relatos breves, refléxase decote o peculiar estilo do autor. Si o estilo é "a marca personal do talento" —como dí Albalat— e si "canto máis orixinal é o estilo, máis personal é o talento", non hai dúbida que o talento literario de Otero Pedrayo ten creado un estilo que, polo seu feitío, leva o selo inconfundible da súa persoalidade. Un estilo é bó ou malo, según decorra a prosa verbo dun tempo ou doutro. Resulta comprensible que nunha obra tan vasta como a do escritor ourensán se atopen altibaixos, e, ás veces, os defeitos das súas propias virtudes estilísticas.

A HISTORIA DA NOSA CULTURA

A interpretación oteriana da historia da cultura galega, reflexada na súa creación narrativa, reitérase tamén en varios dos seus ensaios. O máis representativo de todos eles é, sin dúbida, o *Ensaio histórico sobre a cultura galega.* Non se trata, xa que logo, dun relato ou unha descrición do proceso cultural galego. Non se atopan nel apenas feitos concretos,

nin datas como non señan as características e simbólicas. Otero Pedrayo adonóuse da corrente central da nosa cultura, da súa significación fonda, da súa alma invisible. E o que nos deu neste libro —forte e suxerente— foi o interno desenvolvemento creador, o senso eterno da cultura galega manifestado século por século nos seus símbolos esternos fundamentáis.

A obra, pois, se non reduz a unha época dada, sinón que abrangue a comprensión total de Galicia como persoalidade histórica. Ordeóu nela, o autor, a existencia cultural dende os tempos primixenios deica a hora contemporánea; o século grorioso tras do humilde e sin relumbres; os días cumiantes entreveirados de xeiras acerbas. E todo movilizado cara un estado de superación. Lendo as súas páxinas cátase o sentimento vital das edades, revívese esa sensibilidade básica do país a traveso dos tempos. Os feitos pasados, as realidades xa decorridas non se estudan nunca arqueolóxicamente; avivécense, pola contra, cunha xurdia forza poética. O presente amósase como o canle novo onde se perpetúa a fluencia do pretérito, e a vida galega de antano anda a circular arreo por arterias de anovado artello.

Velahí por qué a musa que inspira o ensaio pedraísta se non confunde enxamáis coa musa da historia erudita e frío xida, que opera sobre do pasado ao xeito que o disector sobre dun corpo morto. Aquí todo é vida e alento poético na revelación da continuidade que o ser de Galicia amostra ao longo da súa historia. De tal xeito, a obra descóbrese como un panorama —o primeiro— das grandes configuracións culturáis do esprito galego no seu desenvolvimento histórico. Como alguén ten dito, Otero Pedrayo, xeógrafo e historiador da cultura, foi o único que chegóu a unha interpretación unitaria e coherente da nosa terra e do seu esprito.

Dentro do seu temario ensaístico figuran ademáis libriños como *Morte e resurreición* e *Lembranza de Goethe*, e volumes como o do seu discurso de ingreso na Academia Galega, a crónica do seu viaxe a América *Por os vieiros da saudade* e *O libro dos amigos*. Otero Pedrayo tiña o culto dos amigos. Este culto dos amigos non só o celebróu a traveso das páxinas do libro, sinón na súa conduta particular na vida. Trátase dunha grande simpatía irradiando de todo o seu ser. Eis, como proba, antre outros documentos que deixóu escritos, esas evocacións de figuras humás que tiveron con el vencellos de relación ou de amistade.

Antre as súas derradeiras obras figura tamén o fermoso mollo de prosas compostelás que integra *O espello na serán*. Un fío de tenso lirismo enfía vivencias do escritor, ás que se engaden notas dunha conceición mística de Compostela, e a lembranza de lugares e sucedos da cidade. Porque o compostelanismo predaísta foi unha constante na súa vida. Non só

se reflexa aquí, sinón nunha boa parte da súa producción. Pra el Santiago non era unha cidade antiga, sinón a máis moderna de Galicia e a derradeira en aparecer antre as metrópolis relixiosas e culturáis de Europa.

Otero Pedrayo ten falado unha chea de veces dunha Compostela prerrománica, oasis de cenobios con brillantes runfadelas de tradición artística bizantina. E, sobre todo, da Compostela románica que lle sucedéu, chea e lograda espresión da alma da cidade e da historia. Unha Compostela que pervivíu no decorrer do tempo, e que a traveso do acento oxival e plateiresco repítese na apoteose barroca, e non se perde no tempo romántico dos precursores e dos mestres.

Pra o escritor ourensán a cidade xacobea ten un fondo simbolismo. Baixo da súa bóveda curváronse tódolos varios tipos humáns do mundo medieval. Pero non foi só ese mundo, tan europeo, tan revelador, o que de Compostela trascende. Hai nela unha continuidade creadora que don Ramón destaca, e un vivir e revivir que non esmorece ao longo dos séculos. Por eso afirma que sin saír do seu recinto prestixioso pódese saber o esencial da historia galega dende o XIII ao XVIII, sóio visitando tres monumentos: a eirexa de Santo Domingo, o hoxe Hostal dos Reis Católicos e a eirexa da Compañía, capela arestora da Universidade.

Consideraba Otero Pedrayo que sin o contaito e a comunidade de Compostela e Galicia con Europa —e moi especialmente con Borgoña e Lorena— non podería comprendérense o xenio e máis o arte de Santiago. Inda carecendo de forza política e autoridade dogmática, Compostela acadóu dinamizar o Occidente. A pelengrinaxe —xa se sabe— crióu o camiño; e o camiño, vencellando, erguendo e afirmando as diversas xentes da Europa e do mundo, foi vieiro de perfeicionamento para a conciencia europea.

¿Pero cáles foron as formas da Europa occidental que conflúen nas rúas e nas prazas compostelás e que adeprenden a conocérense e amárense nelas? Según o criterio oteriano, na vaga, e no entanto vivaz e espresiva nomenclatura das xentes e das terras, todo o que ven da Europa é "franco": Camiño francés, Porta francíxena. Trátase da primeira figura de Europa, a que a lei romana, pesie ao seu poder, non conseguíu construír.

CABO

Temos ollado uns cantos aspeitos fundamentáis da persoalidade de Ramón Otero Pedrayo como concienciador da cultura galega e como home de formación europea. Verbo desa doble persoalidade deixóu unha obra múltiple, abondosa e proteica. Máis de medio cento de volumes saíu da súa pluma: novela, conto, ensaio, teatro, poesía, xecgrafía, historia.

Afeito a escribir cunha facilidade insólita e unha erudición viva e latexante, Otero Pedrayo foi unha maravillosa forza creadora que tiña aínda un poderosísimo rexistro na espresión verbal. A elocuencia oteriana era lírica, poética, musical. Voz prodixiosamente douta e tamén prodixiosamente aquecida, chea de cordialidade. Esta voz incansable andivo a descobrir ao longo dos anos, os segredos da nosa historia, da nosa paisaxe, da nosa literatura.

Na nota lírica, na gracia barroca, no amplo saber que o decir pedraísta acusóu, escoaba aínda o acento do humor. Porque Otero Pedrayo surríu frecuentemente cunha fina ironía. Esa esquisita e imaxinativa terra de ninguén, antre a ironía e a gravedade, dominábaa o polígrafo ourensán cun estilo incopiable. Home de conocimentos e de surrisa, manexaba os conceitos máis cultos tendo decote a man unha frase de sabencia popular.

A língua que se escribía en Galicia cando el emprincipióu a escribir, era un istrumento case coloquial, ruralizado e arcaizante. Non se lle conocían apenas nuanzas delicadas pra esbozar os sentimentos máis sotís, nin ondeación ampla e sonora pra abranguer o vasto e complexo surto das ideas. Era a língua familiar, moi preciosa e xusta pra o seu medio, pero envellecida, inaxeitada nos nosos tempos de espansión inteleitual. Non sabemos si será redundancia decir que a prosa do autor de *Os camiños da vida,* como a dos seus compañeiros de grupo xeneracional, representa unha trasformación fecunda na evolución da moderna prosa galega. Cabe decir que despóis destes escritores ninguén pode escribir como antes. A prosa que puxeron en vixencia, chea de sotilezas e matices, reflexaba o mundo darredor e o mundo da emoción con acentos europeizadores.

Otero Pedrayo adequiríu merecida sona fora de Galicia e plena sona no seu propio país. Quezáis unha gloria delicadamente tinguida de melanconía, porque o seu mundo literario xa non encaixaba moi ben cos aires máis agres da hora que estamos a vivir. Porque no seu mundo perduraba a saudade dun mundo que se anda a perder. Un estudo dos seus temas predileitos situaríanos nos escenarios fidalgos e señoriáis da Galicia do pasado século. As súas evocacións de cada un dos aspeitos da vida galega do XIX veñen ser, por eso, evocacións vivas e cheas dunha luz nova. A imaxe do escritor semellaba reflexárese naquel espello e xurdir del. Pois a súa escultura humana, afincada no romantismo, viña sempre envolta nunha áura de lírica serenidade. Riba dos anchos hombreiros, a cabeza luminosa e melancónica de don Ramón presidíu un labor que, inda arraizado en tempos idos, tivo unha fonda proiección de futuro.

Noutro orde de cousas, frente do intimismo concentrado e absorbente, Otero Pedrayo abríase ao aire libre, á ilusión da vida esaltada e rotilante. Esta constante de insaciable gozador advertíase na súa actitude humá e na obra en certo xeito aristocrática e refinada que saíu da súa inspirada pluma. A súa figura pode evocarnos hoxe ditosos tempos que se esleíron, co seu anecdotario ricaz e suxeridor. Porén, pra todo artista verdadeiro a anécdota non pode chegar a mergullar as máis fondas e decisivas situacións da alma. E na caligrafía romántica do escritor ourensán non só alentaba o gozo, sinón tamén a esencia dunha fonda verdade existencial.

Entrañable sentidor do esprito galego e dos problemas da cultura, Otero Pedrayo sigue dende o alén facendo virar os seus ollos cara os infindos puntos do horizonte. Pra lembralo, antre tantos motivos que suscitan a súa lembranza, habería que se mergullar no mundo paisaxístico que el tanto amóu. Por eso se dixo axeitadamente: Ao menor contaito, á máis levián solicitación das nosas formas xeográficas, Otero Pedrayo tremaba, estarrecíase e estarrecíanos a nós cunha pintura árdiga e tumultosa; con recendo, coor e sabor; con tacto, temperatura, nervos, latexos e vida fonda, alma e destino de Galicia.

SALVADOR LORENZANA
Vigo

OS ESTILOS DE DON RAMÓN

Desconozo se os especialistas dispoñen de métodos *ad hoc* para o análisis do estilo literario na acepción amplia desta palabra. Se os hai non dubido que con eles se poderán acadar éxitos ou... disimular trivialidades, que esto dependerá de cómo se os use. (Os académicos non debemos esquecer nunca ese amonestador parentesco que "trivial" ten co *trivio*). Xa non somentes como escritor, en conxunto don Ramón Otero Pedrayo foi "un caso", quero decir, algo moi complexo e improbable; por conseguinte, non fácil de compartimentar i entregar por anacos a cada especialista. Coido, por eso, posible e útil aportar algunhas suxerencias por libre, ao meu xeito, con uns alicerces metódicos mínimos, sobre un tema en todo caso hasta agora virxen.

Que todo escritor teña un xeito diferenciado —un xeito seu— de empregar o léxico, as formas e a sintaxis dentro dos moitos que o sistema da lingua permite —que teña, pois, unha fala, un estilo seu— ninguén o discute. Se non o tuvese, tampouco pasaría de "escribinte" por moito que escribira, aínda que desto non se infira que o telo baste para ser escritor. Naturalmente que teña un estilo non implica que non teña senón ún. Menos aínda que o haxa de ter con *vontade de estilo;* esto somentes lle acae ao estilista. Aínda sin ter mentes de estilo, abonda, para telo, con que a súa producción leve unha marca que o diferencie de outros. Por descontado, pode que ás veces se acomode a patróns alleos por mimetismo ou que, por descuido, non suliñe bastante os seus. Tales páxinas xa serían súas únicamente por dereito de propiedade. A este estilo é ao que chamaréi *idiomático,* polo de idioma e tamén polo de *idios* ("propio").

Por metáfora, dese estilo de pluma —valga a redundancia— cabe pasar a un estilo de alma, que abranguería tanto o xeito peculiar de enxergar o mundo —a escolma de aspectos para facelos tema— como tamén o xeito diferenciado, entre os varios posibles, de vivir literariamente ese mundo seu.

Sobra decir que o devandito non implica aillar ao escritor do seu entorno social. Ao mellor resulta que do escritor —como da cebola— non quedaría nada se se lle repelasen todas as capas e se as devolvese á respectiva procedencia. Pero, aínda así —*dato, non concesso*— ¿é que todas as cebolas son iguales? Cando do humán se trata, a singularidade non pode ser negada sin que con ela se esfume tamén a realidade.

¿Tuvo Otero Pedrayo escritor un estilo seu? ¿Qué notas o caracterizaron?

I. O ESTILO IDIOMÁTICO

¿Quen non oeu —quen non cedéu— algunha vez ao tópico de ser Otero un escritor oratorio, barroco, culterano? Nembargantes, esta é a primeira afirmación que compre revisar. Orador era nato ou, polo menos, *naturato*. Orador non é quen fala en público, senón quen falar aos demáis con él. Sé polémico, porque os obriga a responder; se persuasorio, porque os convence e fai obrar o que lles propón; sé lírico, porque os emociona. Destes derradeiros era precisamente el: un orador lírico que se poñía en trance e engaiolaba ao oínte no mesmo sarillo [1]. Por eso era a nostalxia e hasta a elexía o ton que máis adoitaba ou tamén a profecía ventureira que é a elexía ao revés. Cando escribía seguía a ser orador no sentido de falar con fogaxe interna o que despóis —asemade— escribía. Diríase que non redactaba; simplemente escribía o que falaba. Tamén na súa conversa privada resultaba difícil distinguir cando falaba en persoa e cando en persoaxe; non sentía pudor nin necesidade de disculparse de actuar en persoaxe porque tampouco antes tivera conciencia de asumir un papel. Se persoa ven etimolóxicamente de máscara, a súa era o seu propio ser.

Ora, ese *pathos* habitual, que o impelía a escribir somentes porque non podía falar ou para falar con oíntes non presentes, non o obrigaba a usar sempre os recursos típicos da oratoria —amplificación, párrafo longo e demáis—, cando escribía. No conxunto predomina certamente o párrafo longo en ringleira de amplificacións concéntricas e oracións subordinadas; todo, con unha mesta garamalla de metáforas e aposicións. Pero ás veces adoitaba outro estilo moi diverso: frases curtas, xustapostas, salferidas de respiros, con arritmía de asmático. Un estilo "cortado", en suma.

Dentro da novela, os dous estilos están representados de xeito sobranceiro respectivamente por *A romeiría de Xelmírez* e *Arredor de sí*. Hasta se dá o caso de que un mesmo tema —a evocación de Toledo— estea elaborado en cada unha de xeito diverso. Era de esperar que a tentación da grandilocuencia o vencese máis doadamente nos coméns e nos remates, cando a presión do sentimento agurgulla. Se acaso, aínda máis nos coméns, porque nos remates aínda cabe fuxir con unha saída, efectivamente, moi del: os puntos suspensivos, pero nos coméns a emoción deica entón contida pode desbordar como a primeira arroiada dun desatranco. Nembargantes, nin sempre se cumple esta previsión e a mesma apertura pode ser xa en estilo cortado.

Comparemos dúas mostras sobranceiras dentro de cada estilo. Sea, en primeiro lugar, a descripción do estado de ánimo dun troveiro medieval unha mañanciña que debemos supoñer de primaveira, de acordo co tópico da poesía provenzal.

---

[1] Véxase de Ramón Piñeiro "Carta a Leonor e Francisco da Cunha Leão (sobre a persoalidade e a obra de Otero Pedrayo)". No *Homaxe a O. P.* (Galaxia, Vigo, 1953).

"Xohán de Isorna vagaba dende a luzada polas frorestas da veiga úllán. Ca ialba nacera unha fada e dinantes do sol acolleríase aos pazos cristaíños das augas. O troveiro pescudóuna no agarimo dos valados ulentes, na mesta soma verde dos carballos cinguidos de hedras, miróuna pasar silandeira e levián volvoreta sobor dos tremorosos salgueiros ou se peitear co primeiro mollo de sol no atolado fuxir das augas. Outravolta o día espaventaba á fadiña e solo ficaría dela un ronsel nas froles dos lameiros, unha pérola da súa coroa no orballo da mañán. E decramando un verso, sentíase illado e triste cunha cinza de pecado nos beizos."

Estamos na mellor musicalidade dunha lingua por excelencia musical. Case se pode escandir o ritmo dactílico. Se algún reparo se lle podería pór a estas liñas sería mesmamente o exceso de preciosismo. Pero é que está describindo unha escea de mencer medieval de cando Xohán Airas saía ao Souto de Crecente a ver aparecer o sol "nas ribas do Sar" —nótese a identidade de nome e o paralelo de ríos— e quer pintar unha viñeta azul-rosa de Cancioneiro dentro desas licencias á convencionalidade propias da novela histórica.

Porque cando polos mesmos anos, nun artigo de periódico, tencione presentar a unha vella aldeana, salirálle esta outra etopeia nerviosa e zoñuda que lembra temas do Arcipreste de Talavera tecidos coa agulla detallista de Azorín:

"A señora Xohana da Penascada figuraba tan boíña. Trepaba lista como un allo polas canellas ao primeiro badelar das eirexas. Berraba coas veciñas da porta por mor das legumanzas dos terreos e das falcatruadas dos galos alleos no seu curro. Peiteaba os rexos cabelos aínda mouros con unha raia ao medio que alongaba un pouco a faciana engorrovellada como unha carabuña. E latricaba sempre, sempre: cos vellos e cos mozos, cos pasaxeiros, cos veciños, co crego, coas pitas, coa ovella, co pote, co arcaz, coa figueira, co ferrado, coas chaves, coa brancura, co pipote, cos difuntiños, co angazo, co aire que lle trasteaba as tellas, coa..."

("A cepa vella", *Parladoiro*, páxs. 36-38.)

E así continúa a letanía dos interlocutores mudos da faladeira sempiterna no gran silencio da campía.

Sonatas de Valle-Inclán, *doña Inés* de Azorín. Dous modelos paradigmáticos: engado do ritmo do grandioso, engado da enumeración sinxela das miudezas, engado da sinfonía, engado da campaíña. A preferencia dun ou doutro estilo dependerá do gusto de cada ún. ¿Imitóunos o noso escritor? Esto importa menos; os outros sirven, cando menos, como marcos de referencia para entendelo a él. A xenreira que sempre tuvo cara o seu homónimo e coterráneo tanto podería confirmar como infirmar a hipótesis da influencia. Que se deixase outras veces levar do estilo que por entón puxera de moda Azorín non sería sorprendente: pénsese na etapa madrileña de Otero, téñase tamén en conta que este outro estilo sálelle

con preferencia no traballo literario de vivencias íntimas, de esceas populares e de lembranzas itinerarias mentras que o outro abunda máis nas evocacións históricas.

Retórico, ¿sí ou non?

En todo caso inzóu o tópico de Otero escritor sempre barroco, sempre retórico hasta chegaren non poucos a collerlle medo e teima. A eso contribuíu non pouco el mesmo ao prodigarse en escritos miudos de ocasión e circunstancias que, ao non lle oferecer un tema con entidade suficiente, obrigábao a divagar.

Retórico éo, desde logo, se nos atemos á equivalencia semántica: *Rhetor, orator.* Porque —esto sí— don Ramón cando falaba "peroraba" e tamén falaba cando escribía. De ahí que a fogaxe, a espontaneidade, o ceder a calquer ocurrencia momentánea e irse polos ramallos en longas digresións do tema, esto acáelle tamén á súa literatura. Ora, que a ún non lle chiste tal estilo —que hoxe non "se leve" tal estilo— non implica sin máis que se poda condenar ou menospreciar. Tan confusos andan hoxe os xuicios comúns encol da retórica que compre replantear a cuestión mesma de qué sea ésta. Porque vai chegando o tempo en que cando a un escritor se o califique de retórico pague a pena deterse a ollalo, non sea que haxa alí algo moi valioso mesmamente porque non se avén co prosaísmo pedestre hoxe dominante entre non poucos dos árbitros do gusto. ¿Non vivimos nuns anos en que o literario se estima mesmamente polos valores non-literarios: a novela, por exemplo, polo que ten de panfleto político (novela-denuncia) ou de intriga-pasatempo (novela policiaca)?

Se se definen as cousas simplemente pola función que cumplen na economía psíquica e social, o "bó" e máis o "malo" resultan como especies do mesmo xénero. Nembargantes se se fura máis na entidade, tal modo de enxergar as cousas resulta inválido. Ónticamente a cousa "mal" no que ten de "mala" non é senón carencia usurpadora da única cousa: a boa. A "mala" moeda, poño por caso, pode ser cousa boa pola feitura, pola abelencia camufladora ou hasta polo bó material empregado aínda que non sea o debido. Ora, por "moeda" non é nada, anque, porque funcione, lle corresponda o antivalor de fraude. O mesmo vale da ciencia ruín ou da mala política; non son máis que estafa, anque no xogo social poidan significar moito.

Apliquemos esta doctrina ao caso da retórica. Úsase esta palabra xa no senso peiorativo, como un aldraxe: se dun escritor se dí que é moi retórico, que ten moita retórica, xa se supón que por eso é menos (bó) escritor. Seica toda retórica é mala. Pero ¿é mala por retórica ou por mala retórica? Se por mala retórica, convén lembrarse de que a mala retórica, polo que teña de retórica, non é senón retórica defectuosa, defecto de retórica, usurpación do que somentes é nas exterioridades. Porque se se prefire condenar toda retórica, entonces o que se debe é inventar outra palabra para a boa retórica.

Vaiamos ao fondo do remuíño: ¿Qué é, de verdade, a retórica? Polo peso semántico da palabra, os tratadistas aínda siguen aténdose ao étimo: defínena como o arte e obra do *rhetor* —do *orator*— e analízana como arte do argumento persuasorio [2]. Nembargantes, xa os antigos se decataron de que, acarón da argumentación por silogismo de premisas somentes probables e acarón tamén da *pathetica* ou *motio affectus*, había algo máis que únicamente indicaron con vagas referencias a calidades literarias como *dignitas, venustas*. Ocurréu, nembargantes, que como os oradores abusaban da *vis* ou forza expresiva e conocían xa a técnica de manexala e hasta de finxila, houbo un desplazamento semántico: por retórica acabóu entendéndose un arte arteira de persuadir e unha transposición incorrecta dos valores da fala grandilocuente á escritura. O noso pobo non ten máis alto xuicio dela cando fala de "retrónicas". Hasta nin ao orador se o gaba hoxe cando se o califica de retórico.

Ao mesmo tempo e, por lóxica consecuencia, ancheóuse tamén o seu ámbito ou campo semántico: o que hoxe se entende por retórica xa non se refire direitamente á oratoria. A equivalencia valería xa somentes da oratoria forense e política tipo Cicerón, Mirabeau ou Churchill. Ben nos decatamos de que a moitos dos oradores políticos máis sonados no noso tempo —oradores de mitin e aínda de cámara— non lles acai ser calificados de oratorios. ¿Cómo calificar de retórico un tipo de expresión consistente nunha polémica direita, de ataque e retruque, con léxico de rúa, con un estilo desaliñado? Poderemos calificala de demagóxica; non de retórica. Se se publicasen eses discursos tal como os pode recoller unha cinta magnetofónica, darían ben poucos exemplos para os vellos Tratados de figuras retóricas tales como a alegoría e a prosopopeia. En cambio, sentimos lícito calificar de retóricos a escritores que, ao mellor, na súa vida pronunciaron un discurso.

¿Qué ten pasado? Que o que hoxe se califica de retórica é a *grandilocuencia*. Admitido esto, a retórica —tal como hoxe se entende esta palabra— ven ser o *arte de prestixiar as cousas*. Poderíase decir tamén: o arte de magnificalas, porque aínda cando se a desprestixa moito estásea psíquicamente engrandecéndoa ao describila como moi —grandemente— pequena ou ruín. Ou sea que, frente ao modo sobrio, sinxelo, vulgar, pedestre —sobra decir que non son sinónimos— de decir as cousas, a retórica consiste en decilas dun modo máis escolleito e refinado, que se deixa apresar en "figuras": as consabidas "figuras retóricas" cuio uso abusivo tanto mal lle ten feito á única verdadeira retórica. Por suposto, aínda que a retórica sea por antomomasia o arte de prestixiar as cousas mediante a palabra, na medida en que o xesto forma parte do decir, tamén hai xestos retóricos e hastra persoas.

---

[2] Por suposto, tuven en conta tanto o *Manual de retórica literaria*, de H. Lausberg (Trad. cast. Madrid, Gredos) como o capítulo que á retórica lle adica Umberto Eco en *La estructura ausente* (Trad. cast. Barcelona, Lumen).

Desde aquí xa se albisca cando a retórica será mala: cando se magnifica dun xeito desaforado, desproporcionado; cando se o fai con tópicos desgastados como tornillos pasados de rosca; cando o ton psíquico ambiental pedía, ao revés, un xeito sobrio e sinxelo de expresarse. Pero da mala calidade ou da inoportunidade da retórica non é lícito inferir, sin máis, a condena de toda retórica.

Porque o costume fana a emoción, cada época ten de inventar novos xeitos de expresarse. Contestando ao século XIX —un século retórico por excelencia—, o noso prefire outro xeito de decir. A esa razón de gusto engádense probablemente outras: o prestixio da ciencia co seu típico estilo austero, o que moitos temas antes obxeto exclusivo da literatura acadaron tamén tratamento científico peculiar; en fin, o xeito realista e pragmático con que agora se prefire afrontar os asuntos. A boa retórica —a retórica, falando propiamente— o que fai é soerguer a realidade, exhibir os seus valores recónditos, *avalorala*. Enos lícito, certamente, preferir outro estilo máis direito e tamén máis exacto de contemplar a realidade. En particular, cabe engadir que na escritura, a puntuación e máis a posibilidade de ver nunha ollada o conxunto —unha das ventaxas da lectura sobre a audición— permiten prescindir de moitas reiteracións e amplificacións que son necesarias na elocución. Pero este refugamento que hoxe inza por toda a retórica ¿non será síntoma dunha certa incapacidade para o entusiasmo? Os que non somentes practican eles, senón que rexeitan tamén toda retórica allea ¿non sufrirán dun vago eunuquismo anímico? Téñase en conta que un tan decidido antiretórico como Azorín na literatura castelá era un admirador convicto e confeso de fray Luis de Granada.

Digámolo todo: a mercancía que unha chea de veces se tenciona hoxe introducir baixo a bandeira do anti-retoricismo non é, certamente, o estilo austero do científico nin menos a sinxeleza sobria e sofrenada dun Azorín, ou dun Anatole France ou dun Stefan Zweig. É o estilo sin estilo de quen nunca aprendeu a escribir e quer vender co reclamo de literatura "comprometida" o que quizáis non é compromiso e, desde logo, non é literatura. Esto, aparte xa de que moitas das verbas que eses autores introducen a cada paso —"formidable", "espectacular", "dialéctico", "realista"— son tan retóricas —no peor senso desta palabra— como as que eles refugan por tales. Cando a historia necesite soltar lastre e faga escolma, ¿cánto sobrevivirá desa literatura abandeirada no anti-retoricismo? Un escritor pode ser bó ou mal escritor; pero non porque sea ou non retórico. Que un bó escritor retórico teña hoxe dificultades para conquerir público sobra decilo. Pero eso será por anacrónico; non por mal escritor.

Non habería inconveniente en aceptar que se calificase a Otero de escritor oratorio, de orador por escrito. A eso tendía, cando menos, de seu, según ven demostrar hasta simplemente a frecuencia excesiva de conxuncións copulativas así como os longos diálogos das novelas que, ás veces, máis parecen monólogos alternados. Diríase

que escritor-escritor éo o que, por natureza ou hábito, interpón unha censura entre a vivencia e a escritura; resultado dela pode ser a eliminación de certos elementos e a condensación dos retidos, así como en xeral todo o traballo do estilo. Esto podería valer hasta do poeta, se ben, fora do caso do rimador, esta censura debe costarlle máis. Escritor-falante, escritor-orador, sería, pola contra, o que ceiba asemade canto sinte e como o sinte. Todo o máis, chapodará despois algún erro ou adovío excesivo. O frescor, a emoción, poden ser as virtudes probables do seu escrito; as desconexións e máis as caídas de ton, as suas probables eivas.

Coas salvedades ditas e xa que o étimo o permite, tamén cabería calificar a Otero de escritor retórico. A favor da tesis está, polo pronto, e abundancia de figuras que na sua producción cabe esfollar. Furando xa na codia desto, non chegaría con sinalar a influencia do seu temple oratorio sobre o exercicio da oratoria nunha época en que os oradores natos han calar por falta de público. Probablemente non foi somentes por inercia vital. Otero Pedrayo facía literatura retórica e siguéu a ser orador porque estaba dotado dunha gran capacidade de entusiasmo. Magnificaba os asuntos porque estes —Galicia, a historia, a forza telúrica— se lle presentaban grandes. Prestixiaba ás cousas —poñíalles epítetos, chantáballe metáforas, mostraba a sua admiración por elas— porque lle parecían prestixiosas de seu. Tratábaas dun xeito grandioso porque lles descubría a sua grandeza e non podía menos de compartir cos lectores o seu entusiasmo por ela.

Por eso a sua non é a retórica vacua que hoxe se designa así por antonomasia peiorativa. Como escribeu moito, non correxía nada e publicouno todo, non sempre estuvo á altura de si mesmo. Nembargantes, en xeneral a sua enorme erudición, a sua imaxinación plástica e sempre a sua sinceridade afectiva enchían o que, na pluma de outro, soaría a valeiro.

Que esto lle viña de ou chegara a ser natureza, mostrábao a sua conversa. Cantos disfrutaron dela —non sin un chisco de medo ao que duraría— sabemos da dificultade para distinguir cando falaba en privado ou en público, en persoa ou en persoaxe, en prosista ou en poeta, en serio ou en broma. O interlocutor somentes podía estar seguro de que nunca falaba somentes dun xeito. E todo eso saíalle así, sin chisco de *pose*, sin que lle importase nada ser interrumpido ou cesado. Falaba como quen xoga. Se alguén pretendeu algunha vez contradecilo, debeu retirarse ben logo, convencido de que facía o ridículo.

Canda o tópico de Otero Pedrayo escritor culterano inzou tamén o de Otero inventor dun léxico artificial, quero decir, inventor dunha lingua artificial para suplir a tradición que á galega lle faltaba no eido da prosa culta. O primeiro a discutir debería ser o se eso significa demérito; Góngora antes, Valle-Inclán hai pouco teñen merecido ben da literatura castelá mesmamente por eso: por creadores de palabras e xiros, o cal non pode significar aquí —pois non fala-

mos de inventores de Trampitáns— senón combinadores de elementos que antes nunca estiveran xuntos. Pero, aínda admitindo o dereito, tería que discutirse neste caso o feito.

Ao verse obrigados a crear a prosa culta en galego, os escritores das "Irmandades" e da "Xeneración Nós" tiñan por forza que metaforizar palabras apañadas direitamente do chan da lingua vulgar que era, además, unha lingua predominantemente agraria e mariñeira. Compréndese que, ás veces, preferisen botar man dos términos cultistas creados xa noutras linguas irmáns desde o Renacimento por acomodación direita de verbas latinas e gregas sin sometelas ás leis da derivación patrimonial (a nosa ten o mesmo dereito que elas co que é herdo común). Otero Pedrayo, bó conocedor das linguas clásicas, emprega a cotío neoloxismos ás veces, conservando case a grafía orixinal latina. Dubido, en cambio, se inventaría un tan siquera. Algunhas palabras inintelixibles, pero con un xeito de neoloxismos, que aparecen nos textos publicados —principalmente en artigos— revélanse, tras a correspondiente crítica, como erros ou pseudointerpretacións de mecanógrafos i editores. Outras, de feitura latinizante, como "ourilocente" ou "tremelocinte" afirmaba terllas oído aos seus paisáns de Trasalba. O que sí non cabería esperar de quen escribe con tal ton anímico era un vocabulario que reproducira todo e como se dí na conversa cotidián. Palabras mal sonantes, "tacos" e demáis ou quedan excluídos ou velados por puntos suspensivos. O léxico usual da narrativa de asunto popular está tomado efectivamente dos labres do pobo, ora que do pobo nos seus mellores momentos, como quen dí, cando están coa roupa das festas. Se o asunto é xa de seu culto, o escritor escollerá aínda máis o léxico hasta cair en certo preciosismo. Esto en canto á verba, porque no que se refire á morfoloxía se algunha tacha se lle podería poñer sería mesmamente a contraria: o someter ás leis da derivación patrimonial palabras que, cando no seu significado sufriron a metáfora desde o concreto ao abstracto, xa en castelán e portugués se duplicaron con unha forma cultista máis semellante á sua orixe grega ou latina. (Así, por exemplo, cando escribe "hourizonte" en lugar de horizonte.)

A situación de anarquía —mellor de pre-arquía— na que os da sua xeneración toparon a lingua era ocasión doada para ter vontade de estilo. Nembargantes, ninguén menos estilista que Otero. Ese temple retórico —no bó sentido da palabra— que por non deteriorar o asunto lle facía escoller un léxico alto, alteiro e altisonante, non lle deixaba, en cambio, folgos para cuidar o estilo a non ser en raros casos. Pódese decir del que non tuvo estilo; era estilo. Pero como este non era sabido nin buscado podía ás veces "guadianizarse", desaparecer e reaparecer, deixando entre tanto na epidermis anacos indecisos que son do autor porque el os firmou, non porque os marcara.

Que o xeito de Otero guste ou non, eso depende do de moitos factores subxetivos i epocales. Pero a sua excelsa calidade dentro do seu estilo —un máis entre os bós— ninguén a poñerá en dúbida sin que, con eso, denuncie a sua incapacidade para estar á altura del.

II. O ESTILO DE ENXERGAR O MUNDO

¿Qué aspectos do mundo escolmou Otero Pedrayo hasta facelos tema? ¿Qué aspectos escolmaba deses temas? En definitiva ¿cál foi o seu mundo, o que resultóu desa doble escolma?

Historia e máis paisaxe parécenme ser as duas palabras axeitadas para responder a esas preguntas. Nembargantes, dado que a vivencia do pasado ten que ver máis direitamente co modo anímico de vivir ese mundo, pode deixarse o tema da historia para máis adiante. Empezarei, xa que logo, coa presencia da paisaxe.

A vivencia —o "sentimento" da paisaxe— agroma somentes cando xa se é capaz de ver na campía algo máis do que agro, cazadeiro ou floresta. Dito con outras verbas: cando os valores estéticos —os valores da beleza e da *empatía*— son sentidos como tales e non baixo a carauta de valores vitales ou biolóxicos. Non somentes o cazador que chega ao campo co fin pragmático de emoción e lucro; aínda o campesiño, que vive mergullado nel, non se decata direitamente da paisaxe. Se dalgún xeito albisca os seus valores estéticos —xeneralmente cando se sinte ausente daquela paisaxe— non se lle ocurre senón describilos a través dos valores biolóxicos ("boa terra", "terra ruín"). Hasta adoita burlarse de quen fita adrede para a paisaxe, como se eso se debera a mera nugalla de "señorito". A envidia do home da cidade que xa expresara o vello Virxilio

> *O fortunati nimium sua si bona norint agricolae*
> ("Felices os labregos se se decatasen da sua sorte")

poucas veces a comprenderá o labrego galego, que vive sórdidamente nunha terra fermosa e farturenta.

Ora, mesmamente por eso de requerir o sentimento da paisaxe o por entre paréntesis o aspecto utilitario, hai sempre o perigro de que os arredados da terra collan da paisaxe somentes a tona "pintoresca". É o que lle ocurre tantas veces maiormente ao turista de temporada, pero tamén a non poucos pintores e literatos: que non advirten dela máis do que o modelado, a cor e a temperatura, polo tanto o estático i epidérmico. (Por algo "pintoresco" ten que ver con pintar e xa se sabe o vello dito *Ut pictura, poesis.*)

Galicia era xa un tópico do pintoresquismo, cando Otero Pedrayo chega coa sua formación científica de xeógrafo inxertada na sua fonda vivencia de labrego en exercicio. Aínda fora dos seus escritos técnicos de xeógrafo, ben logo se decata o seu lector de que el non perde nunca de vista a paisaxe onde ocurre o asunto se éste é de acción ou as resonancias paisaxísticas que suscita se é, de seu, estático. Para el non hai cousa afastada da paisaxe. Así como Homero non se esquecía de sinalar cada día as comidas dos seus herois, nos relatos de Otero lévase conta puntual da estaxe do ano, da temperatura, dos ulidos e sons ambientales, do sabor da atmósfera. Se ás suas novelas se lles aplicase a norma de don Miguel de Unamuno para as del —deixar fora co contexto da paisaxe e máis da historia— non somentes menguaría moito a sua larganza;

ficarían además *capitidisminuídas,* perderían un elemento esencial. Nalgunha ocasión a caída dun vello albre podrecido daralle tema suficiente para un casi épico. Aínda cando o tema sea de pensamento ou de arte, utilizará decote a imaxinación para que todo se olle, cheire, escoite, apalpe e guste, con preferencia tal vez polas *sensacións ópticas e táctiles. A descripción pode ser* tan viva que os órganos sensoriales se sintan case físicamente estimulados. De alguén así era de esperar que ás veces tencionase describir xa a paisaxe pura. Non vai ser entón cando acade os seus mellores éxitos, porque desde que existe a fotografía en color xa a descripción literaria pura non pode pasar nunca de remedo tantálico. Tampouco pode sorprender que a producción literaria de alguén tan sensitivo para a paisaxe resulte ás veces un chisco descriptiva e lenta de máis.

Pero non abonda coa omnipresencia da paisaxe para caracterizar o estilo diferenciado con que o noso escritor enxerga o mundo. (Pereda, Azorín ou Gabriel Miró, por citar somentes tres exemplos da literatura castelá tamén reparaban decote na paisaxe.) O que caracteriza e hasta singulariza ao noso escritor é o que na paisaxe ve: a forza telúrica e agraria sufincando e modelando a epidermis sensorial. Todo esto como causa e consecuencia, ao mesmo tempo, dunha teoría que pode ser resumida así: a paisaxe ten de ser espreitada como proceso en busca de forma. Logo terá que ser enxergada no tempo, como sucesión de *arestoridades,* polo tanto como devir ou, según el gustaba de decir, como "devalar". Tres factores o fan cambiar: o factor cósmico (o xeolóxico vencellado co astronómico e atmosférico), o factor biolóxico (flora e fauna) e mais o factor humán (desde a agricultura hasta a técnica e mais o arte). Cada un deles con cadanseu tempo: o planetario, o vital e o histórico, respectivamente. E se se entende por ritmo a repetición periódica, a Ciencia da Paisaxe remanecerá da posibilidade de establecer, para cada caso, os ritmos según as posibles relacións entre os factores (relacións de loita, sometimento ou armonía). A peculiaridade de cada paisaxe en cada intre dependerá de cómo nela se artellen os ritmos dentro dos ciclos retornantes do ano. Ora, a natureza devala de seu cara a liña curva: froito, copa de albre, callao, pinga, onda (en Galicia, además, a serra en forma de meda). Contra esa lei érguese a técnica para imporlle —no edificio, na maioría dos utensilios— a lei da recta.

Pero Otero Pedrayo non sería el se se quedase en elaborar e artellar este esquema doutrinal que nin siquera nos ensaios adicados á teoría da paisaxe galega deixou nidiamente formulado[3]. O mellor del está no contido con que o enche: unha mixtura fuxidía de intuición estética e de saberes positivos (non dá máis teoría que a precisa para entender o contido) e na aplicación constante que

[3] "Ensaio sobor da paisaxe galega", en Varios, *Paisaxe e cultura* (Galaxia, 1955). Xa en 1932 matinaba nesta teoría da paisaxe (véxanse as primeiras liñas do artículo "Encol do elemento animal na paisaxe" en *Nós,* XIII, núm. 105, páx. 157).

da tal teoría fai sin decilo. Aínda cando oficia de xeógrafo e probablemente a conciencia de pecar contra a sobriedade obxetiva do "científico", non se esquecerá de analizar tamén como recrearon tal ou cal paisaxe os literatos e pintores. O resultado será esa que nalgures me atrevín a chamar "Xeografía estética" (despois topei con que el mismo falara de "xeoloxía estética"), apreciada ou non polos que hoxe ostentan o título reconocido de xeógrafos, pero que de certo encantaría ao vello Aleixandre de Humboldt ou a calquer xeógrafo formado na "morfoloxía" idealista do romantismo alemán. Se así adoita facer aínda nos estudios técnicos, compréndese que *a fortiori* o faga na obra propiamente literaria: libro de viaxe, relato, poema. A espléndida descripción de San Andrés de Teixido, aquel recanto ríspito onde o Atlántico vira cara o Cantábrico, constitui a mellor mostra, para o meu gusto, do que pode dar de si este novo xeito de ver a paisaxe. (Véxase nas últimas páxinas de *Pelerinaxes*.)

Pero co devandito non quedaría aínda suficientemente caracterizado o xeito oterián de ver a paisaxe; precísase tamén ter en conta o seu vencellamento ao rus, á agricultura. Aquí como ao aludir antes á historia, non resulta doado separar o xeito de enxergar o mundo do xeito de vivencialo. En todo caso, pódense distinguir aínda a conciencia de non podelos separar. Polo pronto partamos dun análisis concreto.

Todas casadas lonxe...

O escritor chegara pola mañán á sua casa na aldea. Voltaba dun viaxe: de Santiago, de Madrid, quizáis de máis lonxe. Cando se chega á casa xa entrado o dia non se acomoda ún ao traballo da xornada e aínda semella lonxe a seguinte. Agora pola serán, para encher o tempo valeiro, tiña mentes de escribir algo, pero non lle ven a inspiración. Entón colle o bastón, ponse o chapeo e vaise campo abaixo non sabe ben a qué; na realidade inconsciente, *à la recherche du temp perdu*. Olla para a colleita, repara nun albre decotado, fala ao pasar con unhas mulleriñas do derradeiro pasamento na aldea, matina, lembra, vaise ensumindo no seu mundo interior. Ao lonxe seica unha campaíña toca a morto. O caso é que o escritor de súpeto sinte unha punción levián no peito e un lixeiro pesadelo nos ollos. Sin consideralo máis, vira, apura o paso. As mulleriñas veno pasar agora de presa. Ten de escribir aquelo. ¿Por qué? Por nada, porque lle peta. Atención, porque neste intre o escritor vai renacer de si mismo, como tantas outras veces. Máis que unha inspiración foránea á que podía non facerlle caso, o que agora o domina é unha necesidade interior, incoercible de ceibar aquela emoción que lle deita do cerne. I escribe:

> **"Baixéi ao valciño das campás abaixo solo pra mirar rebulir o rego onde teño xogado de neno. Vidas. Espumas boligadoras do regueiro. Vidas...**
>
> **Doña Antonina, a do Ribeiro, coa súa manteleta e os seus ollos brincadeiros de velliña albela, sempre decindo**

"¡Xesús, Xesús!" diante o voar dunha vacaloura, o xuramento arroutado polo vello xurifás Tumbalobos, o conto de que unha mociña aqueloutrada nos parrafeos dun rapaz chegara tardeiro da foliada.

O señor Lindras, o "de acolá", homiño calcado, sabedor de letras antigas, demarcacións de prorrateos, pacenzudo cazador de teixugos nas nabeiras da Infesta..."

E así nunha tenra letanía, van saíndo a escea, chamados pola ocurrencia caprichosa da memoria, "a costureiriña da Poboanza", "o fidalgo das Quintas", "O Corda". Como nos versos do *Mio Cid* ou de Berceo, ven cada ún co seu alcuño, co seu topónimo. Probas todas da sua sinxela autenticidade. Polo pesadelo da emoción dos derradeiros xa apenas se dá seña algunha.

"Don Laureano, o "carrancholas", de ollos e poutas de silvano; as fillas do Nicolao, todas casadas lonxe; o "brasileiro" da Encesta, o..."

Cando a santa compaña se esvai, o escritor sinte que lle volta á pluma o inicial *ritornello* heraclíteo. E sin máis, o artículo acábase.

"Vidas. Espumas boligadoras do regueiro. Vidas..."

("Vidas", *Parladoiro*, páxs. 43-44.)

Neste apunte, mesmamente pola sua escasa elaboración literaria, algo queda ben nídio. Quen redactou esto, non soio ve na xentiña do rus un obxeto folklórico. Co honor da existencia literaria, vai a garimosa comprensión das suas teimas e peripecias. Ora esta páxina non é senón unha máis entre moitas análogas. Achegándose ao pobo foi como venceu a Xeneración "Nós" a tentación de *spleen* egolátrico —un gusto do exótico mixturado con un chisco de goce narcisista da singularidade— que estuvo a piques de aterecer e esterilizar a aquel fato de homes que Vicente Risco definíu, por todos, como "Nós, os inadaptados". Pero se outros compañeiros de xeneración voltaran á Terra desde o *folklore* ou a historia, a Otero Pedrayo bastoulle desenrolar unhas vivencias que xa levaba mui fondas desde os anos de infancia na casa petrucial de Trasalba. Foi por ser él mesmo voz de pobo —voz xa consciente, pero aínda popular— polo que resultou enxebre. Do pobo tomou o léxico eminentemente popular das suas novelas e contos, que foi *pendant* ao léxico cultista dos seus escritos en prosa técnica. Esta teima de achegarse ao popular lévao mesmamente a incurrir en frecuentes *ruralismos*. Porque el —que, en contra do que dí o tópico, argallou moi poucos términos técnicos novos —somete as verbas cultistas ás leis da fonética enxebre caendo en evidente anacronismo ou escríbeas como as pronuncia o pobo ou como as pronunciaría caso de usalas, esquecendo que se as usase, xa probablemente as pronunciase ben. De todos os xeitos, neste virar cara o pobo non pasou de ser un máis entre outros. O que merece comentarse non é tanto o feito de porse acarón do pobo labrego, cánto o xeito e os motivos de facelo.

Dentro da literatura galega foi na sua pluma onde, dun xeito

máis consciente e ricaz, chegou a nivel de expresión o sentimento agrario da vida; un sentimento que no labrego queda mudo ou atafegado polos intereses pragmáticos, ao ser o campesinado unha clase social sin lecer para ollar máis alá da tona utilitarista das cousas. Outros autores quizá teñan descrito mellor o humor, as ledicias, as angurias, as teimas do noso labrego. Por ser el, ademáis de sibarita da paisaxe, agricultor en exercicio, acertou a espreitalo todo —según o labrego fai— levando conta miuda en cada intre do estado da atmósfera, do tempero dos cultivos, do sabor agre ou celmoso dos froitos, dos *númenes* fastos e nefastos para a agricultura. Unha parte cuantitativamente considerable dos seus escritos está adicada a levantar acta notarial destas cousas e das suas infindas variacións. Case se podería afirmar que non houbo ano na sua vida literaria que non adicase algunhas liñas ao advento de cada unha das estacións, con preferencia manifesta polo outono. Difícilmente se atopará na literatura universal outro escritor con tanta sensibilidade para percibir e tanta abelencia para dar e sentir a atmósfera psíquica da aldea. Fora quizáis do Sul na literatura norteamericá, dubido que ningunha outra terra acadase reproducción literaria tan agarimosa como a galega do Ribeiro nas páxinas de Otero Pedrayo. Outros casos que se poideran citar non resisten a comparanza, sea porque o tempero da agricultura no é nelas tan mol e saudoso, sea porque outros estímulos non deixaron ao escritor lecer para semellante *delectatio morosa*.

Nembargantes, un escritor tan achegado ao pobo nunca poderá chegar a ser popular, inda se o pobo aquí leese o que na sua fala se escribe. I é que no modo de decir o que dí —mesmo nos diálogos que tencionan ser expresión direita de persoaxes do pobo— actúa sempre como espectador. Deixemos xa fora os ensaios, onde pola mesma natureza do xénero, xa o escritor se distancia da vivencia para erguela a un plano abstracto e reflexivo. Inda nas descripcións logo se decatará quen as analice de cómo o mundo descrito é vivido polo autor como espectáculo; víveo fonda, pero non inxenuamente; está sempre comparando o daquí co do outro sitio, o de agora co de antes. Non raras veces introduce datos técnicos e citas eruditas. Mesmo esa *delectatio morosa* na descripción xa denuncia á revolta psíquica da persoa que —digamos— non bebe viño porque ten sede e gústalle, senon porque, inda sen sede, quere disfrutar do placer de bebelo, do gusto de comparalo e compararse con outros, do goce de gozar. ¿Ten algo de extraño que ao pobo —que vive direitamente a vida sen o xiro da "vivencia"— lle resulte aburrido un autor tan reflexivo? ¿A qué pastor lle gustou nunca a poesía pastoril?

Vivencia da historia

A historia —quedou dito antes— é a segunda nota diferencial do xeito oterián de enxergar o mundo. ¿De ónde lle puido vir esto?

Cando, ao atinxir a maioría de edade como intelectual, decidíu —movido polo consello i exemplo dos seus amigos— achegarse á

sua terra, non viña dafora. Nacera nunha familia xa instalada na burguesía urbá, pero aínda non desvencellada da fidalguía rural á que perteneceran os seus antergos. Esa orixe sinalaría tamén o seu modo de vencellarse ao pobo. Non voltou ao *rus* por motivos éticos de redención social, senon por motivos afectivos de sensibilidade cultural. Se tamén tencionará mellorar a situación económica do pobo, será sempre desde a redención da personalidade étnica e cultural da Galicia enxebre. Polo demáis —e inda que con tímido tono, sen dúbida por decatarse de ir contra a marcha da historia— semella lamentarse da decadencia da estructura social da aldea —coa consabida *diarquía* de fidalguía e clero, mandando sobre un campesinado que alimenta e aplausa—, da que lle tocou ser inda testigo e xa historiador elexíaco. De certo, foi o seu vencellamento ao pobo labrego o que o fixo decatarse de aspectos que pasaran desapercibidos para os autores da novela histórica típica, dirixida aos persoaxes novelescos e máis á tona "pintoresquista" dos sucesos. Onde a Pardo Bazán e máis Valle-Inclán, por citar os exemplos máis egrexios, somente viran un xogo de sentimentos individuales, Otero Pedrayo —que esculcaba os sucesos cos ollos do pobo— descubrirá a pegada no *rus* do Réximen constitucional e mais da Revolución Industrial: eis a novidade das suas novelas de época. Ora, reconocendo que con eso mellorou a sorte —sempre moura— do labrego no aspecto económico, pareceralle que a movilidade socioeconómica que esto inzou na aldea veu a destragar aquel senso "retabular" da vida no que a alma labrega topaba senso e acougo sen substituilo por ren máis que por un hedonista "triunfo do corpo", do que ao campesino lle seguirá tocando a menor e peor parte[4]. As miserias na matenza e no traballo parece consideralas o escritor —igual que o labrego de antes— como unha fatalidade natural ou mera consecuencia da malicia de determinados individuos. Apesares delas e da situación privilexiada da fidalguía e do clero semifeudales, o labrego —matina Otero, ao meu parecer con plena razón— era daquela interiormente máis feliz, se por felicidade entendemos a armonía do individuo coa socedade, das arelas coas posibilidades, da realidade coa idea dela. ¿Cavilou Otero Pedrayo algunha vez en serio que a redención do campesinado —en xeneral, a redención de Galicia —poidera vir dunha fidalguía xunguida de novo co *rus* tras da apostasía dos séculos derradeiros? Algo deso se ten dito e certamente hai algúns datos para sospeitalo[5]. Do que non cabe dubidar é de que amou sinceramente ao pobo, cousa que non sempre se pode afirmar de todos os que tencionan redimilo. Amouno tal como o pobo é: coa su lingua, co seu xeito, cos seus costumes, cos seus pesadelos e arelanzas, hasta coas suas eivas. Del valería sempre o do Exanxelio: "moito lle será perdonado, porque moito ten amado".

[4] "A aldea galega no seu decorrer histórico", en *Grial* núm. 8 (1965).
[5] "Un eixe ético", artigo en "El Pueblo Gallego", 21-IV-1929.

III. O ESTILO DE VIVENCIA LITERARIA

Do mundo —en principio, ben común, res nullius— cada escritor escolma e ocupa o que logo vai ser o seu propio mundo: o dos seus temas. Non me refiro agora tanto ao contido destes como ao xeito peculiar de tratalos. Os contidos xa lle soen vir dados, en xeral, pola formación e preferencias; en concreto, poden ser resultado de incitacións ocasionales. Presencia constante da paisaxe como forza telúrica e da historia como alicerce do presente parécenme ter sido o que caracteriza o xeito peculiar como Otero vía o mundo. En canto aos contidos, xa lle viñan dados: Galicia, a historia, a xeografía, a cultura occidental. Bastáballe escoller en cada intre o anaco concreto.

Pero un mundo temático determinado aínda permitía ser vivenciado i elaborado literariamente de varios xeitos. A historia podería tela vivenciado, por exemplo, como prefiguración e anticipo do futuro; polo tanto como sufincando unha acción política hasta revolucionaria. Nun intre da súa vida o seu presente —penso na época da Segunda República— botóulle diante un desafío e, nembargantes, sabemos con qué pouco pulo pragmático respondéu, non por falta de fervor —que eso nunca lle faltaría— senón porque aquelo non lle iba. Por outra banda, a vivencia apasionada da paisaxe podérao levar, por exemplo, ao cultivo do viaxe e da literatura de viaxes. Sabemos, nembargantes, que sólo moi ocasionalmente viaxóu fora de Galicia e que somentes producéu dous libros de viaxes.

¿Cál foi, entón, o seu estilo de vivenciar literariamente o seu mundo? ¿Non serán a actitude nostálxica e máis o exercicio da metáfora?

A melancolía

Nefeito, se se lle quere coller o tempero a Otero Pedrayo hai que suliñar que, ao revivir o pasado, fita precisamente para o que tuvo de máis valioso e prefire o seu ao noso tempo. Certo, para disfrutar ese goce de darlle outra vez presencia ao pasado requírese que este pasase. Neste senso, el beneficiase do feito do paso. Pero ao menos en canto a ese longo intre desde a constitución do mundo cultural galego hasta a súa desfeita no século XIX, preferiría que houbera permanecido. Con respecto a este intre do pretérito, sentirá literalmente nostalxia, esto é, "dolor de lembrar". Xa con respecto a outros cambios, ocúrrelle o que coa súa adolescencia; recoñece a necesidade do cambio, pero compénsase dela, en certo modo, anulándoa con unha demorada e garimosa revivencia na lembranza. A esto me refiro ao falar do seu tono habitual melancólico: unha clase entre outras de melancolía, a do tempo irreversible.

¿De ónde lle remanecéu este xeito anímico? Agás dos factores do seu temperamento persoal, ten de pensarse que acordóu nunha época na que a sensibilidade media aínda se alimentaba do romantismo serodio; nas súas lembranzas de adolescencia e mocidade —un título moi de entonces e moi dél— aparecen frecuentes alu-

sións a libros autobiográficos de Chateaubriand e Tolstoi. Cando logo na leria das "tertulias" de Madrid conoza as derradeiras novidades (Azorín, os simbolistas franceses), éstas viñan a ser un renacimento romántico, se as comparamos coa época intermedia (a do Realismo). No plano personal, ao proceder dunha xinea aínda máis fidalga do que burguesa, debéu recibir no fogar unha educación moi consciente do pasado familiar e dirixida máis a conservar un prestixio que a ganalo. "Non todos temos abós", decía Spengler na *Decadencia de Occidente*, querendo decir que unha cousa é ser unha doa máis dun rosario biolóxico e outra moi distinta vivir na conciencia dunha tradición histórica familiar sentida como un prestixio e unha obriga de ser digno déla (*noblesse oblige*).

Sean cales fosen as causas, o feito é que, como escritor, vaino vivir todo como lembranza: lembranza da súa adolescencia no plano personal, lembranza do século XIX —principalmente— no plano colectivo. Adolescencia: quen apenas fixo tema literario da infancia —nen da súa nen da allea— e se envolvéu despóis nun mutismo casi absoluto respecto da época das súas angueiras políticas, voltóu incansablemente a revivir aquel intre que, para él, debéu ser teatro de moi fondas vivencias. Sendo fillo único, ¿influiría neso o pasamento do pai, deixándoo cedo libre e, ao mesmo tempo, responsable? O pai morto pasaría a ser un dos seus máis vivos persoaxes. Ora, a lembranza da súa adolescencia tiña naturalmente que desembocar na do século XIX, un século inda seu, porque él podía gabarse de ter falado na súa infancia con testigos da primeira Guerra Carlista. Hai épocas de tanta celeridade —nas que en pouco tempo pasan tantas cousas— que, non distando moito, semellan, nembargantes, moi lonxás da precedente. Tal foi, en España, a época arredor do 1900: pasamento da economía aldeana pechada, fin do imperio colonial, troque rápido de costumes, criterios e modos de vida. En correspondencia co tono melancólico nel habitual, ao historiar estes cambios ollará máis para a decadencia da forza que finaba —a fidalguía rural— que para o pulo da forza que ascendía —a burguesía urbá—. En xeneral, na tensión entre o pretérito e o porvir, sempre se porá afectivamente de parte do pretérito. Bastaba que no camiño da evocación ampliase máis a liña do horizonte e xa estaría na novela histórica propiamente dita. Aquí iba a deterse con gusto nos intres principales da constitución da Galicia enxebre (chegada do Apóstol, Prisciliano, Xelmírez, os derradeiros señores feudales, os artistas e intelectuales do século XVIII, os "precursores"), sen deixar por eso de facer unha inesperada excursión á *Mitteleuropa* do século XVIII (*Fra Vernero*).

A capacidade para transmigrar a outras almas río arriba da historia non ten de seu límites para quen dispoña de sensibilidade i erudición dabondo. Nembargantes hai para cada ún de nós un treito de tempo de máis doada e punxente evocación: ese período do que xa non acadamos lembranza personal e aínda non temos perspectiva e conocimento libresco, pero que podemos comprender

por dentro se ao que oímos contar aos nosos inmediatos devanceiros unimos as propias lembranzas de infancia. Nesta situación estuvo para Otero Pedrayo a segunda parte do século XIX. Esto de sentilo inda como seu —frente ás novas xeneracións que viñan vindo— acentuaría o seu tono habitual de melancolía. Decote, inda nos traballos nos que tenciona por alicerces eruditos, aparece nel o poeta da historia. Pero esto vale máis do que nunca, respecto deste treito extremeiro coa súa infancia. É indudable que o obsesionaba o degaro de transmitirnos o xeito cómo daquela se sentía a vida. Ben estáns os documentos, as estadísticas: soio que con éstes non se fura a codia da historia. Porque ¿qué sentían as personas daquela? ¿Qué vivencias tiñan da vida? ¿Cál era a súa escada de valores e de preferencias? ¿Cáles os bens que gorentaban? ¿Qué modelos seguían na súa conducta? ¿Cáles eran os seus pasadelos e *tabúes*? Toda esta historia íntima —máxime a dos estamentos "sin historia": o campesinado, o artesanado— ou non pasóu ao documento ou, cando pasóu, foi máis ou menos manipulada para disimular a verdade, considerada polos propios protagonistas pouco ou nada honrosa. Nembargantes, a conciencia individual sigue sendo o centro da iniciativa e, polo tanto, da historia externa; se a iniciativa non sempre nace da conciencia individual, sempre pasa por ela. Ora, pola súa nacencia inda na década dos 80, polo oído a testigos oculares da primeira Guerra Carlista, pola súa aguda e madrugueira sensibilidade para espreitar o pretérito, Otero Pedrayo —que cara os séculos anteriores xa somentes é un erudito máis— puido nos seus estudios e relatos dar do século derradeiro unha interpretación interna que ningunha historia científica suple e sin a que ningunha historia é historia por moi científica que fora. Diráse que esa historiografía inda non saíu do *epos* primixenio coa súa mixtura de "verdade e poesía"; mesmamente eso pode ser o seu mellor eloxio, porque do *epos* —do seu estado *magmático* i emocional— nace e aliméntase sempre a historiografía. Atoutiñando nese exceso de datos que lle viñan de tantas fontes, revivirá, por unha banda, o pulo dos inmigrantes casteláns para facerse donos do comercio de acordo coas novas normas da revolución industrial e o siso daqueles fidalgos que se salvan da desfeita agarrándose ás profesións universitarias e aos postos dunha Administración que inza según o Estado vai substituíndo ao poder nobiliario. Por outra banda, revivirá melancólicamente o retroceso deica a gleba orixinaria dos fidalgos que se quedan de "señoritos de aldea" e van sucumbindo víctimas da sensualidade e da nugalla, mentras os administradores propios, as mozas aldeás e a Curia lles van botando a gadoupa aos seus pazos e bens. Máis adiante as ondas da Revolución Industrial van deixar outro tipo de *detritus* inda máis melancólico: as fillas desa fidalguía rural ou da burguesía cidadá que vivían de rendas e das pensións de clases pasivas e que, coa depreciación continuada, van esmorecer na primeira metade do noso século nunha pobreza vergonzante —coa súa cortesía sempre intacta— nas pequenas rúas das vidas mentras os seus mobles e ca-

dros van caíndo nas poutas dos anticuarios. É ao leer novelas como *Os camiños da vida* ou *O mesón dos ermos* cando un se decata canto se ten progresado, en comparanza cos *Pazos de Ulloa* ou *Los cruzados de la Causa*, no entendimento profundo do século XIX. A colección de artigos titulada "De onte a hoxe" ven constituir o epílogo dese dramático Ocaso da fidalguía.

Dúas peripecias personales tuveron de incrementar esa súa melancolía de circunstancia histórica. En primeiro termo, a Guerra Civil que tronzóu a súa vida como a de tantos coetáneos, determinando que logo vivise a fase anterior como moi distante e xa case como un espectáculo ante sí mismo. Despóis, xa o mero feito de ir sobrevivindo á maioría dos seus coetáneos deica aparecer sen-lleiro entre xente nova, coa que se quería estabelecer comunicación tiña que lle falar moito do pasado, o que contribuía a darlle aínda máis a impresión de estar soio. Non embargantes, hai que decir no seu favor que a súa melancolía nunca se asañóu nese masoquismo da desgracia, típico de outros dous autores románticos moi leídos e louvados por él (o Chauteaubriand de *Memorias de Além-Coba*, o Murguía de *Los Precursores*) nen tampouco nese máis común *odium praesentis* de tantos vellos —sobre todo, dos de hoxe— que consideran xa malo o novo soio por novo. A súa sanidade de corpo e de espíritu —xunto co seu humorismo e hasta a súa afición, siquera imaxinativa, polo goliardesco —permitíulle aceptar a vida tal como ela é —coa súa fluencia irreversible— e acatar a necesidade de que se renove. Inda sospeitamos se as veces non suliñaría adrede a súa condición de arredado do presente ("eu son un vello!", gustaba de decir) como unha trécola para dispensarse de apeitar cos compromisos do presente e coas angueiras do futuro. Con todo, se se o censurase por ese voltar ao pretérito, sempre podería él alegar aquela súa sentencia verdadeiramente *áurea*: "Estar nas orixes é estar no futuro" [6].

Hai relatos nos que ocurren tantas cousas e sucédense tan axiña que o tempo, caso de que o lector se decatase dél, aparecería como creador de realidade. Inda que se mencione no relato moitas veces o tempo que vai pasando, ocurren tantas cousas e tan de presa que apenas se advirte o tempo mismo; os acontecimentos absorben toda a atención. Pero tamén hai escritores que seleccionan feitos tan lentos e tanto se paran neles que do que o lector máis se decata neles é do tempo que se conserva, do tempo que resiste as repeladuras de canto tenciona desfacelo e substituílo. Ocurre, nembargantes, que como toda permanencia é sempre provisional, son estos escritores os que acaban dándonos unha vivencia máis fonda do tempo que fuxe, caso de que non se prefira decir que é, por superar ésta, polo que se concentran no "tempo-duración". Poñamos, por exemplo, dous tipos de relatos, os de Hemingway e Proust respectivamente. No primeiro tipo, o interés da intriga deixa ao

[6] M. Rodrigues Lapa, "A idea da comunhão em O. P." en *Homaxe a O. P.* (Galaxia, 1953).

lector virollo para o tempo; no segundo, o tempo pousa, améstase, pesa: son as narracións que se acostuma a calificar de "lentas" —no senso de pousonas— e "pesadas".

Decididamente Otero Pedrayo é dos autores a quenes lles interesa o *tempo-duración*. Inda nos escritos tipo "relato" describe máis do que narra. E nas descripcións fita tanto ou máis do que para a liña argumental para os planos acompañantes deica o horizonte máis lonxán. Ren esquece: nen os mobles miudos do cuarto, nen o estado da atmósfera fora, nen os zunidos e arrecendos que chegan de algures. Os parlamentos dos persoaxes son case sempre en párrafo longo e con toda clase de retrónicas. Ao mellor —para gusto doutros lectores, ao peor— o escritor tamén leva conta do tempo en vertical; entonces interpola no relato unhas liñas ou páxinas de crónica, máis propias dun libro de historia erudita. Ora, para ser máis exactos, inda tería de engadirse que non lle importaba somente non deixar esvairse as propias lembranzas personales; tencionaba tamén recuperar as dos outros. Así chegóu decontado á novela histórica; néla tamén os monólogos dos personaxes ocupan a maior parte do espacio literario. ¿Novela "pesada"? ¿Novela "lenta"? Por suposto. Deso mesmamente se trata: de deixar a *clepsidra* pingar paseniñamente. Inda se podería engadir que son novelas "lentas" tamén no senso antonomásico desta verba en galego: novelas con *lentura*, esto é, con humildade de terras fondas.

Como decía antes, acostuma ser nos escritos adicados a conservar o tempo onde máis ún se decata do seu fuxir inexorable. Lendo a Otero Pedrayo veñen á memoria os sonados tópicos elexíacos de Horacio, Villón, Xorxe Manrique. Nembargantes, o noso escritor que non se asaña na melancolía non vai a respostar tampouco coa consabida exhortación do *carpe diem*. Semella que lle bastase como compensación deter o tempo coa pluma, restituirlle ao pretérito a existencia momentánea na lembranza. Naturalmente no común infortunio todas as cousas —hasta as miudiñas— adquiren valor. ¿Non se dan cita no relanzo as follas de todos os albres grandes, miudos e pequeneiros? Por eso a todas as cousas chegará tamén a aperta da lembranza. *Sunt lacrymae rerum*. Só que o seu innato pudor por manifestar sentimentos extremosos farálle evitar, polo regular, a grandilocuencia e máis as interxeccións da elexía. Polo regular todo se quedará nunha melancolía en tono menor, de orballeira agarimosa, a menos que adrede calce o "alto coturno" do poema elexíaco en verso ou prosa poética.

O exercicio da metáfora

A prouximidade psíquica da melancolía á conciencia histórica levóume a que, ao analizar o estilo de elaborar literariamente os temas, me ocupase antes dela que da metaforización, contra o que o paralelismo pedía. Por eso agora compre pegar un certo salto atrás. O que agora vai vir añuda co sentimento da paisaxe por onde empezamos a caracterizar o xeito como Otero vía o mundo.

Otero Pedrayo foi dono dunha singular fantasía para a reconstrucción novelada da historia. Descía, como polas escaleiras da súa casa, historia abaixo de Galicia; o século XIX conocíao como quen inda vivira nel; no anterior aínda se movía familiarmente; pero tamén se atrevía a reconstruir o de Xelmírez. Nin lle puxo medo intentar en *Fra Vernero* chegarse hasta a Viena do século XIX, el que nunca estivera na do XX. Por capacidade de antropomorfización eran quen de por a falar o Hotel coa Plaza Mayor... E no eido dos temas rurales —incluído o tema do tolo, o home ceibe de todo, menos de sí mesmo— escribíu relatos dun verismo estremecedor.

Nembargantes, aínda que eso se o xuzgase o máis valioso, non tería sido o máis singularizador. Escritores de moita forza fabuladora ten habido moitos hasta na nosa literatura. Ningún, en cambio, na nosa e dubido se moitos na mundial con tal poder de metáfora para transitar da natureza á cultura e viceversa. O xeito de fantasía, nefeito, que mellor lle acaía foi o do poeta. O poeta asimila entre sí as cousas malia aos principios lóxicos que mandan a cada entidade ser somentes ela misma e distinta de calquer outra. Pero non por eso a tarefa do poeta ten somentes función lúdica; non somentes brinca por brincar, como un neno. Diluíndo a identidade exclusivista de cada cousa, establecendo entre elas vencellos derivados de meras semellanzas exteriores, o poeta pon o mundo a resplandecer, obriga as cousas a descubrir facianas ignotas, sácalle brillo a todo eso que, por cotidián, xa non suscitaba emoción algunha. De algún xeito, continúa a obra do creador mesmamente organizando o mundo sobre outras identidades.

Eis, precisamente, o que me parece nota característica de cómo Otero vivenciaba o seu mundo, aínda aparte de cando xa redactaba *en renglóns curtos*. Da súa pluma, igual que dos seus beizos, a realidade saía metaforizada, convertible, polivalente, poliesente, tal como a coor dunha das nosas Rías ao longo dun día con alternancia de nubens e claros. Cada cousa chíscanos o ollo como decíndonos: "Paréceche que son eu? Pois mira como no son". E non o é. Incansable sementador de metáforas, á semellanza dun ilusionista, era capaz de sacar do seu colo e ir ceibando polo mundo mancheas de metáforas hasta deixalo todo enfariñado con un brillo de ambigüedades e sinestesias. Por unha boa metáfora non dubidaba sacrificar calquer exactitude, sin dúbida confiando en que o contexto permitiría decatarse da figura literaria. Víaseo —cando na conversa lle pasaba unha por diante— correr tras dela, agarimoso, a envolvela na longa aperta dunha alegoría demorada. Nas conferencias, coa tensión do intre, víñanselle enriba por bandos, como perdices, e se podía non deixaba de cazalas todas. Poucos escritores lle terán perdido tanto a lei ás aduanas entre os diversos sectores da realidade —entre o real, o fantástico e máis o sobrenatural—, entre os diversos sectores da natureza —o inorgánico, o vivente, o humán—, entre a individualidade misma de cada cousa. A metáfora manda, o principio de contradicción obedece. Como

resultado, as cousas quedan a feirear mutuamente todas as súas propiedades coa simple moeda da semellanza.

Poderíanse ir sinalando os especímenes principales do paradigma xeral: mixtura do real co fantástico, do verosímil co histórico comprobado, do simbólico co concreto. Nesto da vitalización do simbólico poida que sea onde teña intentado o seu máis difícil *tour de force*, así como tamén o seu menos convincente producto. Non serán moitos os que aturen diálogos como o devandito entre o Hotel e a Plaza Maior[7] nin poucos os que se poñan a saltar follas das súas novelas cando o relato deica entón enxoito e tremante déixase cortar por outro argumento pseudohistórico, cheo de longos e sofisticados diálogos polo xeito de cómo falarían os antergos se soubesen o que nós sabemos deles, ou sea se non foran os nosos antergos. Concedido que Otero lector erudito de cada época tuvera conocimento de cómo daquela se falaba; aínda así o que se escolma e cómo se o dí parece influído polo que logo ocurréu e que eles non tiñan por qué prever. O conceder tantas convencións é quizáis o que máis duro se lle fai ao lector novel e aínda ao vezado. Tampouco resulta doado saber cándo o autor está en serio e cándo de broma. A seguido dunha tesis científica pode vir unha suxerencia poética. Por veces acugúlanse tantas metáforas que o lector vólvese insensible mesmamente por saturación de afectos. Cando éste máis intrigado estaba polo desenlío da acción é cando, ao peor, se lle solta unha destas digresións pousonas e —sobra decilo— aburridas. Outras veces o vínculo que ha de servir de pontella para a metáfora queda hermético, porque a clave tería que dala algún libro raro de Estética ou de Mitoloxía que somentes el leeu. Os primeiros en sufrilo foron os editores e tipógrafos que por eso introduciron tantas pseudocorreccións que inda viñeron a estragar máis o texto. Esto deixémolo ben dito: Otero é escritor somentes para lectores cultos que además teñen gustos cultistas, quero decir, se toleran o anacronismo e gustan da fantasía brincadeira.

Asumir en categorías biolóxicas o inorgánico i en categorías humáns o subhumano é un uso espontáneo xa practicado nos vellos mitos e que aínda sigue a ser recurso fácil de malos poetas. Otero tamén o fixo acotío, ás veces con moita forza e inxenio. En todo caso non representa ninguna novedade e non paga a pena comentalo. Sí, en cambio, o contrario: o categorizar o humán decadente hasta mostralo reducido xa a momia ou fósil. Sea esta páxina con un tema raro: o da velliña ex-persona, esa aboa ou tía aboa que queda en todas as casas como case mera herdanza familiar. O escritor concrétaa, co natural agarimo, na velliña aldeá, como o foi a súa querida nai por tantos anos:

> "Hai na aldea unhas velliñas que xa non son persoas (...) A auga dos regueiros díulle aos pes a curtiza que teñen as raíces dos amieiros. As saias de picote son ana-

[7] No artigo "Un armisticio", en *La noche*, 15-XI-1948.

cos de monte. Os panos están tecidos de pallas de centeo e raiolas de sol. No mantón aniñan os pardaus como nas hedras das paredes. Os corpos meteorizados ao igual dos caracochos ou dos penedos non teñen sangue senón un xeito de zume vexetal. Nas pozarcas outonizas dos ollos non alumea outra alma que a cosmicidade do mundo labrego..."

("As velliñas", *Parladoiro*, páx. 35.)

Así sigue a etopeia. Aplicándolle o consabido procedimento de análise, vese claramente cómo se acadóu tan espléndido poema en prosa:

Plano humán	*Plano vexetal e cósmico*
Vella, pes, saias, panos, corpos, ollos, persoas, sangue...	Curtiza, raíces, auga dos regueiros, pallas, corpos meteorizados, zume vexetal, cosmicidade...

A impresión no lector queda acadada con só prolongar en metáforas valentes pero pertinentes o que outro escritor con menos pulo literario deixaría en símil cobarde ou estragaría con unións desafortunadas.

Un eido hai donde o noso escritor acadóu productos admirables nesto de fundir as cousas sin confundilas: foi na transferencia desde a natureza á cultura e viceversa. El a quen lle fora negado o don do inxenio conceptual (os seus repetidos intentos de aforismos conceptuosos tales como os da serie "Esquemas" foron case sempre un fracaso), dispuña en troques dun tino infalible para certar co armónico adecuado para cada cousa. Poderíase engadir que as súas sinestesias incluían tamén o simbólico. En dúas apretadas páxinas breves de *Os Camiños da Vida* está dado todo o que supoñemos debéu ser o ton vital do século XVIII ("A solenidade raiolante do dazaoito asosegaba nas mariñas galegas. O século: goberno petrucial de reises bos, devotos, cazadores, ministros de casaca coor cereixa rexindo amodiño o maino maestoso da monarquía ausoluta..."). Compre ter visto, lido e sentido moito para ter composto este tapiz literario: tan sinxelo como inimitable. O mismo val doutras páxinas de contido semellante en castelán no *Ensaio histórico*.

O froito non menor do método estructural ten sido o que nos decatásemos dos eidos semánticos dentro dos que únicamente acada pleno senso cada verba. Aplicar ás formas culturales as categorías do biolóxico xa se facía, desde sempre, ocasionalmente; en todo caso puxéranse a facelo a eito os autores que entenderan a morfoloxía da cultura como *fisiognomía* (Spengler, Euxenio D'Ors). Sin tantas pretensións sistemáticas, Otero Pedrayo acadará tamén correspondencias sorprendentes. Cando el describe aínda o máis abstracto e formal, faino con tal enchente de metáforas e símiles arrincados do mundo vexetal e zoolóxico que as facultades sensoriales deixan o *eidos* vivo e boligante. ¿Non é xa todo un compendio da plástica barroca o presentala simplemente baixo o rubro de "Outono farto e dourado"?

Consideremos agora o caso inverso: a traducción do natural biolóxico en términos do ámbito cultural. Consistirá en erguer de nivel na escada axiolóxica os feitos do mundo cotidián, axetivándoos con verbas apañadas no campo semántico culto, xa prestixiado de seu:

> *"O melro dos pampos.* Solo Teócrito engaiolóu en raiolas de verso o alento e a zunida de talexante peito loiro da vendima e aquil caír dos acios nos corbes, un caír de foulas e pálpebras de muller amorosa ventando o fermoso morrer. Teócrito agarda ser posto en bon galego. Sentíu a cadencia do noso outono: o caír das froitas no pomar, o longo canto vendimeiro, as figuras da muller co queipo do branco na testa e a coroa de vésporas: as nosas cariátides. Na tremante e longa despedida das vendimas vaise ceibando un *numen* que, espido, non sabe qué facer. Ben logo decátase da súa obriga de loitar e soster o alento do home contra o xiado Apolo e a babuxada saloucante. Outono: alquimia sabidora, liberación de esencias, a noite ilustrada e comentada nas adegas e a soedade das viñas solo amadas polas longas sombras. Chámanse pampos os acios esquecidos polos vendimadores. Epilogales e solos, fanse preciosos e zucrados como os manuscriptos gregos gardados nas bibliotecas adegas dos mosteiros psalmeantes. Solo saben deles algúns vellos melros eruditos e voluptuosos que os van papando amodiño e debían ser —engaiolados en orden relixiosa— os académicos autores da historia verdadeira das ribeiras do Avia e do Miño e do Sil e do Tea..."
>
> ("As esencias do outono", *Parladoiro,* páx. 136.)

O análisis deixa ao descuberto o secreto do engado desta páxina realmente espléndida: a mixtura de tres planos semánticos:

Realidade sensorial	*Metáfora biolóxica*	*Forma culta*
Melro, pampo, forteza tola do viño, sol morno...	"Latexante peito loiro", "caír de pálpebras de muller amorosa ventando o fermoso morrer..."	"Cariátides", "numen", "bibliotecas", "mosteiros psalmeantes..."

Además, o plano ou eido de formas cultas déixase desenfiar en campos menores con cadansua reste de congruencias. Teócrito chama polas concomitancias gregas ("cariátides", "numen", "Apolo"); "epilogal" pide o seu sistema propio ("manuscriptos", "académicos autores de historia", "bibliotecas"). A mención da traducción inexistente de Teócrito vai turrar do mundo medieval ("alquimia sabidora", "mosteiros psalmeantes", "orden relixiosa"). Todo, según corresponde á época alexandrina, nun ambiente de decadencia refinada ("melros eruditos e voluptuosos", "noite ilustrada e comentada") en oportuna correspondencia co outono, final tamén dun ciclo da natureza. Hasta lle acai o conservar a grafía latinista antiga ("manuscriptos", "psalmeantes").

Imposible non lembrarse de anacos de poemas —de certo ben conocidos do noso escritor— en que Rubén Darío mixturara tamén experiencias personales con reminiscencias dunha Grecia peneirada

no Simbolismo francés, tamén tan amado de Otero Pedrayo. Sea o comezo aquel de *Blasón*:

> "El olímpico cisne de nieve
> con el ágata rosa del pico
> lustra el ala eucarística y breve
> que abre al sol como un casto abanico."

Ahí acaba, nembargantes, a semellanza, pois ben se ve que o xeito do noso escritor sai dun contexto agrario moi fondamente vivido.

Naturalmente, como o sublime linda co ridículo, abondaría con levar esta fórmula do casorio semántico deica un punto en que xa haia excesiva desigualdade en significanza e prestixio entre os cóniuxes para conquerir efectos irónicos e hasta declaradamente cómicos. Eis o procedimento por el usado unha chea de veces, pero con toda intención no sonado *Himno ao Xamón*:

> "Densidá ilustre da cena sabia
> gracia e potencia, rosa do pote,
> Xamón.
> .....
> Papa das carnes, cardealicio,
> archimandrita da limpa mesa,
> Xamón."

Prescindindo xa da parodia de Laudes e Letanías, ao plano semántico do culinario váiselle engadir en aposición un plano de términos cultos requintados ("Densidá ilustre", "de rica alquimia Suma suprema", "cardealicio"). Algúns dos casorios resultarán particularmente cómicos pola mixtura do grandioso ou idílico co vulgar ("Papa das carnes", "Rosa do pote"). Como lle acaían ao fidalgo aldeán que Otero nunca deixóu de ser, unhas pingas de espíritu rabelesiano atenuaban sempre a seriedade melancólica en que estaba instalado habitualmente.

Acabo comentando un caso de mixtura de varios paradigmas. Sabido é que por deformación profesional o escritor tende a ver a realidade como mero obxeto literario; en caso extremo vivirá a natureza como sólo paisaxe, as personas como personaxes (entre elas, a súa propia). O mesmo lle acae aos pintores. O caso contrario é o de Otero Pedrayo. A vivencia do telúrico será nel tan forte que, ao revés, verá no papel o coiro de xuvenca que foi ou o cadáver momificado do albre:

> "Quen poldera escribir pastoral nas novas táboas de carballo, historia nas toradas de castaño!"
>
> ("O papel e as libretas", *Parladoiro*, páx. 169.)

Gabando as *Memorias de Alén-Cova* do seu admirado Chautebriand[8] soñará con encuadernar o seu exemplar en pau traballado xa polo verme roedor. Curiosa e casi masoquista ocurrencia: darse o gusto de leer un libro cuio asunto consiste mesmamente na me-

[8] "As paisaxes clásicas", en Boletín de la Universidad de Santiago, V (1933), núm. 17 (extraordinario dedicado al Dr. Rodríguez Cadarso).

lancólica constatación da caducidade mentras oi roer o verme que acabará ao fin victorioso de todo, hasta do que, provisionalmente, vencera a caducidade mediante a inmortalidade literaria.

Por último, esa disponibilidade de Otero para todos os xéneros literarios, ao mesmo tempo que a súa renuencia a someterse ás leis de cada ún —dito con outras verbas: a mixtura de todos eles— ¿non remanecerá da misma fonte que esto outro de estabelecer unha baraza infinda de metáforas entre os diversos sectores da realidade e máis do pensamento?

A coherencia recíproca das conclusións parciales deste traballo —coherencia da que o autor foi o primeiro gratamente sorprendido— ven confirmar a validez particular de cada unha. Se non obrigado, era lóxico que quen vía tras de todo a paisaxe e entendía ésta desde a forza telúrica radical fose proclive a estabelecer unha metáfora continuada entre os diversos órdenes ónticos, en particular entre a natureza e a cultura. Ao cabo de contas, ¿non remanece todo da misma *natura naturans*? Probablemente non por casualidade Otero Pedrayo gustóu ás veces de declararse, en filosofía, neoplatónico. Por outra banda, quen opinaba que a vida máis chea e feliz foi a vencellada ao tradicional réximen agrario patriarcal e consideraba que a historia de Galicia se esbandallara por vírselle enriba uns xeitos e xentes alleos, era comprensible se demorase gustoso na evocación e hasta que adoitase un temple habitualmente nostálxico. Por último, ¿cómo quen así pensaba e sentía non había de escribir dun xeito cálido, con un léxico selecto e unha sintaxis mesta e redundante de acordo co moito que se lle acugulaba á hora de escribir sin saber cómo separalo nin decidirse tampouco a suprimir nada?

Polo tanto queda tamén xustificado *a posteriori* o ter agrupado eses tres aspectos baixo o rubro xeral de "estilo", de ordinario reservado somentes para o idiomático. Ao fin, ¿non se di que "o estilo é o home"?

CARLOS BALIÑAS
Santiago

OTERO PEDRAYO E O CENÁCULO OURENSAN

Desde que Vicente Risco publicóu o seu célebre ensaio titulado *Nós, os inadaptados,* quedóu un pouco fixada no tópico a traxectoria intelectual pre-galeguista dos escritores da que hoxe chamamos a *Xeneración Nós.* E nembargantes as cousas non foron nin tan claras nin tan exactas como Risco nos conta. El mesmo percibíu anos despóis a xeneralización que supuxera extender ao plural posicións espirituales moi personales:

> Recentemente dixose, lembrando este escrito, que eu non debera ter pluralizado nesta exposición, coma fixen xa dende o título, o qual quer indicar que aquil "sistema de coincidenzas" non existía realmente, ou polo menos, non era tan cumprido como eu supuña, e que a confesión de sermos "inadaptados" non debía ser referida máis que a min... Non teño incomenente en asumir eu soliño toda a responsabilidade por inteiro [1].

Desde logo que aquel "sistema de coincidenzas" abrangue a tódolos homes da *Xeneración Nós,* como fillos que foron do seu tempo, pero abrángueos de xeito diferente. No fondo a ningún outro abrangue como ao propio Risco, tal como veremos logo, e menos que aos demáis a Ramón Otero Pedrayo.

O "sistema de coincidenzas" ao que se refire Risco é o da difusa sensibilidade europea post-simbolista, que penetróu en España da man dos modernistas cataláns primeiro e na compaña de Rubén Darío unha miga máis tarde. Esta sensibilidade casaba ben coa dos mozos que a principios de século buscaban polos camiños da literatura de corte espiritualista unha táboa onde salvarse do naufraxio en que afogaban os millores espíritos da España "boba" da Restauración. Otero Pedrayo ten recordado a tristura de aquela Universidade de Santiago onde el inicióu os estudios superiores, loitando entre "o esquema puro, heroico, xentil, do estudante, e o feito de concesións á porcallada do optimista vivir burgués" [2]. Foi tamén a Universidade de Florentino L. Cuevillas e de Vicente Risco, que estudiaba por libre. Un amigo do primeiro deles, don Saulo Quereizaeta, dinos que os vicios que desfacían á mocedade universitaria de entón

---

[1] Vicente Risco: *Nós, os inadaptados,* en *Leria,* Vigo, 1961, páx. 43.

[2] R. Otero Pedrayo: *Desvelamento de Santiago,* en *Grial,* núm. 19 (1968).

eran dous: a taberna e a timba[3]. E a situación non debía ser moito mellor en Madrid (no Madrid universitario de Otero), si facemos caso dunha carta déste publicada na revista *La Centuria* e na que di o seguinte:

> Aquí estoy. Nada nuevo, ni original ni sugestivo. La farsa sigue *in crescendo;* los danzantes giran cómicamente en torno a los corybantos de la cultura. *Esto es abajante.* Sólo las tardes de sol, el deslumbramiento doloroso de bellas e inasequibles hembras. Pienso en la casa fresca, confortable, en los claros ojos de la dulce esposa —dulce y ardiente, espiritual y carnosita, acariciadora y grave— ...y se me cae la pluma de emoción[4].

A realidade abafante podíase combatir de mil maneiras. Por exemplo, asulagándose nos encantos da vida de relación social da pequena cidade de provincias. E así a combatiron ás veces, participando nas veladas e nos bailes do "Club", a sociedade de máis postín do Ourense de entón, da que Cuevillas foi vicesecretario e Vicente Risco escenógrafo e decorador nos bailes das grandes solemnidades, como o que se celebróu en xunio de 1909, en cuios salóns

> culebreaban graciosamente las serpentinas de hojarasca y se balanceaban las grandes farolas japonesas y las minúsculas linternillas de colores, convirtiendo el recinto en uno de esos ideales barcos de flores que en los mares de China surcan las aguas tranquilas bajo el resplandor sin rival de las estrellas, como cisnes de pedrería incendiada[5].

Tanto Otero, como Risco, como Cuevillas formaban parte do que daquela se chamaba "la buena sociedad" e que Otero define así:

> El concepto, y mejor, el sentido de la "buena sociedad" excluía en principio las actividades comerciales exclusivas, partía de la existencia y última apelación en la conducta y comportamiento de un esquema tradicional y elástico, conservador del nombre heredado y el honor, con patrimonio antiguo o ejercicio de profesiones liberales y actividades de la Administración del Estado, con un amplio espacio concedido al vagar y la distracción, y una tácita disculpa de algunas costumbres, que si repudiadas por la Moral, aceptadas en bloque sin examen eran admitidas provisionalmente, como varoniles y caballerescas (...). La expresión tópica de "buena sociedad", aún conservada en las gacetillas informativas, significaba una adaptación burguesa de costumbres hidalgas. En el transfondo de cada espíritu de familia presidía el recuerdo, más o menos real o fantaseado, de "un pazo"[6].

---

[3] Saulo Quereizaeta: *Tiempos universitarios*, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos*, t. XX, Orense, 1959-60.

[4] Ramón Otero Pedrayo: *Cartas espontáneas*, en *La Centuria*, núm. 3, agosto de 1917.

[5] Vid. o diario *El Miño*, 22 de xunio de 1909.

[6] R. Otero Pedrayo: *Florentino López-Alonso Cuevillas*, en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos*, t. XX, Orense, 1959-60.

Otero Pedrayo era fillo dun médico e pertenecía á aristocracia rural, con pazo e propiedades na parroquia de Trasalba. O pai de Florentino L. Cuevillas fora Delegado da Facenda en Ourense e Lugo. Pola súa nai procedía de dúas distinguidas xineas: os Alonso-Cuevillas, destacados tradicionalistas oriundos de Miranda de Ebro que participaron na guerra dos Sete Anos, e os Seara, ourensáns de antigo e liberales, con carreiras civiles: farmacéuticos, maxistrados, funcionarios...[7]. Vicente Risco, curmán de Florentino, era membro de outra conocida familia: os Martínez-Risco.

Agora ben, a realidade abafante podíase combatir tamén coa lectura. E grandes lectores foron os mozos ourensáns que máis tarde habían formar o núcleo da *Xeneración Nós*. Na pequena cidade natal contaban co arroupamento dalgúns intelectuales, os máis dos cales xuntábanse na tertulia vespertina da Comisión de Monumentos, nos baixos do Centro Provincial de Instrucción, onde non soio falaban de Historia e Arqueoloxía, senón que atendían ás novedades literarias de última hora. Eles foron quen introduciron o Modernismo en Ourense, según ten contado Vicente Risco:

> En torno a aquella camilla, la mayor de la ciudad, como el más ardiente era aquel brasero, verdadera Tabla Redonda, había siempre un sitial para "Galaad, o Esperado". Desde el Modernismo de Rubén Darío hasta la estética de Guillaume Apollinaire, no hubo audacia que no fuese introducida en aquella reunión de señores, a quienes la gente llamaba aún "anticuarios"[8].

Entre estes "anticuarios" estaban o poeta festivo Arturo Vázquez Núñez e o escéptico abogado do Estado Xulio Alonso Cuevillas, tío de Florentino. Ámbolos dous dispuñan de boas bibliotecas francesas, sobre todo o primeiro, e estaban moi impostos nas derradeiras novedades literarias, que sin duda interesaban xa a aqueles mozos que asistían tamén ás reunións que se celebraban na casa de don Xulio, frente do xardín do Posío, onde se falaría de Valle-Inclán (gran amigo do anfitrión) e de Rubén, pero tamén de Baudelaire, de Verlaine, de Mallarmé...[9].

Nas vacacións andaba entón por Ourense un rapaz moi curioso, a quen Otero frecuentara en Madrid, e que tiña sona de estar imposto en extraños saberes: mitos exipcios, misterio órfico, astroloxía... Era Primitivo Rodríguez San-

---

[7] *Ibidem.*

[8] *Teoría de la tertulia*, s. n., pero Vicente Risco, en *La Región*, Ourense, 2 de abril de 1950.

[9] Sobre Arturo Vázquez Núñez, Vid. Xosé Ramón e Fernández-Oxea: *Arturo Vázquez Núñez e o seu tempo*, Vigo, s. a. Sobre Julio Alonso-Cuevillas, Vid. Ramón Otero Pedrayo o citado artículo sobre Florentino L. Cuevillas no *Boletín da Comisión de Monumentos* de Ourense.

jurjo. Lector fervoroso de Rubén Darío e de Verlaine, de Baudelaire, de Villiers de l'Isle Adam e dos textos wagnerianos ilustrados por Rackan [10], nas súas visitas a Ourense levaba sempre libros de interés, sobre todo edicións francesas do *Mercure*:

> En manos de Vicente Risco, de Florentino Cuevillas, de Primitivo R. Sanjurjo —el poeta de *Las mesetas ideales* siempre traía libros nuevos— un volumen amarillo del *Mercure*, un tomo verde de *Alcán*, significaban una tarde de fuertes rumbos meditativos [11].

Estas lecturas forman parte xa do "sistema de coincidenzas" de que fala Risco e que el mesmo concreta na xa famosa lista de autores que según dito escritor constituíron a mantenza espiritual dos mozos que formaron o seu círculo nos primeiros anos deste século [12]. Por entón leron a Nietzsche: "Todos comenzamos a leerlo en aquellos simpáticos volúmenes, no muy fieles en sus textos, de Maucci y sobre todo de Sampere", confesará Otero [13]. Sabemos que Florentino L. Cuevillas "leyó muy bien los parnasianos —algunos parnasianos— y decadentes franceses" [14], lecturas que habían influir fondamente en Vicente Risco, cuia paixón por Huysmans nos é conocida [15].

Eran lecturas propias da xente culta da época. Non esaxera, pois, Vicente Risco cando di que nelas zugaron os membros da súa xeneración unha boa parte da saiba que iba alimentar o seu espírito durante os anos de formación. Parece, nembargantes, que esaxera en cambio ao conceder unha importancia básica ao que esas lecturas supuxeron na configuración definitiva da personalidade dos homes de *Nós*:

> O noso esprito zugóu desas fontes unha ideoloxía vaga, non ben determiñada, cecáis contraditoria, que entróu en nós fondamente e pra sempre, e pouco e pouco, paseniñamente foi collendo corpo e determiñóu o que habíamos ser, pensar e sintir [16].

Certo que os seus espíritos zugaron nesas fontes, como vimos xa. Pero non tan certo que determinaran o ser, o pensamento e os sentementos de todos eles do xeito que el di. En primeiro lugar, e por poñer un exemplo, Primitivo R. Sanjurjo seguíu unha traxectoria totalmente distinta aos demáis: non ingresóu no galeguismo. E dos que ingresaron, Florentino L. Cuevillas, que sin duda tivo unha personali-

[10] Tomo estes datos do libro inédito de Otero Pedrayo *Memorias do meu vivir*, cuia consulta lla debo á amistade de Paco del Riego.
[11] R. Otero Pedrayo: *Florentino López-Alonso Cuevillas*, cit.
[12] Vicente Risco: *Nós, os inadaptados*, cit., páxs. 46-47.
[13] R. Otero Pedrayo: *Ibidem*.
[14] *Ibidem*.
[15] R. Otero Pedrayo: *A novelística de Vicente Risco*, en *Grial*, núm. 37 (1972).
[16] Vicente Risco: *Ibidem*, páx. 47.

dade moi semellante á do Risco de aquela época ("Entocados nas nosas torres de marfín, ben acochados no himatión dos gregos, no albornoz dos árabes, ou nas túnicas de Oriente, vivimos pensando no que xa pasóu") [17] abandonóu axiña o esteticismo literario para perderse nos matos fondos do estudio da prehistoria galega, ao revés do autor da *Teoría do nazonalismo galego*, cuio ingreso nas "Irmandades da Fala" e no galeguismo non supuxo unha renuncia total á singular personalidade que se labrara á sombra do espiritoalismo postsimbolista. Carballo Calero ten sinalado cómo no intento de Ramón Cabanillas de utilizar a suposta base étnica celta do noso pobo para afirmar a personalidade de Galicia, tivo non pouco que ver Vicente Risco, que chegóu a proxectar unha irmande galeguista calcada sobre o modelo da cabaleiría da Táboa Redonda, proxecto no que máis alá da seriedade con que estivera feito latexan reminiscencias da estética prerrafaelista [18].

O caso de Otero é diferente. Como os seus compañeiros de xeneración, el leu tamén sin duda aos autores citados por Risco, como xa temos visto. Na súa novela *Arredor de sí*, que ten máis de biografía personal que xeneracional (apesares do que di Risco no seu tantas veces citado ensaio), podemos afirmar que está o xoven intelectual Otero cáseque enteiro e verdadeiro baixo o disfraz de Adrián Solovio. Sin entrar agora nunha investigación policiaco-literaria sobre a identidade entre o autor e o seu héroe, non estará de máis recordar unha serie de feitos coincidentes: procedencia fidalga, casa grande na ribeira do Miño ourensán, acción en Madrid (no mesmo Madrid no que estudióu Otero) e nos mesmos ambientes que el frecuentóu (Universidade de San Bernardo, Ateneo). Incluso nun pasaxe da novela cita ao Bibliotecario de aquela institución polo seu nome de pía, Matías, a quen Otero dedicóu un dos artículos do seu *O libro dos amigos*. Unha mostra paralela das páxinas de ámbolos dous libros librarános de ter que demostrar polo miudo o que aquí parece moi claro:

---

[17] Florentino L. Cuevillas: *Dos nosos tempos*, en *Prosas Galegas*, Vigo, 1962, páx. 54.

[18] Ricardo Carballo Calero: *Prólogo* a *Na noite estrelecida*, Universidade de Santiago, 1976. Debo a posibilidade de consultar o manuscrito inédito que contén dito proxecto á xenerosidade de Xosé Lino Vázquez Monjardín. Fragmentos de dito manuscrito pódense ver en *Grial*, núm. 46. Vicente Risco: *Encol do simbolismo do Grial*.

Arredor de sí

Na Bibrioteca (sempre que chegaba despóis dunha tempada longa, entraba nela con emoción), uns ollos francos brilando na faciana barbada pousáronse en Adrián: Matías. Apertáronse forte nos brazos falando baixiño. Sempre é doce falar na bibrioteca do Ateneo. Dinse cousas que non se ocurren nos lugares feitos pra conversare. Matías. Adrián sentía cáxeque ternura por aquil home bó que a forza de sinxelo dá a impresión de encarnare toda a bondade, sinceira, humán, que anda espallada por Madrid. Sempre fumegando; tipo de señor de aldea un moito estrano á cidade. Un pouco guiador e maordomo dos rapaces intelixentes de cuios trunfos alégrase como un tío carnal, ou como o amigo millor da casa. O ideal de Matías: ter unha bibrioteca no medio dunha prantación de tabaco e acarón do millor inxenio do Trópico pra servir aos amigos os millores libros cos millores cigarros [19].

O libro dos amigos

Non houbo quen como meu amigo Matías soupese tanto de libros por o forro. (...) Obras rexas ben alicerzadas, rengues longos e finos de ensayistas e filósofos (...) esmaltaban o esprito bon, sinxelo, de labrego máis ben que de vilego, de Matías... Amigo meu, de moitas xeneracións de afeitos á Biblioteca xenerosa, brilante, caridosa, do Ateneo de Madride. (...) Xuntábanse en Matías as calidás de un bibliógrafo de tona de libros, un amigo gostoso de descobrire segredos aos amigos, un xeneroso proteitor dos mozos e o máis grande e bon fumador que teño conocido. (...) Todos os amigos e leitores do Ateneo regalábanlle tabaco. Il coido que non entraba nun estanco. Da amizade víñalle todo o tabaco. (...) Seu meirande gozo remanecía de levar un libro máxico, talismán das pechadas portas dos programas, a un anguriado opositor [20].

Pois ben, Adrián Solovio tamén leu aos parnasianos, simbolistas e decadentes. Na súa biblioteca hai "moitas ringleiras de libros novos. Uns din *Alcán*, outros *Mercure*" [21]. Entre eles, o inevitable Huysmans ("Unha noite Adrián lembrara unhas páxinas de *A rebours* de Huysmans") [22], de quen Risco di que foi un dos mestres da Xeneración [23]. Nembargantes, o título da famosa novela deste escritor francés sírvelle a Otero pra darnos unha das claves interpretativas da máis xenuína personalidade de Adrián Solovio:

> Home de trinta anos feitos, non pode esquencer grandes sombras do século dazanove. Albres de solpor. Amados. Prolongación da vida ao rivés. Pois din que os pais prolónganse nos fillos. Tamén os fillos viven *a rebours* grandes anacos de hourizontes e pequenas paisaxes do vivir dos pais. Adrián sempre que entraba no tren ou no auto, representábase os viaxes do seu pai. A dilixenza, e todo o longo tempo no que o tren era unha novidade. Carretera de Zamora. As Portillas. As longas

[19] R. Otero Pedrayo: *Arredor de sí*, 2.ª ed., Vigo, 1970, páx. 58.
[20] R. Otero Pedrayo: *O libro dos amigos*, Buenos Aires, 1953, páxinas 101 e ss.
[21] R. Otero Pedrayo: *Arredor de sí*, cit., páx. 23.
[22] *Ibidem*.
[23] Vicente Risco: *Nós, os inadaptados*, cit., páx. 46.

fiadas de presidiarios abrindo o camiño. Noites do vello Fornos. O *pronunciamiento* de Villacampa [24].

Realmente Solovio é un romántico. O seu viaxe por Europa está inzado de opinións que así o acreditan: a crítica constante ao concepto burgués da vida; o desprecio polos productos industriales; a oposición ao centralismo francés, racionalista e xeométrico, e a valoración das rexións ("as grandes rosas non xeométricas") [25] cos seus respectivos escritores: Barrés, de Lorena, Chateaubriand, de Bretaña, Lamartine, do Jura, Mistral, do Midi; o contraste entre os homes da Cultura e os homes da Economía; a xenreira que lle inspira o cosmopolitismo; o desacougo que lle produce sentirse preso na rede das ideas cocktail, "adiquiridas sin esforzo, sentidas sin febre, privadas de espranza" [26]; o menosprecio da cidade: "Tantos arquipiélagos de cidades locen no cerne europeo, que apenas o luar se atreve a atoutiñar nalgunha vidreira de mansarda e a esbarar pola costa de Fichtelgebirge. Hai que chegar ás beiras do mar pra que a lúa teña vida nas vidas dos homes. Na Europa intelixente e mecánica xa foi suprimida" [27].

En fin, este talante romántico queda claro dabondo no párrafo seguinte:

> Adrián dicíalle á marquesa: —"Non caias na cursilería de chamar novidades ás da Rusia bolchevique. ¿Qué atopas de orixinal no século XX? Todo o máis unha apricación en grande volume e velocidade das ideas do século XIX, do estúpido século. Xa vés. O formigueiro ruso rexido polo libro máis século XIX que se podía maxinar: *O capital* de Marx. A Europa aburguesada e socialista apricando os principios do 1830, do 1848. Solo millor técnica. O mesmo fanatismo pola cultura. A ciencia soillo popular e respeitada en canto seña capás de ser apricada á maor comodidade do vivir. Hai hoxe unha cencia superior cuios outos traballos serán sempre un segredo pra as moitedumes cultas e xa non pode faguer ningunha revolución. A Física do XVIII e do XIX traducíase aixiña en saber xeneral, en forma social e política. Seus resultados eran adeprendidos deseguida. Foron populares Lavoissier e Laplace. Eles desterraban á Cosmoloxía folklórica e tamén á Relixiosa. A grande arma da burguesía e do pobo revolucionario, o sentimento común, viña armado de cencia. Hoxe pra entrar na cencia hai que deixar fora o sentido común. Xa dous e dous non son catro, nin as leises da gravitación se compren como regramentos dun Universo superiormente intelixente e orgaizado. O escuro Heráclito volve ser incoscentemente o numen filósofo do noso tempo. Isa nova cencia esotérica somentes pode influir cando goberne no mundo outra repúbrica dun novo Platón" [28].

[24] R. Otero Pedrayo: *Arredor de si*, páxs. 12-13.
[25] *Ibidem*, páx. 134.
[26] *Ibidem*, páx. 151.
[27] *Ibidem*, páxs. 154-155.
[28] *Ibidem*, páxs. 157-159.

A condena do século XX, do positivismo cientifista e da técnica foi unha das constantes do espiritoalismo saído do esteticismo finisecular, e nela coinciden tanto Risco como Otero, anque o primeiro faino desde o romanticismo post-simbolista e o segundo desde o romanticismo pre-simbolista, que debéu ser o clima habitual da formación xuvenil de Otero Pedrayo, como veu moi ben Carballo Calero [29]. Cecáis neste matiz estea a diferencia. Otero parte do Romanticismo e chega á súa fase final: o esteticismo decadentista. Risco, en troques, arrinca deste derradeiro e por el aproxímase ao Romanticismo. Para o primeiro, o Romanticismo é o seu medio espiritual. Para o segundo, un obxeto de estudio: a pescuda das orixens. De ahí que si ámbolos dous participan do mesmo "sistema de coincidenzas", estas sexan somentes eso: simples coincidencias na intersección de dous camiños. O cerne, o duro buxo das súas respectivas personalidades, está feito de materiales diferentes, anque non contrapostos. En todo caso, o carácter lúdico e occidental que tivo para Risco a etapa anterior á súa incorporación ás "Irmandades", foi en Otero crisis dolorosa e íntima que madurecéu no logro da súa entrega definitiva ao servicio da súa cultura e do seu pobo.

CARLOS CASARES
Cangas do Morrazo

[29] R. Carballo Calero: *Ramón, Principe de Aquitania*, en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Vigo, 1958, páx. 28.

OTERO PEDRAYO: UNHA CHAMADA AO COMPROMISO INTEGRAL CON GALICIA

A hora de poñerme a escribir sobre Otero Pedrayo sucédeme algo que nunca antes me sucedera. Don Ramón foi un home a quen tiven a dita de coñecer personalmente e hastra de o tratar un pouquiño. E noustante atópome con que a súa obra me resulta demasiado pouco coñecida. Non por desinterés, sinón ben ao contrario: o expreso propósito de consagrarlle algunha vez un interés detido e sistemático foi adiando o afrontamento concreto.

Agora encóntrome coa petición externa e coa necesidade íntima de escribir, a pesares de todo, algo, como homaxe cordial e indeclinable con ocasión do seu pasamento. (Pasamento é unha verba que lle debía de gustar a don Ramón, gran "creedor" na resurreición, que significa por esencia a morte como tránsito: pasamento).

Si en circunstancias tan precarias e xa sin tempo para apresuradas suplencias, me astrevo a facelo, débese a que me parece que o xeito mesmo da súa persoalidade o permite e posibilita. Otero Pedrayo era de tan pura e integral constitución, que, aplicando o oído en calquer punto do seu ser, en calquer extremo da súa obra, síntese con nitideza a vibración do conxunto: arbre noble e lexible enteiro en cada unha das súas ponlas, terra nutricia que abre a súa fecundidade en cada un dos seus froitos.

Dúas cousas quixera escolmar na outonal fartura da súa colleita, dúas leicións no longo exemplo da súa vida: a vivencia galega da súa fe, e a integral, acolledora, superadora outura do seu galeguismo.

DON RAMÓN: UNHA FE COMPROMETIDA CON GALICIA

Con Otero Pedrayo a preocupación teolóxica non precisa, como por exemplo no caso de Castelao, acudir aos trasfondos para deprender a leición que para ela supón a exemplaridade da vida. Nel a vivencia relixiosa é expresa e toma decote a palabra. Non tanto na reflexión pescudante como no xeito da presencia natural e espontánea, igual que a do campanario na paisaxe, ou no xeito da evocación lírica, da suxerencia dramática, da dinámica histórica.

Foi pena que o seu tempo non descubrira aínda, entre nós, que a vocación teolóxica non precisa distinguir entre clérigos

e leigos. Hai temas, como o da inmortalidade e resurreición —de tan fondas e diversas raíces na nosa terra; de tan viva presencia na súa obra e no seu espírito—, o da relixiosidade popular —tan estudada hoxe e para a que el mostróu sempre tan empática comprensión—, o da influencia histórica do Cristianismo —¡as intuicións do seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega,* e Chateaubriand nas súas mans de moribundo!—, entre outros, que hoxe contarían en Galicia cun feixe de perspectivas e cunhas posibilidades de desenrolo das que somente a súa vasta cultura e a súa fonda cordialidade poden insinuar unha idea. (Repase o leitor en *Parladoiro,* p. 75-76, o articuliño *A terra prometida,* para experimentar a longa resoancia bíblica, o xusto enganche cultural —coa precisa alusión a Hegel—, a apaixoada sintonía coa nación galega: comprenderá moi ben o que tencionamos decir).

Que non fora teolóxica en senso máis ou menos estricto non siñifica, nembargante, que a súa fe fora inxenua, algo así como un residuo primitivo ou infantil nunha vida madura. Tal suposición resultaría francamente insultante para a súa honesta, rexa e coherente personalidade. E sería ademáis, ela sí, moi inxenua, ao non decatarse de que esa fe debéu atravesar pola longa lagarada, pola proteica tentación dunha cultura nada común. Abonda con pensar nas amplísimas leituras, na insaciable curiosidade deste engulipador de libros, e ter en conta o "clinamen", certamente alleo á fe e as máis das veces francamente contrario a ela, dese mundo que tan intensamente habitóu, para comprender que non quedaba lugar para a inxenuidade. Por desgracia, carezo de datos biográficos ao respecto; pero resulta evidente que a fe que entróu fresca e sinxela polo extremo infantil da súa adolescencia tivo que saír moi fervida e depurada polo outro extremo da súa madureza, como a boa augardente a traveso do alambique —ese casi sobrenatural instrumento, que a el tanto lle gustaba.

Sería interesante —e aquí haberá, con seguridade, datos e conversas— examinar a tonalidade vital da súa fe: cómo puido o seu obvio vitalismo, ás veces confesadamente rabelesián, superar o falso platonismo da corrente traducción ascética do cristianismo, combinándose noustante co seu costante e saudoso senso da malenconía. Pero sospeito que entrar por estes eidos, sin amarrarse ben nos datos e nos feitos, sería moi exposto a perderse nun sarillo de vagas suposicións.

Por outra banda, o que máis nos interesa é a vertente práctica da súa fe. Tamén aquí foi lástima que o tempo de Otero Pedrayo non contase aínda con prantexamentos explícitos da fasquía dos que hoxe ofrecen a teoloxía política, a teoloxía da esperanza ou a teoloxía da liberación. O problema crucial —crucial por crucificado e crucial por punto de diverxencia de tantos camiños— da relación comprometida entre a fe e

Galicia contaría hoxe seguramente con moi específicas intuicións teóricas.

Por sorte aquí contamos coa leición elocuente da vida. O Vaticán II salientóu inesquenciblemente unha aportación, con fonda raiceira bíblica, da teoloxía máis recente: que a revelación non é asunto meramente teórico, sinón historia que acontece a traveso de feitos e palabras: as palabras aclaran o senso dos feitos, éstes confiren densidade ás palabras. A vida de don Ramón foi o gran feito que deu solidez e outorgóu credibilidade á palabra da fe para Galicia.

Non tivo nada de pequena aventura e sí moito de leición suprema o ter mantido acesa, a traveso dun tempo doorosamente menesteroso, a doble fidelidade á fe e a Galicia. O desexo por tres veces reiterado antes da súa morte de ser enterrado con hábito franciscán e envolto na bandeira de Galicia, encerraba un simbolismo carregado coas augas máis fontaes dunha existencia.

Nesas augas puido certamente ter naufragado a carosa síntese desta doble fidelidade. Pois, si por culpa dunha historia retorta, non sempre foi doada, houbo un intre no que parecéu imposible: a guerra civil. A cultura, decíamos, fixo pasar a fe de Otero Pedrayo por unha lagarada; a guerra fíxoa pasar polo inferno.

Ao principio aínda non estoupara a contradicción: a Bóveda aínda lle foi posible —conmovedora e tráxicamente posible— morrer en paz como galego cristián, como cristián galego. Despóis foi a traxedia.

Unha postura da igrexa oficial, tan explicable a certo nivel como en definitiva inxustificable, abríu un abismo entre a profesión deses dous tíduos, que, de xeito casi fatal, tenderon a refuxiarse en trincheiras contrarias. A fidelidade a Galicia pensóu en moitos que debía traducirse polo abandono da fe. A fidelidade á fe traducíuse noutros por unha deserción da causa galega ou, no millor dos casos, por un silencio que puido ir desde a complicidade encuberta hasta a resignación anguriada.

A don Ramón foille, de seguro, precisa toda a súa ancha humanidade, toda a súa humilde e rexa fidelidade para abranguer as dúas paredes do abismo. Non foi, claro está, o único. Pero sí foi a máis ampla e visible ponte que mantivo —¡con qué segreda dignidade, con qué outo respeto!— o tránsito entre dúas orelas que ameazaban ficar para sempre divorciadas.

E non se pense que esa ponte perdéu xa a súa función. Sin dúbida o panorama foise clarexando un pouco e o abismo resulta máis doadamente salvable. Pero resta aínda moito equívoco nos prantexamentos e fican soterradas moitas desconfianzas. A fe ten por diante un longo camiño de explicitación, purificación e potenciación da súa dimensión política; no no-

so caso, da súa dimensión galega. A política precisa romper certas estreiteces, superar non poucas rutinas, para reconocerlle á fe —independentemente, por suposto, da súa profesión ou refugamento— un posto ao sol na construcción da patria común.

Sería inxusto pasar por alto que se leva xa moito andado en ambas direicións. Pero tampouco é cousa de dormirse confiados no ritmo espontáneo do proceso. Dous puntos requiren, ao meu parecer, particular atención: a ampliación da base de achegamento, que non pode ficar acurrado en pequenas minorías dialogantes, mentras as posicións da retaguarda siguen inertes nun pitoño e desconfiado distanciamento; en segundo lugar, compre un diálogo non confiado únicamente ao sentimento nin siquera á amistade, sinón rigurosamente contrastado na luz da teoría e no lume da praxis.

DON RAMÓN: O SUPRAPARTIDISMO OPERANTE

Este aspecto préstase a moitos equívocos. O tema resulta en sí mesmo dificultoso, e as expresións non sempre atopan o xusto camiño: nin de saída —manifestar con precisión o que o "emisor" quer decir—, nin de entrada —atopar no "receptor" a fiel e exacta acollida—. Para empezar, non virán mal dúas frases collidas ao vóo nas leituras destes días.

> "Agora teimamos falar do maxistrio beneficioso dos homes que, sin bulir moito polo mundo, impoñen a súa forma espiritual. Pola pureza do seu vivir, pola forza da súa palabra na conversa, polo coñecemento que teñen das almas, eles, no caso particular da Galiza, traballan tanto ou máis que os libros e as revistas. Guían a opinión sin querelo."

> "...diremos que é unha especie de divina loucura esa de, por amor, ser incapaz de ver a maldade que se lle mete a un polos ollos. E nunca máis necesario que agora, nestes prudentes tempos que somente teñen ollos para ver o malo, o que se emprenda unha campaña para ensinar o eloxio desta loucura. Tanto máis canto que no noso tempo pasa por un tolo de amarrar o que, por ser amoroso, reverte na comprensión do ben e non quer ter entendedeiras para o mal."

A primeira é do mesmo Oero Pedrayo (*A exemplaridade dos poucos*, en *Parladoiro*, p. 83): está feita, evidentemente, para outros, pero volve con toda naturalidade, como un boomerang saudoso, a pousarse aos pés do seu dono. A segunda, de S. Kierkegaard (*Kjerlighedens Gjerninger*, trad. cast. *Las obras del amor* II, Madrid 1965, p. 134-135) e trai inmediatamente á lembranza a ancha bonhomía de don Ramón, a súa

capacidade de comprensión, o seu talante positivo e vencellador.

Máis ou menos, dentro da "áura" irradiada por estas citas, debe de andar o segredo desa súa extraña capacidade para concitar adhesións que parecían incompatibles e crear unha unanimidade de recoñecimento xa cásique impensable.

Poucos, coido eu, se negarán a ademitir o proveito, máis aínda a necesidade e urxencia deste tipo de presencias nun intre tan dividido e tan divisor como o noso. Diría máis: nunha terra aínda tan íntimamente desartellada como a galega, tan en camiño aínda da comunidade á sociedade, tan tocada polo que pudiéramos chamar unha "anomía sustancial...", non temos dereito a perder unha sílaba desta leición. Unha leición outa e difícil, sin dúbida moito máis dura —cando practicada con consecuencia e pureza— do que algúns puideran pensar.

Tan importante, que nin siquera pode deixarse confiada en exclusiva á xenerosa ou xenial suxeitividade duns poucos. Compre obxetivala: debe pensarse na necesidade de espacios e instancias sociáis nos que esta "unión por arriba" sexa posible, recoñecida e practicada. Taes poden ser o arte, a filosofía, a cultura, a relixión. Tomadas, desde logo, como o que son na súa esencia viva: estruturacións activas, destinadas a todos por tocaren as capas máis radicáis do home, previas aínda, poñamos por caso, a toda opción de partido, que é sempre máis inmediatamente práxica e, polo mesmo, está necesariamente diferenciada en estratexias e dividida en centros de poder.

Esto de ningunha maneira siñifica abogar por un interpartidismo ecléctico que queira xogar frívolamente con todos sin ir con ninguén. Nin defender a existencia de instancias moles e amorfas, nas que a previedade a determinados compromisos concretos se traduza sin máis —egoísta e cobardemente— por mero descompromiso. Por eso non falamos de neutralidade, sinón de *previedade*. A previedade é dinámica e está orientada: non marca un solo camiño, pero sí unha direición. Puidéramos concebila como un gran emisor, que abre o cono de ondas do verdadeiramente humán. O cono é amplo: dentro del caben moitos e diferentes mensaxes; pero é tamén rigoroso: saírse del siñifica caer na inhumanidade —na neutra e pasiva do cómplice ou na activa e despiadada do explotador.

Non se trata, pois, de instancias alleas ao compromiso —unha cultura que adormeza, un arte que "distraia", unha igrexa que se venda, non merecen respeto nin teñen dereito á existencia—, sinón únicamente comprometidas doutra maneira. Maneira que deberá estar dialécticamente vencellada cos compromisos máis concretos, para non ficar valeira; pero que non debe confundirse con eles, para non perder a súa función.

Ou, millor, as súas funcións. Non xa somente as súas funcións específicas: ¿quén, si non, se vai ocupar das profundas e amplísimas zonas —en realidade as máis decisivas do home e para as que as demáis son, en definitiva, instrumentos— ás que os partidos, ocupados primordialmente pola conquista do poder, non poden prestar atención? A mesma dinámica dos partidos precisa tamén daquelas instancias.

Elas, nefecto, constitúen puntos de encontro e diálogo, ofrecendo unha oportunidade imprescindible: a de revisar continuamente que o partido non caia no partidismo, a de manter viva e operante a conciencia da unidade de fondo, a evidencia da tarefa común. Precísanse homes e instancias que polo modo do seu compromiso e pola universalidade obxetiva do seu traballo, fagan presente dalgún xeito a unidade viva de Galicia, para que nunha especie de *feed-back* permanente se renove sin intermisión a unidade do propósito na pluralidade dos partidos.

Habería, de certo, moitas precisións que facer en materia tan esbaradiza e complicada. Non é este o lugar. Compre, noustante, salientar unha cousa: si se ten en conta a riqueza e profundidade do *humanum,* difícilmente se poderá ver no que vimos de decir unha reducción —moito menos unha descalificación— da importancia do estrictamente político. Ao contrario, unha concepción verdadeiramente dialéctica decataráse de que esa é a única maneira de salvagardalo de verdade: asignándolle o seu lugar xusto, abríndolle a posibilidade de contraste como continua chamada a superar autocríticamente o perigo de unilateralidade, creando unha especie de "reserva de senso" a partir do cal poder reorientar continuamente as metas globáis, os propósitos últimos e incluso as estratexias penúltimas. E ao revés: somente o contacto estreito, a colaboración unívoca coa concreteza do compromiso partidario e a orientación decidida cara a el poderán salvar a aquelas instancias xeráis de caeren na abstracción logomáquica ou na trapela ideolóxica.

Pero voltemos, si acaso, a don Ramón, para que a presencia da súa figura lastre de realidade o noso discurso (e hastra para superar dalgún xeito a mala conciencia de convertilo nun pretexto para un tema). En conxunto, a súa vida e a súa obra producen, como queda dito, unha impresión globalizante e abranguedora. Pero en modo algún desconectada e descomprometida con Galicia. Ao contrario, amósanse nunha simbiose casi vexetal con ela, e, desde logo, somente concebibles ao seu servicio; diríamos máis: como punxente chamada cara a el. De xeito que non resultaría ousado afirmar que a comprometida identificación co destino global de Galicia constitúe o único lugar hermenéutico capaz a abrir a comprensión da

obra pedraiana. A certeira e cordial intuición de Castelao —"abrazarte a tí é abrazar a Galicia"— funciona tamén na outra direición: abrazar a Galicia é o único xeito de abrazar ao real e verdadeiro Otero Pedrayo. O demáis sería abrazar unha pantasma.

Por si esto puidera parecer aínda moi xeral, a súa vida encarregóuse de amarralo máis inequívocamente ao real concreto. Cando as circunstancias llo pediron, el soupo someterse honestamente á disciplina dun partido e asumir tarefas moi concretas que probablemente non cadraban demasiado co seu talante, porque comprendía que por alí pasaba entón o interés obxetivo de Galicia. Sería suxestivo analizar a esta luz o episodio da escisión da Dereita Galeguista: no complicado xogo de fidelidades que alí se misturaban foi posiblemente a dispoñibilidade total para ese interés, a que dirixíu certeiramente unha eleición que para el non podía resultar fácil.

En todo caso, é certo que esa fidelidade foi para o home Otero Pedrayo biografía concreta, ampla e rexamente vivida, que o liberóu do escéptico, estéril e desesperanzado xirar "arredor de sí", para abrirlle un horizonte ateigado de senso e de esperanza. Para nós é xa *historia*. Historia extrañamente unánime, extrañamente elevada á categoría de exemplar, e, como tal, constituída en chamada que se ergue sobor das opcións particulares, para acenderlles no mesmo cerne o pulo irrenunciable cara á universalidade concreta de Galicia e cara ao compromiso fraterno na aínda longa tarefa común.

"Deus fratresque Galleciae" non pode ser xa "symbolom" (= santo e seña) unánime do compromiso por unha Galicia auténtica. E non pode selo afortunadamente, porque esa imposible unanimidade nace da riqueza da nova conciencia, da pluralidade das novas forzas, da potencialidade múltiplemente aberta da nova situación histórica. Pero cando esa frase se ve encarnada nunha profesión tan auténtica e integral como a vida de don Ramón, podemos comprender que non fica sin máis abolida: simplemente debe funcionar a outro nivel, o nivel da unidade profunda do senso, onde zuga a súa orientación última a plural floración das forzas históricas que loitan por un novo destino para o pobo galego.

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA
Santiago

Recóllense nesta Escolma do número-homenaxe que Grial *lle adica a don Ramón Otero Pedrayo, os seguintes textos inéditos do gran escritor ourensán: Un anaco das súas Memorias, que el tiduóu "Lembranzas do meu vivir"; unhas composicións poéticas, de antre as varias que deixóu manuscritas; e unha mostra representativa do abondosísimo epistolario que dirixíu aos seus amigos.*

LEMBRANZAS DO MEU VIVIR

Polos días 25 e 26 de maio do 1904 o laio baixo e o silencio de abafos do meu pai, sinalaban o remate da loita. Con simpatía e piedade díronme as notas nas cátedras, pero non puiden acudir á de Ética. O 27 outro lume choutaba na voce do meu pai. Cumpríase un mes de vixilia da miña nai. Sóio con ela o doente compracíase e agradecía. Había un barbeiro chamado Xoán de Lou ou Delou moi da fatutinada de xente miuda e algareira de arredor do meu pai. Entróu na casa por mandado dos médicos pra cumprir non sei si algunha angueira de lanceta ou ventosas. Primeiro alporizóuse meu pai. Deseguida debruzóuse nun medo que rachaba o corazón nun home do xenio e esprito do meu pai. Un medo de antigo Hospidal e cruel ciruxía.

Despóis, na doorida e escura cambra lociron unhas raiolas de sol nas palabras do doente. Voltábase compañeiro e estudante ao me decir, colléndome as mans, que fora a rematar os exames.

Camiñéi sobre as 11 da mañán do 28. O Instituto valeiro, meirande, semellaba estrano. Alonxábame como os animáis femias alonxan os fillos criados. Descoñecía o silencio canso, adeministrativo, dos craustros. Envellecían as cartelas das aulas. Nunha, triste e lixada, do primeiro craustro, ao fondo, agardábame o profesor de "Ética y Rudimentos de Derecho", don Siro Arenas. Coñecéu na miña branca frente a candura espida da orfandade, e aquel home túzaro e enxoito tendéndome ca man tremante a nota non rompía a falar coa emoción.

Andaba, bulía, calaba moita xente pola casa. Tiña baixado de Trasalba a miña aboa. Eu chamáballe "mamá Vicenta" e "mamá

Tenta". Non entendía o rumbo das cousas. Cravuñando os dedos, murchos garabullos, pedía a Deus que o levara. Non entendéu, non díu creto á morte do seu fillo. Era un pesadelo ou unha tramoia. Quezáis non a entendéu nunca. Demorábase en chegar, na caza cos amigos, visitando aos enfermos. E nada máis. Había xente, demasiada xente, tupía a casa. Entraba eu e saía da cambra do doente. Domeado, vencido, estaba no leito. Ao remate folgaba. Era o folgo e descanso da morte. O sillón valeiro coa manta engurrada, onde semás enteiras tiña oufegado, o busto tendido adiante, ou deitado na ilusión de folgo pra espertar a nova anguria, semellaba máis triste. Díume unha friaxe sin cura. Escurecía a faciana do meu pai. Sobre as seis do serán do día raiolante de arredor da casa pechada, o día que chamaba cruel e indiferente pola miña mocedade de dezaséis anos, outra crueldade e indiferencia, tivo o seu pasamento deste mundo. Enrique Otero, fidalgo e ledo esprito pexado nas que moitos chaman pequenas cousas, que el facía grandes quentándoas co seu lume.

Nono vin deica a noite, xa no chán co hábito de San Francisco, amuchadiño, outro, unha probe carne sofridora, sóio un refrexo de luz na frente e un brancor de lirios mortos, de luar en probes laxes de vieiro paisano, nas mans afeitas a esparexer o ben nun mundo espiñento e cruel. Foran lus no escuro fume labrego dunha Galicia vella, sin tempo. Lociran no maxinar paisano, como alba piedosa pra o enfermo, moitas anadas.

No chán, dereito á fiestra, envolveito no cheiro do ácido fénico. A mesma cambra miña de solteiro, de matrimoño, onde estiven sobre os cincoenta e sete a ramo de morte, onde durmo e agardo. Aínda vexo, ás veces, o mortiño xiado, e nalgún recanto aínda non acabóu o cheiro de ácido fénico.

A xente, os amigos, o facérese o neno home, co pano negro ao colo, os folios no portal co plebiscito das firmas. O día do enterro chovía ledamente. Enchéuse a rúa de xente de Trasalba. Quezáis teña albiscado polos cristáis os mouros pendóns do enterro. Sentín o bruídar calado, coidadoso, dos pés da comitiva. Miña nai saloucaba sin folgo no pequeno leito da alcoba de estudante do despacho.

E deseguida a marea crecedeira do silencio e a soedade. Así envolven as foulas ás illas ca súa gracia e engado. Éramos tres orfos. Na praia do mundo tres doentes de lembranza e desamparo. Botaba as mans a aboíña pra adiante, procurando os balustres das solainas raiosas do seu tempo. O seu calar ou o seu decir verbas xa non adoitadas das sazóns dos liños e dos barudos maorazgos riseiros, non denotaban conformidade, máis ben unha defensa descontra unha novedade deslumeante, que cegaba os ollos e esmoía as cousas millor alicerzadas. Enxaináis coidóu ser de certo a morte do fillo. El, co seu ledo falar, seus cansacios e mimos, fora de camiño, ou aínda se demoraría na caza por serras longas onde as charrelas rebulen nas touticeiras, como os cativiños na escola e os tiros ecoando nas penedías avencéllanse en ramos de son. Ou tiña madrugado con estrelas nos ourizos do souto, pra sandar á doniña do pazo

envolveito na mesta carballeira das risadas e dos medos, e había voltar contando de qué xeito tiña afuxentado a Mortes, e a doniña ficaba de novo unha doa e correspondíalle cun sorrir e un anel onde na pedra locía, como nun ceo, o setestrelo das cidades galegas. E se non esquecía o Enriquiño seu da nai que tanto o agasallara nos seráns de oco chover en panza de cuba da Verqueira e levábao de naipelo a apañar as primeiras claudias na Puntiña. Inda se demoraría. Era moi dado coa xente. E toleaban polo agardar ao chiculate e o tresillo os abades de sobrecello apendellado e corazón de estudantes, as taberneiras Sabeles segundas baixo dosel ou ceo de pernís rexoubando dos fidalgotes escanabouzados de camiño e presumindo de dentes de granicio e mans mimosas. Ou pousaba cos Guerra, en Chantada, matinando raparlle nas eleucións os votos ao amigo do xefe político, ou con Oxea en Cortegada ventaba, rebulía no arcaz de lembranzas de estudante. El voltaría. Xa dooriido. Cos cabelos cañosos como as mañás de outono no ermo. E había de compracer á súa nai levándoa aos lugares máis amados, os escolleitos polas raiolas do maxinar neno: a praza de Lugo cos seus albres, escenario de finas etiquetas, a serra Martiñá, de lonxe roufeña, doce e gandideira na súa aba, niño quente dos pombos, e máis a Ribadavia celmosa, e as aldeas todo o ano ulentes ás rosas do tostado.

Ela lonxe, navío apreixado en dunas mortas. Miña nai nas pousas do sofrir de entranas arrincadas, de ponla maestra da vida esgazada cos tenros zumes ao friaxe, trubábase diante o problema dun capital de terras e rendas, un mundo labrego inzado de usos e malicias, traballos madrugueiros e loita co encorada ou estralante picardía e raposeiría paisana. Tiña ben logo de representar o papel de ama, ao tempo falangueira e señora, sempre moi sobre sí pois mil fíos de arañeira se tecían arredor das nabeiras, dos froitos a cada sazón cumpridos. Había de cavilar nas decotas ao seu tempo das carballeiras, nos cadabullos e roleiros dos eidos a caseiro sempre medrados a mantenta, nas labouras custosas das viñas, consumición dos cartos, nugalla dos xornaleiros si non vixía o amo, nas miudas cousas como as cebolas ben enristradas pra a matanza e a cata das malas herbas, e nas grandes cousas dende a cobranza das rendas do pan, nas parroquias porfiosas dos chaos, e na resaca e venda do viño entre rallanterías de corredores, abusos de arrieiros bébedos como cotras, e medo de ser micados os cartos.

O mundo enteirado e fechado, o briladoiro illamento do noso ben de Trasalba e a súa economía madurecida en séculos e priguizas, recramaba unha vontade. Como nos Austrias, o pior nemigo das casas fidalgas de vello raíz doutro tempo foi o maordomo, encargado ou cachicán. Este termo derradeiro siñificaba millor o home ao frente dunha cras ou ramo de angueiras como os montes e o gando, ou as viñas. Miña nai tivo medo. Sentíu rolar arredor un mundo estraño. Había de sostelo no seu vieiro, non deixar que a xugada gurrase, que o suco se brandeara. Foi un medo curto. Unha forza mantívoa xa dende aquel vran: o amor. Gobernando ben a

herencia do fillo, cumpría o vodo e o mandado do esposo e fortecía o porvir do fillo soio. Despóis dē cada disposición —de carreto, seitura do pan, entoxa ben feito das viñas, arranxo de paredes, decotas, procurar de criados ou xornaleiros— miña nai pechando os ollos, coutando as bágoas, recibía o parabén do esposo. —"Así haría mi Enrique"— era a fórmula do seu sistema e o seu soio merecemento. Conforme o vivir da aldea do 1904 se embrulla co da resoante coas cabalgadas dos feudales, máis nidio enxergo na profisión e voto da miña nai, espello e escola de donas fidalgas gobernadoras de vellos e entrambilicados patrimoños.

Foi do mes de Santiago a determinación, xa nunca máis desmentida. Os nosos salaios naceron novos ao entrar polo portón da casa. Pousaban as lembranzas, abandoadas, cos cabelos de ouro ao sol do serán. As cousas tiñan a forma dada por meu pai. Cheguéi a pensar si o rodopío de Trasalba fora unha composición do meu pai, co seu morrer ben logo mainamente desfeita como si os istrumentos dunha grande e maravillosa orquesta seguiran executando despoixa de se deter pra sempre o esprito e a man de Kappelmeister. E non era sentimento trabucado. Inda nestora, xa ben avantado o meio século da súa morte, os carreiros do pomar, a ordeación case estrófica dalgunhas composicións de alboredos, o senso e estilo das leiras que el amaba —que el soupo ceibar do ermo— e o benfeito dunha forma de seu, gardan o esprito do meu pai. Fica na frolesta inzada de novo a idea e esquema do xardín. Ningún vento nin lume pode esparexer sin abourar enteiramente a roseira chantada polo puro amor.

Con nosco estaba a Sofía, a criada exemplar, miuda, doente, e por dous ou tres meses a Xusta de Rouzós, a costureira das mans sin folgo e a língua sempre raxada de metáforas campesiñas e unha feitura de imaxes realistas, nada e remanecida, ou polo menos fortecida, no acedume dun destino acollido e aturado con singular valentía e sinxeleza. Non teño sentido en muller, língua galega de semellante enneboeirada ou lumiosa lonxanía no lembrar. No seu alento tremaban, a traveso de bágoas ou risadas, paisaxes e rexoubas de caracterización das xentes a augaforte. Náda nos chaos enxoitos de Amoeiro, recriada na ribeira de videiras e prontos agromares, tivo namoros e paixón, dita e desengano na terra padroesa de celme falar, e dela sabía infindas historias de fidalgos, taboleiros de lenzos, marchantes e cregos de curtesías santiaguesas.

O Mariano de Monteasnal, o cachicán das cabas e arxonas de Santa Cruz, dixo non seguir dispoñendo. Algúns caseiros á sornamorna trocaban en comareiros o cerne das boas leiras. Deixaba a xente pisar o seu gando nos montes da casa nosa. Cavilaban cangar o esprito dunha viuda, doorida, señoriteira e xoven. Miña nai decatóuse, animada polo esprito do seu pai, bó e rexo letrado xusticieiro. Tiña de levar cada ano o bon porto aquela escadra de nabeiras e toxales, rendas, soutos e viñas. Foi a bó precio de bágoas. Sóupose impoñer polo bó coñecimento das angueiras e os valores. Ben logo decatáronse caseiros, cachicáns, xornaleiros e marchantes

Membros do Consello de "Galaxia" e do Patronato da Fundación Penzol durante unha reunión en Vigo dos conselleiros de ambos orgaísmos, baixo a presidencia de Otero Pedrayo

No pazo de Cima de Vila, en Trasalba, un grupo de escritores e amigos que visitaron a Don Ramón o día 8 de xunio do 1958

O escritor ourensán, con Ramón Cabanillas e varios amigos na casa santiaguesa de García-Sabell

Festa do Catedrático Xubilado, celebrada na Universidade de Santiago o 23 de Nadal do 1967. En primeiro termo Otero Pedrayo e o Dr. Echeverri, coas súas donas

non ser doado encaletrar a unha dona que enxergaba dereito ás intencións, e atinaba como un cabezaleiro na rapa de un ferrado pola medida de Ávila ou a de Maside, como un petrucio calcado as gueipas de millo dunha morea de espigas escasuladas, e con tino de bodegueiro o rendemento en viña dunha tina de uvas ou dun montón de bagazo en augardente. Era pra ela unha figura de señorío. Na ara do seu adicado amor de esposa ofrecía os froitos e os aforros. Ben logo navegaba a casa por millores canales. Ela chantóu, a primeira, as vides americás na viña grande de Santa Cruz, a terra calcada onde a estrada fai a encosta e trócase o paso dos machos, o andar dos cabalos, a velocidade dos autos. Paisanos vedraios, homes de chaqueta aveludada e moita e calcada parla chegaban a nos falar, a miña nai e a mín, de arrendos de terras, de compras e arranxos disimulando as gadoupas en gabanzas e agradecimentos á memoria do meu pai.

Ben logo deberon petar noutros chamadoiros.

Pouco canséi os libros. Choutaba da *Nosa Señora de París*, debullada no outeiral da Seara antre súpetos encendimentos de amor a meu pai moi amante daquel alboredo de estampa romántica, aos *Enigmas do universo* de Haeckel, ou á letra de soante e mesurado castelán de trigo na eira da historia de Mariana, en cereal edición que fora dos bernaldos de Oseira e gardaba notas e firmas deles. Sofría considerando nas raxeiras o levián da tona da terra labrega, mallada, tripada, causa de paridura. O mundo decorría estrano e malino. Cavilaba no fermoso xiro dun vivir enérxico. Semellaban demandalo antigos númenes: o meu maorazgo, a tradición da casa, a miña sona de bon estudante. Eu gardaba moitas ducias de onzas de ouro soantes do millor optimismo, e iñorábaas gandido pola frolación cansa, xentil e saudosa dunha sensibilidade temerosa, dunha orgulleza e reserva diante da acción. Foi pena o non contare daquela cunha severa "overtura" filosófica. Houbera sido dabondo un capíduo de Hegel, quezáis algúns tractos de Goethe. O ár das cumes do pensamento non bulía no amestado saber histórico e literario no que aínda Lista impuña respeto e as migracións dos pobos dende o berce de mil augas do Pamir.

A miña labra frouxa, mol, iñoraba a entrana do meu ser. Os paxaros coidaban, peteirando entre as curtizas, ser dono da saiva do albre. Ningunha propedéutica sabía ben, nin a gramática nin a xeometría. Fallábanme as ferramentas do trivium, e o seu cantar de mañán semellábame canso. Cheguéi ao convencimento de non ser dono endexamáis das chaves do verbo latino, e dábame envexa leendo en Louis Fiquier mocidades de grandes doutores como de nenos manexaban os *elementos* de Euclides. Dubidaba na escolleita de Facultade. Pois por riba do sentido xeográfico da tona da terra inzada de pasión, xenio e door, chamábanme o coallado locir dos mineráis, o misterio de orixens dos mundos verdecentes, griseiros e dourados dos ouricelos e os liquens das parés, as mil línguas das froles. Coidaba a Física por demáis conceitual, e como todos os mociños da miña promoción ourensá era moi flebe nas matemáti-

cas. Sofría de vellas feridas no deseio de manexar a linguaxe da cristalografía. Daquela comencéi un herbario, e coa axuda dos Manuales Soler impúxenme un pouco na mineraloxía.

Fun sin quentura nin ilusión aos exames de grado de bachiler. Éramos poucos. Eran precisas daquela tres probas en cada un dos grandes e mal dispostos hemisferios de Letras e Ciencias. Saíu ben, pola bondade dalgún ánxelo quezáis pascalizante —percorría entón con respeto a vida de Pascal— nos circos e leis da esfera e do cono, fun bogando polas Syrtes do verbo, estiven feito unha águia nos mapas, un Thierry no medioevo, e don Marcelo aprobóu con versos da "Profecía del Tajo" o meu escrito da "pérdida de España". No setembro colondreaba un calor baixo, priguiceiro, incirrante. Rubían moles cantigas, cheiro de cabeleiras de muller dos bairros da Trinidade e das Burgas. Como me diron sobresaliente en entrambas seccións, houber sido hastra desamor non aspirar ao Premio que levaba o galardón do tíduo de valde. E aló fun, eu soio. Non se dira facía tres cursos. O derradeiro fóralle otorgado a Xosé María Casaus Samaniego, do que xa teño falado nestes recordos. Aquela "acta" foi lída no tribunal ou xurado do meu exame enteirado por todos os cadeiráticos de Letras onde eu opositaba. Cada ún fixo nun papeliño o seu tema na Direición, a onde fun chamado. Nacíame o sol na faciana co asunto de cada un dos que foron propoñendo —"El siglo de oro del teatro español", "Penínsulas del sur de Europa y del sur de Asia y su comparación", "El verbo latino", "España bajo Carlos V", unha cousa de francés non sei cál— menos co derradeiro copiado por don Siro do enxoito libro de texto dun cadeirático de Logroño —era de alí e sempre puña o texto vixente na Rioja—, azorrado e perigoso, feo e iñorado por mín: "Argumentaciones silogísticas y no silogísticas". E foi o que saíu, a endiañada e engurrada papeleta do bombo ben maquiadas polas mans respeitosas do conserxe don Antonio Pereira Mosquera. Eran as dez da mañán. Debía estar pechado deica as seis da tarde. Fiquéi baixo a férula do conserxe, o ilustre "Nolas", e do seu edecán o señor Afrixido —era o seu nome, non sei o seu apelido; era de Melón— pechado na aula de Agricultura onde tamén daba algunhas crases don Marcelo, a primeira á esquerda pola banda do sur, pequeneira e leda, chea da gracia e os chamamentos do Xardín... Dixo don Salvador unha fábula, don Marcelo compuxo algo grave e souril lembrando os seus tempos, doéuse don Eduardo cun ollar de me non ter saído o tema de xeografía, sabendo eu o capíduo de Reclus sobre as penillas meridionáis, ou o de literatura...

Fiquéi cas áas crebadas diante do branco e infindo deserto do papel. Case choréi. Tremaba a pluma. Calcábase o silencio. E co silencio as brancas parés. As cousas sin fala, as parés e as portas tiveron compasión do neno que tanto quixera aqueles craustros e chegara sempre con emoción a aquelas portas fechadas no silencioso edificio. A carón, sóio de porta a porta, estaban ben arringleirados os volumes da libreiría do Claustro. Tiña estudado nela moitas veces. Estaba vendo cómo o condenado a fírgoa por onde lle

chegue a lima, un libriño pequeno, mal fateado de dómine escolástico, nunca por mín folleado, e daquela cheo pra mín de agasallo. ¿Cómo foi? No silencio das doce é natural que un home bote unha sonata, ou deixe a vixilancia pra saír a tomar un vaso no Vilar ou na praza da Leña. Eu tiña sona de bó rapaz. Se non lle pode negar unha chave. O certo é que cando a Sofía, sobre a unha, chegóu ca cesta do xantar, as boas servilletas dispostas pola miña nai —mátino que a omelette de patacas, a carne en poliedros mechada, as croquetas de peituga ou de xamón, o queixo, o membrillo, as uvas de náparo— xa estaba feito o esquema e devolto ao seu durmir o bon Polo y Peyrolón, o bon e sinxelo tradicionalista de Albarracín —ou de Segorbe—, arranxador do textos moi limpos e sin quebra da Lóxica, e varón, como soupen despóis, ben imposto nos métodos de apañar a canción popular, e cravuñar como boíñas os refráns voandeiros.

Díronme o premio, con moitas noraboas, rubimos á vendima, profeséi con outra frente xa magoada, nos camiños renxentes de follas muchas, nas áas latexantes de calados ventos do inverno de Trasalba. As súas lembranzas sazoneiras misturándose coas de outras moitas e longas anadas treman e alentan os lonxes, no horizonte do esprito como as achegadas bocarribeiras e as serras dispostas en ordes lonxanos nos días de neboeiras vagas e chuvias ventureiras. De denantes, de neniño, remanece a miña profesión na Régoa Sazoeira e no rendíreme as agromadas co ledo e forte desenrolo da vida, as maneiras de desvelamento da esfera e da luz, as gandideiras fantasías do outono. As sazóns, particularmente pra mín, cinguidas ao circo da paisaxe de Trasalba xogan co seu tempo cósmico nas pousas, nos magoados continentes á deriva do meu tempo psicolóxico. En todos os homes xoga. Pro en mín ten unha valencia máis fonda, máis agasalleira, feita pouco a pouco polo deitar da luz da esfera no meu esprito ca espallada fondura e o devalar do ceo como na pintura holandesa, na soedade onde o tempo vai e ven como as mareas e as estrelas pra o mariño de longas singladuras, e a ancia e paixón da sociedade fai amigos aos arboredos abourados polo outono, a sazón do intimismo, e descobre na composición dos penedos e das nubes o adiantar entre medos e arelanzas dos tractos da poesía.

Nestora, escribindo estas lembranzas, quezáis houbera deseiado pousar con todo amor e veneración o meu fardel de camiñante cheo de froles e de mineráis fermosos, do xardín e do universo romántico. Non foron a frase de Chateaubriand crebrada en salouco como foula, nin o alén que chama no *Fausto,* meus soios mestres no alentar romántico. Foi a paisaxe galega, descobríndome amor, beleza, morte, dun xeito seu, non definido, máis ben póndome no camiño dun desvelamento de causas esenciáis cuia pescudación fora o signo e lei millor do ser. Estes degaros non poden doadamente seren ouxeto dun análisis. El houber sido proveitoso pra o millor entendemento dunha época e dalgúns dos escritos senlleiros na cultura

galega e doutros demorados no silencio. Pois, como illado e camiñante, decatéime ben logo de sóio ser posible a nau briladoira e doorida dos poetas pola calma forma e silencio do mar que a soster. Diante seráns espalladas e ventosas como gándaras, afíxenme a espreitar arredor de cada páxina literaria ou musical, de cada pintura, o mundo calado e axexante, ledo ou doorido, de se non espricar singularmente.

Hai unha ledicia e un premio no calar do esprito e no asulagar as formas do "eu". E tamén unha fonda piedade. O eu dos filósofos e os poetas ten de sofrir de nudeza e de medo na noite e na friaxe. A non ser aquel don raiolante da simpatía e a resposta dunha amizade.

No inverno confortóume a chama do fogar, adeprendín sobre as Súmulas de denantes os elementos das "Artes Liberales" da soedade. Merecín confidencias da serra aboa, pouséi no engado das mil línguas da arroiada e das ventureiras fontelas remanecidas na tona griseira, sofridora e leda das terras graníticas; fíxenme pequeneiro como mendiño ao aferrollárense as portas do día no escurecer dos Santos; consideréi imaxe da miña orgueza o brilo embazador dos seixos cristaíños collidos na vea real que cruza Trasalba como un herdo de fidalguía planetaria, na encosta carballeirenta de Soutomanco; miréi nos labregos chaves de paisaxes, ou bultos imperfeitos desbotados do obradoiro dun xenial escultor...

POEMAS INÉDITOS

PAN GALEGO

I

O Xénio do Centéo, adusto, grave.
Vaga polas antigas carballeiras
E os espellados érmos onde o vento
Xostrea insomnes bultos de penedos
E briza o espello cristaizado en morte...
Dos illós silenzosos. Polas gándras
De bruídosos piñeiros poboados,
Polas xúrdias encostas que as frieiras
Rachan con tolo ecóar nas invernías
E nos chaos outaneiros que nos lonxes
Enxergan â dozura das ribeiras
Como miran, contestes, os petrucios
O medrar rebuldeiro dos netiños,
Atoparés o Xénio homilde e rexo
Do galego centéo, ouro invernizo,
Das sustanzas da roca froito heroico,
Gala da serra e da laboura rexa
Recompensa e consóo. Pois nos seus ridoos
Sagrifican as neves, e os coriscos,
As longas choivas, o brilar griseiro
Dos céus montesíos. Soio apaña
No seu carto vivir os derradeiros
Eisprendores do outono cando novo
Verdece na asucada. E cando as agras
Trunfadoiras das vagas invernías
Reloucan ao sol tépedo dos Maios,
Saben elas que a fouce dos seitores
Hánnas de derrubar, pra logo ordeadas
Na arquiteitura étnica das medas
Agardar polos himnos dos eirados
E ceibar en rabioso sagrifizo
Sen gráu conteste no cadoiro soante.
Enchendo as arcas e poboando os moíños
Ca múseca algareira dos rodicios.
Ama as probes lareiras nas que a lapa
Azul, e branca, e roxa, como os bosques
Traspostos na outonía, ispíra e rixe

A xuntanza baril das vellas castes
Sal e lume da Terra. Ama os xantares
Que pé do suco e dos casquiros vellos
Debullan os labregos maínamente
Na hora santa e simbólica das doce
Co pán centéo do sal no outo da esfera.
Ama os camiños
Bruídosos de carradas, e os recantos
Que o desfollar levián dos castañeiros
Enchen de augusto e relixioso medo
Cando medrar as somas, cando o bico
Gosta do friaxe das seráns do outono.
As verbas que lle aquecen son barudas,
Graves e raras, de soar antergo
Semellante aos cadoiros da montana
No é falangueiro. No concerto ilustre
De homes e cousas das terraxes celtas
Escolma aquil silenzo que nos ollos
Fái brilar a emoción da Natureza,
E cála ca fondura das montanas
Cando no curto poente adouran graves
O decrebar rabioso, puro, xiado
Da estrela da serán.
Non procuredes
O étnico Xénio do centéo galego
Por a donda Galiza das ribeiras
Ben tecidas de vides, nin na leda
Fartura acompasada ao són das foulas
Da Beiramar de cántigas saudosa.
Quer â lonxaa parroquia por os érmos
Severos rexamente adoutriñada,
A serra nái dos ríos, iñorante
Das grorias rubras do verán. Escolma
As probes ermidiñas penitentes,
Os ceus cruzados por os pombos albos
E non téme aos oureos medoñentos
Con que os lobos estrizan a silente
Noite caroal.
Deixade, pra atopálo
E parolar co íl rente á fogueira
O fidalgo Salnés, e das Mariñas
O engádego xentil, do Avia e do Arnoia
As farturentas abas. Petái rexo
Con o voso bordón as vellas laxes
Tramadas nos camiños montesíos
Alenta nos brumentos hourizontes
Da Limia lameirenta e carballeira,
Na Terra Chá, folgo do Miño infante,
Sorrires de ouro presta ás lonxanías.

Deza, Tras-Deza, e Ordes e Mesía,
O gandreiro Melide, e de Ortigueira
Os ceibes lombos, mírano pasare
Cabalgando nos ventos e aquecendo
Ca máu petrucia as agras sonorosas.
E máis enriba no puxar heróico
Prasmado en serras, que da corda brava
Hastra o Larouco corren esquencidas
Dos portos e das vilas, tén súas grorias
No adusto ourilecer das estibadas.
Pan chamado na fala das montanas
Pan criador de curazóns donceles
E calmos e valentes, o Centéo
Demanda pra esculcar seu cerne antigo
Limpa concenza de fontela nena
E eisprenza forte de queiróa castrexa.

II

SEMENTEIRA

Madrugaron os montes envolveitos
En néboas vaporosas. Longas somas
Tenderon sóbor de eidos e camiños
As tristuras fadás dos arboredos.
Xa nos bosques antigos e na entrana
Soia e calada dos gandreiros érmos
O decrebar do outono, maínamentes,
Vái trocando en matices tembradoiros
De ouro, amaranto e roxo as frondas pechas,
E ca orballeira leda nas camposas
Afátanse as froliñas outonizas
De recenders sotís. Voltóuse cinza
A estralante legría das vendimas
E espidas as nabeiras fica o eido
Cãnso e podente a adurmiñar saudades.
Os camiños mallados dos herbales
Rexistran os pisares garanduxos
Das mociñas que apañan tenro trébo
E as fontelas agardan aquil trono
Que ha desfechar os húmidos segredos
Dos limpos mantanials. Días lumiosos
Seréos, calmos, do inizal Outubro
Como fontes bicadas polas azas
De graves pensamentos. Badelando
Os vellos bronces das eirexas énchen
Das lembranzas dos mortos as campías.
Semella que o Infindo ben lonxano

E envolveito en mil formas gasalleiras
Perante o vrán descobre paseniño
Seus veos trascendentes pra que os homes
Mediten ao medrar das longas teebras
No engádego do Amor desincarnado
E a chamada da Morte redendora
O vello sol grorioso nos eirados
Bourado en apolíneos xogos loiros
A quén orballo, fonte, sávia, e zume
En rondas atoladas se adicano
No vrán de lume e de cativa soma
Vóltase agora dolce e esculcante
Esprito musical. Ven amodiño,
Atoutiña recantos, e chegando
Con man de lus aos seos frondesíos
Fai locir todo seixo, e toda folla
Dibuxa a heróica natomía das serras
Esculca aos lonxes maxinados fondos
E leva tras de sí, calado enxame
De saudade e recordo as longas somas
Azúes, trasparentes, tremadoiras
Como as aras de boíña das ensoños
Que na terra non poden acoubare
E pasan por o mundo vibradoiras
De inmorrente saudade. Entón das arcas
Das fondas tullas onde homilde ensoa
Sái o gráu do centéo ben disposto
Pra os esponsaes místicos ca terra.
As restrevas queimadas polos soles
Sinten chegar seu tempo. Sementóunas
De froles homildosas a orballeira
Envolveitas nos baixos bruídores
Dos inseitos leviáns. Os homes saben
Na montana e no chán a hora solene
Que as raiolas do abrente lles preparan.
Alá van na alborada dubidosa
As xugadas tardeiras. Van a modo
Os grandes bois pareados hemistíquios
De égloga non rimada, e os petrucios
Ao pisar a heredade ouven no peito
A vos antiga e santa da xinéa
Que no bater do sangue vai dicindo:
—"Labregos, sementade. Cando Deus
Tiróu do Rén as cousas que ordeadas
Forman do mundo o concertar seguro
Mandóu ao home continúar súa obra
Pra cada ano tirar dos eidos longos
A groria lucidía das colleitas.
Por séculos e séculos os homes

Teus antergos e abós criaron o mundo
En mañáns semellantes. Ese paso
Das xugadas rachando â terra dura
E o se faguer da historia cada outono,
Cada hora de traballo recriada.
Es sacerdote, e ti da terra escura
Cos ridoos do traballo has de tirare
O vivir das espigas sempre novo.
Labra con alma e con saber téu eido
E si non chegas ver das loiras agras
O eisprendor rumoroso, noutros eidos
Has seiturare estrelas aos mangados."
E pouco a pouco como medra a ialba,
Como se espalla a leda simpatía
Como calado Amor vai conquerindo
Os recantos do Esprito, adianta a arada
Dibuxando nas terras a lei grave
Dos sucos paralelos. Un bruído
De onda levián, ou de salaio doce
Gasalleiro e queixoso da mociña
Baixo os primeiros bicos do noivado,
Con o silente ritmo conque o día
Vai as xiadas esferas alumiando,
Fai o arado ao rachar con calma forza
O misterio da terra. Os novos sucos
Ca súa entrada fresqueira revirada
Pra a cariza da luz, ceiban recendos
De fogar e de pán, de aba maderna
De almas escravas polo Amor libertas,
As leviáns labandeiras vibradoiras
Sopro de áura en forma de aveciña
Van nos sucos abertos peteirando
O primeiro sorrir da terra virxen.
E conforme a asucada medra e pula
As mans labregas van ceibando en régoa
Con dourada harmoñía, como os astros
Debéu Deus sementare nos espazos
O gráu da centeeira. Fica ledo
Envolveito na aperta gasalleira
Do mol e bón torrón. Lonxe do día
No seo fresqueiro vai durmir, dos sucos,
Durmirá pra ensoar. E é seu ensono
Belido e espranzado. Das esenzas.
Adurmidas no cerne do grauciño
Ha de xurdire un sonoroso mundo
De rexas pallas, e de espigas graves
Trunfante contra a neve, e contra a choiva
Na épica quieta, e homildosa do eido.
Xa vái chegando a noite. Os homes deixan

O ledo labourar. Ceibes os gãndos
Depinican as herbas outonizas
Erguen ollos mollados de saudades
Cara ó longo poente. Descen somas
Figurando nas agras labouradas
A vaguedá dos perfís tremadoiros
Dos albres e os penedos. Os silenzos
Acugulados de lembranzas chegan
Agarimando a nova sementeira
Como agarima o ensono as arelanzas
Da baril mocidade. Soio os castros
Esculturados en insomnes formas
Viven máxicamente na hora fonda
En que as azas dos paxaros noiturnios
Cal pesadelos resban sobre as frentes
E os labregos acóllense, ca noite
Rente ao amor da lareira. ¿Qén poidera
Abranguer o sentir poético e neno
Das noites campesías polo tempo
Petrucio das sementes? Decrebadas
As forzas esprendentes da campía
Baixo o sol, longa teebra, rexa a choiva
Todo vivir humán parés fuxire
Cara os vieiros saudosos que os espritos
Con vos diversa eternamente chaman.
Sementóu o labrego pra a invernía
Cun louxano curvar de primaveira
Na frente radiosa cando ceiba
Encol dos eidos o ouro da semente.

III

Aínda embrullado en choiva o mes dos mortos
Sabe afondar doncel as lonxanías
Lumiosas e sotís que os bosques finxen
Abourados na chama inmorredoira
Da morte que liberda raiolante
Nos fuxidías coores decrebadas
As esenzas dos verdes arboredos.
Voos medoños
Pasando silandeiros por os soutos,
Pairando fébles polos chans gandreiros,
Topeñando nas fiestras, revoando
Sobor da cinza morta das lareiras
Enchen aos homes de silenzo e medo,
Pois pousan os labregos: —"Agoreiras
Aves nouturnias a cismar nas mortes
Chegan cabo de nós. A sementeira
Para os eidos do adral dispónse agora."

E coidan axexar nos randeares
Cos que descen as follas outonizas
A chegada sotil da Negra Morte.
Pro hai homes cuio xurdío pensamento
Vái máis aló. Hai almas escolleitas
Sobre a tona esgreviosa dos labregos
Afeitos a esculcar en Medo e Noite
A presenza dun Cósmos esquencido.
Do que foi noutro tempo nas campías
Dondo vivir tecido en duro ferro,
O que aínda aniña no roquedo informe
Nái das étnicas augas desta Raza,
O que os poetas maxinan, e as velliñas
Fiando novelos paseniño contan
Aos rapaces de ollares señardosos,
A céltiga anciedade da Galiza
Por destiño dos tempos encoberta
Na longa desespranza da Saudade.
Ese anceio que abrangue homes e rocas,
Cantiga na mestura dos piñeiros,
Salaia hastra nas fachas de carballo
Ao estrondaren no lume da lareira,
Concede tón e ritmo ao vagariño
Cantar moceiro nas seráns de fumes
E adéuses tremorosos. Ese anceio
De faguer puro esprito, alma ceibe
Das pedras e das vidas, nasce ao tempo
Baril da Sementeira. Mais quén sabe
Dese fondo misterio cala e sona
Pois coñece dos homes a miseria
E sabe ser seus peitos febles concas
Para conter aquel heroico viño
Lucente a estrelas, e de tebras mouro.
Neste tempo de ensono vagoroso
Chegaba o Druída por as bravas costas
Que descendo da Loba e do Montouto
Soñan erguérense na soedá do Faro.
Valente soma de Rodeiro e Deza.
Camiñaba cangado, paseniño,
Polos vieiros somosos das parroquias
E as mulleres sentadas nas soleiras
Falaban del: —"Qué nobre e santo vello!"
Nos abrentes cruzaba como a soma
Derradeira da noite por as gándras
E folgaba a carón dalgún penedo
Véndo desfalecer o brilo ceibe
Da estrela da mañán.
¿Quén era o bulto
Que un intre no portal da Prateiría

Albiscaron as xentes madrugueiras
Con surpresa medoña? Figuraba
Unha escultura máis, chea de vida
Lonxana e grave e as estatuas mudas
Semellaban co il trocaren falas
Dende o orixen da historia non ouvidas.
Os primeiros locires do Setembro
Descobrírono errante por os vieiros
Laxeados de Melide. Xa non lonxe,
Siñor dos ondeares montesíos
Soerguia o Pico danzales arelanzas,
Saudado por o Druída como amparo
Derradeiro e silente do seu sono,
Pois non máis pra a Galiza mirarían
Seus ollos graves nin súa voce antiga
Había de abenzoar máis as colleitas.
Desexoso da Morte o Peregrino
Repousóu perto da gandreira ermanza
Nun cativo logar de probes treitos
apenas por os laios animada
Dos probes bidueiriños que albescían
Pé do riacho mucho e esquencido.
No poente devecían rubros lumes
Despóis que unha orballeira cantigara
Nas xesteiras do érmo. Logo o sono,
Seu derradeiro sono neste mundo
Apañóu ao Druída ca arelanza
de non máis camiñare. Morrería
Como as probiñas follas da queiroga
Morren no espello xiado e malencónico
Dos illós invernizos. ¿Pro qué máino
Són, de armentíos e levián bruídare
Cal vós da Terra e pobo conxuntados
En coral espranzado, no seu sono
Naceron sob os fondos da paisaxe
Acesa, novamente, en sols ditosos?
Ensoando andaba, e na terrax nascía
Co día madrugueiro un ridoo amigo
Cumpríndose en sorrires anceiosos.
Era a sementa do centéo. O Druída
Desperto estaba e ao mirar que o sono
Era rexa verdade, un novo brío
Na ialma lle nacéu. Miróu as mámoas
Cal bultos de guerreiros encobados
Tornando eistranos circos na soedade,
Miróu nos ollos e nas mans labregas
Aquel confiare poético que cría
Nas razas elexidas a saudade
Trunfadoira da Morte e do Destiño.

Miróu no cerne da Galiza, esgrevio,
Como a antiga virtude esprendecía
No regoado chover da sementeira
E nas xentes a espranza, e na paisaxe
Se liberdaren as escuras líricas
Arelosas de Infindo, e achegando
Súa frente á pedra daquel dólmen puro
Que é curazón da gandra melidense
Escoitaba a maréa crecedeira
Que da pedra xurdía.

I V

INVERNÍA

Ninguén se lembra del. O vago outono
Vai caíndo na noite maínamente
En finaes sinfónecos de ventos
Espindo as carballeiras e ondeando
Os graves piñeirals co contraponto
Dos queixosos arumes. Devecendo
Van os arcos dos días e na súa curva
Van as horas lumiosas amingoando.
O vivir recollido nas lareiras
Torna aos antigos pastoraes tempos
E por cativas horas o armentío
Vaga solene nos lameiros fondos.
Líricas testas de podentes bois
Érguense cara aos poentes dubidosos.
As abenzas descontra o circio vento
Ampáranse nas penas orceladas.
Un labio fino e rexo
Feito de neve, choiva e muchas follas,
Un ulido bravío e penedoso
Cun tempo esgrevio e doce, tén os aires
Barudos da Invernía. Os probes eidos
Sementados con mimo agora soios
Aturan o silenzo e as friaxes
Do Ceu caroal. E asegún os días
Van craras perspeitivas afiando
E soio vento e neve e choiva envolven
As feituras do chan, cando dos Soutos
Tên fuxido a sombra follateira
E semellan espectros.
Nin as loiras colleitas outonizas
Nin a graza abrileira refrescáno.
Casta compaña do meu sono ardente
Exemprar ensiñanza, estoico rumo

Por nubens migradoiras ispirado,
Cósmica xuventú do teu paisaxe
E nas nouturnas horas crecedeiras
Teebra fonda mollada de infinito.
Sempre
Un locir de inverno rixe, fiestra,
Teu hourizonte grave. Túa lus pura
E filla do esprendor de seixo xiado
Podente, eterno, que na ergueita cume
Da Serra Martiñá afía aos lonxes
A arelanza titánica da Terra.

FIESTRA DO NORDE

Fiestra do Norde, miña conselleira,
Meu Kempis, meu Heráclito severo,
Mestra no fondo devalar das coores
Que enroitas no teu cadro de granito
Con podente emozón. Soio o sol resba
Teu peitoril de laxe nas ardentes
Xornadas do verán. Pois manda a soma
De arelantes conceitos aloumiada
No teu cadro saudoso de paisaxes.
Só miras os adustos cotarelos
Escultura das longas invernías
E aquel afondimento sospeitado
Do ledo val que as néboas outonizas
Silandeiras encobren figurando
A ría vaporosa de un ensoare
De velas e peiraos.
O vento Norde
Albo de bidos, música de fontes,
Són de carballa, ourilecer de fragas
Afonda as vagas lonxanías azúes
Soio acendidas ao findar do día
En croas de amatistas para a fronte
Doorosa do solpor. Locires puros,
Matices fuxitivos, ceibes cumes,
Pasan por téu espello, fústra amada
Que o mimo non envolve das roseiras,

VINTECATRO CARTAS

Trasalba, 3 do agosto do 1969.

Sr. D. Domingo García - Sabell
Santiago de Compostela

Querido Domingo:

Compostela sin Vds. é a catedral sin David, a carballeira sin melros, o camiño sin pousada, o xantar con auga da fonte soio. Foron seis días de Apóstolo ben sosainos. Unha serán inmerso na gris soedá de Valdediós e a Ordre Terceira, case tiven medo e fuxín.

¿Sabe algo do Dr. Laín? Fai días apañou na provincia de Madrid indo co humanista Tovar, e entramos cas súas donas, unha boa pancada de coche. Parés non ter sido cousa de coidado.

No Policlínico, o grande Sixto diunos a Fita e a min novos tratamentos. E semella que imos, máis Fita, millorando. Eu xa case non cavilo ca miña saúde. Pouco a pouco, e non sin tempo, voume adoitando á filosofía práitica do bó Dr. Johnson: un bó sillote ao lume e un libro vello. E que se farte de rir o trasno no esquinal.

Un día distes debe cair Sto. Domingo de Guzmán. Reciba a miña aperta. E que seu día decorra ca gracia, forza, xoga e alegría de un ledo chafarís. Con saúdos tamén de Fita.

Por certo que na miña derradeira visita a Bonaval andiven procurando un símbolo —un deles— dos Pregadores: o can vixiante, levando entre os dentes un fachico ou antorcha acesa, e non o atopei.

Onte en S. Xusto de Avión, rexa e leda montana, celebrouse a festa do Emigrante, moi locida, con grande Misa galega concelebrada nunha eirexa de repuxado barroco.

Con saúdos a Elena —b.ss.pp.—, D.ª Antoña, as nenas, e memorias de Fita pra todos, sempre vello ademirador e amigo que moito lle quere.

Sr. D. Domingo García - Sabell
Santiago de Compostela

Querido Domingo:

Hoxe saíu pra a súa casa sempre lembrada da Rosaleda o vello tributo das castañas trasalbesas, pro ten que me perdoar. Iste ano

os vellos petrucios do souto de Cima de Vila se non portaron ben. Non sorriron como dinantes ceibando os ourizos. E as castañas son pequeneiras e pouco graciosas no gosto. Pro non hai iste outono outra cousa.

Vde. é un dos homes a quen se lle fai caso en Santiago. Unha palabra súa ao alcalde ou a algúns rexidores afastaría o perigo de se comprire o proieito de pór o meu nome a unha rúa compostelana. Seino pola carta dun amigo. I eu xa non hei vivir moito. E após meu pasamento pódeno facer. Dinantes é un mal exempro, e ademáis revive unha vella manía de Ourense contra a que loitei o ano pasado con trunfo. Querían por o meu nome á rúa onde nacín. Eu tampouco quero figurar groseiro non acodindo á cerimonia de inauguración. Déixenme socegado e tranquío, que aínda poderei traballar un pouco.

Saúdos a Elena —b.ss.pp.— e ás nenas, con memorias de Fita, e pra Vde. apertas do vello admirador e fiel amigo.

Ourense, 8 do San Xoán do 1973.

Sr. D. Domingo García - Sabell
Santiago de Compostela

Meu máis querido amigo e mestre:

Repulsei moitas pretensións de recomendacións pra Enfermeiras —Ayudantes Técnicos Sanitarios quixen decir— cuias probas se van facer un distes días presidido o tribunal polo Sr. Decano de Meiciña a quen non teño falado nunca. Desbotei moitas, pro querido Domingo, póñase no meu caso de vello romántico que aínda cré no Volkgeist e nas donas de brial na torre aluarada de Meres, ou de Mesia, ou de Celme. ¿Vde. diría que non a unha mociña que é un mollo de lirios sostido na súa votiva adicación polos cabelos loiros de unha fada do Tambre de Vicetto, e que por riba se chama G.? Como as princesas de Occitania de Nerval, como as raíñas das baladas cando as bágoas das donas teñen o labio das pingas de orballo, como as abadesas platonizantes da Champagne cando aínda era nena a língoa da Illa de Francia e os poentes do Adriático non tiñan mármoles de sangue e neve pra se reflexar e ensoar, cando a Emperadora Biringuela disfroitaba do recender dos gromos novos do val do Sarela... Hai de lle botar unha man cabaleiresca e engantada pondo unha verba súa, supremo doctor compostelán, ao Sr. Decano de Meiciña, a prol de G... Agradecerano as torres hirsutas que o cabrinfollo agasalla, as donas de brial nos seus bultos de pedra baixo o folión callado en pedra das oxivas de Sto. Mingos de Bonaval, e seu vello amigo e admirador de sempre.

Don Ramón, falando diante do sartego de Rosalía na eirexa de Santo Domingo de Bonaval, o "Día de Galicia" do ano 1949

O escritor ourensán cos membros da Xunta do "Patronato Rosalía de Castro" elexida no 1948

No acto de entrega dun diploma de honra que lle fora concedido a Don Ramón polo "Centro Gallego" de Buenos Aires

Ourense, 15 do Nadal do 1974.

Sr. D. Domingo García - Sabell
Santiago de Compostela

Meu querido e ademirado amigo e mestre:

Inda nista tristeira casa vivimos e alentamos no regalo de espranza que Vde. e o Dr. Sixto nos trouxeron, como Reis do Ourente, como arcanxos, o día 3 diste mes. A enfermiña ás veces está leda, hai noites para ela sin pechar os ollos, quéixase de pequenos delores no ventre, no estómago. Ben cativo apetito. Súas mans penduradas e cruzadas son agora dunha beleza de adeuses, como seus ollos cheos de lus. E non sospeita seu mal. E fala de voltar a Santiago, e estare con Elena e Vde., e ca inauguración do Congreso de Historia da Meiciña. Por min sei decirlle que nunca agardei para a miña extremada vellez sofremento semellante. Son un autómata ou un sonámbulo. ¡Si Deus quixera levarme a min niste inverno, dinantes!

Saúdos a Elena —b.ss.pp.— e ás nenas e netos, e a D.ª Antonia. O día 5 de xaneiro asistirei en Rianxo. Escríbolle á 1 da madrugada. Ás veces sinto a Fita. Hoxe se non queixa. ¡Gracias a Deus!

Sempre seu amigo.

Trasalba, 27-IX-73.

Sr. D. Domingo García - Sabell
Santiago de Compostela

Querido amigo e mestre:

¿Cómo correspondere ás súas bondades para connosco? Fita esquirbiulle a vostede sin o meu coñecemento, coido que fixo ben contando ca xenerosidade súa. O tratamento coido que me vai ben. Xa o irei informando. Case non teño pulos pra lle escribir pois levo arredor dun mes sin viño —algún vasiño ao xantar—, sin o grolo de coñac, sin o café que dende Voltaire e Schopenhauer parés indispensábel a todo home que sinta a tonada do Rin, o recender dos castañeiros das Tullerías, a armuñía da frase latina e o meigallo da pedra gris de pupila de Santiago, e ¡vivo! Mal pro vivo, si isto é vivir, e traballo. Ando co XVIII en grande volume pra a Historia americán e outras cousas. Dinantes da morte quixera tecer un par de libros. Saíu fermosa a escolma dos meus traballos, o primeiro tomo; moito lle teño que agradecer aos amigos. Si ficamos un pouco ceibes distas terras temos pensado folgar en Santiago algunhas tempadas cando Compostela franquée as súas portas. Eiquí véñennos ver moitos amigos. A vendima nos ribeiros loce ricaz e mañífica pro triste; se non canta nin a uva ferverá

nas adegas sinón nos tanques de cemento dos sindicatos. É unha vendima gris, sindical, e sairá un viño sin caráiter nin alma. Estou lendo seu traballo de "Grial" con moita ensiñanza pra min, vello e mal estudante, e penso que moitas autoridades modernas citadas por Vde. non din ren de novo, con todo o seu énfasis de nova Escolástica. Loce máis nidio o seu pensamento de Vde., querido Sabell. Estamos Fita e eu ben ledos co milloramento de Elena —b.ss.pp.—; non hai día que non nos lembremos de Vdes. e cas boas novas "fachéame o sol na cara" e a Fita tamén. Estou canso de falar cos amigos que chegaron ista serán. Ven a outa noite. Son as XII. O vello vaise durmir na man de Deus, e dos amigos como Vde. Sempre o é máis niste poente longo e sombrizo da ancianidade. Apertas e lembranzas.

Trasalba, 1-X-73.

Sr. D. Domingo García - Sabell
Santiago de Compostela

Querido e ademirado amigo e mestre:

Fai un minuto, na serán xa de labro xiado, chegou súa derradeira carta. Un consóo e un fortecemento. Cumpro con fidelidade de monxe a liturxia medicinal. Coido ire millor, pro é moi logo e non é bon deixarse enfeitizare pola espranza.

Estou traballando no XVIII e no XIX, os dous séculos, cada un un tomo, a cuia obra estou comprometido. A Historia de Galiza iniciada en Bos Aires. Si a Morte me dá licencia. Xa non podo facer esculcas nos arquivos polo frío, os pantasmas e as arañas, pro teño estaxes de papeletas, moitos libros e recordos de cousas sentidas aos vellos. Si sai unha historia por demáis novelada ¿qué lle imos facer? Non o será moito máis do que as outras. Procurarei mitos, ronseles e ondas de espranza. O tempo románico é descoberta dos vieiros do alén. O XVIII é interesante si se saben escuitar os bruídos misteriosos nas noites dos pazos, e enxergar no luscofusco dos coros mosteiraes. Tivo o grande tropezo da Economía. O XIX, co acenar da capa de Espronceda ou de Aguirre case o vivín eu nos contos do meu pai e do meu abó que asistíu ao proceso en xuizo sumarísimo do xeneral D. Diego León e tiña por clásico a oración fúnebre dos héroes de Trafalgar por Fernández Varela. Si teño saúde e pulos pasarei un inverno divertido. E fago algunha cousa máis.

Moi ledos Fita e eu ca melloranza de Elena —b.ss.pp.—. O Atlántico coruñés atopa a súa filla máis verdadeira e querida, e devólvelle a saúde. É lei de simpatías cósmicas. Xa iremos, con calma, a Santiago. Saúdos aos sobriños e aos amigos. Sempre seu con longa e calada aperta.

Trasalba, 15-VIII-73.

Sr. D. Domingo García - Sabell
Santiago de Compostela

Meu querido, meu millor amigo:

Unha aperta. Moitas veces sinto as arelanzas de falar con vostede. Como hoxe ás XII da noite. Vaga unha lúa edgardopoeira polos buxos e os cedros. Eu penso na festa do 4 en Ourense. Foi unha grande festa de amizade e galeguidade. Coido que outra semellante se non cumpríu na miña cidade. E graciñas aos amigos. Eu apenas puiden falar. Ca emoción tiven grimo das bágoas. É un gran sacrifizo viaxar a Ourense no agosto. O tempo da cea decorreu demasiado axiña. Escríbolle á Rosaleda e cecáis, de certo, están na Cruña. Eu sofro moito. Polas mermas da ancianidade, pola morte do agro galego que tanto amei, e sofro por Elena. Pediríalle a Deus que os seus sofrimentos a deixaran a ela e morderan no meu vello esquelete. Elena é a Musa dos bós galeguistas. En esprito, docemente, sen ela o admitir, nos ispira. Agardo ter boas novas. Os vellos somos ás vegadas ben disgraciados. Eu co gallo dos latexos do curazón soio bebo auga, cecáis un pouco de tinto no xantar, deixei o coñac en absoluto e o café, son un ente ridículo, un vencido da vida. E ando aqueloutrado e trasposto como os astronautas, sen concencia desa gravedade especulativa e física que remanece dos grolos do coñac. A sensación de outono con pombas e videiras vestidas de mil coores, traballadas polos tintos conselleiros e apotegmáticos e aquís brancos que eran mañáns raiolantes dos 13 anos con mociñas de trenzas loiras e o primeiro descobrimento do latexar do cosmos. Xa non máis os Armagnacs hugonotes e a gracia de mañán con néboa da nosa augardente, e do café. Son un probe xónico devolto ao goce dos 4 elementos: aire, auga, terra (e non quero pensar na que agarda pra me papar) e iste lume do agosto acendendo remorsos hastra nos penedos. Pro durmo, unha durmidura vexetal e sempre a me falare de trunfar de costumes vellos de 60 anos. Está moi ben o 1.º volume da miña obra. É fermosa e amiga a Anunzación que Vds., un feixe escolleito de amigos, me regalaron e tamén a Fita. Isa escultura vai ser o consóo da miña vellez. Nela o himno anxélico máis fermoso croba cada día acentos novos. Graciñas. Vds. compriron, cecáis, a redención de unha cansa alma.

Saúdos de Fita. Os de entramos pra Elena e doña Antonia. Adeus. Xa fico máis tranquío despóis de falar con Vde. e agardo durmir ca fondura inocente e serea dun lameiro baixo o luar. Sempre vello amigo.

Madrid, 7 do abril 1950.

Sr. D. Francisco Fernández del Riego
V i g o

Meu querido e lembrado amigo:

Sabía ser vostede, pois a mocedade é xenerosa, un dos amigos máis ledos polo meu éxito nas oposicións á cátedra de Compostela, virxinal e doncela; pois enxamáis tivo "titular" e son eu ca miña testa albescente e pedernalosa-seixenta o seu primeiro cabaleiro e paladín.

Alguén, deses homes esperimentados e práiticos, faloume de ordear e rexir o ímpedo, dos sesudos guías e recensións de libros, e de ir a cada exercicio cunha alforxa. Quixen millor seguir o meu temperamento, e faléi das costas de Trasalba miñas mestras en Xeografía, do canto dórico da traxedia con ecoares das primeiras sensacións da paisaxe, da necesaria e fundamental conservación en todas as culturas do senso ptolemaico do universo, da elexía e morte dos lagos, do crecente verde hispano, de Goethe rubindo ao Righi, do Tupungato enxergado dende Mendoza, da melanconía de certas "nappes de charriage" que perderon a raíz e se erguen tristeiras na orla caliza dos Alpes, da Xeografía reino da lus normal... Ao presidente, que é humanista, boteille uns cantos epifonemas, e aquí me ten membro do "grave senado y areópaga, señor, como usted me enseña de la galiciana ciencia", como diría o noso magnífico Noriega.

Xa faleremos o día 23. Case todas as tardes sorbo o meu café con Cabanillas no "Lyon d'Or", vello café de refrexos de mortas obsidianas, sarcófago do XIX. Xa debía estar na Terra. Retenme unha fatutinada de pequenas cousas.

Nosos saúdos —Fita está comigo— ao matrimoño. Teño cen telegramas riba da mesa. No Hotel coidan que son un gran persoaxe. Hastra logo. Gracias afervoadas do seu ademirador e amigo.

Trasalba, 19-II-1956.

Sr. D. Francisco Fernández del Riego
V i g o

Meu moi querido e lembrado amigo:

Camiña pra falarlle o bon Calviño do Carballiño con letras miñas. Crónica vivente do Galeguismo, amigo de Vilar Ponte e Castelao, lembranza desperta e entusasta. Había de encalotrarlle a idea de escribir as súas memorias.

Xa teño saudado a Heidegger. Grande orgueza pra a nosa lingua o se facer óntica, luceiro ben tallado en xeometría de intui-

ción. Deus sorrí e ama. Deus sempre ten de quentar o Ente, seu fillo.

As cousas van ben. Pra min soio hai a door e vergoña de lle mentir a miña nai —¡onte na álxebra das estrelas que se non enxergan dibuxóuselle a cifra do 97!— o viaxe. Dirémoslle: Madrid e Portugal. Pois ela odia o soio nome de Caracas. Eu tamén prefiro Venezia a Venezuela, pero alí hai milleiros de galegos, e sí algún consóo lle pode levar a verba xa dubidosa e a faciana labourada pola vida, do vello irmán, por min non ha quedar. Somentes penso dez días. Xa lles consultaréi —parez que sairemos o 4 de Madrid— a vostede, García Sabell e Piñeiro sobre algúns temas e posicións.

Foulea a friaxe de Báltico canso. Eu deféndome con omelette au rhum, peituga de polo e algún quentor de Propercio. Ás veces doéme Compostela. ¿Non haberá de facela de novo?

Non sei si a miña conferencia no Circo Ourensán de Vigo será na semá que ven. Falará por min o Espolón da praza e as escadeiras de Santa María por onde o tribuno republicán Xoán Manuel Paz Novoa falaba coa súa noiva, a sobriña do bispo Ávila Lamas.

Saúdos á dona, e fortes apertas do vello e epilogal amigo.

No "Monte Umbe", aos 55 minutos Lat. S., rumbo a Río.

Sr. D. Francisco Fernández del Riego
V i g o

Meu querido e moi lembrado amigo:

¡Cánto penso en vostedes! Imos seis pasaxeiros de clase turista, elas mulleres bagoentas, indeterminadas, agás unha señorita vasco-americana; e hai salóns, moi modernos e valeiros, con bares pechados e tristeiras botellas tópicas. Polo demáis, perfeito bogar, un asucamento calcado, unha estela de bruidosas escumas i esa monotonía elementar boa pra os estoicos como eu do tempo identificado co azul ou gris da mar.

Asómome como ás fiestras de Trasalba, a mirar decorrer o tempo. Aquí decorre moi categóricamente. Xa estóu de sobexo descansado. Con arelanzas de traballar. Pra o 9 —hoxe é o domingo 5— chegaremos a Río. Esto de nada saber da terra e dos amigos é un pouco triste. Pénsase na sede e debullamento das primeiras cartas e hasta dos xornáis. Eu e Fita tamén levamos no corazón o adeus dos amigos e alentamos no aletexar dos panos brancos na despedida.

Teimaréi facer as cousas o millor que poida, de tal xeito que este viaxe e sacrificio non resulte valeiro pra o senso e porvir da Galeguidade, e axude ao reconocimento da valencia esencial de "Galaxia" no mundo e tremelocir da nosa cultura.

O capitán é boa persoa e lémbrase de min falando con Carrasco Formiguera na festa de San Inacio en Bilbao o ano 31.

Traballo un pouco matinando esperiencias de cousas. Penso nos primeiros rostros enxergados, sempre como unhas sombras, no xiado peirao de Buenos Aires. Logo ven a quentura e cóidase ún en tribunas galegas. Levaréi un xornal máis do que actos literarios, de caracteres, actitudes e facianas "ad usum" de vós, os bos amigos.

Saúdos de Fita e os meus, ben ferventes, pra Evelina, e apertas do vello amigo, estoico das singladuras e vella pantasma dos acedos pontos largasíos.

Buenos Aires, 23 do Santiago do 1959.

Sr. D. Francisco Fernández del Riego
V i g o

Meu querido amigo e irmán:

Aquí o viño non ten forza. Hai tintos, "Trapiches" e outros de cepa borgoñona ou borgoñesa —os brancos son noxentos— de bon labio, pro frouxos e sen quentura e chama vital. Manteño o meu caducante corpo de pavita, medallóns de vitela, supremos de polo, peixerrei, compotas de botica, canelóns tópicos, omelettes —que non saben facer—, algún pomelo xansenista e puritán, e outras cousas.

Tivemos unhas chuvias babilónicas. Daba medo bogar no coche por verdadeiras Limias cara o "Centro Lucense". O acto inaugural do 19 saíu ben, como poucos. Estóu no crecente das conferencias. Levaranme de novo a Cuyo, onde queren algo sobre Castelar e a Restauración, e cecáis a Córdoba. Pensamos saír dende Uruguay sobre o 18 de agosto. Chego a durmir, canso das infindas visitas e preguntas.

A vida carísima, 37 pesos custa un servicio de peluqueiro, un xantar sinxelo en Hotel 78 ou 80. As rúas están moi deixadas. Buenos Aires loce nalgún intre de prima noite aspectos fermosos.

E agora deixo de escribir, pois chama o ex-P. Antón, xesuíta relaxado e bon filólogo. Ditosas ondas do mar de Vigo. Lembranzas de Fita pra vostedes, lembranzas moi agasalleiras a Evely, saúdos aos amigos. E sempre de vostede o vello amigo e irmán.

Trasalba, 3 do mes de outono.

Sr. D. Francisco Fernández del Riego
V i g o

Meu lembrado e querido amigo:

Outravolta envolveito no maino feitizo dos horizontes trasalbeses agardo pola cita que enxamáis me fallóu desque lía a Chateaubriand —o 48, centenario do pasamento do vizconde ¡hai que facer

algol— das fadas de graves cabeleiras e peíños leviáns da outonía. Ás veces, enxergando pra o rumbo de Dozón e lonxanías da terra de Arcos, penso na visión do Atlántico, e aquel longo e podente vibrar e o nascer dos armentíos de Proteo. A miña case profesión mariña venme moi ben na soleira dos sesenta anos. E esta peneira dos ceos de Trasalba disponme a peneirar fariñas de moitas esperanzas.

Teño deseos fondos de que falemos. Dos amigos, ¡Castelao! xentil na door, sorridente crucificado, natureza case anxélica, do azul das serras brasileiras, dos monocles da calle Florida, do sabor de poemas románticos no hemisferio sur..., de tantas cousas.

Mandeille unha novela miña da que non tiña novas, e merquéi nunha librería ao día seguinte da miña chegada ao Plata, *Adolescencia*. Trouxen catro exemplares. Fixo onte Cuevillas en "La Región" un "lindo" artigo, como de vello amigo, desmasiado gabancioso.

Outros escritos teño mandado alá, mais case non sei por onde andan. Estiven corenta e nove días na Arxentina. Fixen —e denantes en Portugal e no barco— algúns artigos que non sei si chegaron a saíren en "La Noche", porque durante o meu viaxe o xornal, con gran disgusto da miña nai, non parecéu por Trasalba.

Todo o que faléi no Plata tivo o seu equivalente no silencio cartuxano ou pitagórico do barco cunha carretada de xentes estilo Madrid das verbenas. Agora volvo a falar. Os labregos piden novas.

Con deseos de vélos a todos. Mais teño de estar por aquí. Son, ademáis, dos que se lle caíu a valixa ao mar. O carabineiro de Tui non podía comprender que chegase un home de América con dez duros españoles. En canto lle din un folleto galego comprendeuno todo.

Saúdos á súa dona, lembranzas pra entrambos de Fita, e pra vostede a longa aperta do seu sempre amigo.

Trasalba, 14 do febreiro do 1961.

Sr. D. Francisco Fernández del Riego
V i g o

Meu moi querido e lembrado amigo:

Fai ben tempo que non sei de vostede. E eu preciso das cartas dos amigos como as agras de centeo do doce vento pra lourear. Sinón mánxame a soedade. Eu sei moito de soedade e de ruínas. Estas son como serodias amantes. No fondo, boas, pro rallantes e piden moito agasallo. Teñen a orgulleza das mulleres fermosas que empezan a se fanar. As soedades son grandes monstros, doces mamíferos, de maino alentar e ollos amigos. Si o pastor se descoidar esmágano co seu corpo queréndoo agasallar. Hai que lles dar moitas carradas diarias de herba e puntas de millo de pensamentos.

Eu goberno con bastante tino a miña abenza de soedades, mais ás veces teño medo.

Estivemos en Ourense dous días. Soio unha miga de ledicia ás mañáns. Pechado na casa. O Risco está frouxo e calado. Os médicos danlle medicación moi enérxica. Eu teño medo. Vou ás noites á súa casa. E case sempre saio con tristura. Xa non relampa a vella alegría.

Agora xa me espertan os paxaros. Está xentil a frol da camelia encarnada. Neste tempo dos primeiros gromos eu disfroito, pro tamén sofro moito. Vaise a vida e se non fixo ren.

Na América, Lois Tobío encarregouse de vixiar a edición da "grande e xeneral Estoria" sufragada por Puente. Parez que logo vai saír —non sei cómo— o primeiro tomo. Eu pensaréi si seguir ou non ao frente deste traballo.

Escríbolle no vello recanto. Sinto unha enorme preguiza. Pro calquera mañán empezo a traballar.

Saúdos aos amigos de "Galaxia". Non podo ir á Coruña o día 18. Estamos aquí cas conmemoracións da miña nai. Síntoo por García Martí. Conocímonos no Ateneo de Madrid no outono do 1905.

Póñanos, si fai o favor, unhas letriñas. Saúdos pra vostedes de Fita e os meus pra Evely.

Sempre o vello e caducadoiro amigo.

Trasalba, 17 do febreiro do 1962.

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
L u g o

Meu querido e ademirado poeta e amigo:

Fai tempo que teimaba escribirlle. Mais os traballos, as priguizas, o solciño novo... Hoxe espreitando o Libureiro polo S. e a serra Martiñá polo N. penso ledo e gravemente emozoado na grande e xentil mocedade de Vde. Abonda o "Salterio de Fingoy". Fingoy combina un ar de Tebaida e unha ou moitas chamadas dos recantos do horto dos filósofos. Na urdime da obrigación afíanse como febras de serpentina as do caráiter e síntese o fuxir do tempo e a obrigación de rexistrala. Dubida Fingoy e seu eremita entre a formulación das cercas luguesas e a liberdade do mundo e da campía. Vde. no derradeiro libro fai un xornal. Case un caderno de bitácora, por mares do tempo e de dinantes. Na soedade cristaizada e cada intre no exercicio da ética pedagóxica decatouse, como non dinantes, do bruidoso ou do solermiño deveñir do mundo sentindo tamén unha saudade e unha simpatía por il. O mundo, o sentimento terrible do ser, seu imperio cruel, ataca ao illado, sempre escolmou ao elexido. Ditoso quen pode queimar tantas carradas da millor leña do bosque pra outeñer un puro latexar de chama. Vde. querse, faise ilusión de adeuses dinantes de entrar na crau-

sura e non pode. É terribre curtar a derradeira ponte. Namentras ganamos a Poesía, a língoa e os amigos e dispense que me poña acarón de tan puros e outos Himalayas. Vde. espreitando o camiño ten de lembrar moitos acampamentos e lumes. Queda a terra millorada. Algunhas veces son fumes podentes e tristes entrubando o cristal do día. Vde. comprácese neles como nos Semiramis Paul Valéry. Xuventude ademirabre. Unha polémica de alquimista engaiolado nas gracias e melancolías do lume e do forno inda desexando a lus astral pro definitiva do diamante lucente. Moi ledo co libro que leva en sí o compromiso de outro. Por eiquí ceo moi azul, ás veces doorido e como témero de tan azul e xiadas exemprares. Saúdos á dona —b.ss.pp.— e ás fillas, boa e leda compaña. Ouzo falar de un "polígono" de Fingoy. Outros proieitan en Ourense e Vigo. Estannos geometrizando sin nos pascalizar. Desexándoo ver. Eu agora viaxo pouco.

Sempre vello amigo e ademirador con abrazos.

Trasalba, 29-XII-1966.

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
L u g o

Meu querido e ademirado amigo:

Fingoy siñifica unha ricaz xornada na pelingrinaxe cerne da Galiza. Recendos de baril carballeira nova, renovos da torgueira ensoando a patriarcalidade das trabes, mañáns decorando de xiadas conceptuales e novo salaiar de regueiros as ialmas aínda temerosas da noite, un xoven mestre cada día na praia da cadeira namorado do novo xogar das ondas, a cidade lei latina xogando a rexa no verde devalar humorista e tráxico o senso xornaleiro dos oríxenes. Si, unha abadía, non a de Rabelais priguiceira e riseira, millor unha da Armórica, de Wales ou galega debullando en cada verba un froito de pomar de Deus e no xiro da esfera a lei e canon das boas almas. Eu aínda recordo paisáns en cuia fronte o zodíaco impuña súas fórmulas latexantes e todo o mundo era un ofercimento de símbolos pra quen os poidera desfechar. Ben logo Compostela ca súa probática piscina de soedás e aquil gozo de agromar das pedras e as tornavoltas da marea das noites e das vidas. Nalgúns anos alentoume a min o agasallo da vellez mensurada polo relox de sol do Pico Sacro. Non foi. Elo me produz levián tristura e o tempo me mantén máis achegado á cidade maxinada. Na aldea as primeiras follas outonizas e o cuco novo teñen curtesías pra mín e na cidade refuxiado con meus libros e meu canso fardel de recordos no mesmo recanto onde finou miña nai, son ditoso exercitando as probas da soedade. Ás veces sofro, pro é un sofrimento de home. A fogueira do meu lar pide, roga, manda, brazadas de leña de recordos e pra mantela esgotadas as carba-

lleiras e os infolios terei que lle botar o cangado corpo e o curazón. Quizáis sexa iso o pasamento dos vellos. Tamén nós desexamos pra Vds. ben calmas e ledas festas e un 67 ben inzado dos froitos de sabidencia a que nos ten afeitos. Con saúdos entranabres de Fita. E pra Vde. apertas do amigo e ademirador de sempre.

Trasalba, 16 do abril do 1950.

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
L u g o

Meu querido e lembrado amigo:

Unha xurdia aperta e graciñas por a súa carta con saúdos nosos á súa dona e filliñas e de Fita pra Vde. Non respondín dinantes por os viaxes e traballos de istes días. Despoixa da oposición inda nos demoramos uns dez en Madrid. Vou á Universidade un pouco vello mais con lediza. Ha ser pouco tempo. Terei de aproveitalo en froitos de outono. Nos exercicios que foron sete en dez días fun o máis mozo dos catro opositores por o programa de novidás que presentei e a maneira de levar os temas. Entre outras cousas falei de Nietzsche no outono de Engadina, da lus comparada dos lagos e glaciares, dos arcaismos na paisaxe... levando un sentido da Geografía un pouco superior ao dos programas priguizosos, estereotipados.

Logo, cecáis mañán, mandareille a novela pubricada agora por Moret. Non saíu mal impresa. Non sei si me mandarán exemprares do traballo pubricado en Santander na colección de Escritores Montañeses sobre do Deán —e bispo— de Ourense D. Juan Manuel Bedoya, no que procurei un retrato dun home de fonda infruencia no vivir de Ourense e moi siñificativo das loitas e correntes da súa longa vida.

O 23 tratarase de Vde. Agardo un trunfo. Inda que nistas cousas se non pode afirmar cousa.

Apertas do seu vello amigo e ademirador que moito lle quer e lembra.

Ourense, 14 do marzal do 1963.

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
L u g o

Meu querido e ademirado amigo e mestre:

Hoxe é pra min un dos xurdios días do meu vivir. Dos que se dan gracias a Deus e collendo o pulso síntese bater o sangue novo. De cando os primeiros poetas. Estiven con Fita seis días en Santiago co gallo das Minervales e dei unha conferencia en Ponteve-

dra. Falei da súa historia con Piñeiro, con Domingo, despoixa co Bouza Brey, todos ben ledos, pro soio vin e folleei o libro ista mañán. Tróuxomo o coche a Trasalba ás 9 e ate as 12 non saín do leito remexendo nas moreas de follas muchas, acariñando as froumas, rubindo co ollar hastra as derradeiras ponlas dos valentes carballos, sentindo un cantigar de regueiro, albiscando algunha rara ave, pescudando ecoares, abranguido por súpetas friaxes de nuben ou aledado por molladas de raiolas e debruzárense de choivas ventureiras, como nunha floresta ou carballeira de vidas, arelanzas, tolemias, xenreiras, puros vóos, gargalladas. Ou millor pra min o recordo dun viaxe que fixen soio nun maino tren, primaveira doce, de Ourense a Vigo, camiño da mina neneza non visto despoixa de moitos anos. Se me descobría a cada recanto do Miño un latexo da miña nenez. E foi comigo como Vde. no decorrer do XIX un arco da vella, compañeiro mensurando os tempos e os recordos. Graciñas e abrazos. Onte estiven tristeiro, esnaquizado, pola decadencia da aldea. Hoxe decátome ledo e forte gracias a Vde. Fun encetando a pinga de cada cuba e pipotiño sin teima de ordre. Adimiro o tratamento rexo e fino da arte do verso, o ergueito e curtés estilo na discusión, os efeutos de unha frauta merliniana ou de lira de Ampón ordeando a morea informativa. No tratamento de Pondal síntense os bruidares de pico canteiro traballando o penedo ou a nota do cuco ordeando a neboeira. Polos carreiriños do xardín rosalián camiña Vde. cos pés espidos e fala baixiño. Unha ledicia o tempo primeiro, inzado de novidás. Vai ista carta sin arranxo, pro vai verdadeira. Falaremos moito. Soio onte soupen da miña parte no homenaxe do 22 a Pastor Díaz. Si lle parez saímos de Lugo o mesmo día pola mañá pra chegare ás horas e voltamos a Lugo á noite nun coche que Vde. pode encarregar á conta do Concello de Viveiro. Pois o 23 é a xuntanza en Vigo de "Galaxia" e non sei como chegar. Veremos si pode demorarse pra o 24 domingo. Posibremente irei con Fita a durmir a Lugo o 21 xa tardeiro. Propuxen á Academia falar eu do "sentido e conciencia de Europa en Pastor Díaz". Mais si Vde. fai ou ten pensado o viaxe noutra forma por min non o deixe. Saúdos e lembranzas á dona —b.ss.pp.— e ás nenas. Con memorias de Fita. Xa teño un libro, bó compañeiro, de infindo sabere, bondade e paciencia pra as miñas xornadas derradeiras. Novos abrazos do vello e agradecido amigo.

Trasalba, 22-XII-1957.

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido tocaio:

¡Que teñan Vde. e Isabel moi calmas e lembradoiras horas nos días de Nadal e Aninovo! Eiquí afincámoslle o coitelo a us porcos

ascéticos que por a falencia de touciño, o escurrido dos pernís, o raro do tecido das toquillas, figuraban millor criados nun Colexio de Exercitantes S. J. asegún as normas do P. Nieremberg que nista casa onde as noites rixueiras do nadal sempre curaron boas sardiñas cabezudas de pallugueiro. Dígoo por a papancia dos criados e por a paisaxe clásica. Pois eu con unhas legumanzas, algún bacallauciño, compotas aquecedoiras dos entrefollos cansos, e soio por ilustración algún lombelo, xa estou ben arranxado. Temos arxentería compostelán de xiadas brancas ás mañáns, pro cativas augas. Eu dou os meus paseos, sen vontade. Os camiños lévanme. E teñen pra o vello piedade ou curtesía pois sempre me endereitan aos cotos vistosos e aos recantos asoellados.

Graciñas por as novas de Caracas. Non bule un ministro no Quai de Orsay, rosma un vaivoda comunista no Kremlin, rexouba alén mar un Centro Galego de outro, sen que o sepia Ramón Piñeiro. Fai días escribinlle novamente a Silvio pra que orgaicen pra min traballos. Pois xa coñezo a cidade, soio quero traballar en xustificación relativa de tanto bolívar queimado. Teño moutelas de cartas riba da mesa. Vounas respondendo como quen roza. De cando en cando un grolo de poesía. Van cinco en renque de cregos. Dígallo a Domingo. Faríamos un bon conciliábulo. Eiquí as horas fuxen como anguías. Mais cómprese algún traballo. Cada día apunto algo pra a Galiza do XVIII e XIX e cada mañá penso estare no comezo. Andiven por Ourense unha tarde. Mirei ao Xocas nunha calexa vella enxergando emozoado un voladizo de pallabarro. O xenio de Ourense vai de Lamas Carvaxal ao Cuevillas e do Cuevillas ao Xocas. Pasou por outros: os grandes silenzosos. Hai que facer o libro dos calados; no tema ourensán Diéguez Goyán, Xulio Cuevillas, Ático Noguerol, Luis Temes...

Vin no "Faro" un Fernández del Riego todo rizado, prisado, como un abate francés de camerino máis do que de sancristía, disertando en Vigo. Alí iremos un distes días pra rematar as cousas. Iremos cando avisen, que neso quedamos. Doeríame que fose o 28 pois tollerían os a ledicia de falar n'Ourens cos García-Sabell. Saúdos de Fita pra o matrimoño. Lembranzas pra os amigos. E apertas fondas do seu decote.

Ourense, 29-III-1963.

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu benquerido amigo e irmán:

No engado lugués case non vin a ninguén agás do Carballo, embargado por a gripe, e a Parga Pondal, sempre xentil de esprito como os xenios que labouran os fermosos mineráis, abrentes cristalizados, nos entrefollos da terra. En Lugo eu fun: ou meu descoñecido bisabóo durmindo perto da cartucheira e do morrión,

agardando os tambores da Milicia, ou un fidalgote de moitos cebados afumados na chemineia e chegado a Lugo, co seu carrick e o servicio de prata pra a mesa, a organizar unha eleición senatorial. Dende logo soa a valeiro Horacio. Pro ben mirado e nun home vello, de moitos Cabos das Tromentas dobrados, Horacio é o millor compañeiro pola súa poesía impalpável, seu grave e doorido senso do tempo envolveito nun sorrir. Non sabe como Virxilio abranguer unha floresta ou como Teócrito ordear o ulido das uvas, o ouro das abellas, a fragancia das raparigas nunha vendima. Co elo fican, xenialmente, demarcados. Pro Horacio apaña o bico no goio da mociña, o ulido das loiras trenzas, o vento debatíndose no alciprés, o intre e momento decorrendo pola nosa frente como o sol na vella parede hedrosa. É de todo tempo de amar, sofrir e lembrar, sin lle dar importancia por non ferir co sistema a gracia da flor, do pensamento. Por elo é de todo tempo. De toda soedade. Acontece que o botaron a perdere os profesores ca teima cruel de descobriren pra eles a lei cristalográfica de unha bágoa, de darlle forma a unha sombra. Nietzsche..., o amigo de Stendhal, León XIII, foron amigos de Horacio, poeta máis ben doado pra quenes coma min, no findoiro da vida, esgarabellan na cinza da ialma procurando unha brasa pra acender soio un consóo de lumiño no serán. Falaremos en Vigo. Estou desexando o día. Saúdos de Fita pra Vds. e os meus a Isabel. Sempre vello amigo.

Ourense, 13 do abril do 1965.

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado Piñeiro:

Moi ledo ca súa carta. Xa logo falaremos, pois o lus que ven é a festa e xantar na gabanza do románico entranado na fuxidía estampa rente dun craustro en abrente do XII de don Xesús Carro, e despóis teño de ire á Casa da Cultura da Cruña a falar da catedral do Xacobe da Galiza.

Meu artigo de "Arbor" sobor Feixóo está feito de anacos mal remendados dun capídoo do meu libro que me pediron e da composición do tren soio deixaron a máquina e algúns vagóns sen ordre, co que falla o esprito e alento. O dos poemas curtesáns, hastra un pouco eróticos do P. Feixóo me non sorprende. Pois era costume, obrigazón case de home de sociedade, xeneral e obrigado incruso nos conventos de monxas ouservantes do XVII e o XVIII. Maxínese unha pequena sociedade de capidal provincial. Non abondan os mitos pra encher o valeiro das noites nin o barroquismo e ópera da Misa cantada como na aldea. O home —e máis a muller— precisan de "teatro". Pra podere entreter ao espeitador que todos levamos, terrible, eisixente, disconforme, drento. Hoxe o cine

e a tele compren a misión fadal que dinantes as églogas e as pequenas comedias e loas de aficionados. Un home de sociedade debía facer todo iso e charadas e acertixos. Hai que gandir o tempo valeiro. Iso chegou deica fins do XIX. Onde había rapaces se facían comedias. E facíanse nas vendimas e nos pazos. E nas cidades finas circolaban as letrillas e as pastorales. De Ourense do XIX podo citar cónegos e cabaleiros obrigados a istes xogos. Aínda hoxe nos xantares internos dos xesuítas hai retesías e pequenas composicións. Todo home de letras ten a súa vaidade e gosta do aprauso das xentes de salón e das dàmas. A metade da millor literatura —dende o Hotel Rambouillet a Herrera en Sevilla, na sabia Xermania (Wieland como Goethe, poetas de "boudoir"), na Rúa Nova do XVIII— fíxose asín. A derradeira manifestación foron os versos nos leques. Todo findou dende o trunfo do teatro e das pantallas e a morte do principado do clasicismo cuia derradeira xeneración foi a miña. Eu non sei por qué se cultiva unha oposición de signo Sarmiento-Feixóo, desnaturalizando unha emozoante amizade. Entramos tiñan fe no mesmo: e frai Martín era tanto ou máis borbonista que Frai Bieito. Frai Bieito fixo tremendos sacrifizos pra eisaltar a intelixenza e o papel do home no cosmos asegún as primeiras verbas do Génesis que toda a vida o ispiraron. Non sei cál será a sorte do meu libro. Traballei moito nil. Parés que se ten medo ao custo da impresión.

Soupen o homenaxe dos poetas ao seu irmán maior, Pimentel. Debeu ser fermoso e fondo. Pro na aldea sempre as cousas sábense seródeas. E deica o lus de Páscoa. Mañán irei pasar o día a Trasalba. Os vellos ca nosa tristura, nosos metafísicos medos, as arroutadas tolas de vila, as roínas dubidosas dos nosos seres apoiadas en caxatos de argumentos románticos, estamos millor perto das vellas roseiras que arrecenden pra todos e do amor dos soutos agora vagamente verdecentes. Saúdos de Fita. Lembranzas de entramos a Isabel. Sempre vello amigo e irmán con fondas apertas.

Ourense, 5 do agosto do 1966.

Sr. D. Ramón Piñeiro
Middlebury - Vermont

Benquerido e lembrado amigo:

O saúdo dise profesor chino ben val o viaxe. Ha ser home afeito a considerar horas inteiras as nubes e bogar á lus da lúa en lagos outonizos. Parques verdecentes, silenciosos, mulleriñas loiras con Santayana e cecáis aínda Emerson a man, a neboeira de recendos mariños do falar inglés que aquece, e tamén pescudar intres calmos e reviravoltas de Ortega aínda non destituido do seu maxisterio de mañán, ten de sere pra Vde. boa cousa, un folgo tamén e un ensaio valioso pra os amigos de Vde. e pra Galiza.

¡Houber dado cinco trabes da miña salaiante carballeira da Fontela por escoitare as súas leicións! Graciñas pola postal e máis a carta chegadas fai uns minutos. Nefeuto mañán saímos pra Santander. Trasalba ficaba moi alfaiada de medas de pan e con sombras atal femeninas e doces que dá delor o pisar nelas.

No Apóstolo fallaba moita xente de Santiago. Hoxe manda a praia. Falamos con Isabel a quen atopamos moi ben, e ca irmanciña de Vde. Eu na Misa de Rosalía estiven sempre pensando no "Vello dos Contos". O fillo de Risco vai de profesor ca dona, en moi boas condicións, a unha Universidade de Nova Inglaterra no Canadá.

A tempada de Vde. ha ser de moito proveito pra os roteiros da nosa cultura. Moi ledo ca súa impresión do galeguismo de Emilio González López. Ten sofrido e trunfado. Mais soio agora se descobre nas súas íntimas illas do esprito. Prégolle unha aperta miña pra il. As cartas de vostede teñen unha virtude fortecente pra min. E dela preciso moito. Fállanme, si Deus axudar, 19 meses pra enteirar os 80 anos. E aínda teño pulos pra facer algo. En Santander estou en Lealtad 24. Escribireille. Nestora na vella casa da rúa da Paz ando arranxando libros. Os García-Sabell deben saír un día distes pra Estoril. ¡Que traía boa colleita de ponlas novas pra manter a lapa cantareira do fogar compostelán e galego! E con saúdos de Fita unha aperta do vello irmán e amigo que moito lle quer.

Ourense, 5 do febreiro do 1967.

Sr. D. Carlos A. Baliñas Fernández
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo:

Estaba ista mañá ás once e tres coartos repóndome cun biscoito mollado en viño branco do Val de Verín —pois os anos moitos e os traballos non poucos precisan de reparos— cando chegou, reexpedida de Trasalba a súa agasalleira carta. Xa fai tempo que hai especulantes sobre a miña morte. Un amigo que ten o suplemento do Espasa mirouno a pedido meu e soio encontrou unha nota biográfica verdadeira. Debe haber un suplemento do Espasa grande e outro do Espasa pequeno. Eu poucas veces miro os xornales da Cruña. Agradézolle moito a información. Quezáis considerada miña grande idade quixeron adiantar unha miga o fadal. Si Deus axudar fállanme un pouco máis dos trece meses pra enteirar os 80. O grande bater dos timbales na sinfonía. Non sofro de doenza coñecida. Mais asegún decía Pedro Simón Abril, tradocindo unha frase latina "la vejez es en sí harta enfermedad".

Eu paso moito tempo na aldea. Nestora, cando medran os días,

xa bulo por algún viaxe curto. Sempre o primeiro a Compostela. Terei a regalía de falar con Vde.

Ditoso ano —xa vai embora máis dun mes— con saúde, paz e bon traballar. Sempre vello e agradecido amigo con apertas.

Ourense, 28 do maio do 1971.

Sr. D. Carlos A. Baliñas Fernández
Santiago de Compostela

Meu querido e lembrado amigo:

Moi ledo ca súa carta. Emocióname o traballo e como se queima pola miña causa. En verdade vánseme descobrire rexións e arquiteituras miñas e das miñas arelanzas das que estou esquencido. Non morrerei illado. Graciñas.

Sí, colleume unha "bronquitis difusa" de ben má caste e perigosa nos meus anos. Mais voume repondo. E xa empezo a orgaizar unha miga os meus traballos.

Eiquí bate nas xentes unha ondeada de loucura. Quérenme ¡en vida! adicar unha rúa, é pra adoecer. E por si fora pouco agora chouta un crego vello da raia portuguesa propondo unha estauta e ofrecendo 20 mil pesos de primeira aportación.

Non teño idea de tantos artigos como escribín no "Emigrado". O home de aquil xornal é D. Manoel Barros "Ken Keirades". Vive no Sol - A Estrada. Il xa non pode maquiar pé nin man. Pro ten fillos.

Iso do debrocamento da Universidade na Terra debía comenzare por decrarar oficial o galego, creare as cadeiras competentes e pidir que por vergoña se non propoña Lei de Emigración. Ista é un feito ventureiro, pasaxeiro, non pode nin debe ser ouxeto de Lei. ¿Ou é que pensan ser do íntimo e cerne feitío da Galiza?

As tres penínsoas enxoitas, clásicas do Sul de Europa, agora encóllense pra lle engrasare os zapatos ás nacións da "Mittel".

Por eiquí segue a invernía. Non maduran as cereixas nin o centeo. Benquerido amigo ¡quen me dera botar unha boa latricada con Vde.!

Saúdos de Fita pra Vds. e os meus pra a súa dona —b.ss.pp.— e filliños. Sempre seu vello amigo.

Trasalba, Ourense, 29 do xaneiro do 1971.

Sr. D. Carlos A. Baliñas Fernández
Santiago de Compostela

Meu querido amigo:

Moito penso na visita derradeira de Vde. á miña casa. Foi un dos días máis venturosos da miña vellez. Aconteceu que camiñei

a Vigo onde tiven unha conferenza. E ao voltar, non sei si polo inverno, ou algunha doenza agachada, atopeime triste, sombrizo, derrubado. Soio me consóa e me ergue o amor dos amigos como Vde. Preocúpanse dos escritos meus esquencidos. Cando eu tiña 15 anos e sentía falar a meu pai dos vellos mestres de Santiago, dos conventos abandoados, dos poemas de Aurelio, que circolaban manuscritos entre os estudantes, eu vivía nun tempo tenro e orgoloso moi fermoso por non ter chegado a rego. Eu sabía de coro a Guía do Viaxeiro en Santiago de Félix Moreno Astray con moitos engadidos de Neyra de Mosquera. Algo non desemellante acontécelle a Vde. ca xente de Nós e conmigo por sere o soio que aínda boto ás veces unha soma polas rúas. Agora enxergando meu pasado pido a Vde. que me ilustrar. Eu non miro claro. Pois sin que Fita, miña esposa, se decatar ando istes días pouco valente. Quedei en mandarlle algún tídoo que me figurara doado. Non chouta ningún no meu maxín, coberto de cinza volcánica e fría. Millor Vde., con máis circolar e fondo enxergar. Eu empezo por me non lembrar ben dos asuntos, non os vivo. Precisaría mergullarme de novo no meu pasado. Eu estou conforme e agradecido cos rubros que a vostede se lle ocurran. Si non, hai de agardar a que iste corazón deixe de me anguriar. Istes días soio podo catalogar libros e iso é o que estou facendo. E algo, non canto noutra situación poidera, no XIX galego.

Perdoe, meu querido amigo. Eu non podo correspondere sinón co silenzo emozoado. Estamos eiquí us días, poucos. O 3 xa voltamos á rúa da Paz. Despóis eu, si podo e teño azos, virei como sempre tódalas semáns.

Escríbolle na outa noite. Si entrabro un chisco os madeiros brilan moi lonxe luces de Listanco, de Maside, de Cea. Que teña unha boa noite e moitos venturosos días ca súa dona —b.ss.pp.— e filliños. Espero vernos logo. Non pode se demorar moito o ingreso de Enrique Vidal Abascal na Academia e para a Cruña pásase por as Quintáns. Adeus. Unha grande e calada aperta.

ZACHARIAS WERNER

No outono de 1934, don Ramón Otero Pedrayo ve saír dos prelos de "Nós", en Santiago de Compostela, a súa obra *Fra Vernero*. Trátase dunha biografía do escritor alemán Zacharias Werner (1768-1823), pro é, asemade, unha visión do século XVIII europeo, e un análisis, non por poético menos real, das correntes ideolóxicas que, coma ventos tolos, corren de aquí pra acolá sobre a vella pel da eterna Europa. Trátase dunha obra de don Ramón poucas veces citada entre as de que foi autor, e coido que apenas leída. Hai nesta obra, de súpeto, un gran amor de don Ramón polo Werner, e un gosto por contar a peripecia vital do autor de *Atila, rei dos hunos*. Aparez ben craro que Otero Pedrayo ademira a grande vitalidade de Werner, ese desbordo de mente e de alma e corpo do escritor. Werner, coas súas esmorgas, cos seus berros, coas súas paixóns como fogueiras, desmesurado sempre, é como unha tempestade. Don Ramón confesa que de neno léra moitas veces "un artigo curto, mistura de adimiración e piedade encol de Zacharias Werner na vella revista europeizante *El Museo de las familias*. Despóis atopéi a mesma figura e uns fragmentos dos seus dramas no sonado libro *De l'Allemagne*, de Mad. de Stäel. E non soupen apenas máis. Nas historias literarias, é apenas Werner un nome entre dúas datas". E "querendo gardar un pouco da emoción que me espertóu nos primeiros anos, compuxen estas páxinas nas que non sei ónde remata a historia e ónde empeza a maxinación."

O que hai que decir axiña é que *Fra Vernero* de Otero Pedrayo é en moitos aspectos un libro werneriano, un libro con *esceas wernerianas*, con páxinas nas que está ese mesmo gosto de Werner por estas esceas na que o presente é tamén sí o pasado, e as verbas carréganse de futuro. Werner é un soñador que profetiza, e don Ramón co seu inmenso poder de evocación fainos ver o pasado vivindo no presente, xermolando a cotío. Werner é outro grande evocador; no *Atila*, en *Wanda, raíña dos sármatas*, en *A Cruz no Báltico*. Werner

quere restaurar o pasado cos seus grandes retratos, que ás veces están feitos de miniaturas, de pequenas esceas, da sombra que deixa alguén que pasóu —Werner conocéu a Chamisso—, de fantasmas que retornan na hora vespertina —Werner conocéu a Hoffmann—, dun encontro no camiño.

Xa dixemos da desmesura de Werner, a grande necesidade que ten de verbas, de séculos, de espacios. O xenio de Werner acada a súa hora máis outa co *Martín Lutero ou a consagración da forza,* unha traxedia en cinco actos, con tumulto de mineiros, co proceso de Worms en presencia de Carlos V, con Lutero queimando a bula papal, pro tamén co Lutero relixioso escribindo o himno "Fortaleza firme é o noso Deus", e o Lutero amando á mística Catalina, e uníndose a ela en matrimonio, unha soia alma e unha soia carne. Werner podería haber engadido cinco actos máis á traxedia, e aínda lle quedaría que decir, aínda seguir reconstruíndo a Lutero, o reformador... O que estas liñas escribe, algunha vez escoitando falar a don Ramón —lémbrome especialmente duns "Xogos Froráis" en Betanzos: unha oración de cáseque dúas horas a súa—, entendía ben por qué Otero Pedrayo puido amar a Werner, pra quen endexamáis houbo ruínas, porque a súa ollada veía en vivo o que foi. Esa é a maxia dos evocadores, como Werner, como Otero Pedrayo, como o mesmo Chateaubriand.

Neste pequeno libro —Napoleón entra en Varsovia, os funcionarios prusiáns fican sin emprego, Werner sae na primeira dilixencia— Hoffmann expricaralle a Werner a razón do trunfo de Napoleón: "o viño éche o grande Deus ex machina das traxedias da historia. Os escadróns do Corso trunfaron nas cárregas de Iena porque os cabalos ían borrachos de viño da Champagne"; Napoleón bótao a rodare (a Werner) polos camiños da Europa: "agardaban as donas, os viños, as filosofías, polo seu cabaleiro andante"—, don Ramón Otero Pedrayo quere darnos o retrato da Europa dos derradeiros lustros do XVIII e os os primeiros do XIX. Da Europa que vai a percorrer Werner. Trátase dun capíduo, o V de *Fra Vernero,* no que coido que está a máis crara amosa de como don Ramón ollaba o que se chama "o decorrer da Historia". Comeza, inesperadamente, polo Café Pedrochi, de Pádua —"Fóscolo, no café, pensa estar arrodeado de ruínas"; ¿cántas veces no café, na tertulia, non pensóu o mesmo don Ramón?—, pra seguir cunha deliciosa estampa de Mozart neno, e máis aló Xohán Xacobo cun pranto dos salgueiros de Ermenonville; a batalla de Fonteney de 1745 —"messieurs des Gardes françaises, tirez!"—, o Hanover cego tocando ao piano, en Windsor, uns temas dunha sonata de Haendel; Voltaire viaxando de Ferney a París; Chateaubriand, o fidalguiño de Combourg adolescente; a alegría milanesa que logo contará e aínda vi-

virá Stendhal; as mañáns de Tubinga con Hölderlin, Schelling, Hegel; o 1794, —"está, suliña don Ramón, millor dito en francés: quatre-vingt-quatorze"—, con André Chénier na prisión e na guillotina. Nestas estampas revive un século, e coido que seña, quizáves, o máis outo momento de Otero Pedrayo como evocador. Pro é tamén un intre no que don Ramón é werneriano, ao xeito de *A Cruz no Báltico,* e mesmo de *Wanda, raíña dos sármatas.*

Resta, neste libro, a viaxe espiritual de Werner, o seu bautismo en Albano, a súa ordenación sacerdotal en Salzburgo, o seu retiro ao convento de Mariazell —tan vencellado á pelerinaxe xacobea—. Xa cando Werner escribía o seu *Martín Lutero* e o estrenaba nun teatro de Berlín, estaba perto do catolicismo. A súa conversión e o seu bautismo e ordeación sacerdotal, van erguer muitas bulras en Prusia, en Berlín e en Koeningsberg. Otero Pedrayo refai algunhas delas: "esta treición ao esprito do norde é propia do parásito bohemio", "o vello porco quere engrasar no cortello dos frades", "é o bandullo trunfando da razón". Pro a conversión de Werner non foi unha das provocadas pola moda de aquel intre. E no libro de Otero Pedrayo hai unha páxina de adiviñación xenial, na que conta a suposta conversa entre Dalberg, "a meirande figura do catolicismo político i ecresiástico da Mittel-Europa", príncipe-arzebispo de Salzburgo, e Werner, que se dice convertido: "Desconfío, dille o príncipe de Salzburgo a Werner, das conversións estéticas postas á moda polo goticismo. Son tan histriónicas como os suicidios wertheriáns, e os bandidos botados á selva ao día seguinte dunha boa representación de Schiller. E conta que eu sempre tiven á beleza por un dos millores camiños da relixiosidade, sobre todo nas terras do norte, onde hai unha arelanza de pureza metafísica do mirar en abstractos símbolos o que outros miran vivente coa mistura de formas transitorias da vida". Werner, humilde por primeira vez na súa vida, confésase: "El Señor permitíu que baixo a entroidada do pseudo Dr. Fausto das tabernas, do energúmeno das loxias, do silenzo das noites alcohólicas da Xermania, tivera ficado un xerme do Zacharias neno que co sol franciscán desabrochóu". Don Ramón estivo presente, á vez na mente do príncipe e na alma do converso.

Nun certo senso, e deixando aparte o feito de que se pode tratar neste libro dunha biografía de Werner, en *Fra Vernero* está a máis amplia, doorida e gozosa á vez, sabia e profunda, ollada de Otero Pedrayo sobre Europa, os pobos, as ideas, emocións e momentos que a formaron. E pode rematar ún estas poucas liñas perguntándose quén, no noso tempo, con tanta beleza, podería facer outro tanto.

ÁLVARO CUNQUEIRO
Vigo

DON RAMÓN, VENCELLO DE UNIDADE

Penso que é moi cedo aínda pra poder escribir, decindo algo de proveito, sobre don Ramón. Cando menos pra mín. O meu pensamento e o meu corazón atópanse turbados pola ferida, fonda e sangrante aínda por moito tempo, que a súa terrenal partida abréu no cerne do noso barro mortal. Ao igual que na morte de un pai, será mester agardar a que esta nosa door amargurada se troque co tempo en saudosa lembranza do inmenso ben perdido, pra que, sen menguar o amor que sempre lle tivemos, podamos algún día serea e docemente falar da súa obra, rememorar o seu saber inmenso, facer comprida loubanza das abraiantes condicións humanas do Patriarca e mirarnos sempre no espello da súa vida exemplar. Canto agora digamos desde a nosa aceda orfandade estará embazado pola vagorosa néboa que desde o fondo da alma rube deica os ollos anubeando a claridade dunha imaxe nítida e ben amada.

Aínda así non nos é doado o silenzo —que sería a millor homaxe—, senón que se require de nós, seu compañeiro nestes derradeiros anos, un testemuño encol de aquela faceta da súa inmensa persoalidade que atopemos máis sobranceada nel. Dentre tantas como poderíamos mentar, penso que ao longo da súa fecunda vida descóbrese unha constante que ven ser o eixe da súa persoalidade interior e o reflexo da mesma en todos nós: a xenerosidade, a doación integral. Dito doutro xeito e coas poucas verbas precisas: don Ramón sentíu a chamada da súa Terra, foi sempre fidel a este amor e, de mil fermosos xeitos, foi chantando ese seu amor na mente e no corazón de todos nós.

Todo home nace pra cumplir un destino providente. E o destino primordial e trascendente de don Ramón foi dentro da galeguidade o de ser vencello, forte e tenro, de unidade entre todos os homes da nosa estirpe. Deus derramóu na súa persoa dotes e cualidades tan senlleiras que lle permitiron cumprir doadamente o designio que lle fora confiado. As regalías que don Ramón recibéu a mancheas do Creador non foron usufructuadas polo seu destinatario, pois fíxonos delas xenerosa donación comunal. Por eso mesmo, ningún dos grandes homes galegos dos derradeiros tempos gozóu en vida de unha persoal afeizón colectiva, vibradoira e cordial, como a que sempre cinguéu a persoa do noso Patriarca.

A nota esencial que define a don Ramón é a relixiosidade, fondamente sentida, fecundante da súa caudalosa obra literaria, vivida con vontade trascendente para a vida do seu esprito. Dela arrinca a súa galeguidade: o seu amor a Galicia e aos homes desta Terra.

A súa persoa física, ergueita e lanzal, o natural señorío do seu porte exterior, a cordialidade desbordante, o optimismo da súa visión da vida, a fonética da súa voce gasalleira, a súa inmensa cultura trasmitida a través da fervenza da súa elocuencia barroca, etc., facían del un home singular, sempre propicio á comunicación con todos dun xeito natural, refugando calquer forma de vaidade ou de pedantería. Unha soia verba de don Ramón desfacía calquer nubeiro entre os homes ou resolvía calquer situación arrevesada. A natural simpatía e a xenerosa liberalidade do noso fidalgo Petrucio tiñan ese misterioso poder catalizador.

Como bon humanista —clave esencial para a interpretación da súa obra e tamén a súa conducta humana— estaba por enriba das pequenas e cativas cousas, e el elegantemente non se mesturaba endexamáis nas ruís loitas nas que as máis das veces nos perdemos os homes. Don Ramón foi sempre un esprito integrador, clave de todos os arcos, fito senlleiro de todos os camiños, respetado e benquerido por todos, aínda que non tanto como era merecente.

Estóu certo de que todos concordaremos en que non temos coñecido ningún outro home que tan afervoado culto teña rendido á amistade. Desta nobre proiección do seu corazón dan rexo testemuño moitos dos seus libros —*O libro dos amigos, Vida de don Marcelo Macías, Homaxe a F. Cuevillas,* os seus prólogos a todo autor novel, os milleiros de conferencias, etc.— e todos os actos da súa longa e fecunda vida. Quen non entenda ben a verdade de esta afirmación é que non coñecéu a don Ramón. Entón, que pregunte.

Como se ve, non estamos a falar do escritor, do sabio e do intelectual —eso queda pra outra vez—, senón do home. Con razón Cabanillas lle chamóu "cabaleiro sin chata, carne de corazón", e dixo:

> "Por enriba do artista, o home aínda é millor
> pola súa bondade, pola súa enxebreza,
> polo seu señorío, dozura e sinxeleza."

Na medida en que don Ramón, intelectual, escritor europeísta, historiador da nosa cultura, etc., se remontaba aos máis outos cumes ou a súa torrencial facundia abraiaba os auditorios facendo imposibel seguilo nas súas faiscantes interpretacións, nesa mesma medida o home, na súa natural conversa, no seu obrar cotidián, estaba moi perto do amigo e do irmán e con el compartía ledicias e angueiras. Era tan xeneroso que todo o que tocaba quedaba enaltecido pola súa palabra e pola súa estima e igualado a el, erguido deica el pola gracia comunicativa e transformante que de el dimanaba.

Como todo grande home, era humilde e sinxelo, cheo de bondade humana. Nunca falóu mal de ninguén, aínda que tiña un coñecimento certeiro das xentes, da diñidade dos actos da persoa e practicóu de por vida —e en intres certamente arriscados— unha esixente conducta ética persoal, que foi cecáis a raíz máis forte do seu prestixio como criatura humana. Nos derradeiros meses da súa existencia percibíase ben ás claras que quería deixar constancia do seu

claro xuicio sobre certas encrucilladas e actitudes persoáis dos demáis e súas sobre as cales, denantes, tiña mantido un respetuoso silenzo. Pero foi sempre o home da concordia, da tolerancia, da xenerosidade; tamén da diñidade. Na dramática foula da guerra civil soupo manter valentemente a nídia representación xeneracional que ostentaba tan sobranceiramente e foi pra todos o guieiro nesta longa noite, pois mantivo incólume a súa fe na forza do galeguismo e comunicóunos a todos o seu colleitizo enchocho.

Somentes deste xeito podemos entender agora o feito do sentimento tan verdadeiro e universal que o seu pasamento causóu en todos os estamentos do mundo galego. Esta tremenda conmoción experimentada pola comunidade galega diante da morte do Patriarca fíxonos lembrar algo que el mesmo nos tiña repetido en certas ocasións ao referirse ás mortes de Rosalía e de Castelao e que eu mesmo teño tamén dito xa máis de unha vegada.

A morte ten na entraña mesma do noso pobo un excepcional poder aglutinante, debido cecáis a que ningún outro profesa tanta afeizón á creencia no dogma da comunión de vivos e mortos.

A morte de don Ramón sacudéu a conciencia da comunidade galega dun xeito sin dúbida máis forte que a de Rosalía e a de Castelao, especialmente si temos en conta a persoalidade diversa dos nosos tres ilustres devanceiros. Certo que se trata dos nosos tres mortos máis insignes dos tempos modernos, e certo tamén que ninguén sentíu tanto, como Rosalía e Castelao sentiron, as mágoas e as inquedanzas do pobo galego. Evidentemente Rosalía e Castelao chegaban máis ao pobo que don Ramón. Non embargantes, aínda que os tres son os mortos que con máis forza convocan á unidade de tódolos galegos, penso que no caso concreto de Rosalía, aínda que non tanto no de Castelao, ese poder de convocatoria é un feito a posteriori, esto é algún tempo despóis da morte dos dous. En troques, a tremenda sacudida experimentada na comunidade galega á morte de don Ramón foi instantánea, inmediata e universal. Por outra parte, si se ten en conta a condición de intelectual puro de don Ramón, menos accesible polo tanto á maioría do público, é forzoso pensar que, por outros camiños, o Patriarca ganóu o amor afervoado do seu pobo. Cecáis teñamos que pensar na súa condición de orador, pero hai que ter en conta que, aínda que don Ramón se prodigaba en conferencias, éstas, certamente moi concurridas, non podían ter audiencia multitudinaria pola temática das mesmas e o círculo pechado en que se profesaban. O nome de don Ramón estaba aupado de un lado polo prestixio que tiña nas minorías selectas e intelectuáis, e por outro viña fortecido pola exemplar conducta cívica da que todos eran sabidores. Novamente, pois, os versos de Cabanillas:

"Por enriba do artista, o home aínda é millor."

"Tal reverencio e quero ó noso don Ramón
cabaleiro sin chata, carne de corazón."

Todos somos deudores a don Ramón de infindas e moi bélidas

cousas. Foi el quen sementóu en nós, coa súa inmensa cultura, coa súa faiscante simpatía, o amor á nosa Terra, ao seu pasado histórico, unha nova emoción diante a beleza da nosa paisaxe, e nos díu fe e confianza no noso futuro. Foi el quen dignificóu e conquiríu co seu propio esforzo unha cobizosa perfección da nosa língua. A nós hónranos a gloria de télo por "capitán dos bós e xenerosos".

En ningún intre, nos derradeiros cen anos, o noso pobo se sentíu máis unido que nestes días do pasamento de don Ramón. Unha mesma anguria estremecía deica as súas raíces máis fondas a conciencia comunal de Galicia. O pobo tivo conciencia, desde as fontes máis amargas da door, de que perdera o vello Patriarca, esculcador do pasado da Patria e alentador da espranza no seu futuro. Todos, espontáneamente, se decataron da pérda comunal. Non morría un mito, senón un home que, como poucos, foi e seguirá sendo a nosa máis limpa bandeira, o símbolo máis fermoso da estirpe galega. Os estamentos máis diversos, mesmo círculos reacios e alleos romperon vellas amarras e participaron na door colectiva. Pola súa parte, a Eirexa galega identificóuse na oración comunitaria coa door do seu pobo, do que Ela debe de ser sal e fermento. Os cinco bispos galegos participaron nas honras fúnebres concelebrando a Eucaristía e as exequias en língua galega, tan brillantemente arrequentada por don Ramón.

Foi o seu enterro a primeira manifestación —clamorosa, sentida, emocionante— da unidade de Galicia, ao redor do corpo vencido do Patriarca. Este feito é o trunfo póstumo da vida e da obra de don Ramón, a aprobación colectiva e o aplauso apoteósico, multitudinario, por unha tarefa ben feita, por un destino doadamente servido. Cecáis un milagro que somentes el podía acadar, pra consolo das bágoas nunca sobradas pra decir a nosa anguria.

A entrada na catedral do corpo de don Ramón metido no cadaleito de táboas da araucaria, o arbre irmán, nun día mormallento, como expresión da cósmica door da terra, sin a beleza da luz das once tan finamente loubada polo difunto, acollido polos cinco prelados mitrados, era o parabén que a Eirexa daba á vida santa do home de fe sinceira e ao exaltador máis cumprido dos valores raciáis e culturáis do noso pobo. Nunca escoitamos con máis limpa emoción os cánticos dos salmos: *In Paradisum deducant te angeli, in tuo adventu suscipiant te martires, et perducant te in civitatem sanctam Ierusalem.*

¿Perderemos, coa morte do Patriarca, este vencello, tenro e forte, entre todos nós? De ningún xeito. Sería tanto como recoñecer dúas cousas nefastas: a ineficacia da vida e do exemplo de don Ramón e unha deslealtade á súa memoria inmorrente. Se nos estimamos en algo, se non queremos que nos chaten, xustamente, de desleigados, teremos que pensar que, de eiquí en adiante, privados do seu petrucial consello, a invocación do seu nome terá a sobrenatural forza de apretarnos a todos aínda máis do que a súa soia leda presencia tiña a inmantada virtude de facelo. ¿Non é verdade que todos nos

sentíamos acochados baixo das longas ponlas do rexo carballo petrucial, chantado e ergueito no valeroso chan galego?

Cal outro Moisés, morréu ben perto da Terra prometida. Déixanos cangados coa tremenda door da súa partida no mesmo intre en que polo ceo da nosa Terra vai enxergándose a alborada do seu rico porvir. El, que sempre tivo fe na Resurrección e gostaba de cantar o responso do *Credo quod Redemptor meus vivit...*, adiantóu a viaxe, pra dende o Alén, desatrancarnos os camiños e seguir sendo, dende o relampo da Gloria de Deus, noso Padroeiro.

¡Qué negra tristura a de arestora na Galicia militante! ¡Qué ledicia inmensa, pola contra, na Galicia trunfante do Alén!

Así ha de ser, ben axiña, a da Galicia de mañán.

XULIO FRANCISCO OGANDO VAZQUEZ
Ourense

CANTO AO MESTRE MORTO

Aquí estóu, disposto a entregar os derradeiros latexos do meu corazón pola Galicia, por vosoutros, pola galeguidade, pola libertade. ¡Viva Galicia!
RAMÓN OTERO PEDRAYO. Rianxo, 27-9-75.

Escríboche de "tí": siño evidente,
mestre plural, de que te fuche. Míranos
orfos do teu saber, vello petrucio
das palabras belidas —derradeiras
ditas ao antergo xeito (frol e froito).

Cultor inmorredeiro da amizade
no Libro dos Amigos,
derradeiro de Nós, das Irmandades:
parten contigo un chisco,
nesa entrañable crónica miúda
que levabas, no cerne teu, de todos,
Castelao, Vilar Ponte, Lugrís Freire...

Hoxe, esoutros amigos de granito
do milagreiro Pórtico da Groria,
os ventos celtas que no Orzán falábanche,
a escuma das ribeiras de Alén mar
que te víu saloucar polo Daniel,
o queixume infinito dos piñeiros
de Pondal, máila ollada doorida
de Rosalía polos nosos eidos,
a esgrevia pedra do nadal Ourense
e a férrea lira do coitado Curros...
son o imenso ronsel que te acompaña
e te ergue no vó que escomenzache
—cabodano cabal da túa Fita—,
coma se "polos vieiros da saudade"
foses a percurala
"pra morares cos xustos nas estrelas".

Mais nós non te perdemos, mestre. Ficas
nos corazóns galegos. E por eles
tí verála inminente singradura
desta enxebre Galicia, paixón túa,
que ha rexurdir mañán sobre os teus ósos.

XOSÉ DEVESA
A Cruña

JOYCE E DON RAMÓN

París, febreiro do 1922. 12 rue de l'Odeon: Unha pequena libretría, a Shakespeare and Company, unha muller resolta que a rexenta, a Sylvia Beach, e o apoio decisivo dun crítico influinte no mundo literario da época, o Valery Larbaud: Remata de sair do prelo, coincidindo co coarenta cumpleanos do seu autor, James Joyce, o libro máis controvertido das letras occidentales no que vai de século: ULISES. A aventura intelectual —i editorial— que levóu á súa publicación íntegra ficóu consumada aínda que non concluída.

Nefeuto, algúns anos antes dista data a editora da revista londinense "The Egoist", Mrs. Harriet Shaw Weaver, conseguira imprentar serializados e considerablemente expurgados uns poucos capítulos da obra. Cáseque ao mesmo tempo, en New York, Mrs. Margaret Anderson que editaba a "Little Review", publicaba pola súa banda e por indicación do seu corresponsal en París EZRA POUND outro fato de capítulos, aínda que nista ocasión sin que interviñera a autocensura do tipógrafo. As consecuencias pra a revista neoiorquina foron, a nivel legal, penosas: catro meses de suspensión, multa, e queima inquisitorial dos exemplares nos que aparecían os capítulos 8, 9 e 12 (?).

Doutra banda a sorte que tiveron as edicións sucesivas que apareceron a partir do 1922, xa íntegras, non foi moito mellor: 500 exemplares da segunda edición queimados en New York e outros 500 da terceira confiscados en Londres —ámbalas dúas co pé editorial da Shakespeare and Company— amóstrannos unha imaxen desacougante dos niveles de tolerancia nos países pretendidamente ceibes.

De tódolos xeitos non é iste, o da aventura editorial [1], o tema encol do que estamos a tratar hoxe. A nosa preocupación encamíñase a trazar, nunha breve nota, as relacións que don Ramón e, conseguintemente, a cultura galega, tivo coa obra de James Joyce. Sirva isto, non embargantes, de obrigada introducción ao ulterior proceso de penetración cultural que a traveso de traduccións máis ou menos fidedignas a outras língoas convertiron o *Ulises* no máis importante elemento do xiro que iban dar os presupostos estético-literarios vixentes.

[1] O lector interesado polos aspectos bio-bibliográficos pode consultar a excelente, e cáseque exhaustiva, obra de Richard ELLMAN: "James Joyce, a biography". New York, Oxford University Press, 1959.

No número 32 da Revista NÓS do mes de agosto do 1926, aparecen uns anacos do capítulo XVII da novela "postos en galego do texto inglés por Ramón Otero Pedrayo" [2]. Trátase do capítulo preferido de Joyce, "el patito feo" construído técnicamente coma un catecismo de enquisas e respostas e calificado polo seu autor de "unha sublimación matemático-astronómico-físico-mecánico-xeométrico-química de Bloom i Stephen"; na obrigada referencia homérica, seguindo a xa crásica interpretación de Linati, o máis nidio de tódolos dezaoito que compoñen a obra: Itaca. Non embargantes, o derradeiro dos anacos eiquí traducidos, separado do que lle precede por tres asteriscos, coma nos anteriores, non corresponde —e non se fai ningunha acraración— ao capítulo dezasete, senón ao doce. Isto, coma máis adiante imos ver, penso que tén a súa importancia.

Polo que se refire á data coido que, sen ser decisiva, pódenos ser útil pra a clarexar, se fose necesario, e poñer de releve a anticipación intelectual e as relacións de primeira hora dos homes que se moven arredor da Revista NÓS cos cimeiros da cultura europea do século. Non se trata somentes de acceder á lectura do *Ulises*, moi difícil naquil intre [3] senón tamén do feito de se prantexar a súa divulgación i espallamento pola cultura galega. Pénsese que no 1926 o libro non fora aínda traducido íntegramente a ningunha outra língoa e, no orde das versións fragmentadas, soio un precedente que eu seipa: a do Valery Larbaud pra "Le Novelle Revue Française" no mes de abril do 1922 [4].

¿Por qué ULISES? ¿Por qué JOYCE? Penso que as razóns son de orde nidiamente intelectual i estético. Don Ramón encaróuse co Ulises como se encaróu, íl e os seus compañeiros de xeneración, co máis escolleito e conflictivo da cultura do seu tempo e, o máis importante, sen intermediarios. A iste nivel, superestructural si se

---

[2] NÓS, núm. 32.15/8/26: Ulysses (Anacos da soadísema novela de James Joyce postos en galego do texto inglés por Ramón Otero Pedrayo). Páxinas 3-11.

[3] "Los lores —cuenta la tradición conservada por León-Paul Fargue— vendían sus tierras para comprar Ulysses, y estudiante hubo que pasó cuatro días en cama y sin comer para adquirirlo...". (Antonio Marichalar: James Joyce en su laberinto". Revista de Occidente, XI-1924)... "...porque veleiquí un home (Joyce) do que todos temos que falar por forza, sen agarradeira posíbre, porque apenas si pode un conseguir leer un anaquiño traducido coma que a furtadelas nalgunha de esas revistas novas, sin que un poida acadar, a menos de facer pra elo un viaxe longo, non digo xa as obras inteiras, que son cousa de millonarios e de escolleitos, senón nin aínda uns anaquiños en ingrés..." (Vicente RISCO: "A Moderna Literatura Irlandesa". NOS, núm. 26, 15/2/26, páx. 3).

[4] Iñoro, por non ter a man a N. R. F., cales foron os fragmentos que o Valery Larbaud puxo en francés, pero no caso de que a traducción que fixera naquil intre primeiro coincidira ca integral feita sete anos dempóis, en colaboración con Auguste Morel, Stuart Gilbert e o propio Joyce —ista sí a teño dediante— arríscome a aventurar que, aínda que fora coñecida por don Ramón, iste nona tivo en conta no momento de facer a súa versión ao galego.

Na Rúa do Vilar, en Compostela, antre García-Sabell e Fermín Bouza-Brey

Otero Pedrayo nunha das súas actitudes oratorias

O escritor con dous amigos, na Casa "Riojano" en Santander, no vran de 1968

Presidindo unha reunión do Consello de Administración da Editorial Galaxia

Otero Pedrayo na compaña de García-Sabell, Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego

quere, atopábanse moi lonxe de calisqueira xeito de colonización ou asoballamento cultural. As liñas de pensamento que xunguían Galicia co resto do mundo non pasaban por Madrid. Iso víu dempóis; pra sere preciso, dez anos máis tarde[5].

O devandito ven a conto porque podería pensarse que o fenómeno da rápida asimilación do Ulises obedecera a factores doutro orde, por exemplo, pola simpatía puramente nacionalista cara as manifestacións literarias do pobo irlandés, irmán en tantas cousas. Iso tamén é certo pero non no caso de Joyce que foi, obsesiva e violentamente, antinacionalista, aínda que nós seipamos que a obsesión e a violencia señan, moitas veces, indicativas dunha ferida permanente. Un fermoso anaco do Risco, arelante naquil intre de coñecer a obra joyceán, amóstranos iste problema no seu fondo dramatismo:

> "E do irlandesismo d'iste descastado, qu'imos decir? Pois temos que dicir que padece no desterro a obsesión da Irlanda. Que todal-as suas novelas tratan da Irlanda, pasan na Irlanda, e os seus persoaxes son irlandeses. Que non perde de vista a sua terra, que se entera de canto pasa n-ela, que lee todol-os días os xornais dalá, que cantos papeis trae no bolso refírense a ela. Qu'o quò queira facer falar, tenlle que falar da Irlanda. Qu'il é tristeiro, desgraciado, exilado... Polo derradeiro, qu'o seu esprito é fondamente irlandés: irlandés pola sua rebeldía, pola exaxeración, pola paixón, polo humorismo, pola cobiza do misterio, pola rareza, porque non s'limita a ninguén..."[6].

A conciencia do antinacionalismo foi clara[7] e comprensiva no Risco como, meses dempóis, en don Ramón. No capítulo dezasete traducido por íl ao galego os persoaxes Leopold Bloom e Stephen Dedalus coinciden no seu gusto por "unha maneira continental de vivir (mellor) que insular"[8], e no anaco do capítulo doce se nos amostra a máis cruel e caricaturesca farsa sobor da execución dun dos mártires da revolta irlandesa[9].

Non teño atopado a partires do 1926 ningunha outra referencia na obra de don Ramón ao Ulises nin a Joyce. (Non sería ocioso, no porvir, rastrear a posible e positiva influencia do irlandés na

---

[5] Disto non se deduce que a obra de Joyce non se coñecera no ámeto castelán. O artigo de A. Marichalar citado na nota (3) e a excelente traducción que co seudónimo de Alfonso Donado fixo Dámaso Alonso no 1926 do "A Portrait of the Artist as a Young Man" son boa proba dilo.

[6] Vicente Risco: "A Moderna Literatura Irlandesa". Loc. cit., páx. 5.

[7] "Era daquela (refírese á época na que Joyce estudaba na Universidade de Dublín) cando principiaba a renacencia irlandesa. Mais Joyce refusóu de seguila. Desbotóu da súa alma a relixión, *a lengua e o patriotismo* (o subraiado é noso). Loc. cit., páx. 3.

[8] Ulysses (Trad. Otero Pedrayo). Loc. cit., páx. 3.

[9] Ibídem, páxs. 9-11. "Dentro del Ulises tal actitud (la antinacionalista) tiene su condensación más extrema en [12]... En ese capítulo la fantasía sobre la ejecución del joven rebelde irlandés resulta quizá demasiado cruel si se piensa que se escribió después de la ejecución de los jefes rebeldes de 1916" (J. M. Valverde en el prólogo a James Joyce, Ulises. Ed. Lumen. Barcelona, 1976, 2 vols. A traducción é do mesmo Valverde).

obra de creación oterián). Si, en troques, no Risco, que no ano 29, cando as edicións inglesas da novela eran numerosas, e apareceran xa as primeiras traduccións íntegras ao francés, alemán e checo, escribíu unha espléndida "pseudoparáfrase" na que conta como se atopóu con Stephen Dedalus nunha libreiría da compostelán Rúa Nova, e a conversa que tiveron durante hora e media por baixo dos arcos [10].

O interés da intelectualidade galega pola novela de Joyce foi, como queda dito, máis alá dunha pretendida problemática de "hirmandade no nacionalismo". Nista xeira, xugulada un día pero non morta, non é de estrañar que un dos traballos máis fondos e intelixentes na abondosa bibliografía interpretativa da obra do esgrevio irlandés se fixera en Galicia, por un galego i en galego [11].

LUIS MARIÑO
Santiago

[10] Vicente RISCO: "Dedalus en Compostela" (Pseudoparáfrase). NÓS, número 67, 25/7/29. Recolleito posteriormente en "Leria". Ed. Galaxia. Vigo, 1961.

[11] Domingo GARCÍA-SABELL: "James Joyce i a loita pola comunicación total" en "Ensaios I". Ed. Galaxia, Vigo, 1963.

ALGUNHAS ANOTACIÓNS PRA UN ESTUDO CRÍTICO DE "ARREDOR DE SÍ"

1

Arredor de sí, baixo a denominación de "novela", aparece en 1930, editada por "Nós". Ramón Otero Pedrayo tiña entón cuarenta e dous anos. Cinco denantes comenzara a súa carreira de novelista coa publicación de *Pantelas, home libre,* xa premiada no ano 1924, á que seguiron *O purgatorio de don Ramiro* (1926) i *Escrito na néboa* (1927). En 1928 sae a triloxía *Os camiños da vida.*

Despóis de *Arredor de sí,* Otero publica *Contos do camiño e da rúa* (1932), *Fra Vernero* (1934), *Devalar* (1035) e *O mesón dos ermos* (1936). Os anos vinte e trinta foron, sin dúbida, os máis froitíferos en narrativa da longa e ricaz vida literaria de Otero Pedrayo.

O ano anterior á publicación de *Arredor de sí,* o autor fixera a súa única incursión no teatro: *A lagarada.* O ano seguinte, o ensaio *Romantismo, saudade, sentimento da terra e da raza en Pastor Diaz, Rosalía de Castro e Pondal.* Decatémonos de que a década 1926-36 foi especialmente abondosa pola actividade do escritor ourensán.

Tamén compre asinalar a coincidencia cronolóxica i espiritual con *Cousas* (1926 e 1929) e *Os dous de sempre* (1934), de Castelao; *O porco de pé* (1928), de Risco; *Manecho o da rúa* (1926) i *Estebo* (1927), de Lesta Meis; e a obra de Dieste *Dos arquivos do trasno* (1926).

A novela que agora imos comentar tivo unha segunda edición en 1970 (Galaxia, Vigo). Ésta é a que nós manexamos. (Os números románs refírense aos capítulos e os números arábigos ás páxinas, cando facemos citas do texto).

2

A primeira cuestión coa que temos que nos defrontar é a de si *Arredor de sí* é unha verdadeira novela. Cecáis sexa preciso repetir esta pregunta ao final destas anotacións i entón darlle unha resposta máis firme, baseándonos nos razonamentos e nas intuicións que imos propoñer axiña. Endebén, en principio, compre determinar o xénero literario ao que pertece a obra, según a taxonomía xeralmente empregada pola crítica tradicional e a preceptiva clásica. Desta crasificación provisional dependerán, en boa parte, os métodos cos que encetemos o elemental análisis do libro.

"Novela" é o rótulo proposto polo mesmo autor; mais esto non abonda pra aceptalo. *Arredor de sí* é unha narración longa, en prosa, con persoaxes, acción, conversa, descripción paisaxística, etc. Nunha primeira ollada, non dubidamos en recoñecer o que Kayser chomóu "novela de persoaxe", pois que todos os elementos se centran na figura de Adrián Solovio, trasunto do propio autor. Inda nos arriscaríamos a especificar máis: atopámonos ante unha "novela

autobiográfica", mesmo que con certas limitacións; tamén, ante unha "novela de tesis", didáctica, ideolóxicamente orientada.

Noustante, un eisame máis detido da mesma maniféstanos algunhas peculiaridades:

a) A meirande parte do texto é discursiva, non narrativa.

b) Non abondan as descripcións obxetivas.

c) Os diálogos son cáseque nulos.

d) O protagonista non vive: está matinando decote.

e) Os demáis persoaxes son irrelevantes pra a economía do relato.

f) Non hai verdadeira "acción novelesca"; os viaxes e as sucesivas relacións amistosas do protagonista arroupan o espido eixe monosituacional.

g) As citas de escritores, filósofos, pintores, políticos, etc., a carón das abondantes referencias a obras de arte, movementos estéticos, modas, escolas de pensamento, etc., dan un tinte erudito á obra que comentamos.

3

Do que vai dito podemos inferir que a idea esencial de *Arredor de sí* asimesmo puidera ter sido plasmada nun ensaio, ao xeito dos que, encol do problema nacional, escribiran Ortega y Gasset, Maeztú ou Marañón, algúns anos antes. Lembremos as coincidencias cronolóxicas: *España invertebrada* é de 1921; *La deshumanización del arte,* de 1925; *La rebelión de las masas,* de 1930. Ortega é nomeado varias veces na novela.

Tamén ofrece moitos puntos de semellanza cos libros de viaxes ou de paisaxes, coas recreacións dos clásicos e as evocacións literarias, cheas de plasticidade, de Azorín, de Unamuno: *Los pueblos, La ruta de Don Quijote* (1905), *Por tierras de Portugal y España* (1911), *Castilla* (1912), *Andanzas y visiones españolas* (1922)...

Arredor de sí non está moi lonxe das novelas de trazo intelectual como *Troteras y danzaderas* (1913) e outras de Pérez de Ayala.

Certas frases do libro fannos lembrar as "greguerías" de Gómez de la Serna:

"Un pequeno bosque de alciprestes: os pináculos da capela do Condestabre" (61).

"San Xohán de los Reyes, navío de outo bordo que xa soña ca ruta das Américas, luxo de perlado aínda un pouco mañanceiro e feudal xa vestido de novo á italiana" (97).

"Vai desamarrar pra os largos do Atlántico a illa da Cité" (129).

Coidamos, sobre todo, descobrir un forte paralelismo antre *Arredor de sí* e unh novela publicada en 1902 en Barcelona: *La voluntad,* de José Martínez Ruiz. Os mestres da xeneración do 98 están presentes na novela de Otero Pedrayo: Machado, Unamuno, Baroja e Azorín, que é o mencionado en máis ocasións (páx. 12, 96 e outras). A ausencia de Valle parécenos moi sinificativa. Nembargantes, o maxisterio do 98 non se esgota nesas invocacións nominales: afonda no espíritu do novelista (autocrítica nacional, vocación europea, achádego da paisaxe...), anque a súa crítica sexa moito máis velaíña que a dos noventaeoitistas. A novela que estamos a comentar ten algúns puntos en común con *La voluntad* (un dos poucos libros citados polo seu tíduo nesta obra; cfr. páx. 12):

1.º Novela sin acción, monosituacional.

2.º Relato da evolución anímica e mental do protagonista.

3.º Novela culta, chea de erudición, con moitas referencias a escritores, artistas, movementos, ideoloxías, etc.

4.º Pra encarnar as ideas e o seu desenrolo nunha materialidade, acórrese á paisaxe, que é orquestada con sobranceira sensualidade. "Un escritor será tanto más artista cuanto mejor sepa interpretar la emoción del paisaje". (*La voluntad*, cap. XIII da primeira parte).

5.º Un capítulo enteiro adicado ao retrato dun vello crego, home cerne, sabio, bon conselleiro: D. Bernaldo (IV) en Otero Pedrayo; dous cregos en Azorín: Puche (II) e o P. Lasalde (XVI); os tres desaparecen cara a mitade das respectivas novelas.

6.º O viaxe crítico a Toledo, semente da Hispanidade, ancorada no pasado: *Arredor de sí*, cap. VIII e X; *La voluntad*, cap. IV da segunda parte. A esculca no pasado imperial é moito máis radical e negativa en Azorín. Otero, en troques, olla a Toledo coa meirande simpatía, contrapoñendo a súa individualidade mudexarista ao centralismo e á burocracia de Madrid. Toledo aparece asociado a Santiago, na derradeira páxina de *Arredor de sí, como* outra baril realidade ibérica i europea.

7.º Poden establecerse as ecuacións:

a) Narrador de *Arredor de sí* = Adrián Solovio = Otero Pedrayo = A nova Galicia.

b) Narrador de *La voluntad* = Antonio Azorín = Martínez Ruiz = A nova España.

Tal identificación está espresa na páxina final da novela galega; somente implícita na novela do levantino. En ambas, o paso da narración en terceira persoa ao "eu do narrador" faise de xeito doado e natural, como xa veremos.

4

Otero Pedrayo compuxo, a mantenta, unha novela culta. O cosmopolitismo e o aristocratismo de antreguerras embeben as súas páxinas. O escritor, así, está a seleccionar o seu público, inda que non fose súa intención, reducindo o número dos posibles lectores pola acuguladura destes elementos:

As abondantísimas referencias (máis de trescentas) a escritores, filósofos, pintores e músicos de todos os tempos e nacións: Desde Santa Teresa (9) até Balzac (128), pasando polo P. Feixóo (23), Luciano de Samosata (26), Proust (143) ou Ibsen (157), sin azos de amosar aquí un ficheiro enorme i heteroxéneo. Os máis citados son os franceses e, sobre todos eles, Chateaubriand, fonte da prosa barbulleira e apaixoada de Otero Pedrayo.

Antre os pensadores, o máis aludido é Bergson (92, 149, etc.) ao cabo de Kant (63), Spinoza (91), os gregos clásicos (25, 91) e outros moitos.

Dos pintores, prefire ao Greco, teimosamente lembrado no viaxe a Toledo (VIII, X) e, con el, Zuloaga; en segundo termo, os renacentistas italiáns, os mesmos barrocos, algún francés.

O nome de persoaxes históricos esgrevios non é tan abondante, mesmo que moi variado: Idacio (153) e Lois XV (126), Felipe II (31) e Silvela (50), Wamba (99) e Cisneros (96).

A toponimia da novela está tan compretamente representada como a antroponimia; ambas ben merecían un índice total, que non cadra á homildade do noso propósito. O primeiro nome de vila que atopamos é Ávila (primeira liña do relato, séptima verba), seguido por León, Venta de Baños e Medina (7), pra rematar falando de Santiago e Toledo (184-185), despóis de un longo percorrido por Centroeuropa ao que xa nos referiremos. A fonética de Blois, Garonne, Amboise, Chenonceaux (19) contrasta con Espinosa, Sedano, Lerma, Roa, Aranda, Fresdelval (64).

E non somentes vilas e aldeas, senón tamén as rúas, as prazas e os recantos enxebres: Porta do Sol, Alcalá (82), Puerta de Hierro (57), pradeira de San Isidro (32), O Retiro (57), etc.

A evocación, en dous ou tres trazos, de monumentos coma O Escorial (10), a Cartuxa de Miraflores (60), Versalles (56) ou a Catedral de Colonia (150); a mera referencia nominal a obras artísticas como a Virxe das Rocas (131) ou a Capela do Condestable en Burgos (61), sin deterse na descripción (realista ou non) delas; todo esto supón a "complicidade cultural" do lector que, si non cata o valor referencial das alusións, se perde na vaguedade dos nomes propios. O lector sinxelo fica perplexo. O autor contaba co bagaxe cultural amoreado polos lectores tanto como coa súa sensibilidade. Esto é evidente en pasaxes coma o seguinte:

"Tradición española, finas e raras pedras da canteira metafísica, paisaxes dos canzoeiros, ou unha provincia do esprito cultivada por novelistas e poetas e dentro dela un xardín escolleito: paisaxe da Italia renacente, do gran século de Versalles, do Romantismo" (56).

No mismo nivel convén poñer as verbas de línguas estranxeiras que saen no texto, sexa entrecomilladas ou non: demodé (16), trottoir (128), trouvaille (144), vermouth (12), coktail (27), spor (140), dancing (151), piazza (26) e tantas outras; ás veces, son frases enteiras ou pequenos textos; por exempro, aqueles versos de Goethe no cap. XIII (151).

Todos estes elementos xuntos fan de *Arredor de sí unha* novela moi lonxana das adoitadas ao gusto do gran público, que a rexeitaría, asemade, pola cativa "intriga" e a lentitude da narración.

5

Desde logo, o tempo narrativo (máis ben espositivo ou discursivo) da novela ten un desenrolo vagariñento; o tempo físico fica case esquencido, nun segundo termo, xa que non interesóu ao autor; ás veces, seica non é moi preciso.

A obra empeza cos derradeiros fríos e a chegada da primaveira (I). Don Bernaldo morre por San Xohán. Adrián volve prá casa cando a vendimia. Despóis do Nadal, en xaneiro, o pasamento da abóa. Logo, sin precisar a data, Adrián fala coa moza que, segundo descobrimos entón, tivera un fillo de Xacobe Solovio; o neno morrera, Xacobe casóuse e a rapaza vaise pra América (XV, 179). Tendo en conta que o irmán de Adrián chegara á Ribeira pola primaveira anterior, resulta un período moi xusto pra unha xestación normal. De calquer xeito, non se chega á inverosimilitude, sempre no suposto dunhas relacións íntimas moi prematuras e de que o raparigo morrese axiña de nacer. Inda sabemos de outro ano na vida

de Adrián Solovio, un ano de viaxes á costa, a Santiago, á serra. Un ano narrado en poucas liñas. Dous van transcurridos, cando Adrián, xa instalado en Santiago, "tipo dunha xeneración", se sinte unánime con "outros galegos" e nos manifesta seu ideal patriótico (185); é o remate do libro.

A narración non sigue este fío cronolóxico. Hai saltos no tempo, esceas do pasado, que reproduce a memoria (así, Adrián lémbrase do pai, don Bernaldo recorda a súa nenez e mocedade); saltos mesmo de séculos (á Edade Media), por mor da fantasía retrospectiva.

Pero a secuencia temporal ráchase de sócato dúas veces polo menos:

1.ª Ao final do capítulo VIII, don Bernaldo está a morrer e doña María fai chamar ao fillo maior. No capítulo IX, lémos as ledicias de Xacobe, as angurias da nai e a mortal doenza do tío: esto é unha recuada á situación dos capítulos VI-VII; chega Adrián e morre o vello. Pero no comenzo do X, Adrián inda camiña por Toledo, antes da chamada da súa nai: nova recuada, que nos devolve ao remate do capítulo VIII. Este intre ocupa un posto privilexiado na estructura da narración: coincide coa súa mitade xeométrica, vencéllase coa imaxe de Toledo e simboliza na morte do crego, supervivente do século XIX, o fin dunha xeira ben dramática pra Galicia; o inmediato viaxe por Europa deriva deste acontecemento: é a procura da propia concencia e dunha Galicia renovada.

2.ª Cando Adrián desembarca na Cruña, vaise en automóvil pra a casiña da Ribeira, onde se deita a dormir (167). Pero, de contado, o viaxe Cruña-Santiago-Ourense vai sendo esmiuzado pra o noso coñecimento; o autor xustifícao como unha relembranza que Adrián fai xa no leito; pero esta xustificación "a priori" é somente lóxica; a narración recúa: a terceira persoa e o presente de indicativo contradín, estilísticamente, o xeito retrospectivo, que pediría primeira persoa e pluscuamperfecto; pois logo hai ruptura temporal.

¿Estrevemento formal? ¿Erro estético? Non: artice literaria que obedece a un desexo innovador, anque non estea totalmente acadada; barroquismo isolado nunha novela cuia temporalidade semella relativamente lineal.

6

Os eixes espaciales tampouco ofrecen gran complexidade. En rigor, o espacio no que a novela se desenrola é a mente de Adrián Solovio. Non embargantes, a forma escolleita polo autor non foi o monólogo interior, sinón o cuaderno de notas do protagonista-narrador (150), que falaría de sí mesmo en terceira persoa, ao xeito de Xulio César.

Os viaxes teñen máis de evocación imaxinativo-intelectual que de verdadeiro itinerario dinámico-visual. Somentes unha vez o autor fala do tren e da canseira dos viaxeiros. O retorno a Galicia nun barco redúcese a unha enumeración de portos atlánticos e dos seus engados.

O lugar da acción non sería nin xiquera a intimidade de Solovio, que endexamáis chegamos a esculcar directamente. O proceso desenvólvese na esfera do racional e do afectivo pero conscente.

O resto, ese longo itinerario pola meseta e polo continente, son imaxes eslabazadas que dan xeito ás refleisións do escritor; encarnan plásticamente o itinerario espiritual do protagonista.

Con todo, é interesante establecer ese itinerario. Adrián sae da Ribeira ourensá e pasa, antre outras vilas, por León, Venta de Baños, Medina, Ávila e O Escorial; en fin, chega a Madrid (I). Diversos paseos e visitas na capital (III, V e VII). Visitas a Burgos (V) e Toledo (VIII e X). Volta á Ribeira pra acompañar ao vello don Bernaldo no intre do seu pasamento (IX). De novo en Madrid; proiectos de viaxe de estudos ao estranxeiro (X). En París; relacións con Frolinda, a marquesa viuda (XI e XII). Na Alemania: Colonia, Leipzig, Berlín, Postdam, volta a Berlín, ruptura coa marquesa, chamada garimosa da terriña (XIII). Amberes, Gante, Bruxas, Bruselas: regreso á patria por mar: os faros da Mancha, Ortegal, Prioiro; desembarco na Cruña; Carral, Ordes, Sigüeiro e Santiago de Compostela.

Itinerario compostelán: Costa das Rodas, Casas Reales, praza do Pan, Azabacheiría, praza do Hospital, Rúa Nova e carreteira de Ourense. Refírese logo ao Pazo de Raxoi e ao Obradoiro; pero este recorrido non é lóxico si se fai en automóvil; da Azabacheiría á praza do Hospital báixase pasando polo Arco do Pazo, que ten unha escaleira de pedra; unha posibilidade é dar un pequeno rodeo ao Pazo Arcebispal, saíndo da rúa de Valdediós á de San Francisco e, despóis, ao Obradoiro.

Por fin, na casa, dúrmese coas músicas da vendimia (XIV). No derradeiro capítulo, fálase vagamente de viaxes á costa, a Santiago e a serra. Adrián remata vivindo na cidade do Apóstol.

Tanto a precisión temporal dos feitos concretos novelados como a súa precisión espacial teñen sido esquivadas polo autor, nunha vaguedade xeneralizadora que, ás veces, esguella o dónde e o cándo das accións dos persoaxes. A formulación gramatical desta "intemporalidade-inespacialidade" está nos presentes habituales e nos imperfectos frecuentativos i en frases como "ás veces..." ou "sobre todo cando...". Esto pon certa frialdade no relato, inda que non perda a súa forza evocadora.

7

Calquer persoaxe dos que conviven con Solovio na novela pode ser suprimido sin perxuicio da mecánica do relato. A nai, doña María é o vencello humán coa terra, a personificación daquela chamada occidental que coida ouvir desde Alemania; ternura, dilixencia, agarimo. A abóa representa á Galicia do século XIX, coma o seu irmán, o crego don Bernaldo, persoaxe maxistralmente deseñado; a morte déste, supervivente activo do oitocentos, sinala a necesidade de percurar ideas en Europa, móvil do viaxe; a morte da vella tolleita, morta en vida, supón o comenzo dunha nova singladura pra Galicia, unha vez descubertos "os camiños pra atopar a súa concencia" (185). Xacobe é o contrapunto de Adrián: representa o senso práctico, un xeito de vida inxel e rutinario, a ledicia de vivir sin matinacións filosóficas; só ten unha misión contrastiva na economía da novela; ese contraste antre os dous irmáns está suliñado teimosamente polo autor. Frolinda, marquesa de Portocelos, non supón outra cousa que unha aventura erótica, tola e cosmopolita; a figura psicolóxica da viuda non carece de interés na súa decadencia vital, pero tampouco é funcional en realidade; a liorta con ela sobre Galicia e os galegos, que provoca ou apresura a forte reacción de Adrián, ben puidera ter sido con outro persoaxe antigalego. Os demáis (Al-

berte, Matías, as fillas do aceiteiro, o señor Bieito de Medelo) son figuras de fondo do cadro, sin releve ningún.

O único tipo sólido é o protagonista, inda que o novelista non afonde nos recunchos da súa psicoloxía. Por outra banda, no tratamento da figura de Adrián, atopamos un desacerto evidente: o persoaxe esprícase demasiado; os seus motivos, dúbidas e pensamentos están sobexamente xustificados e didácticamente interpretados; ás veces, o libro parece un ensaio biográfico encol de un home de carne e oso (en certo xeito é así: un ensaio de Otero Pedrayo encol de Otero Pedrayo). Inda máis: a novela consiste mesmamente nesa espricitación, que dá un ton discursivo a *Arredor de sí.*

8

O esquema situacional da obra pode ser éste:

1.ª Situación inicial: Adrián Solovio vai en Madrid co gallo dunhas oposicións. (Contrapunto: Xacobe chega á casa da Ribeira).

2.ª Achegamento de Adrián ao castelanismo (Burgos, Toledo), considerado como celme do español. (Contrapunto: Xacobe entra en acción na aldea).

3.ª Morte de don Bernaldo, ruptura co decimonónico e comenzo dunha nova andadura de Adrián, aguilloado pola nai.

4.ª Coñecemento de Francia e achádego da baril realidade rexional perante o centralismo de París.

5.ª Estanza en Alemania; o contacto co mundo xermánico fai espertar en Adrián unha idea: "Había que sentir en sí unha tradición" (152); o desengano coa marquesa é o desengano do cosmopolitismo aséptico, que o emboca ao retorno a Galicia.

6.ª Volta a casa; morte da abóa, derradeira reliquia, xa inconscente, de outro século; compromiso coa terra, identificándose con ela, coma outros homes da súa edade, e achando o xeito de ser universal en ser europeo e o xeito de ser europeo en ser galego. É a liberación de Adrián.

A lenda de "Nosa Señora das Labercas", que Adrián escribe en Castela, fica fora deste esquema; é unha noveliña intercalada, un barroquismo máis (VIII, 115-122).

9

No eido ideolóxico, compría decir moitas cousas desta novela: os problemas eclesiásticos e relixiosos que xurden arredor de don Bernaldo (IV); as cuestións políticas, coma o caciquismo (VII), o centralismo (I, III, V), etc. Como todo esto é marxinal no significado xeral da novela, dadas as limitacións do noso traballo, non lles adicamos unha especial atención. O espiñazo ideolóxico da novela serían estes puntos:

A) Trátase da conquista da propia persoalidade: "Adrián en troques tiña que conquerir heroicamente súa persoalidade, alí, no cerne de España. Unha obra de Reconquista. Sin axuda do Apóstol Santiago" (98).

B) Tal conquista é identificada con algún xeito de "salvación": "Vou salvar a miña ialma" (171).

C) O primeiro paso é o refugo do castelanismo, a afirmación da singularidade galega: "Adrián non era un español... Tampouco un oucidental" (152). "Comenzo a percatarme do que hai de difrente en mín e nos galegos" (165).

D) A realización do ser galego escomenza pola língua: "Pois desque Adrián falaba galego sentía todo seu ser renovado" (176). "Adrián lía, novamente aos poetas que de neno o fixeran chorar, non sabía por qué. Despoixa, en Madrid, tivera vergonza de aquilas bágoas" (175).

E) A chamada da terra por ún é unha forza telúrica: "Acusábao dende o ceo unha nube do Oeste" (162).

F) Autonomía; o natural é a nación, non o Estado: "¡Qué uso crónico e crudel se fai da palabra fermosa entre todas, de nación!" (183). "Millor que Estado cada terra era un ceibe conxunto de municipios e ninguén dominaba a ninguén... nunha fraternidade de pequenos pobos ditosos" (189).

G) Europeísmo, ecumenismo: "En Santiago, Adrián sempre se coidaba na Europa e máis galego que nunca. A sensación de Estado español estaba pra il ausente da cidade" (184). "Por Galicia e na Galicia era Adrián europeo e pranetario" (181).

H) O europeísmo somente ten xeito arraizándose na propia terra: "As rodeiras dos carros díronlle unha seguridade que non atopaba nos asfaltos brilantes da Europa" (170).

En síntesis: "...Galicia en ben da Europa, do Mundo e do Esprito Inmorredoiro" (185).

10

Verbo do lingoaxe e do estilo, anotemos algunhas peculiaridades máis significativas.

1. Adxetivación culta: "sotís neboeiras cambeantes" (31), "disformes cabazos" (72), "inmorrente e calada espranza" (115), "cristaíño e puro folión" (117). Predomina o adxetivo anteposto. Ás veces, adxetivación dobre. Adxetivos de olor, de cór, sensitivos, que chegan cáseque á sinestesia: "Unha lus verdecente que viña da herba, das follas mudas de paisaxes non albiscados" (68).

2. Os tempos verbales máis abondantes son o imperfecto de indicativo, o presente e máis o pretérito indefinido, que se empregan sin solución de continuidade: "Adornaba... voltaba... fixo... tiña... crían... era... debía... fixo... brilaba... teño... dixo... saíu... levóu" (30). Pluscuamperfecto e potencial son moito máis raros.

3. A persoa narrativa adoitada é a terceira do singular: "Adrián, no pasillo, sentía as barbas medradas" (8). Pra pasar logo á primeira persoa ao traveso dun verbo do tipo de "sabía" ou "pensóu", que abren paso ao estilo directo. Noutras ocasións, intervén a conxunción "que" e o pensamento do persoaxe chéganos en estilo indirecto. É rechamante o troque de terceira a primeira persoa cunha pregunta que se fai o persoaxe, non o narrador: "¿Por qué nascín fidalgo?" (49). "¿Qué dereito teño eu a gastar diste xeito os cartiños?" (96).

4. Elipsis do verbo, sobre todo nos comenzos de capítulo. Esto presta ás descripcións aparencia dunha longa ladaíña; por exempro: "Soldados de capotón. Cregos. Mozos de brusa. Xiada nas rúas

e un noxo de carne e tomate no escaparate dunha tasca. Aire de Madrid. Aire de zarzuela" (11). A omisión dos verbos alixeira a lentitude da dicción; é unha concisión case azoriniá; un laconismo que esconxura a monotonía polo anisosilabismo das sucesivas cláusulas e, ás xeiras, pola intercalación de frases longas, barrocas, con incrustacións hipotácticas (temporales, de relativo, o xerundio retardeiro, un participio absoluto). Máis que técnica descriptiva, hai en *Arredor de sí* mera enumeración, acuguladura de datos encol do obxeto, como nas acotacións teatrales describindo a escea e o que haxa nela.

5. Técnica narrativa; non hai esposición dos feitos, reales ou imaxinarios, como é normal na novela. Coñecemos os feitos ao traveso da interpretación e crasificación de eses feitos polo protagonista-narrador. Esta técnica e tamén a "profundidade dos obxetos", negada nos anos 50 polo "nouveau roman", son doutrina do romantismo e o realismo do XIX, no que Otero Pedrayo se ten formado.

6. A fuxida do diálogo é patente; cando a Marquesa renega de Galicia, intre ben dramático, Adrián Solovio non a rebate en estilo directo, co que arrefría a situación; o único diálogo longo da obra (83-96) leva o nome do persoaxe diante do parlamento correspondente, como nas pezas de teatro. O novelista, dende logo, non se atopa a xeito nas formas dialogadas.

11

O autor está presente decote na novela. Algunha vez, fala sin atrancos o catedrático de Xeografía que el era: "A grande pureza polar do norte, auroras, icebergs, paraselenes, a virxinidade da pedra gastada polo manto do inlandsis, a vexetación todo coor" (157). "Pequena Europa herciniana e alpina" (158), etc.

A falla dese humorismo retranqueiro que teñen amosado os grandes escritores galegos é notabre aquí. Somentes, de cando en cando, unha lene ironía: "A Marquesa quería facer o viaxe do Rhin que ao Adrián lle figuraba valeiro, teatral, turístico. Cecáis tiña o remordimento de non facelo cunha loiriña nova" (150).

Arredor de sí é, inda millor que novela, un "libriño de notas" (150), fundamental pra o coñecimento de Otero Pedrayo, da xeneración "Nós" e máis de Galicia e da súa cultura. Relato de arrecendo decimonónico, pero cheo de actualidade no seu europeísmo de raigaña rexional. Unha prosa garrida, sonora, afervoada.

Arredor de sí é a crónica da pelegrinación (interior i esterior) dun home, de Adrián Solovio, de calquer home. El percura a súa identidade e a súa concencia en terras lonxanas, pero só pode atopalas na propia, en Galicia, e máis concretamente en Santiago: "Compostela non merece o seu ditado de apostólica soilo pola reliquia do Apóstol, sinón por un apostolado universal de cidade franca" (185). De xeito que Adrián Solovio, o home galego, a imaxen viva da mesma Galicia, despóis dun longo viaxe, moitos anos a pelengrinar *arredor de sí*, vai ganar en Compostela o xubiléu da liberación tan arelada.

X. A. FERNÁNDEZ ROCA
Santiago

ADOLESCENCIA

Pode creérese que *Adolescencia* é un relato autobiográfico, e pode creérese así porque o mesmo o autor que Xosé Ramón, o héroe da novela, pasan en Ourense os anos auroráis da súa vida; porque ambos realizan viaxes a Vigo, a Compostela e A Coruña nos anos do acné xuvenil e do apuntar do bigote, e porque os dous teñen casa na cidade, e un pazo e fincas nas súas cercanías. Pero esto pode supoñer tan só que as circunstancias e a esperencia persoáis do escritor atópanse presentes na súa obra, cousa que ocurre en moitas ocasións, pero non implica unha fiel suxeción á traxetoria e aos incidentes da propia existencia, nin esclúe que alí se misturen episodios doutras vidas reáis e libres creacións da fantasía.

A casa ourensá de Xosé Ramón está situada no tramo final da rúa de Hernán Cortés, e o seu pazo campesiño máis aló de Gustei e do Empalme. Vive o rapaz co seu pai e cunha irmanciña máis nova, e anda como andaban antes moitas xentes dunha residencia pra outra. Na cidade vai ao Instituto, asiste a crases, pasea cos amigos e rube a Montealegre polo San Martiño, a acender o lume dun magosto. No campo mira pra a paisaxe e empeza a amala e a observar a vida e o corazón dos paisanos. E aquí e alá lee e estuda, interésase por unhas cousas, esdena outras, sinte que Galicia se lle vai metendo na alma e, como a maioría dos adolescentes, é solicitado polo engado da muller, e sin se decatar do que lle ocurre adeprende a ciencia dos libros e adeprende tamén a amar e a sofrir.

O vivir dun rapaz é de seu interesante, e inda que, como no caso presente, non conozamos o resultado da trasformación do froito verde en froito madurecido, seguimos curiosos e interesados os pensamentos e as reaccións do xuvenil persoaxe. Pero conforme se avanta nos capíduos da novela, os fondos das decoracións e o mesmo impalpable ambente, van tomando o lugar que corresponde aos héroes humáns, e afastándoos un pouco cara unha banda, convírtense eles nos protagonistas da acción.

Nun camiño dos arredores da cidade Xosé Ramón fala por vez primeira ao seu amor imposible. Están ben os loiros cabelos da señorita e as amigas que a acompañan e don Eloi e don Antonio, pero o principal son os muros de cantos rodados que flanquean o camiño, e as froles amarelas das mimosas que asoman por enriba e a paisaxe da Peroxa, que pecha o horizonte cos seus cotos, as súas viñas e os seus campos de meses verdes.

Presenciamos con gosto o paso de don Adolfo, groso, pequeno, boiante e alfaiado, pero detémonos con máis complacencia aínda no que está ás beiras ou tras del: nas rúas dun Ourense de finais do oitocentos silandeiras e case solitarias, nas tertulias do Liceo amigables e cáusticas, nas peñas de graves señores que saían de paseo polas estradas, ou que ían repousar gratamente na viña de don Fulano ou de don Mengano.

Hai nesta novela visións rápidas de mar, de terras e de moimentos, cheiro de algas e de peixe, gracia de piñeiros e de prados, ledicias coruñesas, atafego vigués e solenidades compostelás. Pero de antre todo elo destaca, como o divo sobre o coro, a figura e o esprito da cidade de Ourense, presente en todo momento cos seus barrios e a súa paisaxe, falando pola boca dos seus recantos, que van contando cada ún a súa historia ou decindo a súa canción; resonando no tanguer das súas campás, que cada unha sabe pronunciar a súa frase; delurando a súa emoción relixiosa na máis dramática noite do ano nos acentos do "¡Ai de mí!".

Ramón Otero Pedrayo é orador mesmo cando escribe novelas, e por eso o seu estilo, además de poseer unha fluidez maravillosa, ten ímpedo e brillo. O fluír da súa prosa, como o da súa oratoria ou o da súa conversa, non pode comparárese nin co das fontes nin co dos ríos, porque a auga ao pasar é sempre monótona; pero pode comparárese co virar faíscante e multicoor dunha roda de fogo ou como o deslumeamento dun cadoiro de bengalas.

O pensamento fondo, a perceición fina, o sentimento delicado como son as notas dunha arpa, quedan no meio desa luz pródiga, ricaz e cambeante do estilo, e alí teremos que ir percurar a imensa e cordial emoción con que o ourensán Ramón Otero Pedrayo foi traguendo ás páxinas da súa novela o corpo e a ialma da súa cidade. Pero inda que haxa quen non poida caletrar nesas fonduras sentimentáis, abonda coa visión cooreada das rúas e das prazas, dos camiños e dos carreiros, dos montes e das veigas. Abonda co desfiar de lembranza que aínda son caras a moitas persoas, coa figura constantemente leda e baril de don Marcelo Macías e coa nervosa lucidez de don Eduardo Moreno López, co tempo achegado e lonxano co que foi e soio é xa nas cabezas que peitean canas, pra que *Adolescencia* seña a novela de Ourense, a primeira, única e quezáis a insuperable novela de Ourense.

FLORENTINO L. CUEVILLAS

OS CAMIÑOS DA VIDA

A persoalidade literaria de Ramón Otero Pedrayo é moi complexa. Cultiva a literatura didáctica e a literatura poética. Dentro désta, a ficción, o drama e a lírica. É un polígrafo, como din del os xornalistas. E non esquezamos a súa importancia na literatura oral, é decir, na oratoria. Realmente non coñece a especialización nun xénero literario. Vitalmente, temperamentalmente, nega a delimitación rigurosa dos xéneros literarios. É o tipo de escritor disponíbel para calquer empresa, preparado para a literatura en xeral, que pode abordar calquer xénero e mesturalos todos.

Neste libro interésanos fundamentalmente o creador de mundos poéticos, é decir, o escritor non didáctico, ben que, non sendo o seu un estilo "lineal", o didactismo invade ás veces a súa obra de creación. Por eso cicáis sexa o ensaio o xénero en que se desprega con máis liberdade o seu xenio.

A primeira novela de Oero Pedrayo é tamén a máis ambiciosa. *Os camiños da vida* habería ser un vasto mural que nos presentara a sociedade galega en trance de transformación: a ruína dos señores dos pazos, o tránsito da economía natural á economía baseada no comercio, a grande revolución do primeiro dazanove. As páxinas direitamente adicadas á realización deste programa son as máis logradas da novela. Pero ésta é tamén un chamado á conciencia galega, e aínda que tal chamado podería desprenderse do relato ouxetivo, o certo é que hai algunhas páxinas esplícitamente comprometidas co galeguismo. Dismínúen a forza do conxunto. Pero máis desequilibrantes son aquelas en que, abandonando a técnica realista, o autor se entrega á imaxinación romántica, e idealiza as figuras e os escearios segundo os paradigmas tradicionáis da escola.

A novlea comeza cun grande capítulo. A noticia da desamortización e a esclaustración de regulares pon fin ao mesmo. O abade don Xacobo de Castro chama a desora ao pazo da Seara, onde pousa un monxe de Oseira, para facer sabedor da grande nova ao dono da casa. As castes fidalgas dos Pugas e os Doncos vannos revelando as súas grorias decadentes e as súas crecentes lacras. A moitedume dos labregos mestúrase na vida dos señores. Todo marcha moi ben nesta primeira parte da crónica, "Os señores da terra", até que, no penúltimo capítulo, Otero Pedrayo pon na boca do enclaustrado de Oseira un fantástico poema en prosa sobre as orixes do mosteiro, que por primeira vez nos alonxa do mundo real evocado con poderosa forza e ousado verismo nas páxinas anteriores da novela. Mais superado ese escollo, flúe vigorosa a corrente da narración, que remata no esceario do pazo da Pedreira, como empezóu no esceario do pazo da Seara.

A segunda parte, "A maorazga", inserta o episodio da revolución de 1846 e despraza a acción en grande parte de Trasouto a Ourense, para pintar sombrizos cadros da mezquindade da vida urbana. A técnica habitual de longos capítulos cun final dramático crébase no IV, resolto nunha serie de cadros nos que o autor, empregando o tempo presente, deséñamos con grande valentía o decorrer da vida na casa da Seara. O espantoso crime do segundo maorazgo, aínda máis inhumán que o do primeiro —narrado na parte anterior—, pecha catastróficamente a segunda.

E a terceira, "O estudante", contén as páxinas máis románticas da novela, as que refrexan a historia dos amores e morte de Adrián Soutelo. Santiago, onde estuda o estudante, é evocado con realismo. Pero son, como sempre, os escearios aldeáns os que amosan unha maior seguridade de trazo. A novela non pode toda discurrir en Trasouto, porque a súa ambición é bosquexar a vida de Galicia desde a desamortización ás vísperas setembrinas, concedendo a atención debida ás ideas que movían os ánimos. As vidas paralelas dos Doncos e os Pugas, afundíndose éstes na miseria e salvándose aquéles pola enerxía da maorazga e o estudante, requiren que abandonemos de cando en cando a aldea; pero ben que o sentimos, porque Trasouto —trasunto de Trasalba, a terra do autor— co seu desfile de figuras de fidalgos e labregos, tratados xeralmente con crarividentes e nada idealizados riscos, é un mundo ben acugulado de realidades cheas de interés artístico. Frente á pobreza de matices da novela social que hoxe se nos brinda, esta epopeia en prosa dános unha idea moi ricaz das tensións e as relacións sociáis na Galicia das revolucións, do estabelecimento dos comerciantes casteláns nas aldeas e as construccións das novas estradas.

R. C. C.

ARREDOR DE SÍ

Unha vida novelesca que perdida pra Galicia remata por se identificar con Galicia —a de Adrián Solovio— sirve de eixo á fábula desta obra de Ramón Otero Pedrayo que se tidúa *Arredor de sí* e que eu vos aseguro que é unha obra tan merecente de consideración, pesie ao feito de ser galega e estar escrita en galego, como as máis afortunadas dos millores mestres da novela castellana.

Comeza amostrándonos a luz mañanceira das terras de Ávila, e remata poñendo o acento da galeguidade en emocións galeguísimas. Ten tanto de novela moderna como de moderno libro de viaxes. A anécdota sirve de "cicerone" pra nos levar á percura do sentimento orixinal da nosa raza, tras dun interesante deambular por varios países da Europa, Francia, Bélxica e a Alemania, antre eles. O ensaista e o novelista —diría tamén que o poeta— danse a man pra xogar unha ademirable partida patriótica. Despóis de *Pelerinaxse,* obra tan galega como non se escribíu endexamáis, *Arredor de sí* amóstrasenos como o seu millor complemento. Este escelso cidadán da libre república das nosas le-

tras que é home culto de verdade e non erudito á violeta —xogamos con frases do P. Feixóo—; èste gran don Ramón Otero Pedrayo que nos amostra Galicia e os problemas espirituáis galegos con ollada virxe, empregando verdades de primeira man, é algo serio que pon un fito firme de nacionalidade no vasto campo dos xa superados anceios nacionalistas.

Tivo que advir á literatura o autor de *Os camiños da vida* pra que todos nos decatásemos de que, canto literariamente se tiña feito da nosa terra —fora da poesía— o mesmo en castelán que en galego, agás as *Cousas* de Castelao, pecaba de artificioso, sin escluír deste conceito nin os xeniáis atisbos de Valle-Inclán.

Con Otero Pedrayo, Galicia comeza a se reflexar na prosa vernácula, como a ialma do noso pobo nas cantigas folklóricas e a paisaxe física nas rías de cristal do regueiro montañés. A "xea" e o "etnos" son as musas que inspiraron o maravilloso arte autodescritivo do esgrevio ourensán que puxo unha antena ultrasensible pra recoller os máis finos aires da Europa no seu niño enxebre de Trasalba, onde libóu mel de sinxeleza e enxebreza a abella franciscana de Noriega Varela, con orgullo de gran señor.

Arredor de sí di moito e suxire moito. Adrián Solovio, o héroe central, a "dramatis personae" da novela e o seu irmán Xacobe, son polarizacións carnáis do particular e diferenciado que leva ao universal, e do cosmopolita xenerador de mimetismo.

Otero Pedrayo nesta obra atingue, como novelador, a indiscutible mestría. Cabe poñelo en parangón —dígoo cheo de íntimo orgullo, sacudindo por inútil o póo da hipérbole a que puidera forzarme o parcialismo— coas máis serias producións semellantes doutras literaturas xa madurecidas. *Arredor de sí* contén abondosas páxinas belas, antre as que se destaca pola súa orixinalidade a agunía do vello crego Bernaldo diante do mapa de Galicia de Fontán. Sigue, además, no desenrolo, un paralelismo de capítulos arredor do estraño e do propio, realmente habelencioso. Os vastos e diversos escenarios que sirven de fondo á novela non acadan, por outra banda, esfumar en ningún intre o releve dos héroes da fábula. *Arredor de sí*, traducido a calquera língua, seguirá a ser, como en galego, un libro literario de alto merecemento.

A. VILLAR PONTE

PELERINAXES

Trátase dun libro dos que tiveron máis éxito de crítica no momento da súa aparición. Relación dun viaxe de a pé, feita dende Ourense ao San Andrés de Teixido, escrita por un dos que o fixeron, Ramón Otero Pedrayo, e prologada e ilustrada por outro, Vicente Risco, ten, como dixo moi ben Antón Vilar Ponte, o mérito enorme e primario de nos tirar dunha vez da Galicia un pouco convencional doutros libros, e de nos levar por terras das que case se non ten escrito no aspecto integral, e de abrir camiños novos pra o conocimento verdadeiro da nosa terra.

Pelerinaxes é un libro a un tempo científico e literario, no que se manifesta nos máis varios aspectos a complexa personalidade do seu autor, e que ao mesmo tempo que relata con exemplar fidelidade todo o visto e o acontecido nos oito días —algúns deles de penoso camiñar baixo dunha chuvia cruel e fora de tempo— espállase a fantasía nas comparanzas, nas evocacións e na viveza estraordinaria do estilo, de cote animado e cinguido á impresión.

Estudo perfeito e saturado da ciencia encol da paisaxe, da fisonomía xeográfica das terras percorridas, da paisaxe humá, os seus modos de vida, a súa apariencia, o seu trato, a súa psicoloxía, en íntima dependencia da terra. Apre-

ciación crítica de moitos aspectos da vida corrente, de asuntos de economía e de goberno. Relato novelesco dos episodios reás de cada xornada. Humorismo das dificultades, dos tropezos e dos episodios grotescos. Canto trunfal do sosego e do xantar das pousas feitas con sorte. Deste xeito, todos poden tirar proveito da leitura de *Pelerinaxes*.

Ousérvese que nésta, como noutras obras de Otero Pedrayo, hai sempre, anque el non queira, unha crítica aguda, por veces amarga, de moitos aspectos do vivir galego. E mais emporeso, fica sempre no fondal unha grande fe no porvir, no presente e no pasado de Galicia —non sabemos porque a fe hase referir sempre decote ao futuro— un grande alento pra vivir en galego.

A Terra nosa trunfa sempre nas obras de Otero Pedrayo, atal e como é, o que ten de bó e o que pode ter de ruín. Sempre hai nel, a pesares de todo, un optimismo verdadeiro que non é o optimismo pesimista de tantos idealistas descamiñados —porque hai un optimismo pesimista ao que compre tirarlle a carauta calquera día.

R. N.

O SEÑORITO DA REBORAINA

A actividade creadora de Don Ramón Otero Pedrayo —Otero Pedrayo é un dos que levan o "Don", a un tempo como familiaridade e como privilexio— é verdadeiramente tremenda. Guinda libros inagardados cunha prodigalidade espritual de esceición, abeirando e dominando tódolos xéneros. Domina como quere o tempo e o espacio. Cunha movilidade sin apouso, anda e conoce toda Galicia, toda España, Portugal, os camiños de Europa e os camiños de América, pratica tódolos medios de locomoción, antigos e modernos...

Dixen que sin apouso, porque o parez, pero non é verdade, porque, como tamén domina o tempo, téno todo, até pra se meter en Trasalba moitos días seguidos. Vence os anos, os minutos estíranselle, non ten medo de os perder, porque lle sobran, e sempre ten outros novos, como si lle naceran. Por esto, e pola súa abraiante facilidade, por saber grego e latín, ademáis das grandes línguas que hoxe se falan, porque viaxando sin parar pode metérese en tódalas libreirías e mercar toda cras de libros, resulta que o ten lido todo ou case todo, e o que non leu, ouviuno e reténo, e pode referir a biografía de cada persoaxe do século pasado ou do actual, con circunstancias, lugares e datas.

Ten sido, polo tanto, unha das cousas importantes que se era hai algúns anos: biógrafo —Rodríguez do Padrón, o P. Feixóo, Varela de Montes, don Marcelo Macías— co merecemento e o arte de ser devoto dos grandes homes.

Este libro de agora ten como idea inicial unha biografía: a de don Xoán Manuel Pereira, que quezáis non fose un grande home, pero foi un gran señor, e sobre todo un fidalgo que viviu unha vida pintoresca de política e aventuras, na que non falla a nota exótica. Pero como Otero Pedrayo, inda que con un grande respeto polo clásico, e un ortodoxo de certos aspeitos dominantes do moderno, que cita a Kierkegard e ademira a Valery, é no fondo un romántico inevitable, decidíuse por nomear a biografía de don Xoán Manuel Pereira de tal xeito que case resulta unha novela de aventuras, que non deixa de lembrar, cun estilo moi diferente, case oposto, as dalgúns persoaxes de Baroja.

Don Xoán Manuel Pereira foi sin dúbida un fidalgo abondoso, enlabiador, burlador, cospirador republicán, diputado, home valente e de recursos, viaxeiro, embaixador de España no Estremo Oriente, etc. Somos máis de ún os que de nenos temos ouvido contar nas nosas casas moitos dos seus xestos e anécdotas interesantes. Está, ou estivo, enterrado en Ourense; eu nono vin, pero compañeiros de Instituto describíronme o seu enterro, co cadaleito que levaba derriba o tricornio de Embaixador e tódalas súas bandas e condecoracións.

Don Ramón conserva todos estes datos e outros máis da súa vida, reconstrúeos, detállaos, descríbeos, convirte ao dato un relato vivo, ademirativo ou irónico, según o caso, enlázaos, desenvólveos e insúflalles vida tal que nos fai sentir as fantásticas aventuras do fabuloso personaxe en toda a súa histórica realidade. Don Xoán Manuel Pereira, sendo un personaxe histórico, semella un personaxe inventado. Porén, moitos temos ouvido referir o ricaz anecdotario da súa vida, e do seu viaxe a Siám, Filipinas e a China, que nos deixóu o mesmo don Xoán Manuel nun libro ilustrado con abondosos grabados, feitos de seguro sobre placas outidas polo seu fotógrafo áulico, de quen Otero Pedrayo nos dá ampla información.

O viaxe a Estremo Oriente está descrito dun xeito que nos lembra os libros de Mirian Harry e de Judith Gautier, e que nos devolve o xesto dunha gran época. É unha das cousas que o fan do millor da nosa.

VICENTE RISCO

SÍNTESIS HISTÓRICA DO SÉCULO XVIII EN GALICIA

Aquí temos outravolta, louzano, fluído e musical, ao patricio das letras galegas. Erudito namorado do século XVIII, o prolífico escritor adéntranos galanamente na vida e sucedos dunha Galicia que conoce palmo a palmo, paso a paso.

Como era de agardar, don Ramón Otero Pedrayo, amén de nos ofrecer o dato histórico de interés, a agudeza crarexadora ou a evocanza apaixoada do ambente eclesiástico, nobiliario, burgués ou rural, fainos o agasallo do seu decir inigualable. A súa prosa ten moito de oratoria perfeita, sin follateira, axustada e con ecos de afirmación maxistral. Algo que non sorprende no fidalgo ourensán, pero que hoxe, ametrallados por unha literatura de urxencia e sin oficio, cai sobre do bó degustador como unha brisa confortadora.

Pero estamos dediante dun libro de historia, inda que o autor de *Devalar* nolo faga esquecer, ao amparo da súa gracia narrativa. Historia quente, sintética, con latexo achegado, arroupada en citas e precisións, en descricións de ambentes, fórmulas e institucións cuios ecos chegaron ao derradeiro século, é decir, ao século dos nosos abós.

O libro de Otero Pedrayo descomponse en seis capíduos, con tíduos ben espresivos: A aldea, a vila e a cidade; estensión do chamamento das cidades; fidalguía maior e pequena; rangos da curia e da burguesía. A Eirexa e a vida relixiosa. A metáfora da luz e espello do tempo pasado, formas escollidas polo esprito do século XVIII galego. O reino de Galicia; institucións xurídicas e adeministrativas. Economía. Acontecimientos políticos e militares. Finalmente, e fora das notas bibliográficas que amiudan a pé de páxina, o autor engade o que el chama unha contribución á bibliografía do século XVIII galego, valiosísima orientación pra cantos queiran caletrar longamente no estudo histórico dalgunha particularidade daquel ciclo.

Non é posible, nun comento desta índole, adentrárese no contido da obra que nos ocupa. Lembremos, porén, as atinadas referencias á institución do "comensalismo"; o irrumpimiento comercial e industrial —co conseguinte auxe financieiro— de zamoranos, leoneses, rioxanos e cataláns; á crarividencia dos PP. Feixóo e Sarmiento cando valoran a importancia das actividades marítimas; á singular función do Ferrol no "atlantismo" galego; á distancia espritual antre o pulo creador do románico e o outono esuberante do barroco; ao confuso minifundismo xurisdicional da rexión; ás ansias por facer do Miño un río navegable; á fundación da Escola de Náutica coruñesa, según o plan do mariño Winthuysen; ás loitas por mar e por terra contra ingleses e portugueses, sin

que fallen sustanciosas páxinas adicadas ao desastre de Rande; e, ao cabo, ás grandes empresas náuticas e militares que tiveron a súa matriz na ría ferrolana.

Literariamente redonda, a súa prosa culta, encadeada, lírica e sempre evocadora, a obra de don Ramón Otero Pedrayo é como unha recreación daquel século que, a xuicio do propio historiador, supón o case perfeito madurecimento dun sistema complexo, dun longo ciclo nado en castros e vilas, e cuio desartellamento comenza na centuria seguinte.

A. L.

O ESPELLO NA SERÁN

Otero Pedrayo escribíu un libro sobre Santiago, pero non ao xeito no que adoitan escribir os libros sobre Santiago ou sobre calquera outra cidade, sinón ao seu xeito, e precisamente aquí, no que corresponde a este tema, hai dabondo que decir encol delo. Eu non sei que catalogación literaria poderá facerse, faráse algún día, nun estudo serio e panorámico da obra de don Ramón, pero supoño que resultará difícil catalogala e definila. Así este libro composto de *noventa e nove tíduos, que non é ensaio nin narración, ou millor, nin soio ensaio nin soio narración*, nin tampouco conxunto de estampas, impresións nas que se trasmite a visión elaborada na lembranza.

Conviría decidir en primeiro lugar a forma na que o autor se enfrenta á cidade, non só agora sinón sempre, como actitude, ou a forma na que a cidade se ten adonado del, si non fora árdua empresa falar axeitadamente destes estados de simbiose que se establecen, ás veces, antre o lugar e o home. Non saberemos de ónde ten partido a relación que crea a forza comunicante. A cidade está aquí entregada á palabra quezáis porque é o destino que desexóu, ou quezáis non, quezáis ben ao seu pesar ao se sentir de tal xeito apresada e desvelada, pero está aquí e se non trata da arqueoloxía ou da arquitectura, da historia ou da lenda, das pedras ou dos homes e da luz —que, ademáis, está a luz—, inda que se trate de todo. E así, diante da imposibilidade de trazar unha previa cuadrícula mental que facilite a espresión, polas fondas e humildes vías da emoción e da intuición sentímonos vencellados a este libro máxico, filosófico, real e fantástico, e mesmo científico si é que as ciencias do esprito son merecentes dun creto e si aceitamos que os inventos da alma obrigan a medir o paso pra seguir as súas vías. Pero en calisquera caso reconozo, verbo de mín, a condición indifenible do libro; tenciono coa miña decraración que non se me esixan esactitudes convencionáis, hai outras crases de esactitudes que tenciono apreixar na resonancia que na súa derradeira razón teñen as palabras. Sucede con elas como co sangue: a cada quen circúlalle a súa co seu peculiar tipo de vida. E nas palabras unha cousa é a súa lóxica e outra o seu misterio. A leitura destas páxinas obriga a reconocelo, nelas amóstrase a forza unida de ambos e dous elementos.

Tamén Compostela ten a súa lóxica e o seu misterio. Pódese facer a súa historia, a do Concello, a do arte, a do humorismo, a da libertade e o amor compostelán, pero non a historia do esprito. Por eso a cidade "histórica" non ten atopado o seu verdadeiro historiador. É Otero Pedrayo quen o dí: "Das fondas vivencias poéticas só se poden recoller cinzas apenas quentes. As chamas sofridoras, graves, dos grandes creadores, son simbólicas totáis. Como Compostela". Entón, diráseme, trátase aquí do inefable, xa está situado o autor no seu terreo. No seu e en todos, que son seus tamén, esto é o que interesa sinalar. "Na física vella, Compostela pode ser sinificada polo prisma. Fai o análise cromático das almas. Outras cidades artísticas non pasan de espellos. Os "turistas" gregarios cansaranse axina de Compostela. Procuran variedade de espellos contra da anguria. Fuxen do análise". O análise a que obriga ao home a cidade gracias á cal polos camiños do mundo e do trasmundo, foi crarexándose unha conciencia chamada Compostela "que podería seguir lucindo, inda

que da cidade material sóio quedaran unhas pedras comestas polas herbas bravas, ou envolveitas no xardín das glosas".

Cabe facer unha biblioteca de historiadores de Compostela, dende o Calixtino a don Xesús Carro, cuio esprito recolla o nacimento e a sombra dos feitos. Pero é outra Compostela a que percura Otero Pedrayo, outra que a que historióu o mesmo López Ferreiro, a quen saúda con novo amor e respeto. O que denomina "gran doutor compostelán da hora cupular das doce". "Non quixo saber nada —dí— da noite nin do misterio das almas". Quédanos a grande obra. "Unha lóxica de canto chan nos once volumes, once arcos tendidos sobre do río do tempo, once remos da nao".

Este capítulo que cito, "Dous historiadores da cidade histórica", é un dos construídos dentro da súa libertade máis estritamente ao servicio da teoría. Cambea noutros o tono, o talante, a palabra do autor. Así, por exemplo, o delicioso da casa fuxida, a casa que fuxe ao campo, ou "O *Paso Honroso* dos ventos". "Entrambos xentís cabaleiros, o vento do Tambre e o vento do Ulla, non esquecen a súa porfía", porque os dous están namorados de Compostela, que sabe levarlles o xenio. É a Virxe prudente coa súa lámpada ergueita a todo o vento. Ou o de "A catedral e as nubes", "O don Pazo e misia Salomé", ou tamén a historia do señorito da Motalonga que foi a Santiago a se consultar do reuma e das fantasías, ou a "Comediola", de 1823, e tantas cousas máis que son sempre a cidade, a Compostela de Otero Pedrayo. Chove nela, pero "concertadamente". Dentro da cidade estamos dentro da medida, inda que un mundo vello e novo, primitivo e decadente, sinorial, enseñoritado e campesiño, románico e barroco pola mesma esuberancia vital do seu descobridor e recreador, percorrido por camiños que siguen a marcha do tempo ou dan volta alleos ao seu poder; un mundo no que cabe o mundo antre o comezo e o cabo que non descobrimos porque se ten posto a salvo de tales limitacións, é o que vive neste libro —"O espello do solpor", "O espello da tardiña"—, que, pesie ás súas néboas esternas e protectoras nas que se envolve e que non atinan a tapar a súa luz, pesie á súa saudade, pesie a todo, é un libro gozoso porque nel alenta o íntimo gozo que acerta a lle trasmitir a ollada do autor; gozoso e triste, e difícil na súa sinxeleza si penetramos no laberinto ao que nos conduz.

CONCHA CASTROVIEJO

GUÍA DE GALICIA

Veleiquí un libro fundamental. A *Guía de Galicia* de Otero Pedrayo ven servir de podente axuda a cantos forasteiros, ou da Terra, queiran conocer ben Galicia. É unha sorte de sintética enciclopedia onde se atopa en resume canto toca á nosa xeografía física e humán, historia, literatura, arte, etc. E ésto, sin ser máis que unha Guía, se non propón outra cousa que ser un libro que sirva de amigo e compaña do viaxeiro que chegue a Galicia co esprito aberto ás súas belezas naturáis e artísticas, ás súas realidades presentes e pasadas. É polo tanto, ou quere ser, un libro de estricta utilidade, e principalmente pra o dafora, pra orientar ao forasteiro na conecencia direita do corpo e da alma de Galicia. Unha Guía como as Guías Baedecker. Xa ésto ten mérito de seu.

A renacencia galega do século pasado figuera algún intento désto, como a *Guía de Galicia* de Cesáreo Rivera, hoxe de ben escasa utilidade. En troques, a nova renacencia, a pesares de ser máis sentida a necesidade, nonos ofrecera ningún emprendimento serio, fora da de D. Heliodoro Gallego, referida sóio aos camiños de ferro, e algunha que outra Guía local como a de Santiago de Román López. Mais ningunha Guía completa de Galicia.

Ora, a de Otero Pedrayo ten un esprito ben máis ergueito e unha quentura ben diferente que a das millores Guías que o trafego internacional pon nas

mans de turistas e pelengriñantes, por ben feitas que estean. Non é un tépedo catálogo de moimentos, hoteles, paisaxes e evocacións históricas. Aínda concebida e executada no feitío e disposición consagrada pra esta caste de pubricacións —cousa obrigada pola precisión de meter en determinado número de páxinas o que podía encher moitos volumes— vese nel axiña, non somentes ao home de cencia que sabe a un tempo ver e interpretar as formas e as cousas da paisaxe, os estilos e o esprito dos moimentos e a súa sinificanza histórica, os feitos humáns e os sentimentos e conceicións, fondas tendencias que os moven, e ao artista, ao home de superior sensibilidade, que sinte coa alma enteira, aguda e esperta como poucas, a terra cuios aspectos pinta e a raza cuias obras describe. E sinte unha e outra, e quérelles, non co amor puramente romántico con que ún ama a terra allea que ún percorre, ou coa simpatía un pouco curiosa con que ún ama ás outras xentes con que ún convive, sinón coma fillo que é desta Terra e continuador do sangue e da obra da raza que nela vive; por eso, Ramón Otero Pedrayo ten de ser pra o forasteiro que entre por Galicia adiante co seu libro na man, non o monótono cicerone paroleiro que repite o que sabe da esterioridade das cousas, sinón o señor que amostra ao hóspede a súa propia casa, gasalleiro e cordial.

Despóis dunha descrición da Terra galega, nos seus aspectos xeolóxico, fisiográfico, antropoxeográfico, económico e adeministrativo, dunha ausoluta novedade, cheo de ideas e apreciacións aínda non ditas por ninguén, e no que é notable o capítulo adicado á paisaxe, unha cumprida síntese histórica que recolle moitas cousas de historia interna e social dos séculos derradeiros, e despóis un sustancioso resume do referente a Arte e Literatura.

Todo esto forma a "Parte xeral", sendo a máis pequena. A "Parte descritiva", feita en itinerarios, partindo da liña do camiño de ferro do Norte, e logo dende as vilas principáis, pola terra adiante sin esquecer sitio ningún que teña interés histórico, moimental, comercial ou pintoresco. A paisaxe ten de cote o seu papel, tantas vegadas deixado de man polos autores... Mapas, planos de poboacións, fotografías de moimentos, cidades e paisaxes, inzan o volume pra escrareceren as alusións do texto.

É libro que se fai preciso, non somentes a tódolos viaxeiros que veñen a Galicia, sinón a tódolos galegos amantes da súa Terra.

V. R.

LA VOCACIÓN DE ADRIÁN SILVA

Rematamos de lle dar volta á derradeira páxina desta novela. Fica no noso ánimo, despóis da leitura, un deleitoso regusto. Ténnos arrastado, durante unhas horas, a romántica e barroca gracia poética dunha prosa de esceción. Trasparece dela unha madeixa de sucedos que vai dinámicamente desenrolándose, cristaizándose nunha acción viva, engaiolante.

Todo nesta suxestiva novela está embebido de sensualidade. Sensualidade na fruición da materia, volutuosidade na elaboración e na técnica. Diante de nós delíñase, con rexo deseño, a figura do protagonista. O marco da cidade auriense, onde xurde por ver primeira, xa apenas si ten máis que un valemento episódico. Adrián Silva cobra consistencia, forza singular, un barudo acento ao contacto co ambente aldeán, na fosca e silvestre soedade do Pazo da Cuqueira.

Ten dexergado o escritor o pasado dinámico. Constrúe un escenario, crea un clima pra que os personaxes se movan con idoneidade e con soltura. Preocúpalle, además, ao novelista a visión cósmica da paisaxe, os detalles que a conforman e a vitalizan. Deténse así nelas amorosamente, incitado polo afán

de apreixar a súa fonda intimidade. Ollamos dese xeito, apalpamos máis ben, a amplitude de luz e de formas do val; a densidade das sombras dos castiñeiros; o perfil das nogueiras sobre das fontes, as tecidas parreiras, as casas apertadas nos resaltes do terreo...

Pero dentro da paisaxe, a técnica da acción gana insólito vóo, algo que apenas si ten antecedentes no propio estilo oterián. Afrora no decorrer da trama un coaderno en folio, empastado en flesible pel, todo o manuscrito de fina letra. Este coaderno revélalle a Adrián o incitante segredo do Pazo de Souto do Río.

Teñen os protagonistas da narración unha contextura inusitada, mesmo a lembranza do fidalgo estravagante, cáustico, despeitivo, do val de Dubra. E, en particular, a firme sombra de Pola, "serea como unha estatua, turbadora como unha bacante". Tiña amado a "gitana" da Italia do sur, a rosada galega nos bosques, o terror das noites de inverno, as parlas de miragreirías e de aparecidos... ¡Qué impresionante aquela espera do sr. de Dubra, na longa e medoñenta noite, rachada polo vento e os aulidos dos lobos lonxanos!

Dende a tráxica morte de Pola na fonda carballeira de Medelo, non para de se proxeitar a súa fantasma nas evocadoras sáas do pazo, ou no verde e fondo silencio do bosque. Aquí, Amelia das Quintas, a neta bastarda, desacouga a Adrián co seu escitante e soave recendo campesiño. No seu sangue nobre, mesturado con sangue plebeio, alenta o misterio dunha escura tradición. A moza aldeana é pra o seminarista o amor rendido, insinuante, verdadeiro. A alta e despeitiva señorita de Dubra é o ideal que esixe sacrificio. Por eso Adrián goza do pracer de sentir nel os ollos verdes de Eulalia. Arrapízano as súas pálpebras, nas que se queiman mil faíscas dun lume teimudo.

É estarrecedor aquel intre no que o protagonista abre a folla da porta do pazo á fondura noiturna. Amelia entra como unha sombra. Con ela entra un alento quedo de noite e de humedade que estingue as velas. Despóis, o intre oprimidor no que a bastarda ergue a tapa do sartego e deixa ao descuberto o seu fúnebre oco. E aquela tráxica escena, acontecida nos segundos dun levián parpadeo: un xordo e breve golpe, a cabeza de Amelia das Quintas apreixada —bañada en sangue bermello— baixo da pesada tampa de mármore do sartego.

A retina de Otero Pedrayo ábrese, nesta novela, a un estrano dramatismo. O escritor esperta do seu sono de rebordado lirismo; concilia as súas facultades creadoras unánimes, e traballa sobre das vibracións sonámbulas dunha fantasía entornada. O escritor acada unha narración baril, encadrada nunha Galicia ancestral. A técnica, os personaxes e a acción, magníficamente conxugados, destácanse con peculiar releve. Todo, nun decorrer sin pousa, condénsase nunha prosa fluída de sobrio barroquismo. Homes, paisaxes, ideas, sensacións, quedan trasmutados en materia de arte.

Nalgúns dos capíduos hai un tremer de poema lírico, ou o arrinque dun ensaio de estética. E sempre, abertas de par en par todas as fiestras ao frenético goce da paisaxe. As palabras, alagadas na auga souril dun singularísimo estilo, van, como vivaces tropas de refresco, a lle dar senso á acción. *La vocación de Adrián Silva* resulta, así, un libro de incitadora leitura. Os seus héroes son, en derradeiro estremo, a vida galega dunha época e dun ambente, feita materia artística.

Nesta obra, como noutro aspeito en *Os camiños da vida,* aparez deleitosa a sensibilidade do gran escritor; unha sensibilidade limpa e pouco común. É axeitado resaltar, despóis da grata leitura, a personalidade literaria de Otero Pedrayo. As suxestións do mundo subartístico, a crónica sobrevida cos seus redobles, a groriola cos seus claríns, endexamáis chegarán a mirrar as firmes calidades líricas do autor ourensán; como a vidreira non pode rebaixar un milímetro da súa estatura ética.

S. LORENZANA

SÍNTESE XEOGRÁFICA DE GALICIA

Este libriño é o traballo de entrada de Otero Pedrayo no Seminario de Estudos Galegos.

Ven ser o primeiro traballo científico de Xeografía de Galicia que se fixo con criterio moderno, ben superior a todo o que se tiña feito neste orde na nosa Terra. E eso que aínda non é un traballo feito, sinón un esforzo, unha esquise, e máis asietodo, leva xa tódalas ideas fundamentáis pra un conceito esacto, preciso e verdadeiro de Galicia no orde xeográfico.

Estamos aquí lonxe da "Suiza española", dos "fiords" das rías, e demáis tópicos mintireiros como andan por ahí adiante... Estamos diante dun traballo científico feito por quen é artista

O traballo leva as seguintes seicións: a) Xeoloxía; b) Releve; c) Litoral; d) Clima e vexetación; e) Xeografía humán; f) Xeografía económica; g) Paisaxe. Como se ve, o orde ven ser o mesmo que o da parte xeral da *Guía de Galicia,* do mesmo autor. Mais aquí están máis desenvoltas, máis feitas, máis adiantadas, e ademáis teñen a ventaxa de levar cinco mapas ou croquis do autor, onde se esplican as principáis alineacións montañosas, o litoral, as rías baixas, o sistema fluvial do Miño, Sil e os outros ríos.

Deste libro e da súa utilidade, só compre decir unha cousa: xa hai por onde estudar en pouco tempo relativamente —porque si as oitenta páxinas que ten léense en dúas ou tres horas, estudalas como se deben estudar, que o millor é ollando o *Fontán,* servindo de guía os mapiñas da obra— xa hai por onde estudar a Xeografía de Galicia. E xa hai por onde estudala conforme aos derradeiros adiantos da ciencia xeográfica.

R.

CONTOS DO CAMIÑO E DA RÚA

Otero Pedrayo publicóu dúas coleccións de contos, cun intervalo de vintecinco anos. A primeira leva o títduo de *Contos do camiño e da rúa,* e comprende sete relatos. A importancia deste libro na historia do conto literario galego compréndese ben se consideramos a producción anterior dentro do xénero. Alén do relato costumista de ambiente rural, esistían poucos exempros de ampliación temática e modernización técnica. Dous escritores ourensáns —como Otero Pedrayo—, Heraclio Pérez Placer e Francisco Álvarez de Nóvoa, ao fío do cambio de séculos, ensaiaran en galego o relato de tendencia naturalista ou realista ao xeito de Emilia Pardo Bazán. Con Otero Pedrayo aparez unha nova arte de contar. É verdade que, como en cáseque toda a obra deste escritor, nos *Contos do camiño e da rúa* aparecen ás veces en competencia a capacidade de imaxinación creadora e a capacidade de reproducción realista. Esta inestabilidade apenas foi suliñada no seu tempo, escurecida e minimizada por calidades positivas que daban aos contos unha nova e poderosa orixinalidade. Efectivamente, Otero era dono dun estilo persoal e inconfundíbel. Os seus relatos, estando fortemente enraizados na temática galega, amosaban un ár moderno e europeo que lles daban estraordinaria prestanza. Otero contaba eficazmente, evocaba ambientes con vividez e esbozaba persoaxes con penetración. A forza, a ternura na interpretación da realidade manifestábanse nestes contos ao traveso dunha cultura moi fina.

Unha grande parte destas historias son anacos dunha épica aristocrática que canta, co ton elexíaco que a realidade social impuña, a casta dos fidalgos galegos, en crise desde os comenzos da edade contemporánea. Pero en Otero esta clase aparez constantemente en comunicación coa clase campesina. Rodrigues Lapa ten salientado acertadamente o senso de comunicación co pobo pa-

tente nos señores de moitos contos de Otero Pedrayo. Así, na obra maestra do xénero, "O fidalgo", que dun xeito impresionista, pero frontalmente, aborda o tema da vida da nobreza rural decimonónica. En "A sirena" repítese o motivo de Adrián Solovio, sendo dominante sobre a presentación do ambiente e os persoaxes, a finalidade didáctica. En "A criada" a idea da renovación do sangue fidalgo pola fusión co sangue plebeio —históricamente documentada moitas veces— é espresamente propugnada. "O pazo das cinco chagas" é un poema romántico de tráxico final, que nos presenta o afundimento dun niño de nobreza. Tamén é un poema, tamén unha oración fúnebre en honor da antiga vida pacega, "Dona Xoana e Don Guindo". Oferece a particularidade de que o autor se serve dun narrador que fala en primeira persoa, recurso técnico que, por moita tradición romántica que o apoie, é raro en Otero. Este derradeiro conto do libro reviste a forma de lenda, e pola súa delicada fantasía e o saudoso do asunto trai á memoria algúns contos de Hoffmann —"As minas de Falun"— así como o senso do decorrer do tempo, a malencónica e resignada esposición da inesorabilidade do avantar da vida cara a morte que o relato trascende, lémbrannos o máis breve, máis sobrio e máis intenso "Inesperado encontro" de Johan Peter Hebel.

Hai dous contos no libro que non forman parte da épica de tema fidalgo. "O pecado" contén unha realista e satírica descrición da burocracia vilega, pero un final cuio sentimentalismo semella de Dickens ou o primeiro Dostoyewsky. "Medicina legal" é a verista relación dunha conducta criminal no marco da aldea, con persoaxes do pobo. É moi notábel en Otero a imparcialidade con que distribúi antre os señores e os labregos a numerosa grea de criminosos que cruzan polas súas páxinas.

R. C. C.

A VOZ DE OTERO PEDRAYO, UNHA VOZ ETERNA

Chegóume a nova do pasamento de don Ramón Otero Pedrayo na primeira hora dunha mañán luminosa desas de abril que el acostumbraba a poñer como exemplo do que adoitaba chamar "a sinfonía atlántica", cando o podente noroés empuxa as grandes olas contra da escura roca galega. Estas e outras músicas de Galicia, don Ramón tíñaas escoitado con amor e cun respeito case sagro. Conocía Galicia *río a río, sulco* a sulco, monte a monte, e podía chamar a cada galego polo seu nome, profesión ou natureza. Por riba da súa obra, de escepcional calidade como novelista, poeta, dramaturgo, historiador da cultura, xeógrafo, está a súa capacidade de profetizar o pasado e o futuro da súa nación, pois atopóu un día, aglaiado, as raíces, e soñóu o destino da súa pequena patria. Houbo algún intre no que toda Galicia espritual e terreal, pendéu do seu testemuño irrefutable, que recollía *os séculos* e as *xeneracións* e emprazaba aos que debían seguir a sementeira e a colleita. Porque deso se trataba: de continuar. Cada libro, cada páxina, cada discurso seus, esixíano apaixoadamente: "¡Compre que Galicia continúe!". A língua, o xeito de entender o mundo, a condición humana galega, o decir poético, e os traballos e os días do galego, que son os da nosa humildade e pobreza, e o pulo que ten de nos levar a unha Galicia nova, máis próspera, e con todos o fillos no seu fogar natal... Todo esto estaba na súa podente voz, e era aceitado o seu maxisterio por impecable moralmente, e pola bondade e a xenerosidade do home, e porque se chegara a saber que Ramón Otero Pedrayo de Trasalba, tiña feito pola realidade e a veracidade ded Galicia, histórica e actual, máis que dez anteriores xeneracións xuntas.

Humanista, no máis grave e estreito senso da palabra, os seus estudos históricos e xeográficos, sobre o P. Feixóo e sobre a escola médica compostelá do século XIX, sobre Goethe ou sobre a cultura galega, sobrepasan calisquera que se fixeran antre nós. Nas súas novelas, na súa triloxía *Os camiños da vida* queda retratada a Galicia do século pasado, a mesma das "comedias bárbaras" de Valle-Inclán; pero en *A romeiría de Xelmírez* está a súa pasión compostelana, e na súa novela *Arredor de sí* está a percura das súas raíces galegas, o viaxe ao encontro da patria necesaria e cotiá pola que vai dar heroicamente a vida. Porque tamén dá heroicamente a vida pola patria o intelectual, e aínda o soñador.

Dende o balcón de pedra do seu pazo de Trasalba contémplanse altas serras, verdes chaos, estreitos vales por onde os pequenos ríos montañeses baixan ao gran Miño. Aquel balcón fíxolle a Otero Pedrayo amar por sempre os dilatados horizontes, os verdes outeiros, os cumes azuados. Esta paisaxe levóuna nos ollos, e agora poderá comparar a Galicia natal que amóu tanto, coa Galicia que lle seña concedida no Paradiso. Hoxe conoce o aire de Galicia un grave e fadigante silencio. Nunca máis ouviremos aquela nobre voz, nunca máis ollaremos aquela cabeza ergueita, cuia maxestuosidade xustificaba a nación galega. Un carballo irreprochable xaz ahí.

A. C.

O PASAMENTO DE DON RAMÓN OTERO PEDRAYO

Na mañá do día 10 de abril deste ano finóu na súa casa ourensá da rúa da Paz, onde nacera o 5 de marzal do 1888, don Ramón Otero Pedrayo. Contaba polo tanto oitenta e oito anos. Fixera o bachilerato no Instituto da súa cidade natal. Estudóu o primeiro curso de Dereito na Universidade compostelana, e os posteriores na Universidade de Madrid, onde cursóu tamén a carreira de Filosofía e Letras, doutorándose alí en ambas Facultades.

Catedrático por oposición no 1919, de Historia e Xeografía do Bachilerato, ocupóu sucesivamente esa cátedra nos Institutos de Burgos e Santander. Nesta segunda cidade casóu con doña Xosefina Bustamante, falecida hai un ano. Posteriormente retornóu á cidade das Burgas, onde desempeñóu no seu Instituto a mesma cátedra deica o ano 1937 en que foi destituído dela.

Intensificóu a partir de entón o seu vencello co galeguismo, no que profesara activamente dende a fundación da revista "Nós". Singularizóuse como asíduo colaborador da prensa periódica. Destacóu como estraordinario orador, sin dúbida o de meirande elocuencia e saber que Galicia tivo en tódolos tempos. Foron incontables as conferencias, discursos, charlas, que pronuncióu Otero Pedrayo antre 1920 e 1936 e, despóis duns anos de silencio, até o derradeiro da súa vida.

A súa intervención política máis acusada producíuse nos tempos da segunda República, ao ser elexido diputado galeguista das Cortes Constituíntes.

Afastado da cátedra do seu Instituto tivo o coraxe académico que significaba presentárese —cando contaba xa máis de sesenta anos—, ás oposicións á cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago. Ganóuna brillantemente, e até a súa xubilación a persoalidade de don Ramón deu unha nova dimensión literaria á cidade compostelana.

Nos seus derradeiros anos volvéu a residir en Ourense, dividindo o seu tempo antre a súa casa natal da rúa da Paz e o seu fermoso pazo de Trasalba.

O enterro do gran escritor constituíu unha impresionante manifestación de door. Varios milleiros de persoas asistiron a el e ás honras fúnebres que se celebraron na catedral auriense. Na mañá do día doce o seu cadaleito, coberto coa bandeira de Galicia, foi portado, en sucesivos relevos por veciños de Trasalba, académicos, inteleituáis, universitarios e amigos. Presidíu a representación eclesiástica o arcebispo de Santiago e concelebraron a misa de "córpore insepulto" os outros catro bispos das diócesis galegas. A liturxia desenvolvéuse na língua do país, agás os cántigos gregorianos que o foron en latín.

Despóis da ceremonia da basílica, o corpo morto de Otero Pedrayo recibíu sepultura no panteón familiar do camposanto ourensán, dentro dun impresionante silencio. Do cadaleito foi retirada a bandeira de Galicia que o cobría pra introducila no nicho, depositándose tamén nel terra de Trasalba e do xardín padronés de Rosalía. A Coral "De Ruada" entonóu o Himno galego, que foi coreado por tódolos asistentes.

Como alguén dixo, a morte do galego máis universal —universal pola amplitude impar do seu saber— sume á Península e á Galicia ideal de alén das fronteiras en fondísima door.

UNHA CARTA DE CASTELAO AO ESCRITOR OURENSÁN

O día 5 de marzo do ano 1934, Castelao escribíulle a Otero Pedrayo esta interesante carta:

"Collín un asunto calquera e fixen un acto en cinco cadros ou esceas. Antramentras se preparan as esceas pode haber un esplicador que fale. Nestas obras, un pouco rusas, debe haber bastante música, algo de poesía, etc.

Tí, Risco e Floro ollade os dibuxos que vos mando e pensade neso, a ver si vos animades a compór unha obra en tres actos. Eu encargaríame da parte plástica. Buscaremos o músico (aquí está Iglesias Vilarelle con quen faléi xa). Eu comprométome a poñer a obra en escea con xente de Pontevedra.

Craro está que o que vos mando non sirve. Debemos buscar un asunto e logo ver se se pode representar nese xeito. O escribilo é para despóis.

Como debemos facer moitas cousas, aparte do da política, compre que tra-

ballemos ben e moito. Eu propóñovos eso e vós xa diredes. Deixádevos de alaudos, porque eu non son capaz de facer esa obra. Necesito de vós. Buscade asuntos e a traballar.

Devólveme eses dibuxos, porque terei que mostralos aquí aos rapaces a fin de ílos preparando.

Dille a Risco a ver cando me traduce ese libro que lle mandéi, porque vou meterlle man deseguida ao libro das Cruces.

Tí que tes tanta maxinación a ver si inventas un asunto pra esa obra. O Risco é tamén home de maxinación e vé ben as nosas cousas. O Floro será o crítico que nonos deixe facer parvadas..."

O DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALEGA

Na mañán do día primeiro do mes de nadal do 1929 chegóu á Coruña don Ramón Otero Pedrayo, na compaña da súa muller. Ía facer a súa recepción como numerario da Academia Galega, que tería de se celebrar no salón da "Reunión de Artesanos".

Pola tardiña, no mesmo automóvil que trouguera aos viaxeiros á cidade herculina, achegóuse o matrimonio deica a Torre de Hércules. Ao se parar frente á Torre, baixóu o conductor pra lles abrir a porta do vehículo. Nese mesmo intre, o coche deslizóuse sin frenos pola pronunciada encosta e pasóu, a piques de se despenar, pola beira do acantilado. Volcóu o auto, e foi de certo un miragre que non ocurrise unha catástrofe.

Noustante, don Ramón sofríu un forte golpe nunha perna que o deixóu inutilizado. Levárono decontado á casa do torreiro, onde foi atendido polo doutor Hervada, e máis tarde, nunha ambulancia, ao Hotel Palace, onde o matrimonio quedóu aloxado. Aquí asistíu ao accidentado até que se recuperóu, o doutor Urbano Losada. Desde o accidente habíalle quedar xa pra sempre ao escritor ourensán un calco dooroso que se recrudecería anos máis tarde.

Oito días despóis do sucedo sentíase don Ramón moi millorado. E o nove daquel mes lía o seu discurso de ingreso no fermoso salón do vello Circo encol do tema "Romantismo, saudade, sentimento da terra e da raza, en Pastor Díaz, Rosalía e Pondal". Contestóulle cunha axeitada peza louvatoria Vicente Risco.

En homenaxe ao novo académico celebróuse no Kiosko Alfonso un banquete ao que concurriron destacados homes das nosas letras, antre os que figuraban o Presidente da Academia, don Eladio Rodríguez González, Vicente Risco, Antón Villar Ponte e Ánxel del Castillo.

PRESENCIA DE DON RAMÓN EN AMÉRICA

Convidado polo "Centro Gallego" de Buenos Aires, Otero Pedrayo realizóu dúas xeiras culturáis por terras do Plata, representando a Galicia. Deses viaxes xurdíu un fermoso libro tiduado *Por os vieiros da saudade*. Ás tribunas máis prestixiosas de alén-mar e aos ambentes da emigración galega, a xurdia palabra oteriana levóu o mensaxe das xentes e o esprito dun país, mergullados daquela nun mundo de sombras.

Con ocasión de un multitudinario homenaxe que os galegos bonaerenses lle rendiron, un nutrido fato de inteleituáis aquí residentes dirixíulles aos orgaizadores a seguinte adhesión:

"Sabemos que os irmáns de Buenos Aires dispóñense a celebrar un fraterno homenaxe pra lle espresar ao mestre Otero Pedrayo toda a admiración e todo o devoto agarimo que por el sinten.

Cantos aquí, na terra, compartimos as mesmas nobres arelas patrióticas que vós sentides, queremos tamén compartir con vosco ese intre de tan alta e plena siñificación.

Porque gozamos do privilexio de que don Ramón conviva con nós; porque disfroitamos do diario maxisterio da súa luminosa palabra e da súa conduta exemplar; porque con nós compartíu e comparte tódalas espranzas e tódalas mágoas ao longo de anos de aceda adversidade, nel podedes e debedes ollar a máis pura, a máis alta e a máis nobre representación de tódolos corazóns bos e xenerosos que, neste chan verdecente da Galicia amada, soñan e sofren; desa

Galicia que sempre tedes que sentir como lonxanía, e que nestes días se vos fixo presencia viva e cálido verbo na persoa de Otero Pedrayo. Estamos certos de que, dende os días aciagos do pasamento de Castelao, nunca como nesta ocasión tivéstedes a fonda, a íntima e emocionante sensación de comunión coleitiva co verdadeiro ser de Galicia.

Neste día, irmáns de Buenos Aires, estamos ahí con vós, entremedias de vós. Estamos ahí, porque cada ún de vós represéntanos a todos neste tributo de admiración e agarimo a quen, por valemento e lealtade, é o símbolo vivo da Galicia aitual. E estamos, igoalmente, presentes na súa voz. No que don Ramón vos diga, escoitade e vede a máis elevada espresión do noso pensar, do noso sentir e do noso obrar. Ninguén volo podería espresar millor que el mesmo."

A XUBILACIÓN UNIVERSITARIA

O día cinco de marzo do ano 1958 cesóu reglamentariamente como catedrático de Xeografía na Universidade de Compostela, don Ramón Otero Pedrayo. Na mañán daquel día espricóu a súa derradeira lección oficial na aula que tantas veces abrillantóu coa súa caudalosa palabra.

Dende a groria dos seus setenta anos —consagrados case de cheo a un labor cultural que o erixíu en mestre da Galicia contemporánea—, a figura de don Ramón cobraba aos ollos de todos un singular releve. A súa derradeira lección oficial na súa cátedra universitaria seguíu despóis prodigándose na tribuna e no libro, coa mesma pasión e o mesmo afervoamento intelectual que inspiraron as ditas na súa aula compostelana.

Por algo o home e o mestre tiñan labrado un fondo sulco de ademiración na conciencia do país. O impacto espritual e humán que a su conduta impuxera nos amantes das letras, sucitaba no ánimo menos reverente a sensación inequívoca dunha alta grandeza espritual. O signo inconfundible da nobreza de esprito, decantada nun grande equilibrio de intelixencia e de pansión, caracterizara a figura humá do brillante profesor. E así foi que, na hora reglamentaria da súa xubilación oficial, os seus discípulos e amigos de toda Galicia atopábanse presentes na emotiva despedida que a Universidade lle ofrecéu.

ENTREGA DUN LIBRO-HOMENAXE AO ESCRITOR

Co gallo da súa xubilación como catedrático numerario da Universidade de Santiago foille entregado a don Ramón Otero Pedrayo no seu pazo de Trasalba, o día oito do mes de San Xoán do 1958, un Libro-Homenaxe no que colaboraron calificados escritores de dentro e fora de Galicia. Unha comprida representación de intelectuáis, na que figuraban rapaces das novas xeneracións, comparecéu naquela hora ao seu redor nunha festa memorable.

Do feito deixóu constancia nunha fermosa comunicación de agradecimento que o homenaxeado dirixíu a todos e cada un dos asistentes. Nela decía, antre outras cousas:

"O día oito de San Xoán decorreron pra mín as horas cecáis máis graves e ledas do meu vivir na vella casa e nos horizontes de Trasalba, onde de neno adeprendín un pouco da fala mítica da nosa paisaxe, latexante cas horas doorosas e as remanecidas espranzas do esprito inmorredoiro da nosa nación. Trocábase en donceles ouros o verdecer dos agros. No souto de pousas agasalleiras o merlo cantigaba. Como cando de neno eu, cos ollos orballados, recitaba os versos da *Primaveira* de Curros...

Baixo daqueles castiñeiros meu pai consultaba a paisaniños doentes chegados de moi lonxe. Ampararon conversas miñas con Noriega Varela, con López Trasancos, con Peña Rey, con Castelao. O día oito de San Xoán o acento dos queridos mortos non esquecidos, conxugábase ca voce dos amigos. Era a frol e a fariña da Galicia nova... Chegaron pra honrar na miña cativeza a fieldade ao xuramento dos *bós e xenerosos*.

Poideron recender con saudades da miña naiciña as roseiras do xardín.

Eu pensaba en lonxanas horas, desvelábanse pra mín fontes novas; alentaba por riba do tempo presente o soplo

dunha tradición, queridos amigos, namentras falando nascían novos carreiriños de futuridade pra a nosa Galicia.

Falamos dos ollos enneboeirados de amor e sacrificio de Castelao, do rexo alento dos galegos de alén-mar, dos labregos sustancia e cerne, da nova xeneración de *Galaxia*... Eu, nos meus setenta anos, era ditoso e agradecía a Deus o me ter donado días dabondo pra disfroitar dos gromos e dos novos froitos celmosos dunha mocedade sin parexa dende a luzada da renacencia da língua e o ser de Galicia no século de Rosalía, de Curros, de Pondal, de Murguía.

A festa de amistade do oito deste mes de San Xoán lucía igual quentor e lume doutra, cando —era a noite de abril do 1956— en Santiago de Compostela un grupo de mozos, os máis estudantes, quixeron saudar na miña vellez o abreute prometido na alma de todo bon galego.

Gracias vos dou a todos, queridos amigos e irmáns, pois tivéchedes a caridade e a xentileza de premiar ca vosa fala e cun libro sin comparanza nas Letras galegas as miñas horas de esforzo espranzado... Eu, recibíndoo das vosas mans, pensaba nos tres oitoxenarios máis nosos, Ramón Cabanillas, Manuel Gómez Román, Gonzalo López Abente; e naquela despedida da miña cadeira da Universidade —cinco de marzal derradeiro—, cando vós, amigos, e a xenerosa foula dos estudantes enchéu o paraninfo e os craustros dunha fonda emoción galega."

UNHA VELLA EVOCACIÓN DAS PROSAS OTERIANAS

No ano 1926 publicóu Vicente Risco na revista "Céltiga" de Buenos Aires, un artigo tiduado "As prosas de Otero Pedrayo", no que, antre outras cousas decía o seguinte:

Ramón: dixérase que éste é un nome ben fundado nas nosas letras: Ramón del Valle Inclán, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo... Eis o terceiro Don Ramón. Pode que non estea en xenio por riba dos outros dous; supéraos sen dúbida en cultura. Con Castelao, pódense pór coma os criadores da prosa galega.

Ramón Otero Pedrayo nascéu en Ourense no 1888. De vella caste fidalga, tén en Trasalba, onde é escolante o poeta Noriega Varela, dous pazos un frente ao outro que, despois de seren rivaes, viñeron dar os dous ao mesmo dono. Un deles é a súa antiga casa petrucial, onde pasóu e pasa moitas tempadas. Hai alí salas imensas, unha fermosa solaina de pedra que dá a un xardín romántico con buxos, chafarís e unha araucaria xigante, e un longo paseio que percorre horta e xardín, por onde moito leva andado. E tén, alí i en Ourense, moitísimos libros vellos e infinitos libros novos.

Na casa de Trasalba e na casa de Ourense xa non hai onde meter os libros. Como os estantes xa están cheos, hai cámaras reservadas onde andan un enriba do outro deica o teito, e logo, nas outras, andan a moreas por riba das mesas, dos sillós i en todos lados. Hainos en latín, en grego, en galego, en castelán, en catalán, en alemán, en italián, en francés i en inglés. Aínda tén un ou dous en vasco. Tén atlas, portafolios, coleicións de vistas, photos, tarxetas postáis, mapas soltos, esquemas. cadros sinópticos, e demos de cousas.

Otero Pedrayo estudóu no Instituto de Ourense, e fixo despóis as dúas carreiras de Direito e Filosofía e Letras, doutorouse, e ganóu logo unha cátedra de Xeografía e Historia no Instituto de Burgos, do que pasóu a Santander, e de alí a Ourense. Ten viaxado moito por Hespaña, Portugal e Francia.

Home de fonda e sólida i estesa cultura, Otero Pedrayo ten esfollado libros de todas castes; cecáis foi a filosofía o único que lle non levóu o vezo. A xeografía, a historia, a literatura, cecáis sexan o seu forte. Humorista tremendo, tivo sempre o medo dos humoristas e foi cobarde pra se amostrar á xente. Adoecía ademáis dun escepticismo mortal, do que cecáis o veu sacar o galeguismo.

Cando os emisarios das "Irmandades da Fala" voltaron de Cataluña, un dos primeiros que se lles xuntaron foi Otero Pedrayo. Eu, que fora de neno seu compañeiro costante, que de mozo fora co el, con Primitivo R. Sanxurxo, co Cuevillas un dos polemizantes a prol do modernismo —¡no tempo dourado de Rubén Daríol— non había agora andar moi lonxe, i efeutivamente, na nova loita atopámonos os dous. Veu o tempo de dalo peito, veu a loita do chorado Porteiro en Celanova, e con

gran sorpresa de todos nós, Ramón Otero, que fuxía do púbrico e de darse a ver, foi aos mítis e falóu. E cando perdimos as eleicións e principióu a desfeita, el foi dos poucos que ficaron fieles.

Mais, fose no tempo do modernismo, fose no tempo do galeguismo, Otero Pedrayo escribía pouco. Pra lle sacar un artigo pra "Nós", custaba barro e fariña.

De súpeto desatouse e principióu a pubricar, con ledicia dos que o coñecían e pasmo dos que non, traballos que enrequentaban as páxinas de "A Nosa Terra" e dos boletíns de Vigo, cunha prosa nova, pode que incorreita, mais gustosamente viva i enxebre, que o puñeron dunha asentada na primeira fía antre os nosos escritores.

Destas prosas, son merecentes de estudo as evocacións que titula "O siglo XIX". Nelas vai collendo e presentando vivas e cheas dunha luz nova, cada un dos aspectos da vida galega no século que finóu. Compre que nos deprocatemos ben da nobre mentalidade, do esquisito esprito que nesas evocacións se revela.

Neste esprito están feitas as súas prosas. Citaréi as que lembro no istante: De "O siglo XIX" son: "A colección de retratos", "A maorazga", "O coche", "O pasante de Vilela", "Lembranzas", "O Fontán", "Unha novela de Dostoyewsky", "Un paisano", "Tipos". Evocacións da paisaxe, no que poucos chegaron onda el, na nosa lírica chea do recender da terra, taes como "Outono" e "Dende a solaina". Ten outras coma "O Druída", de fonda emoción relixiosa. Recollidas todas habían dar xa un groso volume, que agardamos ver logo imprentado.

NOTAS

XUZGANDO á súa xeneración, Otero Pedrayo dixo un día: "Con Castelao e Lousada diante, soupemos domear o ridículo e deixar ouvir a palabra de Galicia. Por riba das provincias e categorías de vilas e aldeas, traballamos na unidade da terra. Por nós houbo a revelación —un desvelamento— de Compostela. Románticos, un pouco preguiceiros, o criticismo nonos fixo mal, e a nosa laboura, grande ou pequena, proba como o escepticismo pode ser escola do millor entusasmo."

AOS OITO días de se finar en Ourense, celebróuse en Vigo o primeiro ciclo de conferencias en honra de Otero Pedrayo. Falaron García-Sabell, Ramón Piñeiro, Fernández del Riego e Amable Baliñas sobre a persoalidade humá e literaria do gran escritor, a traveso de diversos enfoques.

CANDO morréu Menéndez Pidal, o autor de *Os camiños da vida* foi requerido pra que opinase sobre da figura desaparecida. No ouxetivo enxuiciamento que dela fixo, sinalóu, entre outras cousas: "Sin dúbida a visión histórica de Menéndez Pidal non foi compartida por moitos e vivintes grupos da cultura española, conscentes da vida e do destino das demáis línguas da península; o cal non quere decir que tanto en Cataluña, como no País Vasco e en Galicia, non se respete e admire a súa obra estraordinaria. Vivirán moito tempo as xeneracións no sulco aberto na carne viva da raza, a língua, por éste e por outro traballador, en cuia existencia latexa a forteza e o tesón acentuados por unha fina fidalguía das montañas de Asturias; pois, inda que nado na Coruña, Menéndez Pidal foi un asturiano de raizame e de consecuencia."

NUNHA xuntanza do "Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos", o seu presidente fixo unha emocionada evocanza do mestre Otero Pedrayo, na que suliñóu a importancia do seu labor erudito ao lado do literario. Lembróu o seu ingreso no "Seminario de Estudos Galegos", en xaneiro do ano 1925, coa Síntesis xeográfica de Galicia, os seus traballos como direitor da sección de Xeografía, e a súa participación en xeiras e publicacións, sobre de todo no maxistral estudo encol da *Terra de Melide*. Rematóu propoñendo que se fixera unha ampla tirada do seu derradeiro ensaio inédito sobre da paisaxe galega, e que se lle adicara un volume misceláneo de estudos arredor da súa persoalidade e da súa obra.

NUN ARTIGO tiduado "Entendedor de Compostela", Filgueira Valverde escribíu: "Don Ramón, que tanto quixo ao seu Ourense nativo e que ben servíu á súa terra, soupo enxergar fondo o senso dese feito impar que se chama Compostela. É como un tema condutor que alumea de cote as súas xeiras. Xa non é somentes que máis da mitade da súa obra estexa adicada a motivos santiagueses, importa a afervoada fondura con que sempre están tratados. Decimos moi pouco cando lembramos que adicóu á cidade do Apóstolo sete libros e máis de cento cincuenta artigos. Importa máis que, en don Ramón, todo medra no que chamaríamos a súa *compostelanidade*."

A EDICIÓN número cincuenta e sete do programa radiofónico "Galicia, homes e terras", estivo consagrada case por enteiro a Otero Pedrayo. Testemuños e lembranzas direitas do escritor a cárrego de Paz-Andrade, comento ao seu libro *Arredor de sí*, música da Coral de Ruada, crónica retrospectiva do enterramento do escritor, e unha escolma de varias entrevistas que con don Ramón tiveron os realizadores do programa, foron a base dos sesenta minutos semanáis que a emisión fai en língua galega.

ENTRE as moitísimas entrevistas que ao autor de *Devalar* lle fixeron ao longo da súa dilatada e fecunda vida, nunha das derradeiras dixo o seguinte: "Son o último da xeneración de Castelao, de Risco, de Cuevillas..., dos que chaman *galeguistas clásicos*. Nós éramos unha fraternidade franciscana: o trunfo dún era o trunfo de todos. A xente admirábanos pola nosa pureza. O *volver a Santiago* foi obra dos galeguistas, e sobre todo de Castelao, coa súa obra gráfica, que estendéu o nome de Santiago por todas partes. Fumos os primeiros pelengríns que chegamos a Compostela andando dende Ourense; levóunos oito días. O noso grupo celebraba as súas asambleas en Santiago. Eso que hoxe se fai, con podentes medios, por divulgar e proclamar as esencias de Santiago, facíamolo daquela nós, románticamente."

EN CARTA que o nove de maio do 1934 lle dirixíu Castelao a Otero Pedrayo, decíalle: "Estóu agardando esa obra que me ofreciche. Eu tamén penséi outra; pero todas son macabras. Mándamas axiña e despóis póñome á fala contigo pra adaptalas. Neste vran quedará todo preparado para comenzar a tempada de inverno co teatro galego. Teño fe no éxito. Estóu seguro que antre tí e máis eu faremos algo bó. Xa verás."

A LÓ POLOS anos corenta, un grupo de emigrados galegos encabezado por don Manuel Puente, decidíu costear a edición dunha gran *Historia de Galicia*. Encomendóuselle a Otero Pedrayo que a dirixise, e o día dous do mes de Santos de 1948 convocóu aquél a unha xuntanza en Pontevedra, aos que escolléu como colaboradores pra determinaren o plan da obra. Foron Florentino Cuevillas, Vicente Risco, Fermín Bouza-Brey, Pedret Casado, Chamoso Lamas, Ferro Couselo, Xoaquín Lorenzo, Xesús Carro, Filgueira Valverde e Antón Fraguas. Da Historia, cuios traballos se habían encetar moi logo, téñense publicado deica hoxe os tres primeiros volumes.



GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

Precios de venta e suscripción

Número solto	125 ptas.
Estranxeiro	175 »
Suscripción anual, 4 números	450 »
Estranxeiro	630 »

Redacción e Administración

Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — V I g o

Impreso nos talleres de ARTES GRAFICAS GALICIA, S. A.
Segovia, 15 — V I g o — Dep. Legal: VG - 99 - 1963

EDITORIAL
GALAXIA, SA